


2024

# A XESTIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

SANTIAGO  
CONCELLO DE

### Memoria realizada por:

- ✦ **María Teresa Furelos Toral.** Xefa de servizo da Área de Acción Social.
- ✦ **Eva María González Santiago.** Xefa de sección de Servizos Sociais.

Esta memoria pretende dar conta da xestión realizada dende o Centro Municipal de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela ao longo do ano 2024, facendo un recoñecemento especial a todo o equipo de profesionais que ao longo deste ano desempeñaron a súa labor no mencionado departamento, en primeira liña, sen tempos e con moitos esforzos, esquecendo a individualidade e con máxima preocupación polo benestar social e pola protección das persoas mais vulnerables. A configuración deste servizo público está nas súas mans...

### **Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais: Dona María Rozas Pérez**

*Data: 15 de xaneiro de 2025.*

*Autor das imaxes de equipamentos municipais: Jaime Cortizo.*

*Autoras das restantes imaxes: profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios.*

Edita: CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



# INDICE DE CONTIDOS

	<b>Páxina</b>
<b>1. Presentación .....</b>	<b>6</b>
<b>2. Fundamentación legal .....</b>	<b>9</b>
<b>3. Os Servizos Sociais de Compostela .....</b>	<b>12</b>
<b>a. Aspectos organizativos.....</b>	<b>13</b>
<b>b. Organización dos Serv Soc atendendo a criterios .....</b>	<b>18</b>
<b>c. O equipo profesional .....</b>	<b>37</b>
<b>4. O programa de información, orientación e valoración.....</b>	<b>46</b>
<b>a. Cita previa.....</b>	<b>48</b>
<b>b. A unidade administrativa .....</b>	<b>57</b>
<b>c. Os Puntos de atención de Servizos Sociais.....</b>	<b>64</b>
<b>d. A atención telemática á veciñanza .....</b>	<b>81</b>
<b>e. Os recursos municipais .....</b>	<b>82</b>
<b>i. Ordenanza de garantía básica .....</b>	<b>84</b>
<b>ii. Bolsas municipais.....</b>	<b>96</b>
<b>iii. Axudas para a mobilidade.....</b>	<b>110</b>
<b>iv. Atención a persoas en situación de emerxencia .....</b>	<b>115</b>
<b>f. O Traballo Social individualizado.....</b>	<b>125</b>
<b>g. O Traballo Social familiar.....</b>	<b>128</b>
<b>h. O Traballo Social comunitario .....</b>	<b>132</b>
<b>i. A rede de Vite .....</b>	<b>132</b>
<b>ii. A rede de Fontiñas .....</b>	<b>147</b>

**Páxinas**

<b>5. O servizo de axuda no fogar e teleasistencia domiciliaria .....</b>	<b>176</b>
a. O servizo de axuda no fogar .....	177
b. Asistencia técnica en CIBERSAD .....	218
c. A teleasistencia domiciliaria .....	311
d. O proxecto Paitting for others.....	314
e. Xornada sobre boas prácticas e iniciativa persoas maiores.	225
f. O programa “Impulsa o teu corpo” .....	229
g. O programa “Adestramento mental” .....	232
<b>6. O servizo de educación e apoio familiar .....</b>	<b>237</b>
<b>7. A inclusión social en Compostela .....</b>	<b>295</b>
a. O programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar.....	296
b. O programa de inclusión residencial.....	323
c. O programa de inclusión social .....	343
d. Proxecto “Cerebrartes” .....	374
e. Derivación a programas de conciliación municipais .....	380
f. “No soy tu gitana” .....	381
g. Coorganización para Día Mundial da Diabete.....	383
h. Coorganización para a Festa de Nadal 2024.....	385
<b>8. O fomento da cooperación e a solidariedade social.....</b>	<b>386</b>
a. Casa de asociacións de Benestar Social (CABES) .....	387
b. Convenios de colaboración con entidades.....	399
c. SEMUS.....	444
<b>9. Asesoría xurídica .....</b>	<b>464</b>
<b>10. Consello de Persoas Maiores .....</b>	<b>473</b>
<b>11. A sección de Servizos Sociais .....</b>	<b>485</b>
<b>12. Ferramentas informáticas aplicadas aos Servizos Sociais.....</b>	<b>500</b>



<b>13. Os equipamentos de Servizos Sociais .....</b>	<b>506</b>
<b>14. A actividade da concellería en imaxes .....</b>	<b>515</b>
<b>15. Os Servizos Sociais no ano 2024 en cifras .....</b>	<b>527</b>
<b>16. A xestión de subvencións.....</b>	<b>532</b>



## PRESENTACIÓN.

O ano 2024 deixa entrever que o sistema de Servizos Sociais está sendo en Compostela un dos piares básicos para a protección social. Cada vez mais veciñas e veciños do municipio se achegan a este departamento demandando información, solicitando a intervención técnica do persoal ou a tramitación de calquera recurso que supoña un garantía para a cobertura das súas necesidades básicas e unha mingua dos elementos que poidan condicionar a súa vulnerabilidade social.

O ano 2024 supuxo unha estabilización na xestión de determinados recursos, un importante avance no grao de implementación doutros que se encamiñan á protección social e nunha aporta por sentar novas bases para a creación ou a implementación de novos instrumentos que reforcen a atención das veciñas e veciños de Compostela, favorecendo o máximo posible a súa permanencia no seu contorno familiar e comunitario mais inmediato.

Mais que nunca se atendeu á pluralidade da veciñanza, a aquela que si presentaba carencias económicas importantes para o desenvolvemento da vida diaria, pero tamén, como non podería ser doutra forma, a aquela que precisaba unha intervención social mais complexa, dirixida a protexer a súa integridade, física e emocional, a manter ou a recuperar a súa dignidade como persoa. Fálase dun servizo público, ao seu carón, que desenvolve a súa labor sempre en clave de dereitos para a veciñanza de Compostela.

É evidente a transcendencia dos Servizos Sociais Comunitarios, quizais un dos piares fundamentais do Benestar. Garantir a vida, dende a protección da saúde e dende a protección social, son as premisas mais fortes que deben imperar nas Administracións Públicas.



Protección e potenciación que despois se debe realizar dende outros ámbitos, o educativo, o formativo, o laboral, o cultural, etc,

Os Servizos Sociais Comunitarios se tornaron en imprescindibles para o desenvolvemento da vida diaria das persoas. A proximidade cara a veciñanza é básica para detectar, coñecer, analizar e intervir nas súas necesidades sociais. As vidas son complexas e nas necesidades conflúen diferentes factores ou elementos, que compre estudar polo miúdo para poder abordar de xeito individualizado e integral, en consonancia co enfoque sistémico que caracteriza a intervención social.

O asistencialismo segue existindo e non se pode obviar, como non podería ser doutra maneira, porque prima ante todo cubrir as necesidades mais básicas da veciñanza, prima atender a aqueles colectivos poboacionais nos que mais concorren factores de vulnerabilidade (as persoas menores de idade, as persoas maiores, especialmente aquelas que viven soas, as persoas con discapacidade ou en situación de dependencia, as persoas afectadas por factores de exclusión, aquelas nas que conflúe unha traxectoria vital complexa, ...) e prima intervir, nada mais e nada menos, dende a protección á integridade física e emocional das persoas. Importa o material, importa a seguridade, pero sempre importa a protección integral da persoa.



A metodoloxía de intervención, mais que consolidada, segue precisando dunha actuación pública forte e cohesionada, pero tamén dunha actuación en rede con outros servizos públicos e/ou entidades de iniciativa social. Unha vez mais debemos recoñecer a labor realizada dende o Servizo Municipal de Urgencias Sociais (SEMUS Compostela), que naceu no ano 2021, froito do convenio de colaboración asinado polo Concello de Santiago de Compostela e pola Cruz Vermella, grazas ao aporte económico realizado dende a Deputación Provincial de A Coruña; as urxencias sociais non entenden nin de tempos nin de estruturas. Un servizo que ven a quedarse. Un servizo que paseniño pero sen pausa, consolida a súa labor, man a man co Departamento municipal de Servizos Sociais, coordinándose na intervención e sendo nexo de continuidade.



Recoñecemento que tamén se traslada á Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Dona María Rozas Pérez, que asumiu o reto de deseñar a política social deste municipio para os vindeiros anos, impulsando os programas xa existentes e dándolle vida a novas iniciativas que supoñan un avance na protección social da veciñanza de Compostela. Traballar con “vidas” convértese no eixo principal de calquera política do ámbito local. Estar onde se precisa e sempre cando se precisa. Respetar o criterio técnico é básico para desenvolver programas eficaces para a veciñanza e iso foi o que caracterizou a xestión deste ano, en consonancia co que xa ocorrera en anos anteriores.



O noso profundo recoñecemento a aquelas compañeiras e compañeiros que traballaron dende o silencio, que están nos lugares mais difíciles (nos domicilios das propias persoas usuarias), para o persoal do Servizo de Axuda no Fogar, tanto auxiliar como coordinador, o noso eterno agradecemento pola vosa labor; este departamento está ao voso carón para protexer as vidas das veciñas e veciños de Compostela que nos precisan. A todas e todos os compañeiros que se sitúan nas diferentes entidades sociais e tecido asociativo, aos que suman e non restan, aos que reforzan e apoian... Afrontar circunstancias vitais esixe compromiso, esforzo e dedicación. De nós depende este sistema de protección social. A todos eles e a todas elas, moitas grazas!!!

E como non!, tamén o noso recoñecemento á labor de tantas e tantos compañeiros desta Administración Local, aos propios servizos Económicos, ao Departamento de Persoal, de Contratación, á Policía Local, á UMAD, a Igualdade, ..., a todos os que o suman para facer efectiva a protección social en Compostela.

Non nos gustaría rematar esta presentación sen facer, un ano mais, un recoñecemento profundo a todo o equipo de profesionais que integran o Departamento municipal de Servizos Sociais do concello de Santiago de Compostela, a aquelas e aqueles que traballaron a reo, sen tempos nin horarios; a quen poñen máxima prioridade na intervención coas persoas que mais o precisan; a quen esquecen a súa protección individual para garantir o benestar social;

para aquelas e aqueles que escoitan os sufrimentos e os temores das persoas e que deixan os seus propios sentimentos a un lado para converterse en “voz de alento” que tenta calmar a “incertidume”; para quen sabe deixar a un lado os seus propios “temores” e que tomando como temón a propia satisfacción persoal de saber que se está ao carón de quen mais o precisa, están ao fronte, sen un atisbo de dúbida, de toda unha xestión municipal complexa, difícil pero non imposible. Para aquelas e aqueles aos que a fatiga non os derriba e que son quen de revitalizarse día a día para ser a man na que se apoia mais do 21,66 % da poboación de Compostela. Por todo isto, dende a sección de Servizos Sociais e dende o servizo da Área de Acción Social trasladar a todas e a todos as nosas GRAZAS, o noso recoñecemento pola vosa labor e o noso orgullo por formar parte dun equipo de traballo, forte, formado e cohesionado, que en tempos complexos é quen de evidenciar a súa valía profesional.

Nas seguintes liñas tentarase resumir a labor do Departamento municipal de Servizos Sociais do concello de Santiago de Compostela ao longo do ano 2024.

# servicios sociales

*cuéntala  
con ellos*

## FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

*O marco normativo polo que se rexeron os Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela é, basicamente, o que de seguido se relaciona:*

- ✦ *Constitución Española de 1978.*
- ✦ *Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, del Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- ✦ *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 25 e 26.1: “Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, ... a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”.*
- ✦ *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba seu regulamento.*
- ✦ *Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora facendas locais.*

- ✦ *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.*
- ✦ *Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*
- ✦ *A Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia, atribúe aos concellos a competencia dos servizos sociais comunitarios básicos.*
- ✦ *Orde de 2 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.*
- ✦ *A Lei 3/2011, do 30 de xuño, a apoio á familia e a convivencia de Galicia.*
- ✦ *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, establece como un dos obxectivos dos programas de titularidade municipal, previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, ou a algún dos seus membros, con especial atención ós/ás menores de idade.*
- ✦ *Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.*
- ✦ *A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así como a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da antedita Lei.*
- ✦ *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*
- ✦ *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.*
- ✦ *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.*




E xa a nivel municipal:

- ✦ *Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela.*
- ✦ *Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Santiago de Compostela.*
- ✦ *Ordenanza reguladora do funcionamento da Casa de Asociacións de Benestar Social.*
- ✦ *Ordenanza de garantía básica do concello de Santiago de Compostela.*
- ✦ *Regulamento do funcionamento interno do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela.*



# ¿QUÉ PUEDEN OFRECERTE NUESTROS SERVICIOS SOCIALES?

Fonte: <https://www.torrelodones.es/noticias/7339-servicios-sociales>



The screenshot shows the website header for 'CONCELLO DE SANTIAGO Servizos Sociais'. It includes a search bar with the text '¿Qué buscas?', a 'Buscar' button, and several utility buttons: 'Cita previa: 981 542 465', 'Cita previa', and 'SEMUS'. Below the header is a navigation menu with the following items: 'CONCELLARÍA', 'SERVICIOS E PRESTACIÓNS', 'CENTROS E EQUIPAMENTOS', 'TRÁMITES E XESTIÓNS', 'CONVENIOS', 'LIGAZÓNS DE INTERESE', and 'GALERÍA'. The main content area features a large image of a modern building facade with a red overlay containing the text: 'Benvido á páxina de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela. Desde a área de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela ofrecemos atención próxima aos cidadáns e cidadás na súa contorna social, garantindo o acceso aos servizos sociais en igualdade de condición.' and a 'Ver máis' button.

Fonte: <https://servizosociais.santiagodecompostela.gal/>




OS SERVIZOS SOCIAIS  
EN COMPOSTELA...  
organizar para estar!

## ASPECTOS ORGANIZATIVOS.

O art. 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008), define aos Servizos Sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación. No Concello de Santiago de Compostela, as competencias xenéricas en materia de Servizos Sociais distribúense basicamente en:

Gráf.: A DISTRIBUCIÓN DAS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO ÁMBITOS DOS SERVIZOS SOCIAIS



Fonte: Información extraída da web [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal). Elaboración e adaptación propia, ano 2024.

É dicir, falamos de dúas Concellarías diferentes e mesmo da Alcaldía, pero dun único servizo (a Área de Acción Social), que absorbe tres dispositivos diferentes, pero complementarios e



vinculados ao ámbito social: Servizos Sociais Comunitarios Básicos<sup>1</sup>, a Unidade Municipal de Atención ás Drogodependencias (UMAD) e o Centro de Información á Muller (CIM), estes dous últimos pertencentes aos Servizos Sociais Específicos. É dicir, a estrutura actual do servizo da Área de Acción Social sería a seguinte:

Gráf.: A ESTRUCTURA DA AREA DE ACCIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



Fonte: Sección de Servizos Sociais; elaboración propia, ano 2024.



A complexidade da xestión da Área de Acción Social se aprecia con tan só ter presente cantos equipamentos dependen dos seus dispositivos:

<sup>1</sup> Servizo esencial, básico e de obrigado cumprimento a nivel municipal de acordo á lexislación vixente.



Como se pode ver na táboa anterior, o dispositivo pertencente á Area de Acción Social de maior complexidade é o Departamento municipal de Servizos Sociais, dispositivo que alberga non só as súas propias dependencias onde se ubica, senón tamén a Casa de Asociacións de Benestar Social (CABES) e a coordinación de dez pisos de titularidade municipal, cedidos a varias entidades sociais, e que perseguen fins de interese social e colectivo:

- Porque os menores e as súas familias, especialmente aquelas nas que concorren elementos que condicionan situacións de risco social, nos importan: mantense a cesión tres pisos municipais para implementar o programa de atención a familias Abeiro (2 pisos cedidos a Cáritas) e o programa Caixaprounfancia (1 piso cedido a Arela).
- Porque seguimos apoiando ás persoas con discapacidade para a recuperación de capacidades que incidan na súa autonomía persoal: mantense a cesión de dous pisos a ASPAS para o programa de Vida Autónoma.




- Porque defendemos que as persoas en situación de exclusión social (como é o caso das persoas sen fogar) deben de optar a recursos normalizados, pertencentes ao contorno comunitario, se manteñen os pisos de transición á vida autónoma cedéndoos ás seguintes entidades: dous pisos para persoas sen fogar con patoloxía psiquiátrica (cedidos a FEAFES), un piso para persoas sen fogar cedido a Cáritas Diocesana (Programa Alares) e dous pisos cedidos a Cáritas Interparroquial – Cáritas Diocesana para o Programa Fogares Abertos.

Vexamos agora, graficamente, as liñas de intervención do Departamento municipal de Servizos Sociais ao longo do período temporal analizado (ano 2024):








**ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS, ATENDENDO A CRITERIOS TERRITORIAIS E SOCIAIS ACTUALIZADOS**

Gráf: LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA A REORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Fonte: Sección de Servizos Sociais; elaboración propia, ano 2024.

Tomando como base os datos facilitados polo Padrón Municipal e polo Departamento de Informática deste concello, a análise do volume poboacional ao longo do ano 2024 refléxase nas seguintes táboas:


Táboa: Distribución da poboación de Santiago de Compostela, pola variable SEXO, por UTS e PASS de referencia.

PASS	UTS QUE ABRANGUE	TOTAL POBOACIÓN PASS	TOTAL DE POBOACIÓN DE CADA UTS	VARIABLE SEXO			
				HOMES		MULLERES	
				Nº	% con respecto á pob. total da UTS	Nº	% con respecto á pob. total da UTS
PASS CABES	UTS 1.- VITE	17.033	12.423	5.819	46,84%	6.604	53,16%
	UTS 7.- RURAL NORTE		4.610	2.230	48,37%	2.380	51,63%
PASS FONTIÑAS	UTS 2.- FONTIÑAS	19.628	9.630	4.421	45,91%	5.209	54,09%
	UTS 8.- SAN LÁZARO		5.744	2.823	49,15%	2.921	50,85%
	UTS 14.- SAR		4.254	2.045	48,07%	2.209	51,93%
PASS CONXO	UTS 3.- CONXO	22.375	11.210	5.277	47,07%	5.933	52,93%
	UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO		8.619	4.005	46,47%	4.614	53,53%
	UTS 13.- PONTEPEDRIÑA		2.546	1.149	45,13%	1.397	54,87%
PASS ENSANCHE	UTS 11.- ENSANCHE 1	16.408	6.937	3.013	43,43%	3.924	56,57%
	UTS 12.- ENSANCHE 2		9.471	4.216	44,51%	5.255	55,49%
PASS GALERAS	UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	25.940	10.123	4.677	46,20%	5.446	53,80%
	UTS 6.- MONUMENTAL		8.028	3.819	47,57%	4.209	52,43%
	UTS 9.- RURAL OESTE		4.883	2.379	48,72%	2.504	51,28%
	UTS 10.- SAN LOURENZO		2.906	1.381	47,52%	1.525	52,48%
<b>TOTAIS</b>			<b>101.384</b>	<b>47.254</b>	<b>46,61%</b>	<b>54.130</b>	<b>53,39%</b>

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.

Cómpre indicar que os datos facilitados polo Departamento de Informática do concello de Santiago de Compostela reflicta que ao longo do ano 2024 houbo rexistrado un volume poboacional total de 101.384 habitantes, aos que habería que restar as persoas que causaron baixa nalgún momento do ano do Padrón Municipal de Habitantes por motivos diversos (defunción, cambio de domicilio, etc.), que ascende a 1.533 persoas, sendo o número total de persoas residentes de dereito ao remate do ano de **99.851 habitantes**.

Cada dispositivo ten un ámbito social moi diferente, pero que por razóns de estruturación territorial (respecto aos barrios e non división dos mesmos), se acorda manter esa diversidade. Por todo isto, e tendo tamén presente o “peso” das intervencións de Servizos Sociais, o hábitat concentrado ou disperso, a presenza dun número importante de vivendas de promoción pública, entre outras, se estima procedente manter esa estruturación territorial e social, con equipos de profesionais constituídos por dúas ou tres persoas, dependendo das zonas. Vexamos o peso social de cada PASS:



*Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.*

Na gráfica anterior podemos observar lixeiros movementos xeográficos da poboación de Compostela. O dispositivo de atención social de maior peso é o PASS Galeras, que engloba as UTS Monumental, Porta do Camiño, San Lourenzo e Rural Oeste; este dispositivo foi atendido ao longo do ano 2024 por dúas traballadoras sociais e unha




educadora familiar, reforzado nalgunha medida pola traballadora social do Programa municipal de apoio á inclusión das persoas sen fogar, por ser este colectivo de relevancia no ámbito xeográfico e social de referencia; este dispositivo tivo dificultades na organización e atención social, coincidindo coas baixas laborais das profesionais de Traballo Social que habitualmente o atendían, que si ben foron substituídas, sempre produce limitacións na atención. Séguelle en presión social o dispositivo de atención social do PASS Conxo, dende o cal se atende as UTS Conxo, Pontepedriña e Castiñeiriño; este dispositivo foi atendido por unha traballadora social e unha educadora familiar; indicar que o rural do Castiñeiriño é atendido pola traballadora social do Programa PROMOVE, aliviando en presión demográfica á profesional titular do PASS. O terceiro dispositivo de atención social con maior presión demográfica é o PASS Fontiñas, dende o cal se atenden a UTS Fontiñas, a UTS San Lázaro e a UTS Sar; trátase dun dispositivo de gran carga de xestión asistencial, constatada durante anos e moi condicionada pola presenza de mais de 600 vivendas de promoción pública no seu ámbito territorial e polo intenso traballo comunitario levado a cabo dende

o ano 2000; este dispositivo sufriu dificultades este ano ao minguar o número de traballadores sociais na zona (pasando a 1). Séguelle en presión demográfica o PASS CABES, dende o cal xira a atención da UTS Vite e da UTS Rural Norte; destacar o incremento da presión asistencial desta última UTS, relacionado probablemente coa existencia



dunha profesional específica para o rural de Compostela; polo tanto este dispositivo é atendido pola traballadora social titular do PASS e pola traballadora social do Programa PROMOVE, unidas á educadora familiar da zona. O dispositivo de menor presión demográfica é o PASS Ensanche, si ben mais que nunca se caracteriza pola súa diversidade e multiculturalidade, así como pola crecente complexidade da intervención social, que esixen novos modos de atención e novas estratexias profesionais para a súa abordaxe; este ámbito territorial e social está sendo atendido por dúas traballadoras sociais de xeito específico e por unha educadora familiar; reforza este dispositivo de atención social a traballadora social do Programa de apoio á inclusión social das persoas sen fogar, por ser este (unido á zona histórica da cidade) un dos puntos de maior afluencia das

persoas en situación de senfogarismo en Compostela, que precisan unha intervención social complexa e intensa.



*Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024*

Analicemos estes datos mais polo miúdo en cada Punto de Atención de Servizos Sociais (ámbito territorial e social):



Graficamente, a distribución porcentual por colectivos de idade de todo o termo municipal se pode visualizar en:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Distribución da poboación residente en Santiago de Compostela, pola variable IDADE, por UTS e PASS de referencia.

PASS	UTS QUE ABRANGUE	POB. POR PASS	POB. POR UTS	De 0 a 3 anos	De 4 a 5 anos	De 6 a 11 anos	De 12 a 16 anos	De 17 a 18 anos	De 19 a 25 anos	De 26 a 44 anos	De 45 a 51 anos	De 52 a 64 anos	De 65 a 79 anos	De 80 anos ou máis
PASS CABES	UTS 1.- VITE	17.033	12.423	258	149	602	617	270	864	2.634	1.617	2.439	2.133	840
	UTS 7.- RURAL NORTE		4.610	107	65	232	190	77	236	838	489	838	1.086	452
PASS FONTIÑAS	UTS 2.- FONTIÑAS	19.628	9.630	192	132	454	394	153	545	2.192	1.011	2.086	2.016	455
	UTS 8.- SAN LÁZARO		5.744	140	81	322	275	125	450	1.238	674	1.055	899	485
	UTS 14.- SAR		4.254	90	51	195	222	79	278	948	535	880	726	250
PASS CONXO	UTS 3.- CONXO	22.375	11.210	327	183	701	545	214	719	2.883	1.439	2.108	1.496	595
	UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO		8.619	252	140	625	487	170	495	1.857	1.286	1.597	1.120	590
	UTS 13.- PONTEPEDRIÑA		2.546	58	32	119	121	48	213	592	301	590	330	142
PASS ENSANCHE	UTS 11.- ENSANCHE 1	16.408	6.937	129	74	300	295	120	556	1.438	716	1.241	1.271	797
	UTS 12.- ENSANCHE 2		9.471	180	116	392	379	129	751	2.259	909	1.598	1.702	1.056
PASS GALERAS	UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	25.940	10.123	234	118	505	404	165	706	2.665	1.284	1.754	1.417	871
	UTS 6.- MONUMENTAL		8.028	137	85	321	326	129	562	2.128	1.004	1.483	1.287	566
	UTS 9.- RURAL OESTE		4.883	107	58	308	249	103	379	989	553	880	931	326
	UTS 10.- SAN LOURENZO		2.906	63	25	132	144	64	221	641	345	634	459	178
<b>TOTAIS</b>			<b>101.384</b>	<b>2.274</b>	<b>1.309</b>	<b>5.208</b>	<b>4.648</b>	<b>1.846</b>	<b>6.975</b>	<b>23.302</b>	<b>12.163</b>	<b>19.183</b>	<b>16.873</b>	<b>7.603</b>

PASS	UTS QUE ABRANGUE	TOTAL POBLACION PASS	TOTAL POBLACION DE CADA UTS	MENORES DE IDADE		XÓVENES		PERSOAS ADULTAS		PERSOAS MAIORES	
				Menores de 18 anos		De 18 a 25 anos		De 26 a 64 anos		De 65 anos ou máis	
				Nº	% TOTAL UTS	Nº	% TOTAL UTS	Nº	% TOTAL UTS	Nº	% TOTAL UTS
PASS CABES	UTS 1.- VITE	17.033	12.423	1.896	15,26%	864	6,95%	6.690	53,85%	2.973	23,93%
	UTS 7.- RURAL NORTE		4.610	671	14,56%	236	5,12%	2.165	46,96%	1.538	33,36%
PASS FONTIÑAS	UTS 2.- FONTIÑAS	19.628	9.630	1.325	13,76%	545	5,66%	5.289	54,92%	2.471	25,66%
	UTS 8.- SAN LÁZARO		5.744	943	16,42%	450	7,83%	2.967	51,65%	1.384	24,09%
	UTS 14.- SAR		4.254	637	14,97%	278	6,54%	2.363	55,55%	976	22,94%
PASS CONXO	UTS 3.- CONXO	22.375	11.210	1.970	17,57%	719	6,41%	6.430	57,36%	2.091	18,65%
	UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO		8.619	1.674	19,42%	495	5,74%	4.740	54,99%	1.710	19,84%
	UTS 13.- PONTEPEDRIÑA		2.546	378	14,85%	213	8,37%	1.483	58,25%	472	18,54%
PASS ENSANCHE	UTS 11.- ENSANCHE 1	16.408	6.937	918	13,23%	556	8,01%	3.395	48,94%	2.068	29,81%
	UTS 12.- ENSANCHE 2		9.471	1.196	12,63%	751	7,93%	4.766	50,32%	2.758	29,12%
PASS GALERAS	UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	25.940	10.123	1.426	14,09%	706	6,97%	5.703	56,34%	2.288	22,60%
	UTS 6.- MONUMENTAL		8.028	998	12,43%	562	7,00%	4.615	57,49%	1.853	23,08%
	UTS 9.- RURAL OESTE		4.883	825	16,90%	379	7,76%	2.422	49,60%	1.257	25,74%
	UTS 10.- SAN LOURENZO		2.906	428	14,73%	221	7,60%	1.620	55,75%	637	21,92%
<b>TOTAIS</b>			<b>101.384</b>	<b>15.285</b>	<b>15,08%</b>	<b>6.975</b>	<b>6,88%</b>	<b>54.648</b>	<b>53,90%</b>	<b>24.476</b>	<b>24,14%</b>

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024

Na táboa anterior pódese observar que non hai unha distribución equitativa dos rangos de idade, con amplitude moi diferente. Non se trata dun erro froito do azar, todo o contrario. Realízase esa análise poboacional por ser os intervalos máis útiles de referencia no Departamento municipal de Servizos Sociais; por exemplo, con estes datos de referencia,



se pode saber o índice de absentismo escolar en Educación Primaria ou en Secundaria, cal é a cobertura das bolsas municipais de comedor escolar ou de actividades, igualmente cal é a cobertura do servizo de axuda no fogar coas persoas maiores residentes no municipio.


A distribución da poboación de dereito en Santiago de Compostela por colectivos de idade, tendo en conta a seguinte informacións:

- ✦ Considéranse persoas menores de idade, aquelas que teñen unha idade comprendida entre os 0 e os 17 anos. Na gráfica evidénciase que no noso termo municipal non está garantido o reemprazo poboacional.
- ✦ As persoas mozas sitúanse nun franxa de idade entre os 18 e os 25 anos.
- ✦ Considéranse persoas adultas, aquelas que teñen unha idade que se sitúa no intervalo de 26 a 64 anos.
- ✦ E, por último, considéranse persoas maiores, aquelas que teñan unha idade igual ou superior aos 65 anos.

Da táboa anterior evidénciase importantes cambios con respecto á análise poboacional realizada en anos anteriores:

- ✦ Evidénciase unha vez mais o importante envellecemento poboacional que afecta ao noso termo municipal e que vai en consonancia coa realidade social da nosa comunidade autónoma.
- ✦ As zonas que presentan un maior envellecemento da súa poboación, xa preocupante, son as do Rural Norte, Ensanche, Rural Oeste, Fontiñas e San Lázaro (nesta última, moi influenciada polos datos poboacionais de zonas que engloba esta UTS, como poden ser San Marcos, Sabugueira ou Bando). Esta realidade explica tamén que estas zonas estean sendo prioritarias no ámbito de actuación do Servizo municipal de Axuda no Fogar, con prevalencias altas dentro das persoas usuarias do mesmo.
- ✦ Lonxe queda xa a realidade social que imperaba na zona de Fontiñas, que no seu día se caracterizada pola xuventude da súa pirámide de poboación. Nestes intres, as zonas con maior porcentaxe de persoas menores (e, polo tanto, mais novas) son as de Castiñeiríño e Conxo.

De forma global, a información sobre os colectivos poboacionais de Compostela, segundo os datos facilitados dende o Padrón Municipal e dende o servizo de Informática, se pode visualizar do seguinte xeito:



Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024

Táboa: Distribución poboación maior de 65 anos residente en Compostela, pola variable VIVIR SÓAS, por UTS e PASS

PASS	UTS QUE ABRANGUE	TOTAL POBOACIÓN PASS	TOTAL POBOACIÓN DE CADA UTS	PERSOAS MAIORES De 65 anos ou mais		
				Nº empadroadas	Nº viven soas	% viven soas / empadroadas
PASS CABES	UTS 1.- VITE	17.033	12.423	2.973	531	17,86%
	UTS 7.- RURAL NORTE		4.610	1.538	198	12,87%
PASS FONTIÑAS	UTS 2.- FONTIÑAS	19.628	9.630	2.471	534	21,61%
	UTS 8.- SAN LÁZARO		5.744	1.384	172	12,43%
	UTS 14.- SAR		4.254	976	159	16,29%
PASS CONXO	UTS 3.- CONXO	22.375	11.210	2.091	461	22,05%
	UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO		8.619	1.710	261	15,26%
	UTS 13.- PONTEPEDRIÑA		2.546	472	133	28,18%
PASS ENSANCHE	UTS 11.- ENSANCHE 1	16.408	6.937	2.068	563	27,22%
	UTS 12.- ENSANCHE 2		9.471	2.758	692	25,09%
PASS GALERAS	UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	25.940	10.123	2.288	515	22,51%
	UTS 6.- MONUMENTAL		8.028	1.853	432	23,31%
	UTS 9.- RURAL OESTE		4.883	1.257	188	14,96%
	UTS 10.- SAN LOURENZO		2.906	637	100	15,70%
<b>TOTAIS</b>		<b>101.384</b>	<b>101.384</b>	<b>24.476</b>	<b>4.939</b>	<b>20,18%</b>

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.

Resulta preocupante e considérase como un factor de vulnerabilidade importante a ter en conta dende os Servizos Sociais Comunitarios o elevado número de persoas maiores que residen soas no termo municipal, que supón nin mais nin menos, o 20,18 % das persoas maiores que viven no noso municipio. Por zonas de residencia, destacan as zonas do Ensanche e de Pontepedriña (que representan mais do 25 % dos maiores desas zonas), Monumental e Porta do Camiño (próximas ao 23 %) e Fontiñas (que está preto do 22 % dos seus maiores). Pola contra, as zonas do rural compostelán, que se atopan envellecidas, presentan as porcentaxes mais baixas das persoas maiores que residen soas.

*Táboa: Distribución da poboación residente en Santiago de Compostela, pola variable POBOACIÓN ESTRANXEIRA e PASS de referencia.*

PASS	UTS QUE ABRANGUE	TOTAL POBOACIÓN PASS	TOTAL POBOACIÓN DE CADA UTS	POBOACION ESTRANXEIRA	% POBOACION ESTRANXEIRA
PASS CABES	UTS 1.- VITE	17.033	12.423	814	6,55%
	UTS 7.- RURAL NORTE		4.610	105	2,28%
PASS FONTIÑAS	UTS 2.- FONTIÑAS	19.628	9.630	498	5,17%
	UTS 8.- SAN LÁZARO		5.744	487	8,48%
	UTS 14.- SAR		4.254	236	5,55%
PASS CONXO	UTS 3.- CONXO	22.375	11.210	853	7,61%
	UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO		8.619	389	4,51%
	UTS 13.- PONTEPEDRINA		2.546	253	9,94%
PASS ENSANCHE	UTS 11.- ENSANCHE 1	16.408	6.937	622	8,97%
	UTS 12.- ENSANCHE 2		9.471	1.291	13,63%
PASS GALERAS	UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	25.940	10.123	1.340	13,24%
	UTS 6.- MONUMENTAL		8.028	1.047	13,04%
	UTS 9.- RURAL OESTE		4.883	371	7,60%
	UTS 10.- SAN LOURENZO		2.906	206	7,09%
		<b>101.384</b>	<b>101.384</b>	<b>8.512</b>	<b>8,40%</b>

*Fonte: Datos facilitados polo Padrón Municipal de Habitantes e polo Departamento Informática; análise estatístico realizado pola Sección de Servizos Sociais, ano 2024.*


Tamén é importante ter presente a porcentaxe de poboación de orixe estranxeiro que reside en Santiago de Compostela, si temos en conta que esta variable está moi presente no número de persoas beneficiarias das prestacións municipais da Ordenanza de garantía básica cidadá, da que se falará no seguinte apartado. Incrementouse notablemente o volume cuantitativo e porcentual do número de persoas estranxeiras que residen en Compostela con respecto ao ano anterior, que representa na actualidade o 8,40 % da súa poboación. As zonas de maior asentamento na cidade seguen sendo as mesmas: as zonas do Ensanche compostelán, Porta do Camiño e Monumental, sendo as restantes de menor importancia cuantitativa. Unha análise mais exhaustiva desta materia poderíase realizar, como competencia propia, dende a UAMI e non do Departamento municipal de Servizos Sociais.

E, por último, na análise social é importante para o Departamento municipal de Servizos Sociais analizar o número de persoas pertencentes ao pobo xitano por zonas de residencia, de acordo ás UTS nas que se estrutura o servizo:



Distribución territorial	Nº	% V
PASS CABES (Vite, Rural Norte)	310	33,62%
PASS FONTIÑAS (Fontiñas, San Lázaro, San Marcos, Sar)	398	43,17%
PASS CONXO (Conxo, Castiñeiriño, Pontepedriña)	186	20,17%
PASS GALERAS (Porta do Carmiño, Monumental)	28	3,04%
<b>Totais</b>	<b>922</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos XIESS, analizados polo equipo de educadoras e pola ADL do Plan de Inclusión Social, ano 2024



Fonte: Datos XIESS, analizados polo equipo de educadoras e pola ADL do Plan de Inclusión Social, ano 2024

A zona de maior presenza de familias pertencentes ao pobo xitano segue sendo o barrio de Fontiñas, seguido moi de cerca pola zona atendida dende a UTS Vite. As restantes zonas da cidade seguen sendo minoritarias; non se observa en ningún momento a chegada de maior número de familias pertencentes á etnia xitana a este termo municipal.

Analicemos agora brevemente o ámbito social de cada unha das UTS que conforman a organización do Departamento municipal de Servizos Sociais do concello de Santiago de Compostela:



UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
<p><b>UTS 1 – VITE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ No ámbito territorial da UTS Vite residen 12.423 persoas, que equivale a dicir o 12,25 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela.</li> <li>✦ Trátase dun barrio envellecido, con tendencia a selo mais, no que o 23,93 % da súa poboación ten unha idade igual ou superior aos 65 anos; sen embargo, si este dato se analiza con respecto á totalidade da poboación de dereito do municipio, a porcentaxe de persoas maiores ascende ao 2,93 % da totalidade dos habitantes en Santiago de Compostela. Non obstante, si a perspectiva é outra, podemos indicar que o 12,15 % da poboación maior de Compostela ten fixada a súa residencia nesta zona territorial.</li> <li>✦ Aínda que sexa un barrio envellecido, ao mesmo tempo, se pode dicir que é unha das zonas de Santiago de Compostela onde mais menores de idade residen, que representan o 15,26 % da súa propia poboación e o 1,87 % con respecto á totalidade das veciñas e veciños de Santiago de Compostela. Isto está influenciado polo número de familias que se incorporaron a esta zona nas recentes vivendas de promoción pública (Manuel María, Salgueiriños de Abaixo, Salgueiriños de Arriba).</li> <li>✦ Fontes técnicas municipais sinalan que existe un contraste neste ámbito territorial, mais envellecido no polígono de Vite e mais novo nas vivendas situadas en Manuel María, de aí ese contraste poboacional.</li> <li>✦ Importante presenza de familias pertencentes á etnia xitana: 310 persoas, que equivale a dicir o 33,62 % das persoas xitanas con residencia en Santiago de Compostela.</li> <li>✦ Hábitat concentrado. Importante dotación de vivendas de promoción pública. Dotado de equipamentos e servizos básicos. Boas comunicacións.</li> <li>✦ Un número moi importante de persoas residentes neste ámbito territorial teñen aberto expediente social básico no Departamento municipal de Servizos Sociais; o aplicativo XIESS indica que 2.728 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 21,96 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p><b>UTS 2 – FONTIÑAS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ En Fontiñas residen na actualidade un total de 9.630 persoas, que equivale a dicir o 9,50 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela.</li> </ul>

UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ É un barrio envellecido, que o fixo en poucos anos de existencia. O 25,66 % da súa poboación ten unha idade igual ou superior aos 65 anos. Esta cifra, analizada no contexto de todo o municipio, representa o 2,44 %. Importante é destacar tamén a levada porcentaxe de persoas maiores que residen soas, que equivale ao 21,61 % das persoas de 65 anos ou mais que teñen fixado o seu domicilio en Fontiñas.</li> <li>✦ Importante presenza de familias pertencentes ao pobo xitano: 398 persoas, que equivale a dicir o 43,17 % das persoas xitanas con residencia no municipio. Trátase da zona con maior presenza de familias do pobo xitano de Compostela.</li> <li>✦ Hábitat concentrado; elevada porcentaxe de vivendas de promoción pública aglutinas nun espazo territorial reducido. Dotación de equipamentos e servizos básicos.</li> <li>✦ Diversidade cultural e étnica; asentamento de familias nun barrio moi delimitado e con extensión reducida cunha situación económica moi diferente.</li> <li>✦ Incremento na conflitividade nas persoas adolescentes.</li> <li>✦ Un número moi importante de persoas residentes neste ámbito territorial teñen aberto expediente social básico no Departamento municipal de Servizos Sociais; o aplicativo XIESS indica que 2.271 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 23,58 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p><b>UTS 3 – CONXO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Neste ámbito territorial residen un total de 11.210 persoas, que equivale a dicir o 11,06 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Lixeiro incremento con respecto á análise poboacional realizada no ano 2023.</li> <li>✦ Estamos ante a primeira zona do municipio onde residen mais menores de idade (1.970).</li> <li>✦ É un dos barrios do municipio que menos envellecemento poboacional ten, sen embargo, a súa porcentaxe aínda é significativa; o 18,65 % da súa poboación ten unha idade igual ou superior aos 65 anos.</li> <li>✦ Presenza de vivendas de promoción pública, pero nun número considerablemente inferior ao que sucede en Vite ou en Fontiñas.</li> <li>✦ Nesta zona residen 186 persoas pertencentes ao pobo xitano, que equivale ao 20,17 % das persoas deste pobo da zona de Santiago de Compostela.</li> </ul>



UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Hábitat concentrado. En determinadas rúas hai unha lixeira mestura de tipo de vivendas, existindo a presenza dalgunhas de antiga construción. Dualidade poboacional: persoas con nivel económicos óptimo con outras con escaseza de recursos.</li> <li>✦ Incremento nos últimos anos de problemáticas paterno-filiais, por falla de habilidades parentais, en veciñas e veciños con situacións económicas e formativocultural media.</li> <li>✦ Dotación de equipamentos e servizos básicos. Boa comunicación.</li> <li>✦ O número de veciñas e veciños usuarios dos Servizos Sociais desta zona tamén é significativo, pero en moito menor medida que os pertencentes ás zonas de Vite ou Fontiñas. Así, o aplicativo XIESS indica que 1.766 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 15,75 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>UTS 4 – CASTIÑEIRIÑO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Un barrio que está en profunda transformación, coa construción de nova vivenda nos últimos anos.</li> <li>✦ Un barrio que experimentou un notable incremento de poboación, adiantado xa en estudos anteriores. Na actualidade reside 8.619 habitantes. É dicir, o 8,50 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela reside no Castiñeiriño.</li> <li>✦ Trátase do terceiro barrio de Santiago de Compostela menos envellecido (o 18,65 % da súa poboación ten unha idade igual ou superior aos 65 anos).</li> <li>✦ É o terceiro barrio de Compostela con maior número de nenas e nenos (1.674).</li> <li>✦ Ten boas comunicacións, conta con recursos a nivel social e educativo, pero carece de centros sanitarios na zona.</li> <li>✦ Existe neste ámbito territorial unha dualidade; si ben a zona do Restollal se caracteriza por unha poboación mais nova e cun hábitat concentrado, en expansión; o seu rural (Santa Lucía, A Susana, etc.) se caracteriza polo envellecemento poboacional e por un hábitat mais disperso. Neste última zona, as veciñas e veciños soen trasladar dificultades relacionadas con déficits na comunicación, sendo unha das zonas con menor demanda de intervención dos Servizos Sociais, descoñecendo si isto é por menor necesidade ou por dificultade para o acceso a este servizo público.</li> </ul>

UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ O aplicativo XIESS indica que 1.391 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 16,14 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p><b>UTS 5 – Porta do Camiño</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Unha das zonas da cidade con mais amplitude territorial. Nela residen un total de 10.123 habitantes, que equivale a dicir o 9,98 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela.</li> <li>⊕ A distribución por colectivos poboacionais mudou con respecto á análise realizada en anos anteriores, sendo aínda envellecido pero no que se aprecia un lixeiro incremento de poboación menor de idade; isto pode estar relacionado co número de familias estranxeiras que se asentan nesta zona. Así, porcentaxe de menores residentes na zona ascende ao 14,09 % da súa poboación, mentres a de maiores é dun 22,60 %. Polo tanto, é evidente que o reemprazo poboacional non está garantido. É preocupante incluso o número de persoas maiores que residen soas no seu domicilio.</li> <li>⊕ Diversidade étnica e cultural; o 13,24 % da súa poboación é de orixe estranxeiro.</li> <li>⊕ Estamos nunha zona de importante presenza das persoas sen fogar de Santiago de Compostela.</li> <li>⊕ Zona ben comunicada; conta con servizos básicos dende a óptica educativa, pero dende a perspectiva social e sanitaria deben trasladarse a outras zonas.</li> <li>⊕ Hábitat concentrado; vivenda antiga; existencia de barreiras arquitectónicas nas mesmas.</li> <li>⊕ Un número moi importante de persoas residentes neste ámbito territorial teñen aberto expediente social básico no Departamento municipal de Servizos Sociais; o aplicativo XIESS indica que 2.953 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 29,17 % dos seus habitantes. Esta elevada cifra está moi influenciada polo número de persoas sen fogar que están empadroadas neste ámbito territorial e que son atendidas dende o programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar.</li> </ul>
<p><b>UTS 6 – MONUMENTAL</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Nesta zona residen o 7,92 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela, que se traduce en 8.028 habitantes. A zona Monumental de Compostela segue perdendo poboación.</li> </ul>

UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ É unha zona no que o reemprazo xeneracional non está garantizado. As persoas menores de idade só acadan o 12,43 % da súa poboación, mentres as persoas maiores acadan o 23,08 %. Preocupa especialmente o número de persoas maiores que residen soas, sendo a cuarta zona do municipio cunha porcentaxe superior.</li> <li>✦ Igualmente sorprende o asentamento das persoas que non teñen nacionalidade española, converténdose na segunda zona do municipio con maior presenza (13,04 % da súa poboación). Este dato debería ser analizado polo miúdo polo departamento específico na materia (UAMI).</li> <li>✦ Trátase dunha zona de maior presenza das persoas sen fogar de Santiago de Compostela.</li> <li>✦ Zona perfectamente delimitada; hábitat concentrado; vivenda de antiga construción, con presenza de importantes barreiras arquitectónicas.</li> <li>✦ Ben comunicada, dotada de equipamentos a nivel social e sanitario.</li> <li>✦ Un número moi importante de persoas residentes neste ámbito territorial teñen aberto expediente social básico no Departamento municipal de Servizos Sociais; o aplicativo XIESS indica que 2.156 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 26,86 % dos seus habitantes. Cifra moi afectada polo número de persoas sen fogar que residen nesta zona e que son atendidas dende o programa municipal de apoio á inclusión das persoas sen fogar.</li> </ul>
<p><b>UTS 7 – RURAL NORTE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Nesta zona residen un total de 4.610 habitantes, que equivale ao 4,62 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Practicamente nos movemos en cifras similares as do estudo poboacional anterior, cun lixeiro descenso.</li> <li>✦ Importante extensión territorial, hábitat moi disperso, que dificulta considerablemente a realización de visitas domiciliarias. Déficit importante nas comunicacións coas restantes zonas do termo municipal. Insuficiente dotación de equipamento básico a nivel educativo, sanitario e social.</li> <li>✦ Envellecemento poboacional manifesto, co 33,36 % da súa poboación, da cal o 12,87 % viven soas (é a zona do municipio onde menos persoas maiores residen soas). Non está garantizado, en ningún caso o reemprazo poboacional.</li> </ul>



UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ A porcentaxe de persoas de orixe estranxeiro que alí residen non é para nada representativo (2,28 % da súa poboación).</li> <li>⊕ Analizado o aplicativo de xestión de XIESS podemos observar dun incremento do número de poboación que se está achegando aos Servizos Sociais, podendo estar relacionado isto coa existencia dunha profesional do Traballo Social específica para o rural de Compostela. Así, podemos observar como 757 persoas deste ámbito territorial son usuarias deste dispositivo de atención social. O que equivale a dicir, o 16,42 % da súa poboación. Si ben é unha porcentaxe moi inferior á doutras zonas de Santiago, o seu incremento anual unido ás dificultades xeográficas de acceso, implica un notable avance da atención social do rural compostelán.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>UTS 8 – SAN LÁZARO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Neste ámbito territorial (que engloba San Lázaro, San Marcos, Bando e Sabugueira) residen un total de 5.744 persoas.</li> <li>⊕ É unha zona cunha elevada porcentaxe de poboación maior de 65 anos (que equivale ao 24,09 % da súa poboación). Curiosamente á a zona de Santiago de Compostela onde un menor número de persoas maiores de 65 anos residen soas.</li> <li>⊕ Importante incremento do número de persoas de orixe estranxeiro asentadas neste ámbito territorial, que acada o 8,48 % da súa poboación.</li> <li>⊕ Nesta zona residencia 130 persoas pertencentes ao pobo xitano, que equivale ao 8,89 % das que teñen fixado o seu domicilio no noso municipio.</li> <li>⊕ Trátase dun hábitat concentrado, cun óptimo nivel de comunicacións (non así no ámbito rural da UTS).</li> <li>⊕ Non está dotada dos servizos básicos a nivel sanitario e social, dependendo do barrio de Fontiñas para acceder aos mesmos.</li> <li>⊕ 1178 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 20,51 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>UTS 9 – RURAL OESTE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Neste ámbito territorial residen un total de 4.883 habitantes, que equivale ao 4,82 % da poboación empadroadada en Santiago de Compostela. Mantense en cifras similares ás doutros estudos realizados, do que se deduce unha vez mais que non hai incremento do número de persoas que teñen fixada a súa residencia no rural compostelán.</li> </ul>

UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ O envellecemento poboacional é moi significativo, cun 25,74 % da súa poboación; sen embargo, a porcentaxe de maiores que viven soas é menor con respecto a outras zonas do municipio (15,70 %).</li> <li>✦ Notable incremento do número de persoas de orixe estranxeiro que ten fixado o domicilio neste ámbito territorial, pasando do 4,87 % do ano 2023 ao 7,60 do ano 2024.</li> <li>✦ Ten un hábitat propio de zonas rurais, pero non tan disperso como pode caracterizar ao Rural Norte.</li> <li>✦ Non ten un nivel alto de demanda de intervención dos Servizos Sociais. 845 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 17,30 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p><b>UTS 10 – SAN LOURENZO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Nesta zona residen un total de 2.906 habitantes, que equivale ao 2,87 % da poboación de dereito de Compostela. Existe unha lixeira perda do peso poboacional.</li> <li>✦ O envellecemento é significativo, situado da media do contexto municipal, cun 21,92 %.</li> <li>✦ A poboación estranxeira da zona ascende a 7,09 %. Única zona con decremento con respecto á anualidade anterior.</li> <li>✦ Dotado de equipamentos educativos, pero non de equipamentos sanitarios ou sociais, para o que dependen doutras zonas.</li> <li>✦ 574 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 19,75 % dos seus habitantes. Unha porcentaxe significativa, pero inferior as doutras zonas do municipio.</li> </ul>
<p><b>UTS 11 E 12 – ENSANCHE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Por unha organización administrativa do Departamento municipal de Servizos Sociais de antano que se arrastra, está dividido en dúas UTS. Sen embargo, comparten características e presentan unha delimitación xeográfica única, polo que se considera oportuno ofrecer os datos de forma conxunta.</li> <li>✦ No Ensanche compostelán residen un total de 16.408 persoas, que equivale ao 16,18 % da poboación de dereito de Santiago. Non hai incremento significativo poboacional nesta zona.</li> <li>✦ É un zona de elevadísimo envellecemento poboacional. Nel residen 4.826 persoas maiores de 65 anos, que equivale, nin mais nin menos, ao 29,41 % da súa poboación de dereito.</li> </ul>

UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Igualmente é preocupante que o 29,12 % das persoas maiores que alí residen, viven soas. Isto se correlaciona co feito, que se verá mais adiante, de ser unha das zonas de Compostela de maior demanda do Servizo de Axuda no Fogar, si ben está sufrindo un decremento de prevalencia deste recurso con respecto a outras zonas do municipio (por exemplo, Vite)</li> <li>⊕ Diversidade cultural; se conxugamos as dúas UTS, observamos que o 13,63 % da súa poboación é de orixe estranxeiro. É unha das zonas de Santiago de Compostela con maior porcentaxe de asentamento das familias de orixe estranxeiro que se asentan na cidade.</li> <li>⊕ Isto da lugar a unha mestura de realidades sociais: familias cun óptimo nivel económico; familias que, pola contra, presentan unha situación económica moi deficitaria ou que dependen da economía sumerxida; persoas que presentan importantes niveis de dependencia.</li> <li>⊕ Hábitat moi concentrado, que facilita a realización de visitas domiciliarias. Coexistencia de familias cunha situación económica óptima con outras moi deficitaria; “mestura de realidades sociais diversas”.</li> <li>⊕ Zona ben comunicada, dotada de equipamentos básicos a nivel social, educativo e sanitario.</li> <li>⊕ 2.896 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 17,65 % dos seus habitantes.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>UTS 13 – PONTEPEDRIÑA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>⊕ Neste ámbito territorial residen un total de 2.546 habitantes, que representa o 2,51 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela.</li> <li>⊕ Si ben a súa poboación é envellecida, porcentualmente é inferior ao doutras zonas da cidade (18,54 %).</li> <li>⊕ O 9,94 % da súa poboación ten orixe estranxeiro.</li> <li>⊕ Está dotado de equipamento educativo, pero non a nivel social e sanitario, que depende de zonas próximas.</li> <li>⊕ Boa comunicación co resto do termo municipal.</li> <li>⊕ 545 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 21,41 % dos seus habitantes. Unha porcentaxe significativa, pero inferior as doutras zonas do municipio.</li> </ul>



UNIDADES DE TRABALLO SOCIAL	ANÁLISE CUALITATIVO
<p><b>UTS 14 – SAR</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ Esta UTS divídese en dúas zonas: a propia de Sar e a de Aríns. Neste ámbito territorial residen 4.254 persoas.</li> <li>✦ O 5,55 % son persoas de orixe estranxeiro.</li> <li>✦ Esta zona depende dos recursos sociais e sanitarios ubicados noutras zonas.</li> <li>✦ 967 persoas desta zona foron usuarias dos Servizos Sociais ao longo do ano 2024, o que equivale a dicir o 22,73 % dos seus habitantes. Unha porcentaxe nada desdeñable da súa poboación.</li> </ul>

Fonte: Datos facilitados polo Padrón Municipal de Habitantes e polo Departamento Informática; análise estatístico realizado pola Sección de Servizos Sociais, ano 2024.




Fonte: Datos derivados da cumprimentación do aplicativo XIESS, Departamento municipal Servizos Sociais, ano 2024.

Unha vez analizada a situación social que engloba cada PASS, procedemos a plantexar a organización e a estruturación do Departamento de Servizos Sociais do concello de Santiago de Compostela:



Gráfico: ORGANIGRAMA DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS.



## EQUIPO PROFESIONAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

De acordo ao disposto nos art. 23 e 24 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, a intervención profesional nos servizos sociais ten como norma xeral un carácter interdisciplinario na procura dunha atención integral. A cada persoa titular do dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais asignáselle unha persoa profesional de referencia no ámbito dos servizos sociais comunitarios correspondentes, coa finalidade de dar coherencia ao itinerario de intervencións e garantir o acceso aos diferentes servizos e ás prestacións que necesite a persoa ou, se é o caso, a súa familia.

A persoa profesional de referencia é unha traballadora ou un traballador social da rede pública municipal de servizos sociais, sen prexuízo das titulacións ou especialidades de quen xestione o caso ou actúe como responsable da intervención ou do programa. A persoa profesional de referencia terá ao seu cargo o expediente social básico ao que fai referencia o artigo 16º.2 da mencionada lei.

Táboa: Composición do equipo de profesionais dos Servizos Sociais en Santiago de Compostela.

DISPOSITIVOS	IDENTIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS	CATEGORÍA PROFESIONAL	SÍNTESE XERAL DAS FUNCIÓNS
UNIDADE ADMINISTRATIVA	J.B.F.	Administrativo. Funcionario de carreira.	Ordenanza de garantía básica cidadá. Mantemento de equipamentos.
	M.J.P.V.	Auxiliar administrativa. Funcionaria de carreira.	Recepción de documentación. Envío de tódolos expedientes tramitados dende PASS. Xestións de persoal.
	T.C.S.	Auxiliar administrativa. Funcionaria de carreira.	Atención á veciñanza. Xestión administrativa de prestacións municipais (Ordenanza de garantía básica, bolsas municipais, axudas taxi). Recepción de documentación
	R.P.G.	Administrativa. Funcionaria interina.	Tramitación administrativa do Servizo de Axuda no Fogar e de bolsas municipais.
PUNTOS DE ATENCIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS	D.R.B. PASS CABES	Traballadora social. Persoal laboral. Estabilización de praza.	Intervención social na UTS Vite. Intervención comunitaria no barrio de Vite.
	B.P.A. PASS RURAL / PROMOVE	Traballadora social. Funcionaria interina.	Intervención social nas zonas rurais do municipio.
	A.B.V.Q., PASS Fontiñas. De baixa laboral. Substituída por A.R.M.	Traballadora social. Persoal laboral ocupando a vacante anterior.	Intervención social nas UTS Fontiñas, San Lázaro e Sar. Plan Comunitario activo no barrio de Fontiñas. Programa Caixa-Proinfancia



CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

DISPOSITIVOS	IDENTIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS	CATEGORIA PROFESIONAL	SÍNTESE XERAL DAS FUNCIÓNS
	<b>B.S.J.</b> , PASS Fontiñas (parte da anualidade)	Traballadora social. Funcionaria interina.	Intervención social nas UTS Fontiñas, San Lázaro e Sar. Plan Comunitario activo no barrio de Fontiñas. Programa Intervención coa poboación xitana
	<b>M.M.R.</b> , PASS Ensanche // <b>B.S.J.</b> , PASS Ensanche (parte da anualidade)	Traballadora social. Persoal laboral fixo. // Traballadora social, funcionaria interina	Intervención social no PASS Ensanche.
	<b>M.A.P.R.</b> , PASS Conxo	Traballadora social. Persoal laboral fixo.	Intervención social nas UTS Conxo, Castiñeiriño e Pontepedriña.
	<b>E.R.L.</b> , PASS GALERAS (parte da anualidade)	Traballadora social. Funcionaria interina.	Intervención social nas UTS Porta do Camiño, Monumental, Rural Oeste e San Lourenzo. De baixa laboral parte do ano.
	<b>P.C.V.</b> , PASS GALERAS	Traballadora social. Persoal laboral fixo.	Intervención social nas UTS Porta do Camiño e Monumental. Intervención comunitaria no barrio de San Pedro. De baixa laboral parte do ano.
	<b>C.C.R.</b> , PASS GALERAS (parte da anualidade)	Traballadora social, funcionaria interina.	Intervención social nas UTS Porta do Camiño, Monumental, Rural Oeste e San Lourenzo.
	<b>A.R.M.</b>	Traballadora social. Contrato por acumulación de tarefas. // posteriormente cubrindo unha baixa laboral.	Intervención social na zona que proceda segundo saturación de axendas // Substitución de traballadora social de Fontiñas.
SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E TELEASISTENCIA	<b>A.A.Q.</b> , SAF e Teleasistencia Domiciliaria	Traballadora social. Funcionaria de carreira. Estabilización.	Servizo municipal de Axuda no Fogar. Teleasistencia Domiciliaria.
	<b>A.B.C.V.</b> , SAF e Teleasistencia Domiciliaria.	Traballadora social. Persoal laboral fixa. Estabilización.	Servizo municipal de Axuda no Fogar. Teleasistencia Domiciliaria.
	<b>A.G.G.</b> , SAF.	Terapeuta ocupacional, contratada temporal por programa.	Servizo municipal de Axuda no Fogar.
SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR	<b>M.J.B.F.</b> , (UMAD e desenvolve parte das súas funcións vinculadas á prevención nas dependencias de Servizos Sociais)	Psicóloga. Persoal laboral. Estabilización de praza.	Atención psicolóxica a menores en situación de vulnerabilidade social (Servizos Sociais).  Atención psicolóxica no programa de prevención (UMAD)
	<b>S.F.G.</b> , PASS CABES.	Educadora familiar. Persoal laboral. Estabilización de praza.	Intervención educativa no PASS CABES. Intervención comunitaria no barrio de Vite. Coordinación do programa vivenda.
	<b>M.V.T.</b> , PASS Fontiñas	Educadora familiar. Persoal laboral. Estabilización de praza.	Intervención socioeducativa nas UTS Fontiñas, San Lázaro e Sar. Plan Comunitario activo no barrio

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

DISPOSITIVOS	IDENTIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS	CATEGORIA PROFESIONAL	SÍNTESE XERAL DAS FUNCIÓNS
			de Fontiñas. Xuntanzas grupo comunitario zona de Sar. Programa Caixa-Proinfancia
	<b>C.E.R.</b> , PASS Conxo e PASS Ensanche (parte da anualidade)	Educadora familiar. Funcionaria interina.	Intervención social nas UTS Conxo, Castiñeiriño, Pontepedriña, Ensanche I e Ensanche II. Intervención comunitaria no barrio de Conxo.
	<b>M.C.C.G.</b> , PASS Porta do Camiño	Educadora familiar. Persoal laboral. Estabilización.	Intervención socioeducativa nas UTS Porta do Camiño, Monumental, Rural Oeste e San Lourenzo. Intervención comunitaria no barrio de San Pedro.
	<b>A.V.P.</b> , (PASS Ensanche)	Educadora familiar. Funcionaria interina.	Intervención social nas UTS Ensanche I e Ensanche II.
	<b>I.T.M.</b> (PASS Conxo, parte da anualidade)	Educadora familiar. Funcionaria. Estabilización.	Intervención social nas UTS Conxo, Pontepedriña e Castiñeiriño.
<b>PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL</b>	<b>M.G.O.</b> , Inclusión social	Axente de desenvolvemento local. Persoal laboral. Estabilización.	Programa municipal de inclusión social. Coordinación de accións para a inclusión social. Xestión do Plan Concertado e subvención GRI. Apoio puntual co Servizo de educación e apoio familiar. Apoio na intervención coas persoas sen fogar.
	<b>E.G.C.</b> , Inclusión social e CABES	Psicóloga. Persoal laboral. Estabilización de praza.	Programa municipal de inclusión social. Coordinación de espazos en CABES. Programa PAPIS.
<b>ASESORIA XURÍDICA</b>	<b>M.J.T.P.</b>	Avogada de Servizos Sociais. Persoal laboral. Estabilización de praza.	Orientación legal ás persoas usuarias de Servizos Sociais. Orientación legal ao persoal técnico de Servizos Sociais e de Igualdade. Tramitación de convenios.
<b>PROGRAMA DE APOIO A INCLUSIÓN DAS PERSOAS SEN FOGAR</b>	<b>B.S.S.</b> , Sen Fogar	Traballadora social. Funcionaria. Estabilización de praza.	Atención ás persoas en situación de "senfogarismo"
	<b>E.R.L.</b> ; Vitrasan	Traballadora social. Funcionaria interina.	Atención ás persoas en situación de "senfogarismo". Seguimento de realoxos e de vivendas de transición.
<b>UNIDADE DE XESTIÓN</b>	<b>J.M.F.</b> ; xestión.	Técnico de xestión. Funcionario. Estabilización.	Xestión técnica e económica das Bolsas Municipais e das Axudas de Taxi.
<b>SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS</b>	<b>E.M.G.S.</b> , sección.	Traballadora social. Xefa de sección de Servizos Sociais. Persoal laboral fixa.	Coordinación técnica do equipo de profesionais dos Servizos Sociais e da implementación dos diferentes programas básicos.
<b>SERVIZO DE SERVIZOS SOCIAIS</b>	<b>M.T.F.T.</b> , servizo.	Asesora xurídica. Funcionaria de carreira.	Profesional responsable dos diferentes dispositivos da Área de Acción Social: Servizos Sociais, UMAD, CIM.

Fonte: Area de Acción Social; elaboración propia, 2024.

En determinados momentos do ano, cóntase co reforzo de persoal contratada por programas especiais como son as vítimas de violencia de xénero ou as persoas beneficiarias de RISGA.

## O DESEMPEÑO PROFESIONAL.

Segundo establece a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, a intervención profesional nos servizos sociais terá como norma xeral un carácter interdisciplinario na procura dunha atención integral. A cada persoa titular do dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais asignaráselle unha persoa profesional de referencia no ámbito dos servizos sociais comunitarios correspondentes, coa finalidade de dar coherencia ao itinerario de intervencións e garantir o acceso aos diferentes servizos e ás prestacións que necesite a persoa ou, se é o caso, a súa familia. A persoa profesional de referencia será unha traballadora ou un traballador social da rede pública de servizos sociais, sen prexuízo das especialidades de quen xestione o caso ou actúe como responsable da intervención ou do programa. A persoa profesional de referencia terá ao seu cargo o expediente social básico. De acordo coas disponibilidades do sistema, a persoa usuaria poderá solicitar motivadamente o cambio de profesional de referencia, de entre os existentes na súa área.




Gráfico: O EQUIPO DE PROFESIONAIS QUE CONFORMAN OS SERVIZOS SOCIAIS EN COMPOSTELA.

TIPO DE FUNCION	CONCRECION DO DESEMPEÑO PROFESIONAL	TRAB SOC	EDUC FAM	PSICOLOX	ASESORIA XURÍDICA	A.D.L.	TÉCNICO XESTIÓN	UNIDADE ADMINIST.	TERAPEUTA OCUPAC
Estudo, análise e investigación	Estudar e analizar as causas e a magnitude dos problemas e/ou necesidades sociais.								
	Detectar precozmente sit. de carencia social.								
	Cofiecer recursos do municipio, inventariándoos.								



CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

TIPO DE FUNCION	CONCRECION DO DESEMPEÑO PROFESIONAL	TRAB SOC	EDUC FAM	PSICOLOX	ASESORIA XURÍDICA	A.D.L.	TÉCNICO XESTIÓN	UNIDADE ADMINIST.	TERAPEUTA OCUPAC
Promoción da garantía de dereitos cidadáns	Atención directa á veciñanza, tanto a nivel individual, familiar, grupal e/ou comunitario.								
	Información, valoración e asesoramento, diferenciando entre demanda e necesidade, mobilizando e activando recursos persoais, técnicos, sociais ou económicos.								
	Seguim. dos casos, acomp. no proceso de interv., aval. continuada e redef. de obx. e metodolox.								
	Ases. legal sobre temas de menores, inmigración, desafiuz., modif. capacidade, des. social, violencia								
	Promoción de novos recursos a prestar á veciñanza, en base á análise de necesidades.								
	Inform. e asesoramento sobre os recursos sociais do territorio que facilitan a acción socioeducativa.								
	Mediación social, cultural e educativa.								
Rehabilitación social	Trat. social, a nivel indiv., fam., grupal ou comunit.								
	Seguimento de casos.								
	Traballo en rede con outros dispositivos.								
	Informar e orientar en aspectos psicol. que favorecen sit. de desprot. ou vulnerabilidade social								
	Avaliar e diagnosticar aspectos psicolóx. presentes en situacións de vulnerabilidade social.								
	Paliar, cun traballo psicoterap., consecuencias psicolóx. derivadas das ditas situacións sociais.								
Promoción social	Promoción da axuda mutua.								
	Estimular a participación a través de comisións de traballo e grupo.								
	Establecer canles de comunicación básicas para un traballo en rede.								
	Estimular á veciñanza para participar activamente no seu desenvolvemento.								

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

TIPO DE FUNCION	CONCRECIÓN DO DESEMPEÑO PROFESIONAL	TRAB SOC	EDUC FAM	PSICOLOX	ASESORIA XURÍDICA	A.D.L.	TÉCNICO XESTIÓN	UNIDADE ADMINIST.	TERAPEUTA OCUPAC
	Ser intermediario entre a poboación e a Administración Pública.								
	Prospección de recursos e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local.								
	Orientación formativa e laboral. Acompañamento en itinerarios de inserción.								
Planific	Planificación e organización da acción social.								
	Organización e xestión de programas propios.								
Coordinación e traballo en rede	Entre os profesionais do propio Dpto, a través de xuntanzas e estratexias de traballo en equipo.								
	Con profesionais doutros ámbitos, tecendo redes.								
Formación	En canto ao persoal do Depto.: asistencia a accións formativas								
	En canto a alumnado e futuros profesionais: ensinanzas teóricas-prácticas e supervisión.								
	En canto á transmisión da propia experiencia: ponencias e publicacións.								
De xestión técnica e administrativa do servizo	Asesoramento sobre contratación de servizos, convenios, propostas de redacción de ordenanzas e regulamentos, etc...								
	Elaboración do marco e fundamentación xurídica dos programas de intervención social								
	Programar, coordinar e executar tarefas administ. e burocráticas, de acordo á normativa de procedemento xurídico e administ., para asegurar a axeitada xestión administrativa dos expedientes e procedementos competencia dos Servizos Sociais.								
	Desenvolvemento de tarefas de xestión administrativa e económica.								
	Tramitar exped. e procesos admin. e burocráticos, formulación de dilixencias, actas, providencias, comprar. e oficios, formulación de								

TIPO DE FUNCION	CONCRECION DO DESEMPEÑO PROFESIONAL	TRAB SOC	EDUC FAM	PSICOLOX	ASESORIA XURÍDICA	A.D.L.	TÉCNICO XESTIÓN	UNIDADE ADMINIST.	TERAPEUTA OCUPAC
	requirimentos, citacións, notificacións e comunicacións.								
	Trámites administrativos								

Fonte: Sección de Servizos Sociais, ano 2024.



Nas vosas mans está a intervención social en Compostela, con aquelas persoas que mais o precisan. Grazas!

## FORMACIÓN DO PERSOAL TÉCNICO DOS SERVIZOS SOCIAIS.

Os cursos propios do departamento de Servizos Sociais implementados no ano 2024 foron os seguintes:

ACCIONS FORMATIVAS
A elaboración de informes técnicos a instancias xudiciais dende os Servizos Sociais Comunitarios: solicitude de medidas de apoio, solicitude de internamentos non voluntarios e procesos de familia (20 horas)
A intervención dos Servizos Sociais Comunitarios con menores en situación de risco social en aplicación da lexislación vixente (20 horas)



## ASPECTOS INTRODUCTORIOS Á CONFIGURACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS DE ACORDO AOS PROGRAMAS E PRESTACIÓNS BÁSICAS RECOLLIDAS NA LEXISLACIÓN VIXENTE.


Os servizos sociais comunitarios básicos están referidos a un territorio e poboación determinados e constitúen o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais (art. 9 da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia. Garanten:

- a. O dereito de acceso universal ao sistema galego de servizos sociais nos termos recoñecidos no artigo 5 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.
- b. A proximidade ás persoas usuarias e ás súas familias. O carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos.
- c. A intervención social nun contorno normalizado e a derivación ao servizo social especializado máis idóneo ou a outros sistemas de protección social.
- d. A prevención comunitaria dos problemas sociais.
- e. A promoción e organización da solidariedade social na comunidade en que actúan.




A continuación, represéntase graficamente o catálogo de prestacións que de xeito obrigatorio se deben contemplar dende os Servizos Sociais Comunitarios e que van ser o fío condutor dos seguintes apartados que configuran esta memoria:

Gráfico: Programas/prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios básicos



Fonte: MATIASS, ano 2024.



PROGRAMA DE INFORMACIÓN,  
ORIENTACIÓN E VALORACIÓN...,  
...porque a información é básica  
para a toma de decisións e para  
optar a recursos que cubran as  
necesidades sociais da veciñanza.





## *Pensando en Ti*

Este programa garante o acceso universal e gratuito ao sistema e, ademais, a prestación de servizos de carácter profesional en todo o territorio, conforme ao establecido no artigo 19 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, no que se desenvolve o catálogo de servizos sociais e no artigo 24 da mesma Lei, que establece a asignación ás persoas usuarias dun profesional de referencia. O contido deste servizo, que ten o carácter de prestación esencial do sistema galego de servizos sociais, consiste en:



- a. Proporcionar información, orientación, asesoramento e acompañamento ás persoas, ás familias e aos grupos sociais.
- b. Realizar a valoración e o diagnóstico social das demandas da cidadanía.
- c. A intervención básica de traballo social de casos e grupos, de acordo coas demandas, necesidades e recursos dispoñibles.
- d. Derivar cara a intervención social, biopsicosocial ou socio-educativa idónea para cada caso, que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais e procure a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social. Esta derivación poderá realizarse cara aos distintos programas de servizos sociais comunitarios, tanto básicos, como específicos, e, se é o caso, cara aos servizos sociais especializados.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

No desenvolvemento deste programa, garátese ás persoas usuarias unha atención por profesionais coa cualificación adecuada e ofréceneselles unha información e asesoramento persoal, puntual e preciso, con respecto á súa intimidade e capacidade de decisión.

### CITA PREVIA.

#### a).- Conexión telefónica nos Servizos Sociais.

DISPOSITIVO	ENDERZO	ZONAS QUE ABRANGUE	PROFESIONAIS	TELEFONO DIRECTO (horario das laboras, de 9 a 15 horas)	E MAIL
	Casa de Asociacións de Benestar Social (CABES). Rúa Manuel María, nº6	<ul style="list-style-type: none"> <li>Polígono de Vía</li> <li>Salgueiros</li> <li>Tambre</li> <li>A Palleira</li> <li>Moxorfo</li> <li>Os Vilares</li> <li>Mallou</li> </ul>	Dora Rábalo Brantías, traballadora social  Sandra Ferrás García, educadora familiar	988 63 29 98 (ext. 8172)  628 94 30 97 (ext. 8170)	passcabes@santiagodecompostela.gal
	Casa de Asociacións de Benestar Social (CABES). Rúa Manuel María, nº6	<ul style="list-style-type: none"> <li>Barral</li> <li>Busto</li> <li>A Enfiada</li> <li>San Xosé de Facha</li> <li>Santa Cristina de Facha</li> <li>Griza</li> <li>Marantes</li> <li>Nomenzo</li> <li>San Casimiro</li> <li>A Penegra</li> <li>Vardi</li> <li>Cesar</li> <li>Sabugo</li> <li>Barro</li> <li>Carballal</li> <li>Antes</li> <li>O Eiro</li> <li>Marrozo</li> </ul>	Rosario Ferrás Almeida, traballadora social	628 27 09 10 (ext. 8176)	promove@santiagodecompostela.gal

DISPOSITIVO	ENDERZO	ZONAS QUE ABRANGUE	PROFESIONAIS	TELEFONO DIRECTO (horario das laboras, de 9 a 15 horas)	E MAIL
	Centro Social Municipal das Fontes, Rúa Sarín, nº 12	Polígono de Fontes, San Lázaro, Sar	Ana Belén Vila Quinte, traballadora social / Alba Redondo, traballadora social  Marga Vázquez, educadora familiar	988 40 78 08 (ext. 8188)  652 97 87 45 (ext. 8189)	passfontes@santiagodecompostela.gal
	Centro Social Municipal «Suavei de Enxande», Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14, 16	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comio</li> <li>Castelons</li> <li>Rocha</li> <li>Choupan</li> <li>Castelns</li> <li>Postovento</li> </ul>	María delos Angeles Páiz Páiz, traballadora social  Isabel Teófilo Mouga, educadora familiar	678 69 08 88 (ext. 8187)  658 24 45 00 (ext. 8184)	passconxo@santiagodecompostela.gal
	Centro Social Municipal «Suavei de Enxande», Rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14, 16	Enxande	Beatriz Sobrado, traballadora social / LUIS 12  Ana Vázquez Páiz, educadora familiar	678 69 08 88 (ext. 8187)  660 81 38 43 (ext. 8188)  694 61 78 38 (ext. 8182)	passenchanchoe@santiagodecompostela.gal
	Centro Municipal de Servizos Sociais, Rúa Facha, nº 2-4, Galbar	<ul style="list-style-type: none"> <li>Porta do Carmo</li> <li>Mourental</li> <li>Casas Novas</li> <li>Castiños</li> <li>San Louren</li> <li>San Polo do Monte</li> <li>Carmen de Abaixo</li> <li>Figueroa</li> <li>Riande</li> <li>Vilazán</li> <li>Vicón</li> <li>Laxo</li> </ul>	Pilar Oubi Vázquez, traballadora social  Carmen Camarero Rey, traballadora social  María del Carmen Cava Gera, educadora familiar	658 90 41 77 (ext. 8178)  658 24 46 00 (ext. 8184)  658 66 62 34 (ext. 8181)	passgalbar@santiagodecompostela.gal

DISPOSITIVO	ENDERZO	ZONAS QUE ABRANGUE	PROFESIONAIS	TELEFONO DIRECTO (horario das laboras, de 9 a 15 horas)	E MAIL
	Centro Municipal de Servizos Sociais, Rúa Facha, nº 2-4, Galbar	Todo o municipio	Susana Soto Soto, traballadora social  Eva Romo Leticia, traballadora social	988 31 88 29 (ext. 8181)  658 63 41 22 (ext. 8177)	santia- gos@santiagodecompostela.gal

Con respecto á información facilitada nestas páxinas anteriores, cómpre indicar:


- Os teléfonos móbiles son de uso exclusivo de profesionais. Presencian en todo caso facilitar a coordinación interna e o traballo en rede entre persoal técnico. Se utilizan activos durante horario laboral. As persoas usuarias deberán facer uso do número de teléfono xeral do Departamento Municipal de Servizos Sociais (981542465).
- Todas as persoas usuarias que desexan solicitar cita con calquera profesional dos Servizos Sociais Comunitarios de Galicia poden facelo do seguinte xeito:
  - ⇒ Presencialmente, no Centro Municipal de Servizos Sociais, sito na Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4 (zona Oubaco).
  - ⇒ A través do teléfono 981 542 465, de luns a venres laborativa, de 9 a 14 horas.
  - ⇒ A través do web [santiagodecompostela.gal](http://santiagodecompostela.gal)

Para a solicitude de cita é imprescindible a identificación da persoa para a que se precisa realizar a consulta ou trámite e que inclúe o seu lugar de residencia, para a súa validación no momento que correspondan. Lembrar que as citas poden ser solicitadas presencialmente ou telefónica.

- Todas as comunicacións que se desexen facer por escrito ao Departamento Municipal de Servizos Sociais COMUEGA, se deberán facer a través dos correos electrónicos de cada dispositivo, sempre que se deba empregar o servizo do departamento: [sisociais@santiagodecompostela.gal](mailto:sisociais@santiagodecompostela.gal)
- Calquera incidencia grave, ou motivo de que se comunique ás profesionais que correspondan, pode ser posto en coñecemento das profesionais responsables deste dispositivo de atención social:
  - Teresa Pardo Tron, xefa de Servizo de Área de Apoio Social, Tfn: 988 12 67 00 (ext. 8188) E mail: [Teresa.Pardo@santiagodecompostela.gal](mailto:Teresa.Pardo@santiagodecompostela.gal)
  - Eva NP González Santiago, xefa de sección de Servizos Sociais, Tfn: 988 02 37 12 (ext. 8184) E mail: [evanp.gonzalez@santiagodecompostela.gal](mailto:evanp.gonzalez@santiagodecompostela.gal)
- Non esqueceremos nunca que os Servizos Sociais Comunitarios Estívanos do Concello de Santiago de Compostela dependen do dispositivo de atención de emerxencias sociais (SEMUS COMUSITELA), que está operativo no horario de non funcionamento ordinario dos Servizos Sociais:
  - De luns a venres, a partir das 15 horas.
  - Día festivo: as 24 horas do día.
  - Fina de semana: as 24 horas do día.

Este dispositivo está estruturalmente coordinado cos Servizos Sociais Comunitarios Estívanos do Concello de Santiago de Compostela e supón unha continuidade das intervencións sociais en situación de emerxencia social.

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

	DISPOSITIVO	ENDEREZO	ZONAS QUE ABRANGUE	PROFESIONAIS	TELÉFONO DIRECTO (horario, días laborais, de 8 a 15 horas)	E-MAIL
	UNIDADE DE XESTIÓN	Centro Municipal de Servizos Sociais. Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o municipio</li> </ul>	Javier Maroño Aboy, técnico de xestión de Servizos Sociais	608 90 21 45 (ext. 8179)	bolsassociais@santiagodecompostela.gal

	DISPOSITIVO	ENDEREZO	ZONAS QUE ABRANGUE	PROFESIONAIS	TELÉFONO DIRECTO (horario, días laborais, de 8 a 15 horas)	E-MAIL
	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E TELEASISTENCIA DOMICILIARIA	Centro Municipal de Servizos Sociais. Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o municipio</li> </ul>	Ana Caamaño Vilar, traballadora social Ana Ares Quintans, traballadora social	669 77 52 08 (ext. 8186) 683 53 43 67 (ext. 8162)	saf@santiagodecompostela.gal

	DISPOSITIVO	ENDEREZO	ÁMBITO SOCIAL QUE ABRANGUE	PROFESIONAIS	TELÉFONO DIRECTO (horario, días laborais, de 8 a 15 horas)	E-MAIL
	PROGRAMA DE APOIO Á INCLUSIÓN DAS PERSOAS SEN FOGAR	Centro Municipal de Servizos Sociais. Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras	Persoas en situación de senfogarismo en Santiago de Compostela	Beatriz Sinto Solar, traballadora social Eva María Rama Leste, traballadora social	660 31 55 29 (ext. 8181) 608 63 41 28 (ext. 8177)	senteito@santiagodecompostela.gal
	PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL	Casa de Asociacións de Benestar Social (CABES). Rúa Manuel María, nº 6.	Persoas incorporadas nun itinerario de inclusión sociolaboral	Elena González Cid, psicóloga Mónica González Outeiro, Axente de desenvolvemento laboral	618 21 28 59 (ext. 8169) 639 77 54 91 (ext. 8167)	plandeinclusión@santiagodecompostela.gal

Todo isto debe suscitar unha profunda reflexión; o Departamento municipal de Servizos Sociais configúrase persoas un dos dispositivos municipais de maior atención veciñanza de Compostela, polo que resulta importante dispor tanto de persoal que se encargue da primeira atención e acollida, como de persoal que centre a súa labor na atención telefónica e veciñal; só así se poderá falar dun departamento áxil na xestión e na necesaria intervención social.



Se utilizamos como instrumento de información a Axenda XIESS, que se está a utilizar nos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, podemos constatar que se rexistraron ao longo do ano 2024, un total de 42.040 citas.




Fonte: Sección de Servizos Sociais, ano 2024.



Graficamente a evolución da poboación, sen repetición, atendida dende o Departamento municipal de Servizos Sociais dende o ano 2017 se sintetiza en:





Fonte: Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

O pico de poboación atendida sen repetición no ano 2020 estivo relacionado co estado de alarma sociosanitaria proclamado no noso país e co peche de moitos dos servizos, véndose na obriga de moitas persoas de acudir aos Servizos Sociais para a cobertura de necesidades básicas; polo tanto, o ano 2020 non é unha referencia, senón que tomaríamos a do ano 2019, onde 11.478 persoas foron usuarias do noso servizo; no ano 2021, esta cifra se incrementou a 13.814 persoas, que denota un certa volta á situación anterior, pero representando un incremento do 20,40 % con respecto ao ano 2019; no ano 2022, volta a repuntar o número de persoas usuarias, representando este a 17.227, o que significa o 17,36 % da poboación de Compostela e no 2023, volta a rexistrarse un descenso, a 15.228 veciñas e veciños. Sorprendente resulta a poboación atendida ao longo do ano 2024, que representa a 21.958 veciñas e veciños de Compostela; un notable incremento con respecto a anualidades anteriores. A poboación que se está chegando aos Servizos Sociais non se trata tanto de persoas demandantes de prestacións económicas, como de persoas con situacións difíciles, que esixen intervención social e técnica.

Que **novas persoas** foron **rexistradas como usuarias dos Servizos Sociais** en Compostela ao longo do ano 2024?:

- ✦ **Persoas que viven de empregos precarios** (economía somerxida, venda ambulante, empregadas de fogar, etc.), insuficientes para a cobertura de necesidades básicas (situacións de “*pobreza relativa*”).
- ✦ **Persoas en situación de pobreza relativa**, que presentan unha insuficiencia de recursos económicos para dar cobertura a necesidades básicas da unidade de convivencia. Isto explica o notable incremento do programa municipal de bolsas de comedor.
- ✦ **Persoas maiores ou con discapacidade que viven soas**, dada a tendencia á alza que segue mantendo o Servizo de Axuda no Fogar en Compostela.
- ✦ **Preocupa o incremento do número de persoas, xeralmente maiores, que presentaron situacións de Dióxenes ou de Noé en Compostela no 2024.**
- ✦ **Persoas sen fogar**, procedentes doutros municipios (xeralmente, de tamaño inferior a este concello), que por carecer de recurso de aloxamento, acoden a Santiago de Compostela en busca do mesmo. Notable incremento nos últimos meses.
- ✦ **Familias estranxeiras**, solicitantes de medidas de protección, que chegan á cidade en situacións de pobreza absoluta e, incluso, carentes de aloxamento.
- ✦ **Familias estranxeiras ás que se lle denega a protección internacional e quedan nunha situación de extrema vulnerabilidade social.**

Realicemos unha análise cuantitativa da labor realizada no Departamento municipal de Servizos Sociais de Compostela ao longo do ano 2024 por prestación contemplada no Plan Concertado:

### 1.- Prestación de información, orientación e intervención social:

*Táboa: Prestación básica de información, orientación e valoración (tipoloxía de sector de referencia realizada por SIUSS).*

SECTOR DE REFERENCIA	Nº	TOTAL(%)
COLE. SITA NECESIDAD PROVOCADA RIESGOS CATASTRO.EP	2156	8,15
EMIGRANTES	375	1,42
ENFERMOS PSIQUIATRICOS NO INSTITUCIONALIZADOS	65	0,25
ENFERMOS TERMINALES	9	0,03
FAMILIA	7701	29,12
INFANCIA	777	2,94
INMIGRANTES	3120	11,8
JUVENTUD	122	0,46
MARGINADOS SIN HOGAR Y TRANSEUNTES	685	2,59
MINORIAS ETNICAS	592	2,24
MUJER	832	3,15
OTROS GRUPOS EN SITUACION DE NECESIDAD	2244	8,49
PERSONAS CON DISCAPACIDADES	2704	10,22
PERSONAS MAYORES	4695	17,75
RECLUSOS Y EX-RECLUSOS	23	0,09
REFUGIADOS Y ASILADOS	219	0,83

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

SECTOR DE REFERENCIA	Nº	TOTAL(%)
TOXICOMANOS (ALCOHOLICOS Y DROGADICTOS)	127	0,48
Total	26446	100

Fonte: Datos estatísticos XIESS, ano 2024.

Na táboa anterior, vemos como hai sectores de referencia de maior peso na intervención social: o grupo de familia (cun 29,12 %), seguido do de persoas maiores (cun 17,75 %) e que é propio dun municipio envellecido, as persoas inmigrantes (cun 11,80 %) e o de discapacidades, que este ano ascende ao 10,22 %.

### 2.- Prestación de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia:

Táboa: Prestación básica de axuda no fogar e outros apoios á unidade familiar de convivencia (tipoloxía de sector de referencia realizada por SIUSS).

SECTOR DE REFERENCIA	Nº	TOTAL(%)
COLE. SITA NECESIDAD PROVOCADA RIESGOS CATASTRO.EP	19	0,29
EMIGRANTES	12	0,19
ENFERMOS PSIQUIATRICOS NO INSTITUCIONALIZADOS	5	0,08
ENFERMOS TERMINALES	3	0,05
FAMILIA	2798	43,34
INFANCIA	363	5,62
INMIGRANTES	127	1,97
JUVENTUD	18	0,28
MARGINADOS SIN HOGAR Y TRANSEUNTES	7	0,11
MINORIAS ETNICAS	60	0,93
MUJER	53	0,82
OTROS GRUPOS EN SITUACION DE NECESIDAD	138	2,14
PERSONAS CON DISCAPACIDADES	470	7,28
PERSONAS MAYORES	2363	36,6
REFUGIADOS Y ASILADOS	11	0,17
TOXICOMANOS (ALCOHOLICOS Y DROGADICTOS)	9	0,14
Total	6456	100

Fonte: Datos estatísticos XIESS, ano 2024.

A táboa anterior reflexan as intervencións do Servizo de Axuda no Fogar, pero tamén doutro tipo de recursos de apoio á unidade de convivencia: acollementos familiares, asistencia a centros de día, a servizos complementarios, intervención técnica do Servizo de Educación e Apoio Familiar, entre outros. Esta vez, o sector de referencia de familia é o de maior alcance (que supera o 43 %), seguido de cerca do de persoas maiores (que representa o 36,60 %), e xa mais lonxe o de menores (cun 5,62 %) e o de discapacidade (cun 7,28 %).

### 3.- Prestación de aloxamento alternativo:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

**Táboa: Prestación básica de aloxamento alternativo (tipoloxía de sector de referencia por SIUSS).**

SECTOR DE REFERENCIA	Nº	TOTAL(%)
COLE. SITA NECESIDAD PROVOCADA RIESGOS CATASTRO.EP	15	1,83
ENFERMOS PSIQUIATRICOS NO INSTITUCIONALIZADOS	8	0,98
ENFERMOS TERMINALES	1	0,12
FAMILIA	60	7,32
INFANCIA	39	4,76
INMIGRANTES	71	8,66
JUVENTUD	9	1,1
MARGINADOS SIN HOGAR Y TRANSEUNTES	111	13,54
MINORIAS ETNICAS	48	5,85
MUJER	27	3,29
OTROS GRUPOS EN SITUACION DE NECESIDAD	50	6,1
PERSONAS CON DISCAPACIDADES	55	6,71
PERSONAS MAYORES	309	37,68
RECLUSOS Y EX-RECLUSOS	1	0,12
REFUGIADOS Y ASILADOS	15	1,83
TOXICOMANOS (ALCOHOLICOS Y DROGADICTOS)	1	0,12
Total	820	100

Fonte: Datos estadísticos XIESS, ano 2024.

Na análise da prestación básica de aloxamento alternativo, obtemos unha vez mais que o colectivo de persoas maiores é o mais maioritario (cun 37,68 % das intervencións), seguido esta vez e como é lóxico, das persoas con factores de marxinación e transeúntes (con case o 14 % da intervención), novamente coas persoas inmigrantes (cun 8,66 %) e o de familia (con case o 8 %).

#### 4.- Prestación de prevención e inserción social:

**Táboa: Prestación básica de prevención en inserción social (tipoloxía de sector de referencia realizada por SIUSS).**

SECTOR DE REFERENCIA	Nº	TOTAL(%)
COLE. SITA NECESIDAD PROVOCADA RIESGOS CATASTRO.EP	3	0,18
EMIGRANTES	7	0,41
ENFERMOS PSIQUIATRICOS NO INSTITUCIONALIZADOS	5	0,29
FAMILIA	745	43,67
INFANCIA	118	6,92
INMIGRANTES	299	17,53
JUVENTUD	25	1,47
MARGINADOS SIN HOGAR Y TRANSEUNTES	92	5,39
MINORIAS ETNICAS	52	3,05
MUJER	114	6,68
OTROS GRUPOS EN SITUACION DE NECESIDAD	146	8,56
PERSONAS CON DISCAPACIDADES	37	2,17
PERSONAS MAYORES	38	2,23
RECLUSOS Y EX-RECLUSOS	1	0,06



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

SECTOR DE REFERENCIA	Nº	TOTAL(%)
REFUGIADOS Y ASILADOS	5	0,29
TOXICOMANOS (ALCOHOLICOS Y DROGADICTOS)	19	1,11
Total	1706	100

Fonte: Datos estatísticos XIESS, ano 2024.

Nas tarefas realizadas vinculadas á prestación básica de prevención e inserción social, vemos como o colectivo de familia (cun 43,67 %) segue sendo prioritario sobre todo en ocupar tempos de lecer dos mais novos para permitir a conciliación laboral dos seus pais e en minguar actividades asociadas na cidade, a poboación inmigrante 17,53 %) e o ámbito da muller (cun 6,68 %).

Dende a óptica da intervención dos Servizos Sociais Comunitarios convén analizar o número de persoas que demandan ou precisan a nosa xestión, por colectivos poboacionais con factores de vulnerabilidade; estamos falando en concreto das minorías étnicas (pobo xitano), persoas inmigrantes e persoas emigrantes retornadas. Disto se deduce da importante labor que se está a realizar coas persoas inmigrantes e coas persoas emigrantes retornadas dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, descoñecendo si está vai en consonancia cos datos obrantes na UAMI:

**Táboa: Atención a persoas pertencentes a minorías étnicas (pobo xitano).**

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
0 a 2	4	6	10
3 a 5	12	19	31
6 a 12	34	36	70
13 a 16	25	22	47
17 a 18	10	13	23
19 a 25	33	33	66
26 a 45	112	110	222
46 a 64	64	72	136
65 a 79	17	22	39
>= 80	6	5	11
TOTAL	317	338	655

Fonte: Datos estatísticos XIESS, ano 2024.

**Táboa: Atención a persoas pertencentes a poboación inmigrante.**

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
0 a 2	31	25	56
3 a 5	48	65	113
6 a 12	179	189	368
13 a 16	90	92	182
17 a 18	37	40	77
19 a 25	96	147	243
26 a 45	457	662	1119
46 a 64	237	372	609

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
65 a 79	47	83	130
>= 80	9	13	22
TOTAL	1231	1688	2919

Fonte: Datos estatísticos XIESS, ano 2024.

Si se fai a correlación das persoas de orixe estranxeiras empadroadas no termo municipal de Santiago de Compostela co do número de persoas usuarias pertencentes a este colectivo poboacional, obtemos un cifra “*sorprende*” dende o punto de vista cuantitativo, isto é, o **34,29 % da poboación de orixe estranxeiro en Compostela é usuaria dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos**, porcentaxe moi elevada si temos en conta que na cidade existe un dispositivo municipal de atención específica a este grupo social.

Táboa: Atención a persoas pertencentes a poboación emigrante retornada.

GRUPO	HOMES	MULLERES	TOTAL
0 a 2	1	7	8
3 a 5	6	13	19
6 a 12	26	23	49
13 a 16	15	16	31
17 a 18	3	8	11
19 a 25	15	13	28
26 a 45	75	92	167
46 a 64	57	87	144
65 a 79	24	38	62
>= 80	7	14	21
TOTAL	229	311	540

Fonte: Datos estatísticos XIESS, ano 2024.

Nas táboas precedentes dedúcese que hai 4 colectivos poboacionais que están sendo maioritarios na atención social do Departamento municipal de Servizos Sociais:



## A UNIDADE ADMINISTRATIVA.

En páxinas precedentes, observábamnos no organigrama dos Servizos Sociais Comunitarios do concello de Santiago, como se situaba na base que sostíña todo o servizo a Unidade Administrativa e os Puntos de Atención de Servizos Sociais. O obxecto específico dos Servizos Sociais é a atención ás veciñas e veciños de Santiago de Compostela, intervindo en situacións carenciais e de vulnerabilidade, paliando situacións de emerxencia social e promovendo maiores cotas de benestar. A información, precisa e concreta, é a mellor ferramenta para incidir na igualdade das persoas. De aí, que unha Unidade Administrativa e os Puntos de Atención de Servizos Sociais organizados e formados, sexan de capital importancia para garantir o adecuado funcionamento do Departamento. Centrémonos neste apartado en analizar a Unidade Administrativa. Este dispositivo, que se conforma como a verdadeira porta de entrada aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela, aborda as seguintes cuestións:



Vexamos xa mais polo miúdo cada un dos apartados:

## 1.- UNIDADE ADMINISTRATIVA ENCARGADA DA PRIMEIRA ATENCIÓN Á VECIÑANZA, REXISTRO DOCUMENTAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE PROGRAMAS (TCS):

Empezando polo “*punto neuráxico*” do Departamento municipal de Servizos Sociais, a concreción do traballo da administrativa que se atopa na porta de entrada ao servizo se pode sintetizar do seguinte xeito:



- A. **APERTURA DA PORTA DE ENTRADA** ás 8 da mañá.
- B. **REXISTRO ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.** Esta tarefa se desglosa en:
  - a. Recepción da documentación recibida no Centro Municipal de Servizos Sociais derivada do rexistro do Concello ou de outros departamentos.
  - b. Rexistro na Administración electrónica e apertura de expedientes.
- C. **TRABALLO DE INFORMACIÓN** a realización deste traballo varía en función de:
  - ⊕ Si hai ou non persoal contratado a través dos plans de emprego (RISGA e/ou vítimas de violencia de xénero), e
  - ⊕ do volume de usuarios que non permite a contabilización dos mesmos. Habería que distinguir entre:
    - ⊕ Atención telefónica de información
    - ⊕ Atención telefónica de citas
    - ⊕ Atención telefónica de derivación ao persoal da sección
    - ⊕ Atención persoal para información
    - ⊕ Atención persoal para citas
    - ⊕ Atención persoal derivación ás citas da sección.
    - ⊕ E tamén:
      - ▣ Apoio persoal e telefónico ao persoal do mostrador.
      - ▣ Derivación ás persoas usuarias á profesional de referencia con cita o usen cita.
- D. **EXPEDIENTES XIESS:** Comprobación e arranxo de expedientes incompletos na base de datos XIESS.
- E. **XESTIÓN ADMINISTRATIVA DAS FACTURAS** (XIESS + SICAL + FIRMADOC): tramitación administrativa das actas de conformidade, seguindo as indicacións da xefa de servizo, escaneo das mesmas e incorporación ao módulo económico de XIESS.



**F. TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA (BASTANTEO DOCUMENTAL E REQUIRIMENTO DE SUBSANACIÓN) DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA**, cuxa concreción do desempeño profesional se axusta a:

- ✦ Apertura de expediente en MYTAO.
- ✦ Revisión e cotexo de documentación.
- ✦ Obtención de información relativa ao empadramento e á convivencia das persoas solicitantes.
- ✦ Petición de documentación ao persoal administrativo encargado da xestión dos mesmos.
- ✦ Cumprimento inicial das persoas solicitantes na base de datos excell establecidas.
- ✦ Cumprimentación de movementos do recurso nas xestións de XIESS.

**G. BECAS COMEDOR ESCOLAR:** das solicitudes e a documentación recibida das becas, a tarefa de subilas ao expediente XIESS e solicitar ao departamento de intervención a través do Mytao a alta de terceiros de persoas beneficiarias de becas comedor escolar.

O total de actuacións rexistradas por esta profesional na axenda XIESS ao longo do ano 2024 ascende a 2.075

## 2.- TRAMITACIÓN INTERNA (MJPV):

Pasando o primeiro nivel do Departamento, que é a “*porta de entrada*” así como a tramitación administrativa dos principais programas municipais, se pasa a un segundo nivel dentro da Unidade Administrativa, básico para o normal e adecuado funcionamento do Departamento, que se concreta en toda a xestión interna (en canto á xestión administrativa dos permisos e ausencias de todo o persoal da Área así como de autorizacións para o servizo de informática, recepción e envío de FAX recibidos no Departamento de Servizos Sociais así como de correos electrónicos, xestión administrativa de recursos municipais (exención de taxas), xestión administrativa de expedientes tramitados polas profesionais do Traballo Social relacionado con asuntos de emigración e de expedientes xudiciais e anotacións expedientes de prestacións remitido á Xunta de Galicia por sede electrónica e, a xestión e rexistro de entradas e saídas de oficios á Xunta de Galicia. Os datos deste tipo de xestións que se deron ao longo do ano 2024 se concretan en:



<b>TRAMITACIÓNS INTERNAS</b>	<b>XESTIONS PERSOAL AREA</b>	<b>836</b>
	<b>CORREO PSOCIAIS</b>	<b>4.028</b>

	<b>INFORMÁTICA</b>	<b>121</b>
	<b>EXENCIÓN DE COTA DE AUGA</b>	<b>356</b>
	<b>ENTRADAS ADXUDICADAS EN MYTAO</b>	<b>2.127</b>
	<b>EXPEDIENTES ABIERTOS EN MYTAO INSTANCIAS XUDICIAIS</b>	<b>183</b>
<b>PRESTACIONS DA XUNTA</b>	<b>EXPEDIENTES TRAMITADOS</b>	<b>1099</b>
<b>INGRESO MINIMO VITAL</b>	<b>XESTIÓN EXPEDIENTES ENTRADA POR SSOCIAIS</b>	<b>77</b>
<b>PETICIÓNS DE CERTIFICADOS A AEAT (NIVEL DE RENDA) E CATASTRO, E SUBVENCIONS</b>		<b>231</b>

*Fonte: Datos facilitados pola Unidade Administrativa (MJPV), ano 2024.*

Cómpre subliñar que seguindo a lexislación vixente en materia de procedemento administrativo e de protección de datos, dende o mes de xullo de 2019, o persoal técnico comezou a tramitar os diferentes expedientes a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, quedando para remitir por outras vías expedientes xudiciais, expedientes ao IGVS, informes ao Valedor do Pobo e recursos municipais). Igualmente indicar que a partir do 28 de outubro de 2020, comezou a funcionar no concello de Santiago de Compostela a sede electrónica municipal.

## TRAMITACIÓN ESPECÍFICA DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ (TCS/JBF):

A tramitación administrativa da Ordenanza de garantía básica cidadá se concreta en:

- ✦ Apertura de expedientes.
- ✦ Revisión da documentación das solicitudes e incorporación dos certificados necesarios.
- ✦ Petición á unidade administrativa correspondente dos certificados de renda (escaneado da autorización correspondente e envío de correo electrónico). Requirimentos de subsanación de defectos. Incorporación de documentación aos expedientes. Paso de expedientes á firma das xefaturas e da concelleira.
- ✦ Elaboración dos AD e anulación dos mesmos cando corresponda.
- ✦ Elaboración de propostas de resolución e envío de resolucións.

- ✦ Finalización dos expedientes (envíos de correos ás traballadoras sociais requiríndolle informes xustificativos, informes finais e finalizacións de trámites). Arquivo dos expedientes finalizados.
- ✦ Revisión dos correos de concesións de RISGA e AIS aos efectos de evitar cobros indebidos en Garantía Básica Cidadá. Elaboración das solicitudes de altas de terceiros para Intervención. Esta labor estase complicando na actualidade, dado que xa non se están a recibir comunicados de resolución, senón que deben ser as propias profesionais do Traballo Social quen realicen este seguimento a través da HSUE.

En síntese, o procedemento administrativo para a xestión das prestacións recollidas na Ordenanza de garantía básica cidadá (BOP de A Coruña nº 165, de 31 de agosto de 2016) é o seguinte:

### **Fase 1: aprobación ou denegación da axuda**

1. Presentar solicitude no rexistro de entrada do concello
2. Crear expediente, revisar solicitude e requirir documentación no suposto de non presentar toda a necesaria.
3. Si a solicitude esta completa, facer encargo a traballadora social para que faga o informe técnico.
4. Si se fixo requirimento de subsanación do expdte por falta de documentación, esperar a que a presenten, ver si está completa, e si o esta, facer encargo de informe técnico a traballadora social.
5. Unha vez recibido o informe técnico si e desestimatorio, facer proposta de resolución e pasar a sinatura. Unha vez asinado o programa xa fai automaticamente a notificación.
6. Si o informe técnico concede a axuda:
  - 6.1 Facer pre rc e enviar a sinatura. Unha vez asinado facer encargo a intervención (mldelgadog e c02.03.01) para facer rc definitivo (encargo – acordo actuacións complementarias, coa seguinte nota si a axuda afecta a dous exercicios económicos:
    - 1.- pasar o prerc a definitivo
    - 2.- facer documento contable gasto plurianual con cargo a partida 020-23100-4800100/2022.).Si afecta solo o presente ano poñer “pasar o prerc a definitivo”  
No encargo de rc definitivo anexar o informe da traballadora social.
  - 6.2 Subir documento informe de non subvencións.
7. Unha vez feito o rc definitivo, facer proposta de resolución con fiscalización e dúas sinaturas (2f) e enviar a sinatura. Unha vez asinado xa pasa automaticamente a intervención para a súa fiscalización.

8. Unha vez fiscalizado positivamente, a resolución crease automaticamente, pero hai que pasala a sinatura.
9. Unha vez asinada a resolución (a notificación xa se xenera automaticamente) facer pre ad, pasar a sinatura e unha vez asinado enviar encargo a intervención (cmoscoc e c02.03.01) para facer ad definitivo (encargo – acordo actuacións complementarias coa seguinte nota si afecta a dous exercicios económicos)
  - 1.- toma de razón en contabilidade da resolución de concesión da axuda e pasar pread a definitivo
  - 2.- facer ad gasto plurianual con cargo a partida 020-23100-4800100/2022Si afecta solo o presente ano poñer “toma de razón en contabilidade da resolución de concesión da axuda e pasar pread a definitivo”.

**Fase 2: recoñecemento da obriga (inicio tramite para pago da axuda aprobada)**

10. Facer informe técnico de pago (1º pago) e enviar a sinatura.
11. Facer proposta de resolución con fiscalización previa do recoñecemento da obriga de dúas sinaturas (2f) (1º pago) e enviar a sinatura. Unha vez asinada pasa automaticamente a intervención para a súa fiscalización.
12. Unha vez fiscalizado positivamente, xenerase automaticamente a resolución e solo hai que enviala a súa sinatura.
13. Unha vez asinada a resolución do recoñecemento da obriga (xenerase automaticamente a notificación), facer encargo a intervención (cmoscoc e c02.03.01) para que inicien os tramites para o seu pago “fase o” (encargo – acordo de actuacións complementarias coa seguinte nota “toma de razón en contabilidade da resolución de recoñecemento da obriga”).
14. Unha vez feita a “fase o” por intervención, iníciense os tramites para os pagos sucesivos, subindo en documentos os informes de xustificación feitos pola traballadora social correspondente (se a axuda e por aluguer tamén hai que subir os xustificantes de pago).
15. Facer informe técnico de pago (pagos sucesivos). Facer proposta con fiscalización previa de recoñecemento da obriga dúas sinaturas (2f) (pagos sucesivos) e enviar a sinatura. Unha vez asinada pasa automaticamente a intervención para a súa fiscalización.
16. Unha vez fiscalizado positivamente, xenerase automaticamente a resolución e solo hai que enviala a súa sinatura.
17. Unha vez asinada a resolución do recoñecemento da obriga (xenerase automaticamente a notificación), facer encargo a intervención (cmoscoc e c02.03.01) para que inicien os tramites para o seu pago “fase o” (encargo – acordo de actuacións complementarias coa seguinte nota “toma de razón en contabilidade da resolución de recoñecemento da obriga”).



18. A partir desta situación no expdte os tramites son sempre os mesmos ata a súa finalización, salvo nos supostos de que haxa variacións por extinción, modificación, suspensión, etc.
19. Si hai modificación, cando se faga a proposta hai que facer encargo a intervención para que faga un rc complementario (mldelgadog e c02.03.01) si se incrementa a cantidade a pagar a persoa interesada (unha vez aprobada facer pread e encargo a intervención (cmoscosoc e c02.03.01) para ad definitivo), ou encargo a intervención (cmoscosoc e c02.03.01) para facer un ad/ si se lle reduce a cantidade a pagar ou se extingue ou suspende a axuda.

### XESTIÓN INTERNA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DO PROGRAMA BOLSAS SOCIAIS (RPG):

- ✦ Apertura e peche de expedientes en MyTao.
- ✦ Elaboración de propostas de resolución e recabar sinaturas.
- ✦ Revisión de expedientes de documentación en SAF Libre Concorrenca.
- ✦ Solicitud de certificados: empadroamento e convivencia, catastro, entre outros.
- ✦ Notificacións ás persoas usuarias.
- ✦ Establecemento de citas con persoas en lista de PAR SAF para tramitación de alta efectiva.
- ✦ Codificación en XIESS dos servizos complementarios realizado de forma mensual.
- ✦ Codificación mensual en SIGAD das horas realmente prestadas en SAF Dependencia.
- ✦ Organización de expedientes de SAF Libre Concorrenca e de SAF Dependencia.
- ✦ Preparación de documentación para a realización de visitas domiciliarias por parte do persoal técnico.
- ✦ Elaboración de borrador de informe técnico para revisión e confirmación posterior por parte das traballadoras sociais.
- ✦ Elaboración de proposta de resolución dos expedientes de SAF. Recopilación de sinaturas para a resolución e a notificación.
- ✦ Revisión económicas dos expedientes de SAF Libre Concorrenca.
- ✦ Xestións telefónicas diversas coas persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.
- ✦ Xestión administrativa no programa de bolsas municipais.

O 1 de xuño de 2024 comezou a implementación do novo contrato de SAF, que se mantivo cunha modificación orzamentaria á alza, que supuxo un novo impulso no servizo e que ocasionou unha importante sobrecarga técnica e administrativa. A xestión desta profesional nos dous grandes programas nos que participa (axuda no fogar e bolsas sociais) pódese concretar en:

Servizo	Xn	Fb	Mz	Ab	Ma	Xñ	XI	Ag	St	Ou	Nv	Total
PROGRAMA DE ATENCIÓN A MAIORES E AXUDA NO FOGAR	274	219	115	221	99	1		132	19	108	4	1192
UNIDADE DE XESTIÓN		5	53	25	46	530	261	253	22		1	1196
Total	274	224	168	246	145	531	261	385	41	108	5	2388

Fonte: Datos estatísticos XI ESS – axenda profesional, ano 2024

## OS PUNTOS DE ATENCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS (PASS).

Resulta impactante o número de persoas que se achegaron aos Servizos Sociais Comunitarios no ano 2020 e como esa tendencia á alza, con respecto a anos ordinarios, se mantén no Departamento municipal de Servizos Sociais tamén no ano 2024, un importante número de veciñas e veciños de Compostela que precisan da intervención técnica dos profesionais deste servizo esencial. Vexamos novamente a gráfica evolutiva:

### CENTROS DE SANTIAGO


-  CENTRO MUNICIPAL ▼
-  PUNTO DE ATENCIÓN CABES ▼
-  PUNTO DE ATENCIÓN ENSANCHE-CONXO ▼
-  PUNTO DE ATENCIÓN FONTEIÑAS ▼



Fonte: Datos XI ESS, elaboración propia, 2024.



Vexamos agora graficamente, a relación das persoas empadroadas no termo municipal de Santiago de Compostela coas que se viron obrigadas a converterse en usuarias dos Servizos Sociais durante o ano 2024:



Fonte: Datos XIESS e datos Padrón municipal de Habitantes, elaboración propia, 2024.

Correlacionemos agora o número de persoas empadroadas en cada ámbito territorial do PASS, co número de persoas que acudiron aos Servizos Sociais ao longo do ano 2024:



Fonte: Datos derivados da cumprimentación do aplicativo XIESS, Departamento municipal Servizos Sociais, ano 2024.

En liñas xerais, debemos sinalar que ao longo do ano 2024, os Servizos Sociais Comunitarios chegaron ao 21,66 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Vexamos a seguinte gráfica ilustrativa:



Fonte: Datos XIESS e datos Padrón municipal de Servizos Sociais, ano 2024.

Podemos observar na gráfica anterior, que fora do pico producido no ano 2020 (por circunstancia da pandemia sanitaria), a liña da tendencia dos datos de cobertura poboacional dos Servizos Sociais seguen á alza cada vez mais.

**Táboa: Xestións para trámites de recursos por UTS de referencia.**

RECURSOS	PASS CABE S	PRO MOV E	PASS FON TIÑ AS	PASS CONX O	PASS ENSAN CHE	PASS GALER AS	SEN TEIT O	S A F	TO TAI S
ACOLLEMENTO FAMILIAR DE MENORES NON REMUNERADO	2	0	0	0	0	0	0	0	2
ACOLLEMENTO FAMILIAR DE MENORES REMUNERADO	18	0	9	0	0	3	0	0	30
ACOLLEMENTO FAMILIAR PERSOAS CON DISCAPACIDADE	0	0	1	0	0	3	0	0	4
AIS	44	41	180	37	219	196	203	8	928
AUXS	0	0	0	0	0	0	0	0	0
BENESTAR EN BALNEARIOS	0	0	0	0	0	0	0	0	0



CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

RECURSOS	PASS CABE S	PRO MOV E	PASS FONTIÑ AS	PASS CONX O	PASS ENSAN CHE	PASS GALER AS	SEN TEIT O	S A F	TO TAI S
BONO ALUGUEIRO SOCIAL	7	0	21	12	3	17	0	0	60
BONO SOCIAL ELÉCTRICO	7	0	5	0	22	2	0	0	36
BONO SOCIAL TÉRMINO	0	0	1	0	19	0	0	0	20
CENTRO DE DÍA DE MENORES	0	0	3	2	0	1	0	0	6
CENTRO DE DIA PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	0	0	0	0	2	0	0	0	2
CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE	3	32	67	17	43	90	14	8	274
DEDUCION CANON AUGA A FAMILIAS NUMEROSAS OU EN RISCO EXCLUSION	2	0	0	0	0	2	0	0	4
ENTIDADES SOCIAIS: ALBERGUE XOAN XXIII	0	0	0	2	2	2	12	0	18
ENTIDADES SOCIAIS: ASDEGAL	1	0	0	4	0	0	0	0	5
ENTIDADES SOCIAIS: CÁRITAS DIOCESANA	2	0	3	2	61	12	15	0	95
ENTIDADES SOCIAIS: CÁRITAS INTERPARROQUIAL	93	0	59	13	29	0	1	0	195
ENTIDADES SOCIAIS: CÁRITAS PARROQUIAL	12	0	31	4	6	1	0	0	54
ENTIDADES SOCIAIS: CENTRO VIEIRO	0	0	0	0	0	0	2	0	2
ENTIDADES SOCIAIS: COCIÑA ECONÓMICA	2	0	2	0	0	0	2	0	6
ENTIDADES SOCIAIS: CRUZ VERMELLA	44	1	6	2	4	0	11	0	68
ENTIDADES SOCIAIS: IGAXÉS	5	0	0	1	5	0	0	0	11
ENTIDADES SOCIAIS: MÉDICOS DO MUNDO	9	0	0	0	1	0	0	0	10
ENTIDADES SOCIAIS: MOVEMENTO POLA PAZ	0	0	0	0	1	0	1	0	2
ENTIDADES SOCIAIS: PROVIVENDA	2	0	4	0	2	2	2	0	12
ENTIDADES SOCIAIS: SAN VICENTE DE PAÚL	13	2	6	0	27	25	1	0	74
ESCOLAS INFANTÍS	10	0	1	0	0	4	0	0	15
FISCALÍA	24	0	3	4	11	3	0	3	48
IMELGA	0	0	0	0	0	0	0	0	0
INGRESO MINIMO VITAL	14	9	14	5	30	31	76	0	179
LISMI-SUBSIDIO MOBILIDADE E TRANSPORTE	0	0	0	0	0	0	0	0	0
MENORES: CASO DESPROTECCIÓN SOCIAL	84	0	13	16	21	11	2	0	147
OUTROS (ESPECIFICAR EN OBSERVACIÓNS)	443	17	181	114	283	86	196	3	1323
PNC-I	12	8	20	10	1	9	17	5	82
PNC-I/COMPLEMENTO DE VIVENDA	6	1	3	3	0	0	1	2	16
PNC-X	22	0	37	6	12	4	13	7	101
PNC-X/COMPLEMENTO DE VIVENDA	8	1	1	0	5	3	0	3	21

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

RECURSOS	PASS CABE S	PRO MOV E	PASS FONTIÑ AS	PASS CONX O	PASS ENSAN CHE	PASS GALER AS	SEN TEIT O	S A F	TO TAI S
PRESTACIÓN PARA MENORES DE MENOS DE 3 ANOS	0	0	0	0	0	0	0	0	0
PROGRAMA DE ATENCIÓN A FAMILIAS ABEIRO	1	0	3	2	0	0	0	0	6
RECURSO MUNICIPAL: BONOBUS CARENCIA DE RECURSOS	13	7	12	13	27	9	10	0	91
RECURSO MUNICIPAL: EXENCIÓN CUOTA DE AUGA	84	3	190	25	48	65	0	0	415
RECURSO MUNICIPAL: PRESTACIÓN DE RESCATE SOCIAL	15	0	8	12	53	18	25	0	131
RECURSO MUNICIPAL: RENDA DE GARANTIA BÁSICA	8	0	45	38	47	58	70	0	266
RECURSO MUNICIPAL: SAF DEPENDENCIA	18	0	0	0	45	0	0	482	545
RECURSO MUNICIPAL: SAF LC	2	0	0	0	6	0	0	582	590
RECURSO MUNICIPAL: TELEASISTENCIA DOMICILIARIA (CONVENIO CRUZ VERMELLA)	0	0	0	0	0	0	0	8	8
RESIDENCIA PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	7	0	0	1	10	0	0	1	19
RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES AUTÓNOMAS	0	0	0	1	0	0	0	0	1
RESPIRO FAMILIAR PARA COIDADORES DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA	2	2	0	2	0	0	0	0	6
RISGA	36	51	75	21	92	65	170	1	511
TARXETA ACREDITATIVA DE GRAO DE DISCAPACIDADE	4	2	3	0	0	0	0	1	10
TARXETA BENVIDA	9	0	5	1	3	6	0	0	24
TARXETA MOEDEIRO	49	0	75	33	108	113	2	0	380
TELEASISTENCIA DOMICILIARIA PERSOAS DEPENDENTES	3	0	0	0	24	0	0	6	33
TERMALISMO SOCIAL	0	0	1	0	0	0	0	0	1
TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA	1	0	1	0	2	0	0	0	4
TURISMO SOCIAL	0	1	1	0	0	0	0	0	2
VALORACIÓN DE DEPENDENCIA	89	175	287	88	192	379	32	172	1414
XANTAR NA CASA	0	0	0	0	0	0	0	0	0
XULGADO	15	1	13	7	17	28	18	10	109

Fonte: Datos estadísticos extraídos do rexistro de prestacións dos PASS, ano 2024.

Un dos recursos a destacar pola importancia que ten para a veciñanza (única fonte de ingresos) e pola repercusión que ten a nivel laboral (esixencia de seguimento exhaustivo

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

dende os Servizos Sociais Comunitarios) é a Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e as Axudas de Inclusión Social (AIS). Os datos globais desta prestación ao longo do ano 2023 (analizados comparativamente dende o ano 2017) foron os seguintes:

ANUALIDADES	RISGA	AIS
	(que estiveron activas ao longo do ano)	(que estiveron activas ao longo do ano)
ANO 2017	272	164
ANO 2018	331	169
ANO 2019	317	177
ANO 2020	408	204
ANO 2021	286	231
ANO 2022	247	327
ANO 2023	177	336
ANO 2024	162	355

Fonte: Datos estatísticos extraídos do rexistro de prestacións dos PASS, ano 2024.

Podemos observar na táboa anterior como o número de RISGA activas ao longo do ano 2024 baixou considerablemente, estando isto relacionado co número de persoas que se foron beneficiando do Ingreso Mínimo Vital (o concello de Santiago de Compostela carece da totalidade deste dato por ser xestionada esta prestación dende a Seguridade Social). Este descenso non se produce nas AIS dado que a maior parte das persoas que solicitan algunha das prestacións da Ordenanza de garantía básica cidadá, ao ser estas “*subsidiarias*”, deben comezar pola xestión desta prestación autonómica. Vexamos a información do ano 2024 por dispositivo de referencia:

Táboa: ANÁLISE DE RISGA QUE ESTIVERON ACTIVAS NALGÚN MOMENTO DO ANO 2024

DISPOSITIVOS DE REFERENCIA	Nº DE UNIDADES FAMILIARES QUE TIVERON RISGA NALGÚN MOMENTO AO LONGO DO ANO	Nº DE PERSOAS QUE CUBRIRON AS NECESIDADES BÁSICAS CON RISGA
PASS CABES	17	61
PASS FONTIÑAS	29	55
PASS CONXO	16	47
PASS ENSANCHE	29	54
PASS GALERAS	18	36
PROMOVE	12	29
SEN TEITO	41	48
TOTAIS	162	330

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

E coas RISGAS xestionadas dende os Servizos Sociais Comunitarios Básicos do concello de Santiago de Compostela se obtiveron os seguintes recursos económicos para a veciñanza (recursos que se inverten nos diferentes servizos da cidade, formando parte activa da economía circular do municipio):

*Táboa: Ingresos xerados coa percepción de RISGA en Santiago de Compostela.*

	INGRESOS PROCEDENTES RISGA
PASS CABES	41.539,20 €
PROMOVE	48.957,00 €
PASS FONTIÑAS	152.439,66 €
PASS CONXO	37.769,64 €
PASS ENSANCHE	92.071,80 €
PASS GALERAS	22.594,08 €
SEN TEITO	196.185,00 €
TOTAIS	591.556,38 €

*Fonte: Datos rexistro de expedientes PASS; decembro 2024.*

**Táboa: AIS XESTIONADAS NO ANO 2024**

DISPOSITIVOS DE REFERENCIA	Nº DE UNIDADES FAMILIARES QUE TRAMITARON AIS	Nº DE PERSOAS BENEFICIARIAS DE AIS
PASS CABES	25	55
PASS FONTIÑAS	72	151
PASS CONXO	50	53
PASS ENSANCHE	66	149
PASS GALERAS	67	143
PROMOVE	13	27
SEN TEITO	62	67
TOTAIS	355	645

*Fonte: Datos rexistro de expedientes PASS; decembro 2024.*

E coas AIS xestionadas dende os Servizos Sociais Comunitarios Básicos do concello de Santiago de Compostela se obtiveron os seguintes recursos económicos para a veciñanza (recursos que se inverten nos diferentes servizos da cidade, formando parte activa da economía circular do municipio):



	INGRESOS PROCEDENTES AIS
PASS CABES	8.094,35 €
PROMOVE	13.794,00 €
PASS FONTIÑAS	47.466,34 €
PASS CONXO	11.286,00 €
PASS ENSANCHE	42.592,00 €
PASS GALERAS	3.009,00 €
SEN TEITO	35.580,35 €
TOTAIS	161.822,04 €

Fonte: Datos rexistro de expedientes PASS; decembro 2024.

Pódese deducir un importante erro no rexistro de datos acaecido no PASS Galeras, deixando entrever, cando menos, que non existe un control na xestión económica nin de RISGA nin de AIS, pois os datos que facilitan con respecto á tramitación de expedientes non están correlacionados cos ingresos xerados coa súa percepción.



Pero a intervención social vai mais alá da mera xestión de recursos económicos. Preocupante foi ao longo do ano 2024 o número de persoas maiores coas que houbo que intervir por atoparse nunha situación de desamparo social. Os datos facilitados dende os diferentes dispositivos foron:

Táboa: **Persoas maiores en situación de emerxencia social na cidade que requiriron atención inmediata por parte dos Servizos Sociais.**

DISPOSITIVOS DE ATENCIÓN SOCIAL	Nº DE CASOS DETECTADOS DENDE	% V
PASS CABES	10	8,20%
PASS FONTIÑAS	14	11,48%
PASS CONXO	3	2,46%
PASS ENSANCHE	18	14,75%
PASS GALERAS	22	18,03%
PASS SAN LOURENZO	4	3,28%
PASS RURAL	3	2,46%
SEN TEITO	29	23,77%
SAF	19	15,57%
TOTAL	122	100,00%

Fonte: Rexistro dispositivos de atención social dos Servizos Sociais Comunitarios, ano 2024.

Trátanse de casos nos que as persoas presentaban deterioro cognitivo, problemática de saúde mental sen tratamento adecuado, rede de apoio familiar feble ou inexistente, soidade, illamento social e, incluso, síndrome de Dióxenes e/ou de Noé; un número que cuantitativamente pode semellar non importante, pero que dende o ámbito da política social e do Traballo Social, cómpre ter presente, polo risco para a integridade física das persoas, para a súa comunidade e para o benestar social en xeral.

## Síndrome de Diógenes

**E, pola casuística, indicar que desas 122 persoas, 19 estaban afectados pola problemática compatible coa afectación polo síndrome de Dióxenes e/ou Noé.**




**Isto tamén forma parte  
da realidade social...**

**Servizos Sociais**

**traballando dende o  
silencio, pola dignidade  
das persoas e a  
protección das súas  
vidas**



Cómpre analizar tamén, pola súa importancia e transcendencia para a intervención social con casos en situación de extrema emerxencia social, os datos referentes á elaboración de informes técnicos dirixidos a instancias xudiciais (Fiscalía, xulgados, etc.):



Fonte: Datos rexistro de expedientes PASS; decembro 2024.

Como se pode observar na gráfica anterior, existe un incremento na emisión de informes a instancias xudiciais (Fiscalía, instancias xudiciais diversas e IMELGA) con respecto ao ano 2023 dun 2,73 %. Cada vez máis, os Servizos Sociais Comunitarios están presentes no desenvolvemento da actuación xudicial; principalmente se fai polos seguintes motivos: por problemas de saúde da persoa usuaria que esixe valoración sanitaria/tratamento, ingreso non voluntario en centro asistencial para a protección da súa integridade física e emocional ou por causas de desafiuzamento.



A intervención neste tipo de situacións carenciais ou de problemáticas persoais e intrafamiliares, esixe unha estreita coordinación con instancias xudiciais. En varias ocasións, e a requirimento, procedeuse a realizar



labores de intermediación e acompañamento, tarefas que implica alterar a axenda ordinaria de atención, tanto dende os PASS, dende o Servizo de Axuda no Fogar, dende os programas de inclusión residencial ou de persoas sen fogar ou mesmamente, dende a Sección de Servizos Sociais..., entre outros. **Téñense rexistradas labores de intermediación e de acompañamento ao longo do ano 2024 que ascenden a 27.** Este tipo de actuacións se caracterizan pola súa complexidade, esixindo unha importante adicación en horas, a suspensión doutro tipo de actividade profesional, a coordinación con outros dispositivos (corpos e forzas de seguridade, dispositivos sanitarios, FUNGA, entidades de iniciativa social, entre outros) e mesmo, a adicación de medios económicos municipais con carácter extraordinario, sufragando gastos de desprazamento a instancias xudiciais, desprazamentos en ambulancia privada a centros residenciais, adquisición de roupa e produtos de primeira necesidade para as persoas, etc.

Existe a errónea crenza de que o sistema de Servizos Sociais, tanto o público como o correspondente a entidades de iniciativa social, recorre a instancias xudiciais para solventar situacións de senfogarismo. Esta afirmación non se corresponde coa realidade; si ben é certo que as persoas que pernoctan na rúa presentan maiores elementos de vulnerabilidade social (condutas aditivas, presenza de diversas doenzas a nivel físico, signos externos compatibles con trastornos psiquiátricos, non conciencia da súa situación, ausencia de rede de apoio sociofamiliar adecuada, entre outros) e diferentes factores compatibles cunha situación de exclusión social, tan só no 3,93 % dos casos se recorreu a instancias xudiciais para valoración de internamentos sanitarios ou asistenciais (residenciais) non voluntarios, sempre en aras da protección persoal e do seu benestar.

En canto á actividade profesional xeral dos PASS desenvolta ao longo do ano 2024, exceptuando a xestión de recursos (xa desglosada anteriormente), obtemos os seguintes datos:

Táboa: Actuacións profesionais do ano 2024.

Asunto	Nº	%
ACOMPANAMENTO	98	0,22%
ACTIVIDADES ENTIDADES EXTERNAS	31	0,07%
ACTIVIDADES ENTIDADES INTERNAS	28	0,06%
ACTIVIDADES SERVIZOS SOCIAIS	93	0,21%
APOIO PSICOLOXICO	577	1,30%
ASISTENCIA A COMISIÓNS	50	0,11%
ATENCION TELEFONICA	7881	17,77%
ATENCION TELEMATICA	3087	6,96%
ATENCIÓN PSICOLÓXICA PROGRAMA PAPIS	130	0,29%
CITA WEB	246	0,55%
CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA DA ÁREA SOCIAL E CULTURA	1	0,00%
CUESTIONARIOS	11	0,02%
DECLARACIÓN TESTIFICAL	8	0,02%
ENTREVISTAS FAMILIARES	1305	2,94%

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Asunto	Nº	%
ENTREVISTAS INDIVIDUAIS	14553	32,81%
ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS	394	0,89%
FACTURACION	53	0,12%
FORMACIÓN SXI DECRETO 130/2016	66	0,15%
INFORME RESPONSTA A QUEIXAS E RECLAMACIONS	25	0,06%
INFORME TÉCNICO	3580	8,07%
INFORMES PROPOSTAS ÁREA	31	0,07%
MEDIACION INTRAFAMILIAR	1	0,00%
MEMORIAS TECNICAS	101	0,23%
ORDENANZA DE GARANTIA BASICA - XESTION XERAL DO PROGRAMA	126	0,28%
OUTRAS XESTIONS	3846	8,67%
PLAN CONCERTADO XESTION	61	0,14%
PLENO - MOCIONS E PROPOSTAS	4	0,01%
PRESENTACIONS E PONENCIAS	46	0,10%
ROLDAS DE PRENSA	12	0,03%
SEGUIMENTO PROFESIONAL	609	1,37%
VISITA A DOMICILIO	1539	3,47%
VISITA INSTITUCIONAL	111	0,25%
XESTION PROGRAMA BOLSAS MUNICIPAIS	1717	3,87%
XESTION PROGRAMA SEN TEITO	59	0,13%
XESTION SAF	1342	3,03%
XESTIÓN PROGRAMA AXUDAS TAXI	70	0,16%
XESTIÓN PROGRAMAS - PROXECTOS - ACTIVIDADES DEPARTAMENTO SERVIZO SOCIAIS	17	0,04%
XESTIÓN RECURSOS SOCIAIS. DEPARTAMENTO SERVIZOS SOCIAIS	330	0,74%
XUNTANZA ALCALDÍA	11	0,02%
XUNTANZA AREA DE ACCION SOCIAL	143	0,32%
XUNTANZA AXUDAS TAXI	4	0,01%
XUNTANZA CO DEPARTAMENTO DE INFORMATICA	7	0,02%
XUNTANZA COA CONCELLEIRA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS	179	0,40%
XUNTANZA DEPARTAMENTO PERSOAL	5	0,01%
XUNTANZA DEPARTAMENTO PREVENCIÓN RISCOS	2	0,00%
XUNTANZA INTERNA ENTRE PROFESIONAIS SERVIZOS SOCIAIS	420	0,95%
XUNTANZA INTERVENCIÓN	7	0,02%
XUNTANZA ISE	86	0,19%
XUNTANZA NO CONCELLO	8	0,02%
XUNTANZA ORDENANZA GARANTIA BASICA	41	0,09%
XUNTANZA PASS CABES	85	0,19%
XUNTANZA PASS CONXO	14	0,03%
XUNTANZA PASS ENSANCHE	31	0,07%
XUNTANZA PASS FONTINAS	22	0,05%
XUNTANZA PASS GALERAS PORTA CAMINO	111	0,25%
XUNTANZA PROMOVE	7	0,02%
XUNTANZA PLAN CONCERTADO	3	0,01%
XUNTANZA PROGRAMA BOLSAS MUNICIPAIS	48	0,11%

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Asunto	Nº	%
XUNTANZA PROGRAMA INCLUSION SOCIAL	35	0,08%
XUNTANZA PROGRAMA SEN TEITO	140	0,32%
XUNTANZA PROGRAMA VIVENDA	3	0,01%
XUNTANZA SAF	268	0,60%
XUNTANZA SERV SOCIAIS CON ENTIDADES EXTERNAS	289	0,65%
XUNTANZA TÉCNICA XULGADO	17	0,04%
XUNTANZA UMAD	16	0,04%
XUNTANZA UNIDADE ADMINISTRATIVA	59	0,13%
XUNTANZA UNIDADE XESTION	13	0,03%
XUNTANZAS CON RESPONSABLES POLÍTICOS XUNTA DE GALICIA	3	0,01%
XUNTANZAS CON CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE	32	0,07%
Total	44352	100,00%

Fonte: Xestión de Servizos Sociais. Elaboración propia, 31 de decembro de 2024.

Para os Servizos Sociais, a visita domiciliaria constitúese nunha parte que identifica a súa esencia, principalmente por estar ligada á traxectoria histórica de cada una das disciplinas que conforman un equipo de intervención social. O total de visitas domiciliarias no ano 2023 ascendera a 1.563, o que supuxo unha baixa de 423 con respecto ao ano anterior. No ano 2024 e a pesar das indicacións facilitadas en reiteradas ocasións dende a Sección de Servizos Sociais, o número de visitas voltou a baixar lixeiramente, ascendendo a 1539.



CUADRO 1: ÉNFASIS METODOLÓGICO DE LAS VISITAS DOMICILIARIAS

ENFASIS METODOLÓGICO	INVESTIGACIÓN	INTERVENCIÓN
<b>TIPOS DE VISITA DOMICILIARIA</b>		
Asistencial	El objetivo de indagar información de carácter sociofamiliar para la gestión de bienes y servicios, evidencia un énfasis investigativo.	La entrega de bienes y servicios provoca un cambio de primer orden en la familia a nivel estructural.
Asesoría técnica	Pesquisa de los antecedentes de riesgo o protección presentes en un contexto domiciliario	A partir de los antecedentes recopilados se proponen rutas de intervención profesional para los actores externos.
Socioeducativa	Se identifican los intereses o necesidades educativas de un determinado grupo.	A través de los intereses o necesidades identificados es posible ejecutar sesiones socioeducativas pertinentes.
Intervención	Al realizar la intervención profesional se propician cambios, pero paralelamente se profundiza la información para el proceso de investigación diagnóstica de la familia.	Generando espacios de comunicación entre los distintos subsistemas del grupo familiar, se propician cambios de segundo orden, que surgen a partir de las propias reflexiones y toma de decisiones de los participantes.
Evaluativa y de seguimiento	Se investiga acerca del grado de cumplimiento e impacto alcanzado por los objetivos de intervención.	Al compartir los resultados evaluativos con los actores participantes, se genera la posibilidad de propiciar cambios a partir del análisis del proceso experimentado.

Fonte: [REFLEXIONES EN TORNO A LA VISITA DOMICILIARIA \(edumargen.org\)](http://REFLEXIONES EN TORNO A LA VISITA DOMICILIARIA (edumargen.org))

Táboa: Análise dos ingresos xerados á cidadanía ao longo do ano 2024 coa xestión dos profesionais dos Servizos Sociais.

	€
<b>PASS CABES</b>	616.688,56 €
<b>PASS FONTIÑAS</b>	539.011,34 €
<b>PASS CONXO</b>	351.477,71 €
<b>PASS ENSANCHE</b>	554.390,95 €
<b>PASS GALERAS</b>	172.834,77 €
<b>PROMOVE</b>	545.205,82 €
<b>SEN TEITO</b>	751.547,31 €
<b>EXENCION COTA AUGA</b>	34.336,26 €
<b>PROGRAMA DE EMERXENCIA SOCIAL</b>	9.000,00 €



	€
<b>ORDENANZA DE GARANTIA BASICA</b>	133.446,27 €
<b>AXUDAS PARA MOBILIDADE</b>	15.000,00 €
<b>BOLSAS MUNICIPAIS</b>	1.100.000,00 €
<b>SUBVENCIÓN AXUDA NO FOGAR (Xunta Galicia + concello)</b>	3.474.691,08 €
<b>CONVENIOS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL</b>	649.000,00 €
<b>TOTAL</b>	8.946.630,07 €

Fonte: Datos XIESS, ano 2024.

Estes recursos económicos facilitados á veciñanza de Compostela dende os Servizos Sociais forman parte da economía circular do municipio, sendo invertidos na súa inmensa maioría nos servizos desta cidade.



Segundo o exposto neste apartado, o perfil das persoas que ao longo do ano 2024 usaron os diferentes Puntos de Atención de Servizos Sociais (PASS) do concello de Santiago de Compostela se pode axustar do seguinte xeito:

#### DATO DE COBERTURA POBOACIONAL



- Aos Servizos Sociais Comunitarios Básicos se achegou ao longo do ano 2024 o 21,66% das persoas empadroadas en Santiago de Compostela.
- Queda evidenciada a realidade de que cada vez máis, a veciñanza de Compostela coñece a labor realizada dende os Servizos Sociais e requiren da súa intervención, avanzando no principio de universalidade que debería caracterizar a toda intervención social

#### PERFIL DA PERSOA USUARIA



- Muller, 73,21 % das persoas usuarias.
- Os colectivos de idade das persoas usuarias dan tamén un volco. O programa de bolsas municipais, unido á intervención realizada polas educadoras familiares ocasiona que as persoas menores de idade representen un 21,36 %; pola contra, as persoas maiores, un 33,86 % %, moi influído por unha maior información sobre recursos específicos e unha ampliación do SAF; os mozos quédanse en 4,72 % e as persoas adultas, nun 40,06 %. Polo tanto, o envellecemento poboacional tamén se debuxa nas persoas usuarias.
- Zona de residencia maioritaria: Porta do Camiño, Monumental, Fontiñas, e Vite.

#### ANÁLISE DA DEMANDA



- Información e orientación: 51,83 %
- Cobertura de necesidades básicas: 14,11 %
- Necesidade de intervención social e técnica: 34,06 %

Fonte: Xestión de Servizos Sociais. Elaboración propia, 31 de decembro de 2024.



## A ATENCIÓN TELEMÁTICA Á VECIÑANZA.

Indicar que ao longo do ano 2024, dende a Xefatura de Sección de Servizos Sociais se deu resposta ás demandas telemáticas de información realizada pola veciñanza. Rexistráronse un total de **1.493** demandas de información; estas versaban maioritariamente de cuestións referentes aos Servizos Sociais Comunitarios (95,89 %), e o 4,11 % restante, a outras cuestións correspondentes a outros servizos municipais (vivenda e centros cívicos, fundamentalmente) ou de protección social autonómica (prestacións económicas da Xunta de Galicia, solicitude de vivenda de promoción pública, etc.).

### Atención telemática



Comunicarse con la Administración

### PÁXINA WEB DE SERVIZOS SOCIAIS:

<https://servizossociais.santiagodecompostela.gal/>

O principal obxectivo deste portal é ofrecer aos cidadáns e cidadás de Santiago de Compostela, unha ferramenta informativa, áxil e eficaz e aproximar vos Servizos Sociais á veciñanza e mellorar a súa calidade de vida e garantir o acceso en igualdade de condición. Desde o Departamento municipal de Servizos Sociais facilitamos información directa e concisa sobre o conxunto de actuacións profesionais e axudas dirixidas a toda a cidadanía, así como, axudas específicas para dar resposta a determinadas situacións de necesidade social.



The screenshot shows the website interface for 'CONCELLO DE SANTIAGO Servizos Sociais'. It features a search bar, contact information (981 542 465), and a navigation menu with options like 'CONCELLARÍA', 'SERVIZOS E PRESTACIÓNS', 'CENTROS E EQUIPAMENTOS', 'TRÁMITES E XESTIÓNS', 'CONVENIOS', 'LIGAZÓNS DE INTERESE', and 'GALERÍA'. Below the menu is a section titled 'Galería de imaxes' with a sub-heading 'Ano 2024'. A photograph shows a group of people at an event, with a text box indicating 'Conmemoración do Día Internacional do Pobo Xitano'.

## OS RECURSOS MUNICIPAIS.

### **A).- A ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.**

A Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela foi aprobada inicialmente na sesión ordinaria do Pleno da corporación que tivo lugar o 16 de xuño de 2016. Publicado o trámite de información pública e audiencia aos interesados o 27 de xuño de 2016 no BOP de A Coruña. Transcorrido o prazo sen que se teñan presentado reclamacións ou suxestións, enténdese definitivamente aprobada. A Ordenanza publícase no BOP de A Coruña nº 165, de 31 de agosto de 2016 e entra en vigor o 30 de setembro de 2016.

A Ordenanza de garantía básica cidadá ten por obxecto regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos para a veciñanza do Concello de Santiago de Compostela que se atopan en situación de vulnerabilidade social e/ou en situación de risco de exclusión social (artigo 1). O catálogo de prestacións que recolle a devandita ordenanza é o seguinte:

- a) Renda municipal de garantía básica cidadá (Título II).
- b) Prestacións de rescate social (Título III).
  - (1) Prestación para cobertura de necesidades básicas (art. 23).
  - (2) Prestacións de habitabilidade, pobreza enerxética e equipamento básico da vivenda (art. 24):
    - (i) Débedas asociadas á pobreza enerxética (subministro de luz e gas).
    - (ii) Gastos asociados a altas de contratos de subministración enerxética nunha nova vivenda.
    - (iii) Gastos asociados a débeda de comunidade de propietarios.
    - (iv) Gastos por endebedamento previo relacionados con aloxamento habitual.
    - (v) Equipamento básico da vivenda.
  - (3) Prestacións complementarias á dependencia/discapacidade (art. 25).
  - (4) Outros gastos excepcionais (art. 26).
  - (5) Prestacións de fomento dereito á educación para estudos non universitarios (art. 27).
  - (6) Prestacións para a saúde bucodental (art. 28).

Cómpre subliñar que tódalas prestacións recollidas na Ordenanza de garantía básica cidadá réxense polo principio de *subsidiaridade* (art. 7.8 do devandito texto normativo). Artelladas como prestacións económicas orientadas a paliar situacións de necesidade e



garantir mínimos de subsistencia (artigo 21 da Lei 13/2008, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia), as sinaladas na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá concíbense como un instrumento de apoio a procesos de inclusión, vinculándose simultaneamente a itinerarios para traballar, incidir e activar potencialidades persoais, encamiñadas á mellora da súa autonomía, participación e integración normalizada no seu contorno social.

Temos que indicar que este é o terceiro texto normativo que regulan prestacións económicas municipais para a cobertura de necesidades básicas da veciñanza, dado que antaño este concello dispuxo do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e a Inserción Social (MAPIS) e do programa de inclusión social “*Santiago Suma*”. Tódalas prestacións económicas municipais que tiñan un enfoque asistencial, de protección vital e de promoción social, como non podería ser doutra maneira, sempre tiveron unha normativa que ampararon a súa xestión e tramitación, non existindo ningunha posibilidade de “*arbitrariedade técnica*”, sendo unha “*garantía de dereitos*” para as veciñas e veciños de Compostela.



**AXUDAS SOCIAIS MUNICIPAIS**

Regulamento do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e a Inserción Social - MAPIS (BOP do 2/09/2004)

Ordenanza de garantía básica cidadá - “Compostela Mais” (BOP do 31/08/2016)

Ordenanza do Programa “Santiago Suma” de inclusión social de Santiago de Compostela (BOP do 3/06/2015)

REGULATIONS

www.ippl.info

## A XESTIÓN DAS PRESTACIÓNS MUNICIPAIS, REGULADAS NA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ, NO ANO 2024.

Os datos de xestión das prestacións da Ordenanza de garantía básica cidadá mudaron lixeiramente ao longo do ano 2024. Si ben teoricamente se volve a ter unha baixada no número de expedientes tramitados, o número de persoas beneficiarias volta a subir, relacionado este feito co incremento do número de persoas integrantes nas unidades familiares de convivencia. Vexamos a xestión realizada...

Durante o ano 2024, **88 unidades familiares de convivencia** con residencia no termo municipal de Santiago de Compostela xestionaron algunha das prestacións reguladas na Ordenanza de garantía básica cidadá. Mantense a tendencia á baixa con respecto a anos anteriores, o mesmo que sucede coa RISGA; a irrupción do Ingreso Mínimo Vital e o principio de subsidiaridade que rexe tanto ás prestacións municipais como ás autonómicas, son as que fundamentan este descenso. As Administracións Central e Autonómica non poden pechar os ollos ante esta realidade social e cómpre que se adopten medidas ao respecto, non deixando aos concellos con esta carga asistencia.

A nivel xeral e por prestacións, os datos se poden sintetizar do seguinte xeito:

Táboa: Distribución das prestacións xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá ao longo do ano 2024

SEXO	Nº	% V
H	35	39,77%
M	53	60,23%
<b>TOTAIS</b>	<b>88</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Táboa: Distribución das prestacións (rendas + prestacións de rescate social) xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá no ano 2024.

	Nº	% V
<b>RENDA</b>	60	68,18%
<b>NECESIDADES BASICAS</b>	22	25,00%
<b>HABITABILIDADE E POBREZA ENERXETICA</b>	1	1,14%
<b>EQUIPAMENTO BASICO</b>	1	1,14%
<b>DEPENDENCIA/DISCAPACIDADE</b>	0	0,00%
<b>OUTROS GASTOS</b>	2	2,27%
<b>FOMENTO Á EDUCACION</b>	1	1,14%

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

	Nº	% V
<b>SAUDE BUCODENTAL</b>	1	1,14%
<b>TOTAIS</b>	<b>88</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

As rendas acadan o 68,18 % das prestacións xestionadas. Isto ten que ver co número predominante de persoas de orixe estranxeiro que as xestionan; é un colectivo poboacional que comezou a ser especialmente importante dende a óptica cuantitativa no Departamento municipal de Servizos Sociais no ano 2020, cos efectos da pandemia sociosanitaria por COVID 19, por ser o único dispositivo de atención social activo na cidade. É un colectivo poboacional que non poden acceder a moitos recursos propios doutras Administracións Públicas, que non precisan prestacións temporais, senón de maior duración (as rendas). Si están nunha situación irregular, non hai posibilidade de acceder nin a unha RISGA nin ao Ingreso Mínimo Vital (principais prestacións económicas periódicas), polo que a renda é a única “saída ou posibilidade” de cubrir as súas necesidades básicas durante dous anos. Unha saída temporal, pero non unha solución.

Táboa: Distribución das prestacións (rendas + prestacións de rescate social) xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá no ano 2024 por estado de tramitación do expediente.

	Nº	% V
<b>EN TRÁMITE</b>	16	18,18%
<b>CONCEDIDO</b>	30	34,09%
<b>REMATADO</b>	30	34,09%
<b>DENEGADO</b>	6	6,82%
<b>DESISTIDO</b>	6	6,82%
<b>TOTAIS</b>	<b>88</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Si ben podemos observar que maioritariamente os expedientes do ano 2024 están rematados (o 34,09 %), a xestión técnica e administrativa dos mesmos debe mellorar substancialmente, axilizando prazos de resolución e prazos de pago. Reto que se debe afrontar especialmente coa consolidación da implementación da Administración Electrónica neste concello e que é xusto recoñecer que xa se deron pasos durante este ano.

Si desexamos analizar mais polo miúdo as **prestacións de rescate social**, por subconceptos, observamos que das 28 tramitadas, a súa distribución queda do seguinte xeito:

Táboa: Distribución das prestacións de rescate social xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica no ano 2024.

	Nº	% V
<b>Manutención</b>	6	21,43%
<b>Aloxamento</b>	14	50,00%
<b>Contrato nova vivenda</b>	0	0,00%
<b>Débedas pobreza enerxética</b>	2	7,14%
<b>Altas contratos subministros enerxéticos</b>	0	0,00%
<b>Débedas comunidade</b>	1	3,57%
<b>Débedas aloxamento</b>	0	0,00%
<b>Equipamento básico</b>	1	3,57%
<b>Dependencia/discapacidade</b>	0	0,00%
<b>Outros gastos</b>	0	0,00%
<b>Fomento dereito á educación</b>	3	10,71%
<b>Saúde buco-dental</b>	1	3,57%
<b>TOTAIS</b>	<b>28</b>	<b>100,00%</b>

*Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.*

Novo cambio na xestión, esta vez, nas prestacións de rescate social. Antes eran maioritarias, agora son inferiores ao número de rendas. En anos anteriores estábamos ante un mesmo número de prestacións de manutención que de aloxamento; pero agora e no 2023, as prestacións de aloxamento son lixeiramente superiores. Cales son os principais motivos? Pois simplemente a existencia de dous novos recursos creados e implementados nos últimos tempos: o Ingreso Mínimo Vital. A necesidade de alimentación queda “*coverta*”, pero os gastos de aloxamento son excesivos e non poden ser afrontados dende as economías familiares, de aí que 14 unidades de convivencia precisaran acceder a esta prestación de rescate social por este concepto, cun enfoque estritamente finalista.



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Distribución das prestacións xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá no ano 2024 por dispositivo de tramitación e ámbito territorial e social de referencia.

	Nº	% V	
UTS 1 VITE	5	5,7%	
UTS 2 FONTIÑAS	11	12,5%	
UTS 3 CONXO	11	12,5%	
UTS 4 CASTIÑEIRIÑO	2	2,3%	
UTS 5 PORTA DO CAMIÑO	12	13,6%	21,6%
UTS 6 MONUMENTAL	7	8,0%	
UTS 7 RURAL NORTE	0	0,0%	
UTS 8 SAN LÁZARO	1	1,1%	
UTS 9 RURAL OESTE	0	0,0%	
UTS 10 SAN LOURENZO	0	0,0%	
UTS 11 ENSANCHE 1	4	4,5%	21,6%
UTS 12 ENSANCHE 2	15	17,0%	
UTS 13 PONTEPEDRIÑA	0	0,0%	
UTS 14 SAR	2	2,3%	
SEN TEITO	18	20,5%	
SAF	0	0,0%	
CIM	0	0,0%	
UMAD	0	0,0%	
<b>TOTAIS</b>	<b>88</b>	<b>100,0%</b>	

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Por dispositivos, a situación tamén muda con respecto ao ano anterior. Segundo se pode observar na táboa anterior, é dende os dispositivos pertencentes aos Servizos Sociais Comunitarios onde se tramitan a súa totalidade estas prestacións municipais, sendo maioritarios os seguintes:

1.- O número de persoas beneficiarias destas prestacións municipais mais importante é o atendido dende o **Programa municipal de apoio á inclusión das persoas sen fogar**, con 18 expedientes, que supón o 20,50 % da totalidade.

2.- **PASS Ensanche**, dende o cal se atende a UTS Ensanche 1 e Ensanche 2; dende esta punto xestionanse 19 prestacións, que se corresponde co 21,60 % da súa totalidade. Coincide tamén co punto onde maior número de RISGAS existe na actualidade e onde tamén se soe concentrar un número importante de familias migrantes.

3.- **PASS Galeras**, dende o cal se atende a UTS Porta do Camiño e a UTS Monumental; dende esta punto xestiónanse 19 prestacións, que se corresponde co 21,60 % da súa totalidade. Estase a falar de familias residentes no casco monumental, zonas de Galeras, Rúa de San Pedro, a Trisca, Bispo Teodomiro, etc. Coincide tamén co punto se soe concentrar un número importante de familias migrantes.



Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Se desglosamos o número de persoas solicitantes pola variable **sexo**, as cifras concrétanse en:

Táboa: Distribución das prestacións xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá no ano 2024 pola variable "sexo" da persoa solicitante.

SEXO	Nº	% V
H	35	39,77%
M	53	60,23%
<b>TOTAIS</b>	<b>88</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Na táboa anterior pódese seguir constatando que se da cumprimento ao establecido na disposición adicional cuarta da Ordenanza de garantía básica cidadá, "**igualdade de**

**xénero**", que indica que "... nas unidades de convivencia, nas cales a parella solicitante estea conformada por un home e unha muller, en caso de igualdade de condicións, preferirase á muller como titular do dereito, sempre que resulte posible dentro dos límites desta ordenanza e non supoña perda de dereitos para esa unidade de convivencia ou discriminación por ese motivo". As mulleres son maioritarias na xestión deste tipo de recursos municipais, ascendendo ao 60,23 % das persoas titulares destas prestacións municipais.

Cómpre facilitar agora a información relativa á "**idade**" das persoas solicitantes dos recursos regulados na Ordenanza de garantía básica cidadá.

Táboa: Distribución das prestacións xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá no ano 2023 pola variable "**idade**" da persoa solicitante.

<b>PROMEDIO DE IDADE</b>	<b>44,30</b>	<b>anos</b>
<b>DESVIACIÓN IDADE</b>	<b>14,36</b>	<b>anos</b>
<b>IDADE MÁXIMA</b>	<b>82,66</b>	<b>anos</b>
<b>IDADE MÍNIMA</b>	<b>19,73</b>	<b>anos</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

A media de idade das persoas solicitantes das prestacións municipais xira ao redor dos 45 anos (minguo un punto con respecto ao ano anterior), si ben ten un grao de dispersión considerable (desviación de 14,36), influído polos valores máximo e mínimo que se sinalan e que condicionan tal oscilación. Non se detectan tanto realidades compatibles con situacións de pobreza absoluta, como sí de pobreza relativa, onde se evidencia a insuficiencia de recursos económicos para cubrir a totalidade das necesidades básicas.

Importante é analizar tamén cuantitativamente as prestacións municipais baixo a óptica da **situación administrativa e nacionalidade dos seus titulares**. Así, obtense a seguinte información:

Táboa: Distribución das prestacións xestionadas ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá no ano 2024 pola variable "**situación administrativa e nacionalidade**" da persoa solicitante.

<b>NACIONALIDADE</b>	<b>Nº</b>	<b>% V</b>
<b>ESPAÑOLA</b>	<b>21</b>	<b>23,86%</b>
<b>OUTRO PAIS COMUNITARIO</b>	<b>4</b>	<b>4,55%</b>
<b>OUTRO PAIS NON COMUNITARIO</b>	<b>63</b>	<b>71,59%</b>
<b>TOTAL</b>	<b>88</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024

Polo exposto dedúcese que a data de hoxe, 21 persoas solicitantes das prestacións municipais teñen a nacionalidade española (o que supón o 23,86 %) e as 67 restantes son persoas estranxeiras (o que equivale ao 76,14 %). Hai unha notable variación con respecto a anos anteriores; isto está relacionado co feito de que no 2020, 2021, 2022 e 2023 se regularon novos recursos de protección, aos que soen acceder persoas con nacionalidade española. Isto, unido ao principio de “*subsidiaridade*” que asiste ás prestacións económicas municipais, fai que estas sexan o único recurso económico público e periódico ao que poidan acceder persoas de orixe estranxeiro que residan no noso municipio. Destas 88 persoas, 59 se atopan nunha situación irregular (que representa o 67,05 % das persoas estranxeiras solicitantes e o 76,14 % se o analizamos dende a totalidade das persoas solicitantes). A pandemia sanitaria por COVID 19 provocou que un número importante de persoas doutras nacionalidades se achegaran aos Servizos Sociais, cando antes ou ben vivían de traballos precarios (cos que cubrían as súas necesidades básicas) ou recorrían incluso a axudas en especie facilitadas dende entidades benéfico-asistenciais da cidade. As denegacións que se seguen recibindo de solicitudes de protección internacional (non cuantificadas exactamente por este departamento, pero que pode ser ampliada a información dende a UAMI si a estiman relevante), está a colocar ás persoas en situación de irregularidade, provocando dificultades para a inserción laboral e situándoos nunha situación de precariedade económica grave. Tal como xa se dixo anteriormente, as necesidades primarias (alimentación, vestiario, gastos de farmacia, de aloxamento, etc.) non entenden nin de nacionalidades nin de situacións administrativas; entende de “*persoas*”, polo que un Departamento de Servizos Sociais nunca as poderá obviar. Estamos falando do mais básico: do dereito a poder alimentarse, do dereito a coidar da súa saúde e da súa propia vida e do dereito a poder vivir baixo un teito. É unha necesidade social apreciada no municipio de Santiago de Compostela, pero moito mais noutros concellos grandes de Galicia e tamén do contexto nacional. É unha realidade á que cómpre achegarse dende moitos ámbitos: dende os servizos públicos xeneralistas (como este, pero tamén e mais dende outras Administracións), dende o servizo público específico (como é a UAMI) ou incluso dende entidades sociais, de longa traxectoria neste tipo de intervención social. Os diferentes gobernos e Administracións Públicas non poden nin deben dar as costas a esta realidade, senón entrar a fondo na súa análise e na adopción de verdadeiras medidas de protección social, sen que sexan os concellos e as entidades sociais, case os únicos en preocuparse pola atención deste colectivo poboacional, por formar parte da súa veciñanza e por ser os dispositivos mais próximos á súa realidade vital.



Táboa: Nº de persoas que viron cubertas as súas necesidades básicas coas prestacións da Ordenanza de garantía básica cidadá no 2024.

	ANO 2020	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
<b>Nº MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA</b>	<b>650</b>	<b>693</b>	<b>649</b>	<b>267</b>	<b>206</b>
<b>PERSOAS EMPADROADAS EN SANTIAGO</b>	<b>98.418</b>	<b>98.418</b>	<b>98.449</b>	<b>98.687</b>	<b>99.851</b>
<b>% COBERTURA</b>	<b>0,66%</b>	<b>0,70%</b>	<b>0,66%</b>	<b>0,27%</b>	<b>0,21%</b>

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Como se pode observar, o número de persoas beneficiarias mingou considerablemente. O motivo é que as unidades familiares maioritarias que se beneficiaron destas prestacións corresponderon no ano 2024 a fogares unipersoais (explicación lóxica si se ten en conta que o dispositivo de atención que mais expedientes xestionou foi o programa municipal de apoio á inclusión das persoas sen fogar).

Outro aspecto a sinalar e que nun contexto de persoas afectadas por importantes factores de exclusión social, **18 persoas acadaron a través da implementación dos itinerarios de participación cidadá, a súa inserción no mercado laboral**, deixando de depender de prestacións económicas públicas para cubrir as súas necesidades básicas e as das súas unidades familiares de convivencia.

A modo de síntese, o perfil das persoas solicitantes e que se estiveron beneficiando das prestacións reguladas na Ordenanza de garantía básica cidadá durante o ano 2024 se sitúa en:



Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

## PERFIL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ - ANO 2024

Nº de expedientes	88	
Sexo:	Muller	60,23%
Idade media	44,30	anos
Idade máxima	82,66	anos
Idade mínima	19,73	anos
Nº medio de integrantes da unidade de convivencia	2,45	
Nº persoas que cubren necesidades básicas con estas prestacións	206	
Nivel de cobertura no municipio	0,21%	

## PERFIL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ - ANO 2024

Nacionalidade maioritaria das persoas solicitantes	OUTRO PAIS NON COMUNITARIO	71,59%	
Nº de persoas estranxeiras solicitantes	67		
% persoas estranxeiras en relación ao total de persoas solicitantes	76,14%		
% de persoas estranxeiras solicitantes en relación ao total de persoas estranxeiras empadroadas na cidade	1,19%		
Nº de persoas estranxeiras en situación irregular	59		
% de persoas estranxeiras en situación irregular con relación ao total de persoas solicitantes	67,05%		
Distribución das prestacións da ordenanza de garantía básica	Renda	60	68,18%
	Prestacións de rescate social	28	31,82%
Dentro das PRESTACIÓNS DE RESCATE, modalidades mais demandas (necesidades básicas/total de prestacións da Ordenanza)	NECESIDADES BASICAS	22	25,00%
E dentro das NECESIDADES BÁSICAS (subconcepto/total de solicitantes ordenanza)	Aloxamento	14	15,91%
	Manutención	6	6,82%



CONCELLO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Estímase necesario facilitar datos da xestión económica ao longo do ano 2024 da Ordenanza de garantía básica cidadá:

Táboa: Relación de contías aprobadas e de importes aboados nas prestacións da Ordenanza de garantía básica cidadá.

CONCEPTO	APROBADO	BARRADO (POR MODIFICACIÓNS OU EXTINCIÓNS)	PAGADO
RENDA MUNICIPAL	180.235,00 €	68.945,00 €	111.290,00 €
PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL	27.766,69 €	5.610,42 €	22.156,27 €
<b>TOTAIS</b>	<b>208.001,69 €</b>	<b>74.555,42 €</b>	<b>133.446,27 €</b>

Fonte: Datos facilitados polos servizos económicos municipais e pola Unidade Administrativa do Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.

A evolución das prestacións nos últimos anos é a seguinte:



Fonte: Datos facilitados polos servizos económicos municipais e pola Unidade Administrativa do Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.



## A MODO DE CONCLUSIÓN.

Debemos indicar que todos os datos de xestión da Ordenanza de garantía básica cidadá se atopan incluídos nas *Memorias de Xestión* anuais que se elaboran dende o Departamento municipal de Servizos Sociais e que se atopan incorporadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS: <https://politicassocial.xunta.gal/XiacWeb/> ).

A modo de conclusión podemos indicar que practicamente podemos falar dun descenso do número de expedientes xestionados ao abeiro da Ordenanza de garantía básica cidadá, que segue unha liña similar ás prestacións socioeconómicas autonómicas e moi vinculado coa implementación do Ingreso Mínimo Vital. Sen embargo, este concello vese na obriga de seguir implementado un programa de emerxencia social propio, para dar cobertura inmediata a situacións de urxencia, que non poden esperar nin tempos nin demoras.

Conxugando a información destas prestacións municipais, xunto coa RISGA e coas AIS, ao longo do ano 2024, obtemos a seguinte información relevante:



Táboa: Análise comparativo entre diferentes prestacións socioeconómicas vinculadas ao ámbito dos Servizos Sociais.

TIPO DE PRESTACIÓN	Nº DE FAMILIAS PERCEPTORAS	Nº DE PERSOAS BENEFICIARIAS	TAMAÑO MEDIO DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS	POBOACIÓN DE DEREITO	% COBERTURA	IMPORTES PRESTACIÓNS
RISGA	162	330	2,04	99.851	0,33 %	591.556,38 €
AIS	355	645	1,82	99.851	0,65 %	161.822,04 €
ORDENANZA DE GARANTIA BÁSICA CIDADÁ	88	206	2,34	99.851	0,21 %	133.446,27 €
PROGRAMA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL	82	234	2,85	99.851	0,23 %	8.391,83 €
TOTAIS	687	1.415				895.216,52 €

Fonte: Datos XI ESS, ano 2024.

Segundo a táboa anterior, 1.415 persoas de Compostela (ou o que é o mesmo, o 1,42 % da súa poboación de dereito), cubriron as súas necesidades básicas con prestacións

xestionadas dende o ámbito dos Servizos Sociais. Poderíase calcular a taxa Arope na cidade, si se tivera información doutro tipo de recursos (como pode ser as PNC, subsidios por desemprego, IMV, etc.), pero ao non dispor dela sería ofrecer unha información moi distante da realidade. Da táboa anterior podemos deducir o seguinte:

- Con respecto a RISGA, o nivel de cobertura social é baixo. Isto está relacionado coa situación das persoas perceptoras, nas que teñen unha media de número de membros da unidade de convivencia de 2,04 persoas.
- Con respecto a AIS, o nivel de cobertura social é baixo. Isto está relacionado coa situación das persoas perceptoras, nas que teñen unha media de número de membros da unidade de convivencia de 1,82 persoas. O esforzo económico é inferior ás restantes prestacións, ao ser axudas de pago único.
- Con respecto ás prestacións da Ordenanza de garantía básica cidadá, o nivel de cobertura tamén é baixo. O número de membros da unidade de convivencia se sitúa nos 2,34; esta realidade está sustentada co feito de que a inmensa maioría das persoas beneficiarias se ubican dentro de fogares unipersoais ou de dous membros. Os importes que se conceden soen ser diferenciais, de acordo coa súa situación económica.
- Aínda que existan recursos económicos, hai situacións de urxencia que non poden esperar tempos de tramitación, de aí que sexa necesario contar cun programa específico municipal para facer compras de primeira necesidade.

En conclusión, 1.415 persoas percibiron este tipo de recursos económicos ao longo do ano 2024, o que supuxo un importe de 895.216,52 €, cartos que formaron parte da económica circular neste termo municipal, e que foron invertidos en servizos e recursos da propia cidade.

## **b.- AS BOLSAS MUNICIPAIS.**

A Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais convocou, para o curso escolar 2024/2025, **bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares** para alumnado de Educación Infantil (segundo ciclo) e de Educación Primaria de centros docentes públicos e concertados, sostidos con fondos públicos, e centros de educación especial en segundo ciclo de infantil, educación primaria obrigatoria e educación secundaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela. Este programa ten, entre as súas finalidades, as de facilitar a integración sociolaboral das nais, pais ou titores, fomentar a dinámica relacional dos/as menores co seu grupo de iguais, favorecer a súa participación e inclusión social, apoiando ás unidades familiares que, por dificultades socioeconómicas, non poidan facer fronte a estes gastos, así como propiciar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Coa convocatoria de bolsas para comedor, adquisición de material escolar e actividades extraescolares preténdese dar cumprimento á obriga que teñen os municipios de promover toda clase de actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da veciñanza, así como a execución de programas e proxectos destinados á atención á familia, de acordo ao establecido no artigo 8.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Os municipios, sen prexuízo do disposto na lexislación de réxime local e de servizos sociais, deben exercer as súas competencias en materia de protección ás e aos menores a través das seguintes actuacións:

- a) A detección das necesidades de carácter sanitario, educativo, económico, sociolaboral, familiar ou outras análogas que afecten aos nenos, ás nenas e adolescentes que residan no seu territorio.
- b) A información e a orientación sobre os recursos destinados á infancia e á adolescencia.
- c) A prevención, apreciación e intervención nas situacións de risco en que se poidan atopar as e os menores, consonte o disposto no artigo 17 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor.
- d) A creación e xestión, a avaliación e o seguimento dos centros e dos programas necesarios para o desenvolvemento das competencias anteriores.

Igualmente, dáse cumprimento ao establecido no artigo 9 da mencionada Lei 3/2011, atendendo ás circunstancias dos grupos de familias de especial consideración:

- Familias numerosas.
- Familias monomarentais ou monoparentais.
- As familias con persoas con discapacidade ao cargo.
- As familias acolledoras.

Esta convocatoria ten por obxecto, pois, regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares ás unidades familiares e de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan persoas menores de idade ao seu cargo escolarizadas en centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, e que estean matriculadas ou teñan reserva de praza para o curso 2024/2025, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. Tendo en conta o gran número de solicitudes presentadas en anteriores convocatorias, o incremento de créditos que se tivo que levar a cabo nalgunha delas para atender ditas solicitudes, a situación de crise que afecta a numerosas familias e que repercute na poboación infantil en particular, é polo que esta Concellaría segue impulsando o devandito programa, establecendo **bolsas** nas seguintes **modalidades**:

- a) **Bolsas** para unidades familiares e de convivencia con **escaseza de recursos económicos**, destinadas a aquelas unidades familiares e de convivencia que, por situacións carenciais, teñen dificultades para afrontar gastos relacionados coa escolarización dos menores que teñen ao seu cargo, podendo optar a:
- a) **Bolsas de comedor**: destinadas a facer fronte ao custo do servizo de comedor, ata un máximo de 90,00 €/mes.
  - b) **Bolsas de realización de actividades extraescolares**: abonarase ata 15 €/mes (para o caso de actividades de 1 hora ou día á semana), e ata 30 €/mes (para o caso de actividades dende 2 horas ou 2 días á semana), salvo que o importe sexa inferior a ditas contías. Neste caso aboarase o importe xustificado.
- b) Bolsas **para adquisición de material escolar**, para o alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil destinadas a sufragar o material necesario para o inicio e desenvolvemento do curso académico, ata un máximo de 100,00 €, nun pago único.
- c) **Bolsas** para facilitar a **conciliación** da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares e de convivencia destinadas a sufragar o custo do comedor: 45,00 €/mes.





Terán a condición de beneficiarias as unidades familiares e de convivencia (proxenitores solicitantes e menores beneficiarios) empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Santiago de Compostela con persoas menores ao seu cargo escolarizadas nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen educación infantil (segundo ciclo) ou educación primaria obrigatoria.




Será excluínte a obtención de bolsas de comedor escolar pola modalidade de escaseza de recursos coas de conciliación, de xeito que as persoas solicitantes tan só poderán ser beneficiarias dunha das modalidades.



## **II.- Datos de xestión:**

Vexamos a evolución da xestión do programa de bolsas municipais ao longo dos últimos anos:

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS



Si temos presente que 6.517 menores están empadroados no termo municipal de Santiago de Compostela (datos facilitados polo Departamento municipal de Estatística, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, podemos deducir que o grao de cobertura destas prestacións municipais é o que segue:

- ✦ O 17,14 % do grupo de persoas desa franxa de idade son beneficiarias de bolsas de comedor, ben pola modalidade de “escaseza de recursos”, ben pola modalidade de “conciliación”.
- ✦ O 9,21 % do grupo de persoas pertencente a esa franxa de idade beneficianse das bolsas de actividades extraescolares pertencentes á modalidade de “escaseza de recursos”.



Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Os datos de evolución de orzamentos nos últimos anos se poden visualizar na seguinte gráfica:





Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Que deducimos dos datos anteriores?: o que xa estivemos a trasladar en apartados anteriores. Nestes momentos, existen recursos económicos que garanten un mínimo vital á maioría da poboación, pero estes son insuficientes para dar cobertura á totalidade de necesidades básicas, de aí a importancia de contar con recursos complementarios, como poden ser as bolsas de comedor escolar, mingando a presión económica das familias e garantindo unha participación social, en condicións de igualdade.





## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Chegados a este punto, cómpre analizar outras cuestións relativas á convocatoria de bolsas sociais no actual curso académico.

Resulta impactante o incremento do número de veciñas e veciños de Compostela que se achegaron este ano aos Servizos Sociais Comunitarios, e neste feito, o programa de bolsas sociais ten moito que ver:

Táboa: Comparativa entre persoas solicitantes xa usuarias dos Servizos Sociais con persoas solicitantes de nova incorporación aos Servizos Sociais

	Nº	% V
Xa usuaria dos Servizos Sociais	657	51,45%
Nova usuaria dos Servizos Sociais	620	48,55%
Totais	1277	100,00%

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Da táboa anterior se deduce o seguinte, o 51,45 % das persoas solicitantes dunha bolsa social xa o foron en anteriores edicións do programa, polo que xa figuraban incorporadas ao sistema público dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos deste concello. Pero..., o 48,55 % (que equivale a 620 persoas) se achegaron a este servizo e se incorporaron a este programa por primeira vez no ano 2024.

Si o que se analiza é o ítem de “*orixe das persoas solicitantes*”, obtense a seguinte información:

Táboa: Comparativa segundo orixe das persoas solicitantes

	Nº	% V
De nacionalidade española	964	75,49%
Doutras nacionalidades	313	24,51%
Totais	1277	100,00%

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

Isto se traduce en que mais do 75 % das persoas que solicitan este programa teñen nacionalidade española. As persoas estranxeiras representan o 24,51 % das persoas solicitantes.

Si analizamos o nivel de cobertura do programa de bolsas sociais por ámbito territorial e social (por UTS), obtense a seguinte información:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Correlación entre as persoas solicitantes por UTS e as persoas empadroadas nestes ámbitos territoriais


	Nº	% V	Nº PERSOAS EMPADROADAS EN ZONA DE RANGO DE IDADE 3 A 12 ANOS	% COBERTURA BOLSAS SOCIAIS
UTS 1.- VITE	197	15,43%	751	26,23%
UTS 2.- FONTIÑAS	128	10,02%	586	21,84%
UTS 3.- CONXO	144	11,28%	884	16,29%
UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO	104	8,14%	765	13,59%
UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	205	16,05%	623	32,91%
UTS 6.- MONUMENTAL	88	6,89%	406	21,67%
UTS 7.- RURAL NORTE	44	3,45%	297	14,81%
UTS 8.- SAN LÁZARO	82	6,42%	403	20,35%
UTS 9.- RURAL OESTE	42	3,29%	366	11,48%
UTS 10.- SAN LOURENZO	24	1,88%	157	15,29%
UTS 11.- ENSANCHE 1	44	3,45%	374	11,76%
UTS 12.- ENSANCHE 2	103	8,07%	508	20,28%
UTS 13.- PONTEPEDRIÑA	27	2,11%	151	17,88%
UTS 14.- SAR	45	3,52%	246	18,29%
Totais	1277	100,00%	6.517	19,59%

Fonte: Datos xestión Departamento municipal de Servizos Sociais; ano 2024.

O nivel de cobertura global do programa de bolsas sociais ascende, nin mais nin menos, ao 19,59 % das persoas con idades comprendidas entre os 3 e os 11 anos con residencia no termo municipal de Santiago de Compostela. As zonas de maior xestión deste recurso son a de Porta do Camiño, Vite, Ensanche, Fontiñas e Conxo. Sen embargo, si se analiza o nivel de cobertura social, obsérvase como o 32,91 % da poboación menor residente na zona da Porta do Camiño son beneficiarias deste recurso, ou o 26,23 % da residente en Vite, etc.



Este ano como “*novidade*” levouse a cabo unha xornada de portas abertas en CABES onde se lles explicou ás persoas que asistiron (tivo gran afluencia) todos os requisitos e o modo de cumprimentación dos impresos para poder formalizar o trámite deste recurso. A esta xornada asistiron o técnico de xestión do servizo, a administrativo encargada da xestión do programa, as educadoras familiares e as profesionais do programa de inclusión social.



**ACORDO DE COORGANIZACION ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN DE ANPAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.- XUSTIFICACIÓN E MARCO TEÓRICO DO PROXECTO**

As asociacións de Pais e Nais contemplan entre os seus fins prioritarios a colaboración nas actividades de ocio e tempo libre dos centros educativos cooperando no estudo de procedementos que sirvan para aumentar o nivel educativo, promover actividades formativas, deportivas e culturais, colaborar cos centros educativos na xestión dos recursos dispoñibles e na mobilización das institucións responsables, fomentar as relacións de cooperación entre eles o Concello de Santiago de Compostela.



As actividades de ocio e tempo libre caracterízanse por seres un complemento curricular ideal ao mesmo tempo que contribúe na conciliación laboral e familiar. Estas actividades realízanse fora do horario escolar e contribúen a despertar inquietudes, a reforzar coñecementos en diversas áreas, a fomentar a creatividade e o deporte e a desenvolver valores.

Pola súa parte o Concello de Santiago de Compostela pola súa proximidade coa cidadanía, desempeña un papel privilexiado para dotar as familias compostelás de complementos de ocio e tempo libre á xornada escolar dos nenos e nenas dos centros de ensino de Santiago, sendo recoñecida a necesidade de conciliación do traballo e da familia como unha condición necesaria, vinculada a realidade social actual e concedendo becas específicas de conciliación a aquelas familias que cumpran con requisitos da convocatoria específica para a súa obtención. .

No transcurso dos anos as Asociacións de Nais e Pais do alumnado dos centros educativos públicos de Santiago de Compostela veñen colaborando co Concello de Santiago de Compostela en xerar recursos e servizos destinados a educación e formación do alumnado e en favorecer a conciliación da vida familiar e laboral e xestionar o programa de becas para aqueles menores aos que previamente se lles concedeu este recurso sendo unha tarefa que supuxo moitas dificultades de coordinación e un sobre esforzo moi importante para ANPAS que na maior parte das veces contan con voluntariado para xestionar estes programas, polo que en aras a mellorar a xestión e a coordinación en termos de eficiencia



e eficacia considerándose como unha alternativa máis óptima unificar a xestión de estas actividades a través dunha única empresa colaboradora, canalizando toda a coordinación e tramitación entre as diferentes ANPAS dos centros públicos de ensino de Santiago de Compostela a través dun único interlocutor: a FEDERACION GALEGA DE ANPAS COMPOSTELA.

Por tanto os intereses de ambas partes son públicos, non habendo contraposición entre eles, senón intención de establecer unha colaboración para levar a cabo unha actuación en resposta a obxectivos compartidos.

Que en base aos artigos 1.1,11,25.1 y 2 apartados “l, m, n” y 57 todos eles da Lei 7/85 de 2 de Abril, reguladora das Bases do réxime Local o Concello ten capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins sendo canle inmediata de participación cidadá e en xeral para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da Comunidade Veciñal, así como de forma específica as actividades culturais, e deportivas e de ocupación do tempo libre outras de carácter social.

Que no artigo 86, apartado 1 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin

## **Segundo.- OBXECTIVOS**

Entre os obxectivos que se perseguen con estas actividades están:

- Aportar as actividades un elemento distendido, lúdico e formativo
- Favorecer un clima de convivencia potenciando valores como a colaboración, cooperación e o respecto entre participantes.
- Adquirir destrezas de traballo en equipo desenvolvendo actividades en diferentes campos integrados entre si.
- Lograr un ambiente de cooperación, respecto ,escoita, e distensión entre as persoas participantes
- Promover a equidade e igualdade entre todos e todas os nenos e as nenas do Concello de Santiago de Compostela para que poidan ter acceso as actividades extraescolares ofertadas polos diferentes centros educativos en igualdade de condicións, non sendo a insuficiencia económica un obstáculo que dificulte a súa posibilidade de acceso as mesmas

As actividades que se ofertan aos centros de ensino son diversas e variadas, destacando actividades lúdicas (debuxo, teatro, pandeireta...) actividades deportivas e motoras (baloncesto, patinaxe, capoeira...)

Todas estas actividades están dirixidas aos CEIP de Educación Infantil e Primaria do concello de Santiago de Compostela.

En atención a estas consideracións, as institucións mencionadas acordan subscribir o presente acordo de co organización

### **Terceiro.-ENTIDADES COORGANIZADORAS**

A entidade, FEDERACION GALEGA DE ANPAS COMPOSTELA, actúa aos efectos deste acordo, como representante dos centros de ensino que seguidamente se relacionan:

- CEIP PÍO XII
- CEIP LÓPEZ FERREIRO
- CEIP RAIÑA FABIOLA
- CEIP VITE
- CEIP MONTE DOS POSTES
- CEIP APÓSTOLO SANTIAGO
- CEIP AS FONTIÑAS
- CEIP RAMÓN CABANILLAS
- CEIP LAMAS DE ABADE
- CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS
- CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREII
- CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA
- CEIP DE ROXOS

Pola súa banda, o Concello de Santiago de Compostela ten entre os seus cometidos a promoción e o patrocinio de actividades (educativas, formativas, culturais, deportivas,...) que contribúan a mellora das condicións de vida do municipio, mediante a aportación de recursos financeiros, técnicos, humanos e organizativos necesarios.

Neste contexto, a Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, marca como obxectivo coordinar e mellorar os recursos de conciliación dentro do ámbito dos centros escolares, realizando actuacións que redunden en mellorar os servizos.

Polo exposto, ambas partes teñen a vontade de subscribir este ACORDO DE COORGANIZACIÓN e a tal fin:

**ACORDAN**

## **PRIMEIRO.- OBXECTIVO DO ACORDO.**

Establecer as condicións de coorganización das partes na xestión e tramitación das becas previamente concedidas polo Concello de Santiago para actividades extraescolares nos 13 Centros de Ensino Públicos de Santiago de Compostela relacionados anteriormente no punto Terceiro dos Antecedentes.

## **SEGUNDO. OBRIGAS E COMPROMISOS DAS PARTES**

Por parte do Concello de Santiago de Compostela, a través da Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais asumiranse os seguintes compromisos:

- Sufragar os gastos de xestión da xustificación das becas para actividades extraescolares do alumnado becado nos 13 centros escolares aos que representa a FEDERACION GALEGA DE ANPAS COMPOSTELA, aos efectos deste acordo, e que foron indicados anteriormente, polo importe mensual de 393,25 € (IVE incluído) segundo orzamento presentado pola empresa Avanza Servizos Escolares S.L..(Orzamento que se adxunta ao presente Acordo de Coorganización).

En total os gastos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela, desglósanse da seguinte maneira:

- Ano 2024 (xaneiro-xuño): 393,25 € x 6 mensualidades = 2.359,50 €
- Ano 2024 (outubro-décembro): 393,25 € x 3 mensualidades = 1.179,75 €
- Custo total: 3.539,25 euros (IVE incluído)

Pola súa banda, a FEDERACION GALEGA DE ANPAS COMPOSTELA, farase cargo dos demais gastos que supoña o desenvolvemento de ditas actividades extraescolares consistentes en:

- Mantemento de local e instalacións para a organización das actividades conxuntas e para a xestión da actividade administrativa.
- Publicidade e difusión das actividades das ANPAS composteláns
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes de voluntariado das anpas asociadas.

## **TERCERO. VIXENCIA**

O presente acordo entrará en vigor a partires da data da súa sinatura e permanecerá vixente ata 31 de Decembro de 2024.

O presente acordo poderá ser rescindido mediante comunicación por escrito anterior en, ao menos, dous meses a data do seu vencemento.

### **C.- AXUDAS INDIVIDUAIS PARA O USO DO SERVIZO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO ADAPTADO ÁS PERSOAS CON DÉFICITS DE MOBILIDADE E QUE NON PODEN OU PRESENTAN GRAVES DIFICULTADES PARA O USO DO TRANSPORTE COLECTIVO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A Constitución española de 1978, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas. Por outra parte, no seu artigo 49, establécese que os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, ás que lles prestarán a atención que requiran para o exercicio dos dereitos que o título I lle outorga a toda a cidadanía. Así mesmo, o artigo 4.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúelles aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, para o cal removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español e publicada no BOE de 21 de abril de 2008, establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade, así como o de promover o respecto á súa dignidade inherente. A Convención convértese nun instrumento, con carácter vinculante, que defende e garante os dereitos das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida.

Asemade, a Unión Europea elaborou a Estratexia europea sobre a discapacidade 2010-2020, que recoñece expresamente que, nun contorno accesible e sen barreiras, as persoas con discapacidade melloran, de forma significativa, as súas habilidades e a súa autonomía, incrementan a súa participación e autoxestión na vida diaria e social, evitan situacións de marxinación e reducen a dependencia de terceiros.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia sinala na súa exposición de motivos que a promoción



da autonomía persoal constitúe un dos principais retos da política social, debéndose de atender as necesidades daquelas persoas que, por atoparse en situación de especial vulnerabilidade, requiren apoios para desenvolveren as actividades esenciais da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poder exercer plenamente os seus dereitos como cidadáns.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social obriga aos poderes públicos a garantir o dereito á igualdade de oportunidades e de trato, así como ao exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade, nas mesmas condicións co resto da cidadanía, a través da promoción da autonomía persoal e da accesibilidade universal, de acceso ao emprego, da inclusión na comunidade e a vida independente, conforme ao disposto nos artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución Española de 1978 e á Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Por outra banda, a normativa de réxime local (de acordo ao disposto no art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local e no art. 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes, de acordo ao establecido nos arts. 25.2.e e 26.1.c da mencionada Lei 7/1985, de 2 de abril e no art. 81.c da Lei 5/1997, de 22 xullo.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral. Este texto marco para a regulamentación dos servizos sociais de Galicia fixa, no seu art. 3, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais o de garantir a vida independente e a autonomía das persoas en situación de dependencia. A existencia de medios de transporte adaptados resulta esencial para que as persoas afectadas por diversos tipos de discapacidade poidan desenvolver unha vida independente e, en consecuencia, disfrutar dos mesmos dereitos que o resto da cidadanía.

Asemade, a Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación (ESGAEN), como texto marco que inspira as actuacións para acadar unha vida activa saudable, independente e segura, fundamenta as liñas estratéxicas en varios eixes transversais, entre os que se destacan a discapacidade e o proceso de envellecemento no ámbito rural. Na terceira liña estratéxica contempla a necesidade de favorecer a comunicación como ferramenta de inclusión, traballando a prol da igualdade de oportunidades, aspecto

especialmente importante para as persoas con problemas de mobilidade e, tamén, para as persoas maiores ou con discapacidade que residen no contorno rural.

Analizando a realidade social do termo municipal de Santiago de Compostela, e segundo o estudio encargado por esta Concellaría á RETNOVA Proxectia Consulting (ano 2017) sobre a situación das persoas maiores no noso municipio, os déficits de transporte no contorno rural é un problema que afecta especialmente ás persoas maiores que alí residen, polo que entre as liñas estratéxicas e obxectivos que se propoñen figura o de *“facilitar desprazamentos en taxi para as persoas maiores con problemas de desprazamentos”* e *“impulsar bonificacións ou prestacións económicas para contribuír a pagar o gasto de servizo de taxi, co fin de facilitar os desprazamentos, a comunicación e a igualdade de oportunidades”*. Dende os Servizos Sociais Comunitarios compártese a análise e valoración realizada dende este estudio, aplicándoa tamén ás persoas con discapacidade (sen que teñan que ter recoñecido necesariamente os déficits de mobilidade), que residen nestas zonas, co fin de que poidan beneficiarse e participar, en condicións de igualdade, en tódolos ámbitos da vida social, cultural, educativa e laboral, fundamentalmente.

Tendo en conta pois que as persoas afectadas por graves problemas de mobilidade ou aquelas que, pertencendo ao colectivo de persoas maiores ou tendo recoñecida unha discapacidade, residen no contorno rural, ven limitadas as súas posibilidades de utilización dos servizos de transporte público, deberán ser obxecto de medidas compensatorias para corrixir as desigualdades. Corresponden, xa que logo, a este Concello, as encamiñadas a:

- ✦ Facilitar o desenvolvemento da vida diaria, incidindo no principio de igualdade de dereitos.
- ✦ Fomentar a autonomía e o desenvolvemento das capacidades persoais.
- ✦ Favorecer a convivencia comunitaria, dende o respecto á diferenza de cada quen.

Con estes obxectivos, a Concellaría de Políticas Sociais e Saúde convoca para o ano 2022, axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela. Puideron ser beneficiarios destas axudas, as persoas que cumpriran os seguintes requisitos:

- a) Estaren empadroadas no ámbito territorial<sup>2</sup> do termo municipal de Santiago de Compostela e permanecer de alta no Padrón Municipal mentres perciban a axuda.
- b) Teren recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade, cun grao igual ou superior ao 33 % e mobilidade reducida que impida ou dificulte gravemente o emprego de transportes públicos colectivos. Esta circunstancia debe estar acreditada no certificado oficial ou na tarxeta acreditativa do grao de discapacidade

---

<sup>2</sup> Recóllese así o establecido na observación complementaria segunda do informe de Intervención nº 332/2018, xa que o artigo 12.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, recolle que *“el término municipal es el territorio en el que el ayuntamiento ejerce sus competencias”*. Evidentemente, só poderán acceder a estas axudas as persoas, veciñas de Santiago de Compostela, que se atopan empadroadas no ámbito territorial deste termo municipal.

emitidos ambos documentos polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Tamén poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas con 65 anos ou mais, ou aquelas que teñan recoñecida legalmente unha discapacidade, sempre e cando en ambos supostos acrediten residir en zona rural, de acordo ao que se faga constar na solicitude e que se poida constatar a través do Padrón Municipal.

- c) Non dispor duns ingresos persoais superiores ao 300 % do IPREM vixente anual.
- d) Que a persoa solicitante desta axuda careza de vehículo adaptado<sup>3</sup>. Poderase eximir deste requisito aquelas que, por causas debidamente xustificadas, calquera circunstancia lle impida a súa utilización.
- e) Non ser beneficiario do Transporte Adaptado 065<sup>4</sup> da Xunta de Galicia para esa mesma finalidade. Poderá solicitarse estas axudas cando non exista dispoñibilidade de desprazamento por este servizo.

Indicar que non se recolle o establecido na observación terceira do informe de Intervención nº 332/2018, no referente á incompatibilidade co subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte, dado que a Lei 13/1982, de 7 de abril, de integración social dos minusválidos, ao regular a mencionada prestación indica que as persoas poden beneficiarse doutra axuda pola mesma finalidade, sempre e cando esta non sexa de importe igual ou superior á estatal. Este é o caso das prestacións municipais; así, unha persoa que sexa beneficiaria do subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte vai percibir anualmente a cantidade de 759,60 €/ano; os importes máximos que se poden percibir a nivel municipal son considerablemente inferiores á anterior cantidade (350 €/ano). Polo tanto e atendendo á lexislación social vixente, dende o Departamento de Servizos Sociais non se aprecia tal incompatibilidade. O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas usuarias, segundo o tramo de ingresos e de acordo ao establecido na seguinte táboa:




<sup>3</sup> Recóllese así o establecido na observación complementaria terceira do informe de Intervención nº 332/2018.

<sup>4</sup> Recóllese así o establecido na observación complementaria terceira do informe de Intervención nº 332/2018.

LÍMITE DE INGRESOS	CONTÍA MÁXIMA QUE SE CONCEDE
ATA O 150 % DO IPREM ANUAL	350 €, pago único.
MÁIS DO 150 % E ATA O 250 % DO IPREM ANUAL	250 €, pago único.
MÁIS DO 250 % E ATA O 300 % DO IPREM ANUAL	150 €, pago único.

## DATOS DE XESTIÓN.


O perfil das persoas beneficiarias das axudas municipais de taxi se concreta en:



Fonte: Datos XI ESS, ano 2024



E os datos de xestión económicas deste programa son os seguintes:



Fonte: Datos XI ESS, ano 2024

## D.- A ATENCIÓN DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU DE URXENCIA SOCIAL

### Fundamentación.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, sinala que os concellos teñen competencia para “... a avaliación e información de situacións de necesidades e a atención inmediata a persoas en situación ou en risco de exclusión social”. Isto significa que a intervención social, en casos de emerxencia ou de urxencia social, pode precisar unha intervención inmediata para garantir a integridade física das persoas. Cando unha persoa precisa alimentos e/ou roupa coa que cobizarse non pode esperar a ter

tramitada ou resolta unha determinada prestación económica, todo o contrario!. Precisa actuación no mesmo momento.

Nos últimos anos, este concello está a desenvolver unha especial labor coas persoas que pernoctan na rúa, coa finalidade de que saian desta situación e poidan vivir nunhas condicións dignas, sempre respectando o principio de autodeterminación recollido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e no propio Código Deontolóxico de Traballo Social. Unha situación de urxencia social require inmediatez na intervención e unha intervención deste tipo require medios para poder realizala.


Situacións similares lles afectan a algunhas persoas maiores que residen soas. Necesidades que van dende unha atención persoal e doméstica (que se implementa dende o Servizo de Axuda no Fogar coa modalidade de Libre Concorrenza, especialmente), pero tamén para adquirir medios para poder prestar este servizo (alimentos perecedoiros, alimentos non perecedoiros, produtos de hixiene persoal, produtos para a limpeza da vivenda, roupa, entre outros). Non é a primeira vez que nos atopamos “limitados” para poder comezar a prestación dun servizo, por non ter medios con que facelo.

Nos últimos anos tamén se están detectando casos en situación de emerxencia sociosanitaria: falamos daquelas persoas afectadas polo “síndrome de Dióxenes” e incluso polo “Síndrome de Noé”, que requiren “limpezas de choque” e desinfeccións nos seus domicilios, pero para as cales é preciso dispor dun bo número de produtos de limpeza.

Falar de urxencia social é falar de atención social inmediata, sen demoras de tempos nin de medios. Falar de emerxencia social é falar de algo moi semellante, pero con matices: estaríamos ante situacións obxectivas de desprotección social, é dicir, de situacións onde a persoa se atopa de forma repentina sen medios para dar resposta ás súas necesidades mais básicas.

En definitiva, as/os profesionais de Servizos Sociais precisan dispor de medios para utilizar nas intervencións de urxencia/emergencia social; é dicir, neste tipo de situacións:






*Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.*

A actuación que se facilita (entrega de produtos de primeira necesidade) se realiza a persoas e/ou familias, de xeito puntual, que se atopen nunha situación de emerxencia ou de urxencia social, cunha situación económica deficitaria. Considérase situación económica carencial aquela que teñan ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional, incrementado nun 10 % por cada membro adicional da unidade de convivencia.

## En que consiste?

Este recurso se concreta na entrega de produtos de primeira necesidade (alimentos non perecedoiros, alimentos perecedoiros, produtos de hixiene persoal, produtos para a hixiene da vivenda, roupa e enseres para a casa, vestiario persoal, entre outros). A adquisición destes enseres sempre será realizada por persoal do Departamento municipal de Servizos Sociais.

Con esta medida asistencial, o concello de Santiago de Compostela, a través do Departamento municipal de Servizos Sociais, pretende acadar o seguinte:



*Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2024.*

## Obxectivos

Con este programa, o Departamento municipal de Servizos Social pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Detectar situacións de emerxencia ou de urxencia social, en colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e/ou do SERGAS.
- Cubrir de xeito inmediato necesidades primarias (alimentación, hixiene e vestiario) que poida presentar as veciñas ou veciños de Compostela que se atopen nunha situación de emerxencia ou de urxencia social.
- Dar cobertura ás necesidades básicas da veciñanza á espera de que se obteñan recursos de percepción periódica que poida cubrilas.
- Garantir a protección da integridade física das persoas en situación de emerxencia ou de urxencia social.
- Potenciar a adquisición de produtos no propio municipio, como modo de apoiar a economía de Santiago de Compostela.
- Actuar de forma coordinada na atención social co SEMUS e con Protección Civil, así como cos corpos e forzas de seguridade do estado.



Durante o ano 2024, atendéronse un total de 82 actuacións de emerxencia social, o que equivale a dicir que se apoiaron a 234 persoas nestas circunstancias. Os datos, mais polo miúdo, se axustan ao seguinte:

**Táboa: Situacións de emerxencia por ámbito territorial e social.**

UTS	Nº	% V
UTS 1.- VITE	4	4,88%
UTS 2.- FONTIÑAS	23	28,05%
UTS 3.- CONXO	8	9,76%
UTS 4.- CASTIÑEIRIÑO	2	2,44%
UTS 5.- PORTA DO CAMIÑO	9	10,98%
UTS 6.- MONUMENTAL	0	0,00%
UTS 7.- RURAL NORTE	0	0,00%
UTS 8.- SAN LÁZARO	12	14,63%
UTS 9.- RURAL OESTE	0	0,00%
UTS 10.- SAN LOURENZO	0	0,00%
UTS 11.- ENSANCHE I	8	9,76%
UTS 12.- ENSANCHE II	5	6,10%
UTS 13.- PONTEPEDRIÑA	4	4,88%
UTS 14.- SAR	7	8,54%
TOTAIS	82	100,00%

*Fonte: Datos Sección de Servizos Sociais, ano 2024.*

Segundo a táboa anterior, podemos observar como as dúas zonas que mais esixiron a intervención de urxencia foi a de Fontiñas (cun 28,05 % dos casos), San Lázaro (cun 14,63 %) e Porta do Camiño (cun 10,98 % dos casos).

**Táboa: Fontes de derivación dos casos.**

DERIVADA POR	Nº	% V
CENTROS DE SAUDE	0	0,00%
CONCELLEIRA DE POLÍTICAS SOCIAIS	0	0,00%
HOSPITAIS	0	0,00%
POR PETICION PERSOA USUARIA	0	0,00%
POLICIA	0	0,00%
PROTECCION CIVIL	0	0,00%
PROVIVENDA, ASOCIACION	0	0,00%
SERVIZOS SOCIAIS-PASS	73	89,02%
SERVIZOS SOCIAIS-SAF	0	0,00%

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

DERIVADA POR	Nº	% V
SERVIZOS SOCIAIS-SEN TEITO	9	10,98%
SERVIZOS SOCIAIS-INCLUSION RESIDENCIAL	0	0,00%
SERVIZOS SOCIAIS-INCLUSION SOCIAL	0	0,00%
XULGADO	0	0,00%
TOTAIS	82	100,00%

Fonte: Datos Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

As actuacións de emerxencia requiriron, ademais da pertinente intervención técnica, o seguinte:

Táboa: Actuacións de emerxencia social.

ACTUACIÓN DE EMERXENCIA	Nº	% V
ALIMENTACIÓN	71	86,59%
ALIMENTACIÓN E ROUPA	11	13,41%
ALOXAMENTO	0	0,00%
GASTOS FARMACEUTICOS	0	0,00%
ROUPA	0	0,00%
SERVIZO DE TAXI	0	0,00%
TRANSPORTE EN TREN	0	0,00%
TRANSPORTE EN AVION	0	0,00%
TOTAIS	82	100,00%

Fonte: Datos Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

IMPORTE GASTADO	8.391,83 €
NÚMERO DE PERSOAS ÁS QUE SE LLE PRESTOU AXUDA	234

Fonte: Datos Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

IMPORTE GASTADO	8.391,83 €
NÚMERO DE PERSOAS ÁS QUE SE LLE PRESTOU AXUDA	234

Fonte: Datos Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

**Expediente:** MEN/SERV/C05.01.01/2023000394

**Referencia interna:** 2023/00011484B - CONTRATACIÓN SERVIZOS SOCIAIS ANO 2024

**SERVIZO PARA A ADQUISICIÓN DE PRODUTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE A PERSOAS OU FAMILIAS, DE XEITO PUNTUAL, QUE SE ATOPEN NUNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU DE URXENCIA SOCIAL, CUNHA SITUACIÓN ECONÓMICA DEFICITARIA, POR PARTE DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO CONCELLO DE SANTIAGO**

**Tipo de contrato:** Servizos **Procedemento:** Contrato menor

## Informe Nº 54/2024- TFT- INF. TÉC

### **1. OBXECTO DO CONTRATO**

O servizo para a adquisición de produtos de primeira necesidade a persoas ou familias, de xeito puntual, que se atopen nunha situación de emerxencia ou de urxencia social, cunha situación económica deficitaria, por parte do departamento de servizos sociais no concello de Santiago se concreta nun servizo para a adquisición de produtos de primeira necesidade (alimentos non perecedoiros, produtos de hixiene persoal, produtos para a hixiene da vivenda, roupa e enseres para a casa, vestiario persoal, entre outros). A adquisición destes enseres sempre será realizada por persoal técnico do Departamento municipal de Servizos Sociais e entregado no domicilio que sexa sinalado no momento da devandita adquisición.

### **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, sinala que os concellos teñen competencia para “... a *avaliación e información de situacións de necesidades e a atención inmediata a persoas en situación ou en risco de exclusión social*”. Isto significa que a intervención social, en casos de emerxencia ou de urxencia social, pode precisar unha intervención inmediata para garantir a integridade física das persoas. Cando unha persoa precisa alimentos e/ou roupa coa que cobizarse non pode esperar a ter tramitada ou resolta unha determinada prestación económica, todo o contrario!. Precisa actuación no mesmo momento.

Nos últimos anos, este concello está a desenvolver unha especial labor coas persoas que pernoctan na rúa, coa finalidade de que saian desta situación e poidan vivir nunhas condicións dignas, sempre respectando o principio de autodeterminación recollido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e no propio Código Deontolóxico de Traballo Social. Unha situación de urxencia social require inmediatez na intervención e unha intervención deste tipo require medios para poder realizala.


Situacións similares lles afectan a algunhas persoas maiores que residen soas. Necesidades que van dende unha atención persoal e doméstica (que se implementa dende o Servizo de Axuda no Fogar coa modalidade de Libre Concorrenza, especialmente), pero tamén para adquirir medios para poder prestar este servizo (alimentos perecedoiros, alimentos non perecedoiros, produtos de hixiene persoal, produtos para a limpeza da vivenda, roupa, entre outros). Non é a primeira vez que nos atopamos “*limitados*” para poder comezar a prestación dun servizo, por non ter medios con que facelo.

Ultimamente tamén se están detectando casos en situación de emerxencia sociosanitaria: falamos daquelas persoas afectadas polo “*síndrome de Dióxenes*” e incluso polo “*Síndrome de Noé*”, que requiren verdadeiras “*limpezas de choque*” e desinfeccións nos seus domicilios, pero para as cales é preciso dispor dun bo número de produtos de limpeza.

Falar de urxencia social é falar de atención social inmediata, sen demoras de tempos nin de medios. Falar de emerxencia social é falar de algo moi semellante, pero con matices: estaríamos ante situacións obxectivas de desprotección social, é dicir, de situacións onde

a persoa se atopa de forma repentina sen medios para dar resposta ás súas necesidades máis básicas.

En definitiva, as/os profesionais de Servizos Sociais precisamos dispor de medios para utilizar nas intervencións de urxencia/emergencia social; é dicir, neste tipo de situacións:



A actuación que se facilita (entrega de produtos de primeira necesidade) se realiza a persoas e/ou familias, de xeito puntual, que se atopen nunha situación de emerxencia ou de urxencia social, cunha situación económica deficitaria.

Considérase situación económica carencial aquela que teñan ingresos inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional, incrementado nun 10 % por cada membro adicional da unidade de convivencia.

Con este programa, o Departamento municipal de Servizos Social pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Detectar situacións de emerxencia ou de urxencia social, en colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e/ou do SERGAS.
- Cubrir de xeito inmediato necesidades primarias (alimentación, hixiene e vestiario) que poida presentar as veciñas ou veciños de Compostela que se atopen nunha situación de emerxencia ou de urxencia social.



- Dar cobertura ás necesidades básicas da veciñanza á espera de que se obteñan recursos de percepción periódica que poida cubrilas.
- Garantir a protección da integridade física das persoas en situación de emerxencia ou de urxencia social.
- Potenciar a adquisición de produtos no propio municipio, como modo de apoiar a economía de Santiago de Compostela.
- Actuar de forma coordinada na atención social co SEMUS e con Protección Civil, así como cos corpos e forzas de seguridade do estado.

O Departamento de Servizos Sociais non conta cos medios humanos e materiais suficientes para a realización da actividade prevista.

O obxecto do contrato non se ten configurado para evitar a aplicación de regras xerais de contratación, e non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.

### **3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN**

<b>CONCEPTO</b>	<b>TOTAL</b>
Alimentos non perecedoiros	Ata 2.500,00€
Produtos de hixiene persoal ou da vivenda	Ata 2.500,00€
Roupa e enseres para a casa	Ata 2.000,00€
Roupa e vestiario persoal para nenos/as e adultos.	Ata 1.181,82€
<b>TOTAL IMPORTE SEN IVE</b>	<b>8.181,82€</b>

### **4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE**

En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo, ao ser seu importe inferior a 15.000 euros, IVE non incluído.

### **5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación competente é a Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, de conformidade co acordo de delegación da Xunta de Goberno Local e as bases de execución do orzamento municipal.

### **6. VALOR ESTIMADO**

O Valor Estimado estará integrado por:

- Custes laborais: (detallar se procede)
- Honorarios profesionais: (detallar se procede)
- Outros custes de execución material: (detallar se procede)
- Gastos Xerais:
- Beneficio industrial:

TOTAL Valor Estimado:

Valor sen IVE: 8.181,82 euros  
IVE (10,00 %): 818,18 euros  
Valor con IVE: 9.000,00 euros

### **7. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Aplicación Orzamentaria / Proxecto GFA	Data orzamento	Denominación	Importe IVE incluído
2023-020 23100 2210500	2024	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. PRODUTOS ALIMENTICIOS	9.000,00

### **8. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución será de a partir da notificación da adxudicación ata o 15 de novembro de 2024, sen que poda exceder do ano natural, nin ser obxecto de prórroga ou revisión de prezos nin supor fraccionamento.

### **9. LUGAR DE PRESTACIÓN**

No establecemento do edificio do CORTE INGLÉS, na rúa do Restollal en Santiago de Compostela

### **10. RESPONSABLE DO CONTRATO**

FURELOS TORAL, TERESA

### **11. FORMA DE PAGO DO PREZOS**


Mediante a presentación de facturas individuais por cada compra que sexa realizada, expeditas pola entidade e conformada pola responsable do contrato. As facturas deberán ir acompañadas dunha relación dos produtos que constitúan o servizo realizado.

### **12. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA**

Denominación	EL CORTE INGLÉS, S.A.
Número identificación fiscal	A28017895
Domicilio	Rúa Hermosilla, 112, 28001 MADRID
Teléfono	650246838
e-mail	susana_seoanemera@elcortheingles.es

## O TRABALLO SOCIAL INDIVIDUALIZADO.

A atención individualizada céntrase, por un banda, en recibir a demanda da persoa, analizada, valorala e promover a xestión de recursos axeitada para dar resposta a súa petición, respectando ao máximo a lexislación vixente. Centrarnos só neste punto sería situarnos nunha esfera meramente asistencialista. Hai que dar un paso a mais: captar as necesidades da veciñanza. E isto pode facerse achegándose á comunidade, á veciñanza, ás familias e ás institucións do ámbito social, educativo e sanitario, fundamentalmente. A intervención individual pódese esquematizar do seguinte xeito:



Fonte: Sección de Servizos Sociais; elaboración propia, 2024.



Semella que é unha intervención lineal, cando iso non se corresponde coa realidade, dado que é común que a fase de estudo se manteña durante toda a intervención, que reformulemos as aproximacións diagnósticas e, tamén, os proxectos de intervención social.

**A INTERVENCIÓN SOCIAL É COMPLEXA: OS RECURSOS SON UN INSTRUMENTO, NON UN FIN.**

Situación económicas graves (carencia ou insuficiencia de recursos para cubrir necesidades básicas: alimentos, vestuario, medicación, aloxamento...)	Tramitación de recursos (PNC, RISGA, Compostela Mais, Axudas de Inclusión Social, exención cuotas auga, bonobus...) + derivación a entidades sociais (Caritas, Cruz Vermella...)
Persoas adultas, con ou sen menores, con inadecuada organización persoal, familiar e económica: non administración adecuada de presuposto, descoñecemento de recursos, non colaboradores cos servizos, etc.	Derivación a Programa municipal socioeducativo, Abeiro, Axuda no Fogar, etc.
Menores en situación de risco social (absentismo escolar, desescolarización, proxenitores con falta de habilidades, seguimento sanitario inadecuado, con condutas adictivas, comportamentos disruptivos e predelictivos, etc.)	Traballo conxunto co Programa municipal socioeducativo, Abeiro, Axuda no Fogar, apoio psicolóxico, intervención conxunta con centros educativos, sanitarios, coordinación con Equipo Técnico de Menores, Centro de Día, Fiscalía, etc.
Menores en situación de desamparo (situación de abandono, abusos, maltrato, negligencia, condutas adictivas consentidas, indución á delincuencia e á mendicidade, etc.)	Derivación e traballo coordinado co Equipo Técnico de Menores e Centro de Día; Fiscalía, instancias xudiciais, etc.
Maiores en situación de vulnerabilidade social (avanzada idade, soedade, familias non adecuadas, falta de rede de apoio, negligencia nos cuidados, maltrato, abandono, problemas de saúde, etc). Persoas con discapacidade.	Axuda no Fogar, teleasistencia domiciliaria, voluntariado, centros de día, ingreso en residencia, Fiscalía, instancias xudiciais, etc... Coordinación co sistema sanitario.
Persoas en situación de dependencia e/ou con factores de risco social engadidos (avanzada idade, soedade, familias non adecuadas, falta de rede de apoio, negligencia nos cuidados, maltrato, abandono, problemas de saúde, etc).	Axuda no Fogar, teleasistencia domiciliaria, voluntariado, centros de día, ingreso en residencia, Fiscalía, instancias xudiciais, etc... Coordinación co sistema sanitario e con centros residenciais
Persoas con problemas de saúde mental, sen adecuado seguimento sociosanitario, ausencia dun rede de apoio familiar, familias con sobrecarga, con responsabilidade con menores, con conflitos na comunidade, etc.	<b>O PROBLEMA....</b> Importante: a coordinación entre Saúde, Servizos Sociais, Fiscalía e instancias xudiciais. Coordinación con Cáritas, Vieiro, Cociña Económica, Albergue, Cruz Vermella, Policía Local, Colexio de Psicoloxía, de Abogados, .... Ver si hai factores engadidos que requiran a intervención de Fiscalía e instancias xudiciais
Persoas sen fogar e/ou con traxectoria vinculada a situacións de exclusión social: ausencia de domicilio, desafuzamentos, chabola, infravivenda, etc...	Centro municipal de información á muller: información e orientación, xestión de recursos, apoio psicolóxico e orientación legal
Mulleres, con problemas de violencia de xénero	

Fonte: Sección de Servizos Sociais; elaboración propia, 2024.



Para poder intervenir en cada un dos casos, as profesionais dos Puntos de Atención de Servizos Sociais empregan diversas técnicas:



Gráfico: Técnicas empregadas polos profesionais dos Servizos Sociais Comunitarios.




Fonte: Sección de Servizos Sociais; elaboración propia, 2024.

O protocolo de intervención dentro da prestación básica de información e orientación que se implementa dende cada PASS e dende cada UTES se pode sintentizar en:



Proceso metodolóxico de intervención.



Fonte: Adaptación propia realizada a partir da aportación de Gustavo García (1989); pp. 61.

## O TRABALLO SOCIAL FAMILIAR.

A maiores da intervención individualizada, tamén se intervén dende unha óptica integral e familiar, tendo en conta a tódolos integrantes dos núcleos de convivencia, coa finalidade de:

- ⊕ Previr e diminuír a desestruturación persoal e/ou socio-familiar naquelas unidades de convivencia que atravesan situación de crise, mediante a aplicación dos

recursos e proxectos de intervención existentes, prestacións de apoio psico-social e dinamización das potencialidades existentes no eido intrafamiliar e comunitario.

- ✦ Incidir positivamente na autonomía das familias, evitando a cronificación dos conflitos sociais, que poden repercutir de xeito negativo no desenvolvemento da vida dos menores.

Este proceso de intervención social de apoio á familia concrétese nas seguintes tarefas:

1. **Estudio** detallado das circunstancias que rodean cada situación de conflito ou os déficits convivenciais, axudando á persoa e á súa familia a ser consciente da súa propia situación, de como se produciu e por que, como se manifesta e cales poden ser as súas consecuencias.
2. **Reforzar**, en relación con todo isto, as motivacións para superar estas situacións conflitivas ou carenciais. Axudar á persoa ou grupo familiar a determinar cales son os **obxectivos** que desexan acadar, no que á convivencia se refire, e en que condicións debe producirse.
3. **Programar o proceso** mais adecuado para lograr os obxectivos expresados pola persoa ou grupo familiar, de acordo con eles mesmos. Procurar o **apoio e a orientación** necesaria para levar a cabo o proceso, particularmente no que á utilización de recursos e programas se refire.
4. Educar aos membros do grupo familiar na **adquisición de hábitos e destrezas**.

Este conxunto de tarefas levaranse a cabo a través da implementación de diversas técnicas, segundo a casuística da situación sociofamiliar, que pasan dende o estudo pormenorizado da situación, a elaboración do diagnóstico profesional correspondente e o deseño do itinerario de intervención (tanto a nivel individual, familiar ou grupal). Dende este proxecto, as profesionais dos diferentes PASS, desenvolven tarefas encamiñadas a:



<p>Táboa: Actuacións profesionais dende os PASS.Apoiar ás familias</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ De <b>atención directa</b>: estudo das dinámicas familiares, valoración técnica e diagnóstico profesional (síntese de situacións carencias e conflitivas, puntos débiles a traballar e fortes a potenciar), deseño do itinerario de inserción social (adquisición de compromisos, calendarización, ...), tratamento social das mesmas e seguimento das medidas acordadas.</li> <li>✦ <b>Mobilización de recursos</b>: xestión de participación en programas específicos do ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos (Programa municipal Socioeducativo, Servizo municipal de axuda no fogar, etc...) e prestacións económicas (Renda de Integración Social de Galiza, Renda Activa de Inserción, Axudas de Inclusión Social, Prestacións da Ordenanza de Garantía Básica Cidadá, etc...).</li> <li>✦ <b>Traballo en rede</b> con equipos específicos pertencentes tanto aos propios Servizos Sociais Comunitarios Básicos, a outros dispositivos locais, autonómicos e/ou entidades de iniciativa social.</li> </ul>
<p>Establecer alternativas á convivencia</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>✦ De <b>atención directa</b>: estudo e valoración técnica de cada unha das situacións familiares, avaliación dos proxectos de intervención social nos que puideran estar incluídos, valoración da medida que, a priori, se estime como mais procedente (asunción de garda, asunción de tutela, acollemento familiar e/ou residencial, etc...), seguimento da alternativa aplicada e traballo social coa familia biolóxica co obxecto de incidir no retorno do menor (cando este sexa posible e tecnicamente aconsellable).</li> <li>✦ De <b>identificación e traballo con posibles familias acolledoras</b> (xeralmente, pertencentes á familia extensa).</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia, 2022.


Para o desenvolvemento destas actuacións técnicas, dende os diferentes PASS, empréganse diversas técnicas, entre as que se poden mencionar:

- ✦ **Entrevistas iniciais**, de contacto coa persoa e coa situación-problema, que debe ter permanentemente presente o factor de empatía e que asumen, basicamente, un carácter de “*non dirixida*”, co obxecto de que a información flúa en tódalas súas dimensións.
- ✦ **Entrevistas exhaustivas e intensivas**; trátase duna entrevista aberta, que ten como obxectivo principal acadar un coñecemento psicosocial da familia e da magnitude da problemática intrafamiliar.
- ✦ **Entrevistas focalizadas**, dirixidas ao tratamento das problemáticas detectadas; mobilización de recursos adecuados para afrontar as mesmas.
- ✦ **Visitas domiciliarias**, co obxecto de coñecer *in situ* a problemática sociofamiliar e a dinámica relacional.
- ✦ **Visitas aos profesionais doutras institucións e servizos**, co obxecto de traballar en rede na abordaxe das problemáticas sociais que se presentan.
- ✦ **Xuntanzas con outros técnicos** que están a intervir, dende distintos ámbitos, no seo intrafamiliar, co obxecto de analizar globalmente a problemática social detectada.



Indicar que ao longo do ano 2017 se realizaron cambios organizativos importantes, encamiñados á constitución de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES). Polo tanto, os datos máis pólo miúdo sobre a intervención co colectivo infanto-xuvenil van estar contemplados no apartado específico de “servizo de educación e apoio familiar”.

Figura: Fluxograma do proxecto de apoio familiar.



## O TRABALLO SOCIAL COMUNITARIO.



O desenvolvemento comunitario constitúese, no marco dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos, como unha técnica de intervención prioritaria, que pretende acadar os obxectivos de promoción social e de mobilización dos recursos humanos, considerando á poboación non como suxeito pasivo da intervención, senón como elemento activo na mesma. Atende basicamente ao proceso educativo a á promoción de cambios en grupos pequenos. Establécese como unha acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social de determinados barrios, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, trata de organizar o proceso evolutivo dunha comunidade territorialmente ben delimitadas e dunha poboación-obxectivo, coa participación dos interesados. Pártese da premisa de que os barrios son espazos comunitarios referenciais para os grupos sociais; son, asemade, espazos educativos que permiten a interacción entre os veciños e as veciñas dende múltiples ópticas. Entendendo que todo espazo comunitario, dotado de recursos e organizado en todas as súas dimensións, será sempre un espazo produtivo de relacións humanas positivas. Indicar que nestes intres están funcionando en Santiago de Compostela varias redes comunitarias, con diferente intensidade na intervención, moi condicionada polos anos de evolución:

Vexamos o traballo comunitario levado a cabo en cada unha delas durante o ano 2024:

### **A.- A INTERVENCIÓN COMUNITARIA NO BARRIO DE VITE.**

#### **1. Introducción**

VITE-REDE xurde no ano 2009 froito das accións que se están a desenvolver na comunidade por parte de distintas entidades e servizos, co obxecto de darlle un novo impulso ao tecido social e realizar actuacións que melloren o benestar da veciñanza.

Contando cos recursos existentes na zona (tanto no ámbito público coma de iniciativa social) no en orde a acadar un mellor aproveitamento e creación doutros novos, considerando á poboación como un recurso básico.

O Traballo Comunitario, desenvolvemento que ten accións dirixidas ao aumento do benestar dunha colectividade e que, á súa vez, dan resposta a uns temas concretos.

As administracións públicas e os diferentes traballos da comunidade únense nun plan de desenvolvemento económico, técnico, social, e cultural, que contará coa participación de profesionais do eido social, que realizan a súa actuación na comunidade de referencia. A través deste preténdese o desenvolvemento xeral, e o alcance dos obxectivos para satisfacer as necesidades da Comunidade. Polo que se pode coñecer o Traballo Comunitario como unha técnica de participación de recursos humanos que trata de actuar nun proceso educativo e nas modificacións nos grupos da comunidade.

É dicir, o Traballo Comunitario é unha intervención profesional desde a que se traballa conxuntamente coa comunidade para facer fronte ás necesidades sociais detectadas, facendo que o propio barrio sexa partícipe na solución dos seus problemas, levando a un crecemento individual e grupal o que equivalería aos seus obxectivos.

Para alcanzar o benestar social, o traballo social comunitario é esencial na súa consecución, explotando os máximos recursos existentes ou xerando uns novos, sendo o recurso principal a comunidade. Este é un proceso no que se busca o progreso da sociedade nese territorio (Fernández, 2018).

O traballo comunitario foi considerado como un dos tres métodos de intervención, unido co traballo social individualizado e o traballo social grupal. Podemos ver que este, foi designado de distintas maneiras, como por exemplo desenvolvemento comunitario ou intervención comunitaria, aínda que todos refírense ao traballo realizado para a mellora do benestar social da poboación. Este traballo está formado pola participación, a solidariedade, a convivencia e o apoio profesional.

Poboación total do barrio de Vite: 12.352\* habitantes

- Poboación estranxeira; 9,81%
- Persoas maiores que viven soas: 18,30%
- Persoas menores de idade: 16.17%
- Xoves: 7.72%
- Persoas adultas: 52.97%

A presenza da comunidade xitana no barrio de Vite ascende a 310 persoas

## **2. Ámbito territorial**

Por comunidade enténdese un territorio concreto cunha poboación determinada que dispón de determinados recursos con determinadas demandas e á súa vez, forma parte do conxunto de territorio, poboación, recursos e demandas.

Xa que se traballa nun país democrático, a dimensión da comunidade é o municipio, gobernado polo concello. Dentro dun traballo comunitario, existen tres protagonistas, os cales son: as administracións, os recursos, e a poboación, estes tres deben implicarse correctamente. En canto á participación, é o punto máis importante da causa xa que é necesario a participación de todos os protagonistas, cada un desde a súa perspectiva.

Por último, cabe destacar que o traballo comunitario non está ligado con poboación marxinal nin con certas comunidades territoriais, se non que se pode desenvolver un proceso comunitario en calquera tipo de comunidade con diferentes formas de traballo.

A comunidade como xa se nomeou anteriormente, enténdese como a agrupación dos catro factores da intervención comunitaria (territorio, poboación, demandas e recursos).

A continuación, realizarase unha descrición destes catro factores.

En primeiro lugar, explicaremos o territorio, que pode afectar de maneira positiva ou negativa nas vivencias da poboación por iso o profesional debe analízalo xa que existen diferentes barreiras; sociais, culturais, físicas... desta forma dáse inicio ao traballo comunitario utilizando instrumentos como o plano ou mapa da comunidade.

Con respecto á poboación, é importante coñecerla e a relacións que existen entre elas. Á súa vez, debemos coñecer as organizacións e asociacións existentes e aos seus encargados. En canto aos recursos, Marchioni divídeos en tres: públicos, privados e voluntarios que, á súa vez, poden actuar en diferentes ámbitos. Todos os recursos estarán incluídos no ficheiro comunitario.


Outro dos factores son as demandas, xa que son o punto de partida dun proceso comunitario e á súa vez van ligadas ás necesidades da comunidade.

O ámbito territorial de actuación do Proxecto de Intervención Socio-comunitaria na área de influencia das Unidades de Traballo Social de Vite e Santiago Norte abrangue os barrios de Vite, Guadalupe, Salgueiriños e Meixonfrío, que forman parte da área de influencia da Unidade de Traballo Social 01 (Sinalada no mapa en vermello).

Poboación total do barrio de Vite 12.352 habitantes, segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2023\*.







No ámbito territorial da UTS Vite residen 12.387 persoas, que equivale a dicir o 12,37 % da poboación de dereito de Santiago de Compostela. Cabe indicar que a zona de Vite experimentou unha lixeira alza de poboación durante o ano 2023 con respecto ao ano anterior.

Descrición do Proxecto de actuacións Socio Comunitarias na area de influencia da Unidades de Traballo e Educación Social de Vite: Os Servizos Sociais Comunitarios Básicos Municipais, seguindo os principios de descentralización e desconcentración establecidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e co gallo de estar máis próximos á cidadanía, conta cun Punto de Atención de Servizos Sociais ubicado na Casa das Asociacións de Benestar Social, sita na Rúa Manuel María 6, en Salgueiriños. Trátase dun equipamento municipal dende o cal se atenden a Unidade de Traballo e Educación Social (U.T.E.S.) de zona de Vite (01).

Na programación e participación do proceso comunitario, a participación é un punto crave e os profesionais son os que tratarán de crear momentos concretos e reais para a participación nas decisións que se tomarán, é dicir o equipo técnico será o que se encargue de dar unha serie de pautas para a organización da poboación. Cabe destacar que a participación non ha de converterse como unha obrigação persoal. Doutra banda, o factor tempo é un aspecto negativo no proceso comunitario posto que é un ben escaso. Por iso, os horarios han de ser flexibles. Como outro punto importante destaca que, “todo proceso participativo ten que crear novas organizacións sociais”.

O desenvolvemento comunitario establécese como unha acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social dun barrio ou zona, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, trata de organizar o proceso evolutivo dunha comunidade territorialmente ben delimitadas e dunha poboación-obxectivo, coa participación activa dos interesados, dando cumprimento ao artigo 11 (apartados a, b, c e h)<sup>5</sup> da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008).

<sup>5</sup> Son funcións propias dos Servizos Sociais Comunitarios básicos, entre outras, as seguintes:

**Vite Rede** é un equipo formado por técnicas do PASS Cabes, desde onde se establece a Dinamización e entidades participantes con máis de vinte anos de experiencia en diferentes campos da Intervención Social: intervención comunitaria, participación cidadá, xestión de conflitos, inserción sociolaboral, condución de grupos, intervención familiar, intervención e educación no tempo libre



Por outra banda, o Plan Comunitario de Vite e a Asociación de Veciños e Veciñas, ten ampla experiencia en crear e poñer en marcha procesos participativos e de desenvolvemento comunitario, o que supón un conxunto de experiencias e aprendizaxes, individuais e colectivos, que se poñen ao servizo da cooperativa para contribuír ao seu obxecto social.

### 3. Obxectivos

A forma de traballar é que se ten por obxectivo realizar un proceso coas zonas vulnerables do devandito barrio, así como de contornas, grupos e persoas en situación de vulnerabilidade.

Todo isto naceu como unha necesidade para resolver un problema de xestión e acabouse convertendo nun proxecto conxunto e con moitos procesos a realizar.



Vite Rede ofrece, procesos de mellora da convivencia e de intervención comunitaria, deseño e xestión de procesos participativos, formación e desenvolvemento de actividades

---

*a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.*

*b).- A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.*

atendendo a necesidades detectadas.

**OBXECTIVO XERAL** Mellorar a calidade de vida e o benestar da veciñanza da zona de Vite, do Concello de Santiago de Compostela.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Estudo e diagnóstico social da comunidade.
  - Detectar e analizar as necesidades e demandas, explícitas e implícitas, na zona de Vite
  - Elaborar un plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
  - Identificar os grupos de poboación vulnerables
  - Detectar situacións de risco social e ou vulnerabilidade social para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.

### **4. Metodoloxía**

Durante este ano 2024, leváronse a cabo diferentes actuacións como; proxectos de intervención comunitaria, procesos participativos, e procesos de dinamización,

En canto á metodoloxía de intervención nos plans comunitarios, é demostra a súa similitude coas fases habituais nos procesos de intervención socioeducativa doutros ámbitos sociais, que son:

1. Diagnóstico da realidade social, que identifica as necesidades e establece diferentes previsións, conceptualizadas en forma de cronogramas en función das alternativas a considerar.
2. Execución de programas, deseñados en función de obxectivos clave, recursos dispoñibles, articulación con outras accións e un calendario de desenvolvemento.
3. Avaliación de resultados, que nos permita comprender e valorar o acontecido, o consecución de obxectivos e a reformulación de propostas e intervencións que permitir a mellora e optimización dos programas, e a continuidade dos proceso de desenvolvemento comunitario.

O proceso metodolóxico de intervención no ámbito da comunidade pódese axustar ás seguintes fases:

Táboa nº 1: Metodoloxía.

FASES	TÉCNICAS
1.- Obtención da información.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contacto con institucións, servizos, movemento asociativo, etc..., da zona. Recopilación da información.</li> <li>• Contacto con personaxes clave, líderes comunitarios, etc... Recopilación de información.</li> </ul>
2.- Procesamento da información – estudo necesidades sociais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise do contido da documentación.</li> </ul>
3.- Elaboración de diagnóstico social	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Síntese de problemáticas, necesidades sociais, etc ...</li> <li>• Análise de necesidades sociais implícitas e explícitas.</li> <li>• Análise das potencialidades.</li> <li>• Priorización. Criterios.</li> </ul>
4.- Devolución de datos (Diagnóstico Social) ás persoas, servizos, etc ..., que participaron	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Devolución datos.</li> <li>• Contrastación.</li> <li>• Modificación, se é o caso.</li> </ul>
5.- Deseño da intervención	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño de programas e proxectos de actividades sociais (plazo inicial de 1 ano).</li> <li>• Implicación servizos, coordinación.</li> <li>• Orzamento</li> </ul>
6.- Execución	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Transferencia á comunidade das unidades de planificación.</li> <li>• Integración dos profesionais en equipos comunitarios.</li> </ul>
7.- Avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informes sobre os resultados acadados e as consecuencias dos mesmos na calidade de vida dos habitantes da zona.</li> <li>• Avaliación continua e final.</li> <li>• Avaliación de resultados.</li> </ul>

As **necesidades detectadas** na area de influencia da UTES Vite son as seguintes:

- ✓ Incremento de persoas estranxeiras en situación administrativa irregular asentadas no barrio, demandantes de prestacións de carácter económicas, cuns niveis formativos elevados que non poden acreditar dado a carencia de documentación do seu país de orixe. Importante grao de desarraigo familiar. Presencia de factores de risco social. Necesidade de programas específicos, tanto para a detección de casos, como para a intervención social que corresponda.



- ✓ Incremento de familias que, contando cuns ingresos mínimos, presentan graves dificultades para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e pago de vivenda).
- ✓ Incremento notable das situacións de riscos por desafuzamento de vivenda en alugueiro.
- ✓ Necesidade de xerar alternativas ao fracaso escolar: programa de apoio/reforzo educativo. Necesidade de continuación do proxecto de intervención en absentismo escolar, co obxecto de que “se interiorice” a conveniencia da escolarización para o desenvolvemento vital dos menores, pero que se mellore, tamén, o rendemento académico.
- ✓ Necesidade de implementar novamente o programa municipal de educación de rúa: actuacións de prevención dende o tempo de lecer
- ✓ Situacións de vulnerabilidade na que se atopa o colectivo de adolescentes e xuvenil (con franxas de idade entre os 16 e os 25 anos); falta de oferta de actividades formativas e ocupacionais que propicien a inserción laboral.
- ✓ Necesidade de activación dos grupos de voluntariado social, determinando funcións a desempeñar, accións, etc
- ✓ Detección dun importante número de persoas maiores que residen soas, en situación de risco social, que require da activación de recursos: axuda a domicilio, teleasistencia..
- ✓ Identificación dun importante número de persoas en situación de dependencia, con tendencia á alza (dadas as características do barrio: accesibilidade, apoio familiar na zona, etc.), que esixe unha maior dotación de recursos sociais (teleasistencia domiciliaria, axuda no fogar), un seguimento e unha coordinación sociosanitaria, de acordo ao establecido na lexislación vixente.
- ✓ Limitada oferta lúdica destinada aos nosos maiores.
- ✓ Presenza dun número elevado de familias pertencentes á etnia xitana, demandantes de prestacións económicas pese a estar a percibir o Ingreso Mínimo Vital.

- ✓ Necesidade de fortalecer da implicación da Policía de Distrito no eido comunitario. En febreiro de 2022 acordouse unha nova distribución competencial da policía local na que asignarían dispositivos aos barrios da cidade.
- ✓ Necesidade de estimular e reforzar o tecido asociativo do barrio, sobre todo en canto á participación cidadá do contorno veciñal e do ámbito xuvenil, incidindo neste último caso na ocupación positiva do tempo de mecer e na prevención de condutas sociais no seo da comunidade.
- ✓ Persistencia de conflitos intrafamiliares e comunitarios, que aconsellan a implementación de programas socioeducativos coas familias que aborden aspectos tales a estruturación familias, a dinámica relacional interna e externa, a organización, a administración do presuposto, o desempeño adecuado de roles, etc. Así como procesos de mediación.
- ✓ Necesidade de creas Espazos Seguros para a Infancia. Os Espazos Seguros brindan un refuxio físico e emocional para os nenos e nenas afectados por situacións de vulnerabilidade. Son lugares onde os nenos e nenas poden sentirse seguros e protexidos do caos e a inseguridade que a miúdo prevalecen en contornas de crises.
- ✓ Necesidade de creación de espazos de xogo e recreación: Estes espazos deben estar deseñados para permitir que os nenos e nenas xoguen e participen en actividades recreativas. O xogo é unha parte fundamental do desenvolvemento infantil e pode axudalos a procesar experiencias traumáticas, expresar emocións e restablecer un sentido de normalidade.

## 5. Funcións

O traballo en rede consiste nun traballo sistemático de colaboración e complementariedade entre os recursos dun determinado ámbito territorial. Vai máis alá do intercambio de información, xa que iso implica a articulación e participación dunha mesma comunidade de forma continuada, para responsabilizarse o cambio de si mesma.

Podemos dicir que o noso traballo baséase nunha intervención centrada na persoa, o seu contexto, que aborda de forma integral, que teña en conta a súa contorna e busque darlle o maior protagonismo no seu proceso de mellora, promovendo o maior grao de autonomía posible.

Segundo o DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que establece, no marco do artigo 11 da Lei 13/2008, son funcións dos servizos sociais comunitarios básicos as seguintes:

- a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.
- b) A elaboración dun plan de intervención comunitario acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- c) A identificación de grupos de poboación e persoas socialmente vulnerables e a detección precoz de situacións de risco ou desprotección para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- h) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.
- j) A coordinación efectiva cos distintos sistemas de benestar e protección social que actúen no seu territorio, así como coas entidades de iniciativa social autorizadas que poidan complementar a súa actuación.

**6. As entidades que conforman a rede comunitaria de Vite son:**



➤ IES ARZOBISPO XELMÍREZ II
➤ CEIP VITE
➤ CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA
➤ CEIP LÓPEZ FERREIRO
➤ ESCOLA INFANTIL DE VITE
➤ AAVV ALVARO CUNQUEIRO
➤ AMPA CEIP VITE
➤ AMPA XELMIREZ II
➤ UACO
➤ CLUB DE FUTBOL VISTA ALEGRE
➤ CENTRO DE SAÚDE DE VITE
➤ CENTRO SOCIAL JOSÉ SARAMAGO, VITE
➤ PLAN COMUNITARIO DE VITE
➤ PASS CABES, CONCELLO DE SANTIAGO
➤ UMAD, CONCELLO DE SANTIAGO
➤ CRUZ VERMELLA
➤ FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO
➤ ARELA, CENTRO DE DÍA
➤ CÁRITAS INTERPARROQUIAL
➤ FARMAMUNDI
➤ ESCOLA INFANTÍL MEIXONFRÍO
➤ COOPERACIÓN INTERNACIONAL
➤ GRUPO SCOUTS SAN
➤ IGAXES3
➤ ASDEGAL
➤ PLATAFORMA POLO EMPREGO
➤ COLEXIO MAIOR XELMÍREZ
➤ ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ

## **7. Resumo de proxectos de intervención comunitaria, procesos participativos, e procesos de dinamización Vite.-Rede neste ano 2024**





**Xuntanzas coas entidades que forman parte de Vite Rede** para fixar os obxectivos e contidos, valorar os acordos obtidos e posta en común de actividades a realizar polas entidades integrantes da rede. Estas xuntanzas desenvólvense no CSC José Saramago de Vite de xeito bimensual.

**Xuntanzas sectoriais mensuais** cos centros educativos de referencia da zona conxuntas con entidades que están a traballar coa infancia, Tránsito en Rede no ámbito da Infancia. Estas xuntanzas desenvólvense no **CEIP de Vite, IES Arcebispo Xelmírez II** alternativamente, contan coa presenza das Orientadoras de cada centro e os directores dos mesmos. Existe unha importante demanda no IES Arcebispo Xelmírez II e no CEIP de vite, de apoio, actualmente estamos traballando en torno a menores pertencentes a 95 unidades familiares en situación de elevada vulnerabilidade social.

**Proxecto de Prevención e Actuacións conxuntas no absentismo escolar.** IES Arcebispo Xelmírez II, CEIP Vite, Departamento de Servizos Sociais da Concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela. O pasado curso escolar continua o descenso en canto a protocolos emitidos, sendo unicamente catro. Entre ambos centros. Destacar que se está a realizar unha labor de prevención nos propios centros escolares. Contando co apoio das entidades que forman parte de Vite Rede.

**Proxecto de Alternativas a Expulsión;** Conxuntamente co IES Xelmírez II e o Plan Comunitario de Vite realizase este proxecto integrador, centrándose nos menores conflictivos da mesma que estean matriculados no cursos entre 1º e 4º de Educación Secundaria. Pretendemos desenvolver actividades e obradoiros educativos, dando unha alternativa pedagóxica a estes menores conflictivos cuxo comportamento impida o bo funcionamento da clase, ou que incumpran a normativa da centro, tratando de evitar a expulsión xa que non consideramos que sexa unha solución ao problema, pero é o xeito máis rápido e radical. Tendo en conta que, sen buscar e adaptar unha solución a cada caso, estas condutas persistirán, con esta proposta buscamos evitar a reincidencia destes problemas.

Cando o equipo directivo tome a decisión de expulsar o menor do centro, o menor, a maioría dos casos, esta medida enténdese como vacacións, regresando ao centro igual ou con peor comportamento, a idea do proxecto é poder seguir traballando con estes estudantes conflictivos, aínda que fosen expulsados do centro.

**PROXECTO “Mulleres no barrio de Vite a favor da equidade en saúde” Farmamundi**

Con este proxecto, propúxose un proceso participativo para promover a equidade de xénero en saúde a través do diálogo e a creación colectiva, baseándonos en técnicas artísticas e da saúde comunitaria. Consistía en traballar en Vite cun grupo de mulleres maiores e outro grupo de mulleres mozas (primeiro por separado e logo xuntas, se puidera ser), entorno a problemáticas e alternativas que podamos identificar conxuntamente. Segundo intereses das participantes, empregáronse ferramentas coma o vídeo, a fotografía ou o teatro social, para preparar unha acción colectiva que, recollida como material audiovisual, empregárase como campaña de sensibilización. E tras unha avaliación e xornada de peche.



**Proxecto de acompañamento a persoas maiores que viven soas:** En colaboración co Plan Comunitario de Vite, a UTE Norte, pretendes mellorar a calidade de vida das persoas

destinatarias a través do acompañamento, de persoas voluntarias, en tarefas como: ir a comprar, ir ao médico, pasear, ir a actividades, etc., permitindo a súa mellor inclusión na vida comunitaria e un maior coñecemento das súas necesidades.

### **Proxecto de Acceso a Recursos para Inmigrantes:**

Mediante a exposición dos diferentes momentos nos que se encontra a persoa inmigrante ao chegar á localidade, pretendese guiar as persoas explicando detalladamente os diferentes procedementos que deberán seguir pasar para poder pedir axudas económicas, alimentos, tramitar a tarxeta sanitaria, abrir unha conta bancaria ou os diferentes recursos municipais aos que poden acceder.



**Derivacións e seguimento de participación en actividades deportivas:** En Coordinación coa AMPA do CEIP Vite e o Clube de Fútbol Vista Alegre, realízanse derivacións de menores en situación de vulnerabilidade con acceso a equipacións e participación de actividades, derivacións valoradas conxuntamente con Plan Comunitario de Vite.

**Escola de pais, IES Arcebispo Xelmírez II,** Concello de Santiago de Compostela, levada a cabo pola Coordinadora de Barrio Vite. Traballase desde a perspectiva da Prevención e facilitación de habilidades parentais.

**Participación na Campaña de recollida e entrega de xoguetes en Nadal,** levada a cabo pola Coordinadora de Barrio de Vite. Este ano incrementouse o número de familias que percibiron e doaron xoguetes, chegouse a un total de 102 unidades familiares, os que pertencían os 170 menores e 45 adolescentes que participaron da iniciativa.



**Participación no Grupo VITE ARQUIVA** co obxecto de definir como pór en valor e difundir a interesante traxectoria do barrio de Vite, visibilizar a súa historia e realizacións nas últimas décadas e rendabilizar socialmente a difusión deste traballo. *En Vite, proxectos como unha escola de adultos, aulas de apoio para estudantes do barrio, festas ecolóxicas, as famosas Olimpíadas deportivas, colonias de verán, recollida e distribución de xoguetes, cine ao aire libre, un obradoiro ocupacional, un traballo exitoso disco-light para promover o lecer saudable e saudable, publicouse a colaboración con estudantes universitarios e profesores que apoiaron, e incluso xornal de barrio. Todo iso, e máis iniciativas, ademais de premios que recibiron ou galardóns que tamén concederon, e nomes e historias que seguen moi vivas, memoria que queren archivar,* de xeito que sirva para fortalecer o futuro.



“Clube Xuvenil” nace da experiencia vivida referida, xa que durante o curso 2021/2022 identificamos conxuntamente a realidade social do barrio e as situación específicas. Isto coa finalidade de conformar un grupo piloto de poboación adolescente co que desenvolver un acompañamento formativo e psicolóxico cos mozos e mozas que poidan encontrarse nunha situación de vulnerabilidade. Mantéñense xuntanzas no CSC Vite de xeito mensual.

**Elaboración do Informe-diagnose sobre a realidade social do barrio de Vite, identificando os retos necesidades por parte de entidades sociais (Vite Rede).** En sesión semanais identifícanse unha serie de necesidades e retos existentes no barrio de Vite, clasificados en función de diferentes grupos poboacionais usuarios/as dos servizos sociais barrio.

**Proxecto de dixitalización, Solicitar citas desde o teu teléfono:** Actividade realizada co obxecto de favorecer a alfabetización dixital das persoas participantes, conxuntamente co Plan Comunitario de Vite. Contando con un total de 25 participantes





Un dos últimos pasos é a avaliación, que neste tipo de proxectos dáse continuamente ao longo de todo o proceso, a medida que avanza o proceso existe unha continua avaliación, xa que o proxecto é cambiante e pode variar e xurdir diferentes aspectos conforme se vaia desenvolvendo. O instrumento de avaliación que se pode utilizar o proceso é a reunión, aínda que en función de cada momento pódense utilizar diferentes instrumentos.

A avaliación cos diferentes axentes que forman parte do proceso dá lugar a que xurdan novas reconsideracións, o que fai que o proceso se alimente así mesmo. Ao principio, non se coñece cal vai ser o final, xa que o proxecto vai continuando e vaise alongando.

Por último, para poder continuar é necesario seguir potenciando as fortalezas detectadas e extraídas durante este proceso, para que se poida seguir afrontando as necesidades presentes e futuras. Para isto, é importante o traballo e apoio ás entidades, grupos e proxectos que forman parte do territorio. É importante tamén poñer en relación aos diferentes centros entre si. Tamén é importante continuar coas explicacións aos veciños do barrio destacando os puntos fortes, a maneira en como se uniron e realizaron todo o traballo do proceso e porque se detectaron esas.

## **B.- A INTERVENCIÓN COMUNITARIA NO BARRIO DE FONTIÑAS.**



### **1.- Ámbito territorial do traballo comunitario.**

O ámbito territorial do traballo comunitario abrangue ao barrio das Fontiñas que aparece no contexto xeral do termo municipal de Santiago de Compostela cunhas características “*privilexiadas*”, que determinan e condicionan a súa importancia como barrio; perfectamente delimitado, cun importante volume de poboación (que se aproxima aos 20.000 habitantes<sup>1</sup>); dotado dos recursos básicos a nivel social, administrativo, xudicial, educativo e sanitario, que facilitan o día a día das súas veciñas e veciños. A súa extensión xeográfica reducida engloba, pola contra, unha elevada densidade poboacional, propia dun hábitat sumamente concentrado. Estamos a falar dunha “*cidade en pequeno*”, con vida propia.

O Polígono de Fontiñas está sito na periferia de Santiago de Compostela, ao noroeste da cidade, presentando os seguintes límites:

- Ao norte: coa rúa de Fontiñas e co barrio de San Lázaro.
- Ao sur: con Viso e co barrio de Sar.
- Ao leste: coa rúa Canteira de Abaixo (pertencente ao barrio de San Lázaro).
- Ao oeste: coa Avenida de Lugo, limítrofe xa co barrio de San Pedro.

No barrio das Fontiñas podemos delimitar catro zonas<sup>ii</sup>:

ZONAS	RUAS QUE ABARCA
<b>Zona 1: Roma</b>	Bruselas, Dublín, Estocolmo, Luxemburgo, Madrid, Moscova, París, Praga, Roma, Varsovia, Parque de Carlo Magno
<b>Zona 2: Europa</b>	Paseo de Area Central, Atenas, Berlín, Berna, Plaza Europa, Londres, Plaza de Sofía, Viena, Lisboa
<b>Zona 3: Mónaco</b>	Belgrado, Mónaco, Oslo, Coto, Cotaredo, Jaca, Pamplona, Altiboia, Monte dos Postes, Rúa das Fontiñas, Rúa do Valiño, Parque das Letras galegas, Felipe Romero, Fonte dos Concheiros, Camino Francés, Sarria, Melide.
<b>Zona 4: outeiro de Sar</b>	Astorga, Ponferrada, Villafranca del Bierzo, Outeiro de Sar, Costa do Vieiro, Agra do Vieiro, Raxeira, Rúa do Vieiro, Agro da Senra, Ameneiral de Viso, Rúa Casa da Hedra, Travesía de Casa da Hedra, Ponte de Viso, Travesía da Ponte de Viso, Ribeira do Viso, Viso de Arriba, Costa do Viso, Rúa do Viso e Travesía do Viso.

Datos de poboación do barrio:

- Poboación total do barrio: **9.686 habitantes**. Distribución da poboación:

FONTIÑAS	TOTAL	MENORES		ADULTOS		ADULTOS		MAIORES	
	POBOACION	DE 18 ANOS	DE 18 A 25 ANOS	DE 18 A 25 ANOS	DE 26 A 65 ANOS	DE 26 A 65 ANOS	DE 65 ANOS	DE 65 ANOS	
	9.661	1.368	14.16%	572	5.92%	5.394	55.83%	2.327	24.09%


(Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal e polo servizo de Informática; adaptación realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2023)

- A UTS Fontiñas se caracteriza por un hábitat concentrado e pola importante concentración nun espazo reducido de vivendas de promoción pública.
- Presenta unha poboación envellecida. O 24.09% da poboación residente no barrio ten unha idade superior aos 65 anos. Cómpre subliñar como cambiou

a realidade social do barrio de Fontiñas, que pasou de ter hai aproximadamente quince anos unha pirámide poboacional moza a tela envellecida na actualidade en consonancia co que ocorre no resto do termo municipal.

- O número de persoas maiores que residen soas neste ámbito territorial supón o 21.44% do total de persoas residentes no barrio.
- O número total de persoas pertencentes ao pobo xitano que residen neste ámbito territorial ascende a 398, que equivale ao 43.17% do total das familias pertencentes a esta etnia que residen no municipio.
- O número de poboación estranxeira que reside no barrio ascende a 457 persoas, que equivale a 4.73% da poboación. Prodúcese un incremento significativo da poboación estranxeira asentada no barrio, con fillos menores a cargo e cunha demanda específica de recursos para este grupo de idade.

O traballo comunitario, constituíse como un grupo de traballo estable (con profesionais pertencentes aos ámbitos sociais, educativos e sanitarios, fundamentalmente), que plantexamos unha intervención en rede co obxecto de detectar precozmente calquera situación carencial ou conflitiva, realizando a abordaxe técnica e temperá das mesmas, evitando na medida do posible, a súa cronificación e agravamento. A rede comunitaria do barrio de Fontiñas leva traballando, de xeito coordinado, dende o ano 1998, co fin de:



Esta é a base do desenvolvemento comunitario que se ven levando a cabo no barrio de Fontiñas dende hai mais de 20 anos. A práctica diaria condiciona a labor de tódolos

profesionais do barrio, que son capaces de atopar puntos de encontro, estratexias de intervención coordinadas, momentos para a reflexión conxunta, tempo para o deseño dunha actuación en rede, con fins comúns e obxectivos medibles. En definitiva, o plantexamento sempre foi:



Liñas de intervención social a nivel comunitario:



Fonte: DIAGNOSTICO COMUNITARIO DO BARRIO DE FONTIÑAS, ano 2015. Mais información na web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)



## 2.- Relación de entidades que forman parte da rede comunitaria.

Entidades que participan activamente no traballo comunitario do barrio de As Fontiñas:

- **Punto de atención de servizos sociais de Fontiñas (PASS)**, pertencente á Concellería da Área de Servizos Sociais. Enderezo: **Centro Sociocultural das Fontiñas**. Rúa Berlín, nº 13, 2º. Tlfno. 981528750. E-mail: [passfontinas@santiagodecompostela.gal](mailto:passfontinas@santiagodecompostela.gal)
- **Programa municipal de prevención**, pertencente á Concellería da Área de Servizos Sociais. Enderezo: **UMAD**. Rúa Manuel María, nº 8. Tlfno. 981528787.
- **Centro educativo: CEIP Fontiñas**. Enderezo: **CEIP Fontiñas**. Rúa Roma, nº 21. Tlfno. 981543175.
- **Centro educativo: CEIP Plurilingüe Monte dos Postes**. Enderezo: **CEIP Monte dos Postes**. Rúa Fontiñas, nº 79. Tlfno. 981543187.
- **Centro educativo: IES Antonio Fraguas**. Enderezo: **IES Antonio Fraguas**. Rúa Londres, nº 10. Tlfno. 981588498.
- **Centro de Saúde de Fontiñas**. Enderezo: **Centro de Saúde de Fontiñas**. Rúa Londres, nº 2-4. Tlfno. 981577670.
- **Cruz Vermella**. Enderezo: **Cruz Vermella**. Avenida de Lugo, s/nº. Tlfno. 981586969.
- **Cáritas Parroquial das Fontiñas**. Enderezo: **Cáritas Parroquial das Fontiñas**. Rúa Estocolmo, s/nº. Tlfno. 981575760.
- **Programa de apoio á familia “Abeiro”** (pertencente a Cáritas Interparroquial de Santiago de Compostela). Enderezo: **Programa de apoio á familia “Abeiro”**. Rúa Roma, nº 5, Baixo E. Tlfno. 981577590.
- **Centro de atención de día integral de menores “Arela”**. Enderezo: **Centro de atención de día integral de menores “Arela”**. Avda. De Lugo 18-1 (soto). Tlfno. 981572204.
- **Fundación Secretariado Xitano**. Enderezo: **Fundación Secretariado Xitano**. Rúa Ulla, nº 27, Baixo. Tlfno. 981554190.
- **Igaxes**. Enderezo: **Fundación Secretariado Xitano**. Rúa do Valiño 63-65 Tlfno. 981 561 687

## 3.- Obxectivos da intervención comunitaria.

Os obxectivos do traballo de desenvolvemento comunitario no barrio de Fontiñas son:

**Obxectivos xerais:**

- ✦ Xerar un marco de prevención, de participación e de intervención no seo da propia comunidade, como medio de dar resposta ás diferentes problemáticas sociais.
- ✦ Conformar coas diferentes entidades da zona un en tramado social en rede que promova un servizo á poboación, eficaz e eficiente, sen duplicidade de recursos nin de accións.

**Obxectivos específicos:**

- ✦ Coñecer as organizacións, entidades públicas, de iniciativa social e tecido asociativo do barrio de Fontiñas, en orde a un mellor aproveitamento das mesmas para fins sociais.
- ✦ Coñecer a situación na que se atopa a poboación residente no barrio de Fontiñas, elaborando e executando propostas de actuación conxuntas entre as entidades da zona, que incidan positivamente na convivencia, dende o respecto á diferenza.
- ✦ Detectar precozmente procesos de inadaptación social, co obxecto de intervir de xeito coordinado para solventalos.
- ✦ Promover a participación e a solidariedade cidadá no ámbito da comunidade, ben a través dos cauces xa existentes ou mediante outros de nova creación (grupos de voluntariado).

**4.- A actividade comunitaria ao longo do ano 2024:**


Durante o ano 2024 mantivéronse un total de 8 xuntanza de barrio, nas que dende unha óptica comunitaria se deseñaron e abordaron intereses e inquiredanzas en comúns dos diferentes axente sociais.





Si ben realizáronse a seguintes accións:

1. **Actualización da páxina web Compostela Integra** (parte pública e privada) nutrindoas das novas que se xeran dende o traballo comunitario en rede do barrio das Fontiñas así como: convocatoria de subvencións, oferta de lecer, prazos para a tramitación de recursos sociais: escolas infantís, prazas en centros docentes públicos, bolsa do MEC, ...



- Desglose dos proxectos, cunha breve explicación dos mesmos e con resultados.

✚ Proxectos:

1.- Mantense, con intensidade, o **proxecto de intervención coordinada en materia de absentismo escolar**.

- Ano de implementación: dende o 2003.
- Centros educativos de referencia: CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, IES de Sar, IES as Fontiñas e IES Antonio Fraguas.
- Fin do proxecto: Coa súa implementación preténdese traballar en rede con tódolas entidades do barrio a prevención e a redución do absentismo escolar, entendendo que un tratamento eficaz desta problemática permitirá, non só garantir o dereito constitucional que asiste a todo menor, senón mellorar a calidade de vida do sector infanto-xuvenil e traballar cara o seu futuro a medio e longo prazo.

Froito da labor de coordinación desenvolta dende o PASS Fontiñas cos departamento de orientación dos citados centros escolares o número de menores que presenta problemas de asistencia escolar é moi reducido. A labor de coordinación continuada xunto co traballo





de sensibilización e de toma de conciencia realizado coas familias promove que as porcentaxe de menores que se lles cursa un expediente de absentismo sexan reducidos.

- Resultados:

CURSO	DATOS ABSENTISMO / DEESCOLARIZACION
CURSO 2023-2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de menores en Educación Infantil a seguimento por risco de absentismo escolar: 12</li> <li>- Nº de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 1</li> <li>- Nº de menores en Educación Primaria a seguimento por risco de absentismo escolar: 49</li> <li>- Nº de menores en Educación Primaria que presentan absentismo: 4</li> <li>- Nº de menores en Educación Secundaria a seguimento por risco de absentismo escolar: 45</li> <li>- Nº de menores en Educación Secundaria que presentan absentismo: 4</li> <li>- Nº de menores desescolarizados: 0</li> </ul>

**Análise do último curso escolar:**

- Mantense o “control” da problemática de absentismo escolar no barrio, si ben é necesario continuar coas medidas de prevención e traballar de forma coordinada coas entidades educativas e coas familias para reducir e abordar con celeridade estas situacións e poder intervir sobre as circunstancias que a promoven
2. Desenvolvemento da segunda edición do **PROXECTO DE EDUCACION SEXUAL** no marco da iniciativa **A NOSA VIDA..., EN POSITIVO?:“VULNERABILIDADE SOCIAL EN ADOLESCENTES”**. **9ª EDICIÓN**. Acción deseñada e realizada en colaboración coas matrona do SERGAS do Centro de Saúde de Fontiñas. Tíña como obxectivo incrementar o nivel de coñecemento e habilidades así como o desenrolo de actitudes que contribúan a elevar o nivel de saúde sexual da poboación infantoxuvenil, contribuíndo a diminuír as condutas de risco.



Proxecto educación afectivo sexual en educación primaria, levado a cabo nos CEIP Fontiñas e CEIP Plurilingüe Monte dos Postes :

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS
<b>Charla-coloquio</b>	26 de xaneiro de 2024 12:00 a 14:00 ( 2 grupos)	CEIP Fontiñas	Alumnado de 5º ( 2 grupos ) Total 47 alumnos.
<b>Charla-coloquio</b>	16 de febreiro de 2024 12:00 a 14:00 ( 2 grupos)	CEIP Plurilingüe Monte dos Postes	Alumnado de 6º de primaria (2 grupos). Total 48 alumnos.

Recollemos en imaxes algúns momentos da sesión:







3. Desenvolvemento dunha nova edición do IV edición do **PROXECTO MEDRANDO COS NOSOS MAIORES:**




- ⊕ Actividade de educación viaria realizada en colaboración coa Policía Local, actividade **"MAIORES + SEGUROS;iii CHARLA E RUTA PRACTICA"**. Charla impartida pola Policía Local de Santiago en colaboración con Cruz Vermella, grupo de maiores. Actividade enmarcada dentro da IV edición do proxecto Medrando cos nosos Maiores.



Actividade en imaxes:



Parte práctica, ruta polo barrio:



✦ “Os medicamentos e os seus efectos na saúde”, impartido pola farmacéutica do Centro de Saúde de Fontiñas.

✦ “Primeiras intervencións”, impartido polo equipo de socorro da Cruz Vermella.

Achegamos distintos momentos da xornada:





**IV Edición "MEDRANDO COS NOSOS MAIORES"**

23 de maio de 11:30 a 12:00 horas no salón de actos do Centro Sociocultural das Fontiñas. **"OS MEDICAMENTOS E OS SEUS EFECTOS NA SAÚDE"** Farmacéutica do Centro de saúde de Fontiñas.

23 de maio de 12:00 a 12:30 horas no salón de actos do Centro Sociocultural das Fontiñas. **Equipo de Socorro de Cruz Vermella "PRIMEIRAS INTERVENCIÓNS"**



- ✦ **“TÉCNICAS DE RELAXACIÓN PARA REDUCIR O INSOMNIO E A ANSIEDADE”** En colaboración co Centro de saúde de Fontiñas e a docente: Yolanda Teijeiro. No marco do proxecto “Medrando cos nosos maiores”. ” en colaboración con Cruz Vermella, Centro de saúde de Fontiñas e a Yolanda Teijeiro.



Momento da xornada:





ACTIVIDADE	DATA	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS	NÚMERO DE ASISTENTES
<b>Charla-Coloquio: “MAIORES + SEGUROS”</b>	09 de maio de 2024 de 11:30 a 13:00	C.S.C das Fontiñas	Maiores que participan das actividades da entidades do barrio das Fontiñas.	55 persoas
<b>Charla-Coloquio : “EFECTOS NA SAUDE DA MEDICACION”</b>	23 de maio de 2024 de 11.30 a 13:00	C.S.C. das Fontiñas	Maiores que participan das actividades da entidades do barrio das Fontiñas.	43 persoas
<b>SESION PRACTICA: “TECNICAS DE RELAXACION”</b>	24 de xuño de 2024 de 11:30 a 12:30	C.S.C. das Fontiñas	Maiores que participan das actividades da entidades do barrio das Fontiñas.	25 persoas

**4. Desenvolvemento dunha nova edición do proxecto: “Fraguando a diversidade terceira edición”. “FONTIÑAS: ¡SOMOS TODOS! MESA REDONDA. Xornada de sensibilización sobre SAUDE MENTAL.”**

Esta vez o proxecto consiste na celebración dunha xornada de formación/sensibilización sobre a saúde mental e a inclusión social. Diferéncianse dous ámbitos:

- Ámbito social** a cargo da traballadora social de FEAFES Dona Area López Varela
- Ámbito médico** a cargo dun voluntario de Cruz Vermella cunha ampla experiencia como médico forense Don Benito López de Abajo.

As entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas consideran a “información” e o “coñecemento” como a ferramenta básica para garantir o adecuado desenvolvemento persoal e profesional. De aí, que cun enfoque colaborativo, se parta desa ferramenta,



para que dende unha óptica comunitaria, incrementar e mellorar a actuación profesional sobre a saúde mental.

As persoas destinatarias desta acción formativa serán o persoal técnico da rede comunitaria do barrio das Fontiñas así como outros membros que participen destas ou colaboren coa entidades do barrio. Total asistentes 48 técnicos.

Actividade en imaxes:

a) Ámbito social



b) Ámbito médico:





5. Proxecto “La Caixa Proinfancia”.

**Obxectivo do proxecto:**

Tralas reunións mantidas inicialmente, o Concello de Santiago asinou un acordo coa obra social de La Caixa e coa Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, para unir forzas na loita contra a pobreza infantil na cidade, chamado CaixaProinfancia. O seu principal obxectivo é romper o círculo vicioso da pobreza e asegurar a promoción social dos menores, cunha liña de axudas destinadas a reforzar a educación, a educación non formal, apoio educativo familiar, asesoramento psicosocial e promoción da saúde. CaixaProinfancia busca romper a transmisión da pobreza de pais a fillos e promover a igualdade de oportunidades. O programa vai dirixido a nenos e nenas en situacións de pobreza económica e vulnerabilidade social, co fin de promover e apoiar o seu desenvolvemento de xeito máis completo, promover e apoiar as políticas para que a mellora da equidade e cohesión social. Un dos principais obxectivos é garantir a promoción social dos menores, entendendo que isto vai depender, en gran parte, o seu benestar futuro.

**Establece cinco liñas de intervención e apoio:**

1. Reforzo educativo
2. Educación non formal e tempo libre
3. Apoio educativo familiar
4. Atención e terapia psicosocial
5. Promoción da saúde

**Entidades que colaboran e/ou prestan o servizo:**





- **Xuntanza de Mesa técnica mais mesa de prestadoras:** 6. O obxectivo principal destas mesas é compartir con todos os organismos implicados no programa, a evolución do mesmo, así como a situación das familias e valorar conxuntamente as decisións que se toman en relación as mesmas, como por exemplo, as altas e baixas do programa.



- **Xuntanza da rede de entidades prestadoras:** 5. Nas mesas de entidades prestadoras, valóranse e faise posta en común de aquelas cuestións mais concretas dos servizos prestados. Ao longo do curso, as técnicos do programa reunímonos periodicamente con cada entidade por separado.



- **Outro tipo de xuntanzas:** 5. Mantivéronse cinco xuntanzas anuais que se levan a cabo para tratar cuestións xerais do barrio, dos destinatarios do programa,, abordaxe de situacións específicas, participación en encontros das prestadoras, xuntanza coa representación de LaCaixa,...

Nesta última fíxose unha retrospectiva da evolución do programa, así como unha presentación do momento actual do mesmo.



- **Xuntanza de avaliación e planificación do novo curso La Caixa Proinfancia:** mantívose unha reunión conxunta entre todas as entidades prestadoras da rede, a mesa técnica e a coordinadora territorial.

- **Xuntanzas dende o PASS Fontiñas coas técnicas do programa La Caixa Proinfancia:** 28. Dedicadas a detección, valoración, selección, elaboración de informes de derivación, presentación a mesa técnica de casos, seguimento da participación e da evolución dos casos, avaliación e rexistro de actuacións



- ✓ **Número total de familias coas que se fixo seguimento e algunha actuación:** O programa CaixaProinfancia permite a participación nos servizos, dentro duns parámetros establecidos, de nenos, nenas e familias que non estean de alta no programa (familias NON CPI). Este ano o número total de familias as que o programa dou cobertura foron 73. (servizo de reforzo, colonias, revisións óptica, campañas de nadal...)



**Familias con plans de caso activos:**

Un total de **55** familias dispoñen de plan de caso activos. Cabe destacar aquí, que o programa fai a súa contabilización de familias por curso escolar e non por ano natural. En Setembro, 11 familias foron dadas de baixa, e entre outubro e decembro foron dadas de alta 8 familias novas, e 2 familias reactivadas. Nos plans de traballo activos aparte dos obxectivos establecidos dentro do

programa, recóllense tamén aqueles outros levados a cabo por outras entidades que non pertencen o programa pero complementan o plan de traballo.

✓ **Número de Baixas:**

Foron dadas de baixa 11 unidades familiares. Estas baixas prodúcense por diversas circunstancias, as máis comúns son o cambio de domicilio da familia e a falta de compromiso co plan de traballo establecido, o que leva a que sexan baixa. As baixas normalmente fanse efectivas no mes de Setembro.

**Tipoloxía das familias do programa:**

	2024		
	Monoparental	Biparental	Extensa
1 menor	9	6	2
2 menores	14	15	0
3 ou mais menores	2	13	0
	Total	2024	
Total e % familias Monoparentais	25	39.68%	
Total e % familias Biparentais	34	53.97%	
Total e % familias Extensas	2	3.17%	
Total e % familias Outros	2	3.17%	
	Total	2024	

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

	2024		
	Monoparental	Biparental	Extensa
Total e % familias con 1 menor	17	26.98%	
Total e % familias con 2 menores	29	46.03%	
Total e % familias con 3 ou mais menores	15	23.81%	

**Nacionalidade das familias:**

	2024		
	Nº adultos	Nº familias	% Familias
ESPAÑA	29	26	41.27%
PERÚ	10	10	15.87%
VENEZUELA	8	8	12.70%
COLOMBIA	7	7	11.11%
BRASIL	3	3	4.76%
CUBA	2	2	3.17%
OUTROS PAÍSES	7	7	11.11%

**Perfil de familias por situación laboral e nivel de estudos:**

<b>Situación laboral</b>	<b>2024</b>
Traballos temporais	17
Traballo indefinido	5
Desocupado, receptor de prestacións públicas	11
Desocupado, non receptor de prestacións públicas	25
Traballos por servizos puntuais	4
Otros	1
<b>Nivel de estudos</b>	<b>2024</b>
Sin Formación	12
Estudios Primarios	34
Secundaria/Bacharelato	9



CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Situación laboral	2024
Formación Profesional	3
Universitario	5


**Número total de persoas participantes: 193**

**Total menores:** 111 (contabilizando aquí, todos os nenos e nenas do ano, incluíndo as novas familias de alta e as baixas de Setembro)


**División dos nenos e nenas por idade no momento de incorporación ao programa:**

	2024
0años	4
1año	10
2años	6
3años	4
4años	6
5años	4
6años	9
7años	8
8años	4
9años	14
10 años	7
11 años	2
12 años	7
13 años	3
14 años	4
15 años	2
16 años	4
17 años	1
18 años	0
19 años	1


**Estudios cursados na actualidade:**



**Secundaria:**



**Primaria - Infantil 1º e 2º ciclo:**



**Servizos levados a cabo durante o curso 2024**

❖ Educación non formal e tempo libre :

- Centro Aberto: 2. Un a cargo do centro Don Bosco, e outro a cargo da Asociación Arela.
- Colonias urbanas: 12 no verán e 1 en nadal
- Campamento: 1 campamento de 3 días no verán.



❖ Atención e terapia psicosocial:

- Atención psicoterapéutica- psicoterapia a familias: 5
- Atención psicoterapéutica- asesoría puntual: 4

❖ Reforzo educativo:

- Total de nenos e nenas participantes en grupos de reforzo escolar: 72
- Total de nenos e nenas en atención logopédica: 2
- Total de nenos e nenas beneficiarios de tarxetas de equipamento escolar: 12

• Promoción da saúde:

- Alimentación: 1
- Gafas: 2
  - Cabe mencionar aquí as gafas que, dende a facultade de óptica facilitaron aos nenos e nenas que na revisión realizada se lle detectou algún tipo de problemática.



		2024	
		Nºniños/as	Nºadultos
Atención psicoterapéutica	Asesoría puntual	2	0
	Atención Psicoterapéutica Personalizada	1	0
	Psicoterapia a Familias	5	5
	Total únicos	7	5
Refuerzo educativo	Equipamiento escolar	12	0
	Atención Logopédica I	2	0
	Aula Abierta	7	0
	Grupo de Estudio Asistido	65	0
	Total únicos	72	0
Educación no formal y tiempo libre	Centro Abierto	24	0
	Colonias Urbanas	58	0
	Campamentos(365 días)	9	0
	Total únicos	65	0
Promoción de la salud	Alimentación infantil	1	0
	Total únicos	1	0
Total		100	5



**Campañas levadas a cabo dende o programa:**

- Entrega de mochilas con material escolar ao alumnado do programa, así como a outras entidades e puntos de servizos sociais que detectou a súa necesidade.

Participación en Nadal da campaña “ El árbol de los sueños” e “ Sonrisas y Renos” a fin de que os nenos/nenas e adolescentes que participan no programa caixapro infancia disfrutaran durante o nadal de un agasallo



<sup>i</sup> Datos extraídos da memoria do departamento de Servizos Sociais Comunitarios ano 2023

<sup>ii</sup> Datos extraídos da memoria do departamento de Servizos Sociais Comunitarios ano 2023



# OS SERVIZOS SOCIAIS DE COMPOSTELA, AO CARÓN DE QUEN MAIS O PRECISA:

- Servizo de Axuda no Fogar
- Teleasistencia domiciliaria
- Proxecto Painting for others
- Programa de “Axiliza a mente” e “Vida Saudable”



## O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN COMPOSTELA

### **a).- Fundamentación.**

O envellecemento da poboación española é un fenómeno demográfico ao que non se lle pode dar as costas. Unha tendencia que, segundo os expertos, non vai minguar nos próximos anos. A poboación española que supera os 65 anos de idade ascende xa ao 19 %; unha cifra que no ano 2031 se disparará ao 25,6 %, segundo datos facilitados polo Instituto Nacional de Estatística (INE). A realidade do noso municipio non é unha excepción; xa no día de hoxe, as persoas con idade igual ou superior aos 65 anos se aproximan ao 24 % do total de persoas residentes no noso concello. Ante tales escenarios, e tendo en conta que a esperanza de vida é cada día mais alta, a atención social ás persoas maiores nos seus domicilios se torna nunha necesidade imperiosa, de aí que o servizo de axuda no fogar, como recurso de proximidade, adquira un carácter básico e esencial, que a Administración Pública deba de implementar, con carácter obrigatorio, para atender a un dos colectivos mais vulnerables da nosa sociedade, aqueles que un día foron membros activos dunha economía social e que hoxe requiren a atención das xeracións mais novas na cobertura de atencións básicas.

Trala implantación do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o programa de axuda no fogar mudou considerablemente; pretende facer reais e efectivos dereitos ás persoas que se atopan en situación de dependencia, apoiando ás familias na súa atención, que eran as que en solitario adquirían esa responsabilidade. Obrigas que a realidade que por todos é coñecida, recaían basicamente nas mulleres, limitando as súas posibilidades de inserción laboral e de participación social. A lexislación en materia dependencia fai que o servizo se diversifique:

- ✦ Nunha primeira modalidade, prioritaria segundo a lexislación vixente, que centra a atención do SAF en persoas en situación de **dependencia**, aquelas que mais coidados e atencións precisan.
- ✦ E unha segunda modalidade, a coñecida ata a data como “**libre concorrência**”, orientada na atención de persoas maiores ou afectadas por algún tipo de doenza, que viven nos seus domicilios en situación de soidade ou cunha rede de apoio sociofamiliar feble.

A consolidación na aplicación da lexislación en materia de dependencia, xunto con outros factores como o envellecemento da poboación antes sinalado, a incorporación da muller ao mercado laboral e unha maior profesionalización do sector sociosanitario, está provocando que as solicitudes do servizo de axuda no fogar se foran incrementando nos últimos anos e iso que a entrada en vigor da Lei para a Autonomía Persoal, coincidiu cun contexto de crise económica que limitou a súa aplicación, cun ritmo de crecemento de persoas usuarias mais lento do esperado. Sen embargo, as previsións seguen unha

tendencia á alza nas demandas e nas necesidades sociais detectadas por profesionais do ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios e tamén do ámbito da saúde. É evidente o importante pulo que se deu ao grao de cobertura do servizo para a veciñanza que mais o precisa, pero dende este Departamento somos conscientes na realidade social na que vivimos, cun importante envellecemento poboacional, que vai esixir maior número de servizos de proximidade para garantir a súa atención social; de aí, que se aposte para o vindeiro orzamento, un incremento do valor do contrato, de acordo ao establecido na normativa e pregos vixentes.

O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de carácter municipal consistente en ofrecer un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento. De conformidade coa valoración técnica realizada polos Servizos Sociais Comunitarios, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) **Atencións de carácter persoal** na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- ✓ Asistencia para levantarse e deitarse.
- ✓ Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- ✓ Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- ✓ Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- ✓ Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- ✓ Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.



b) **Atencións de carácter persoal** na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- ✓ Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- ✓ Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

c) **Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda**, tales como:

- ✓ Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- ✓ Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- ✓ Preparación dos alimentos.
- ✓ Lavado e coidado das prendas de vestir.



- ✓ Coidados básicos da vivenda.

d) **Atencións de carácter psicosocial e educativo:** intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

Con carácter complementario e non obrigatorio, o servizo de axuda no fogar incorpora, entre outros, os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Servizo de podoloxía.

E, a maiores, en Santiago de Compostela tamén se teñen presentes outro tipo de servizos complementarios que poden ser de máximo interese para garantir o benestar e a protección das persoas usuarias:

- a) Servizo de perruquería.
- b) Servizo de préstamo de axudas técnicas.
- c) Limpezas de choque.
- d) Praza de emerxencia en centro residencial.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo: actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Poden ser **persoas destinatarias** do Servizo de Axuda no Fogar, todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o SAF atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e a persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como a fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social. De acordo á lexislación vixente, arase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de atención á dependencia. Polo exposto, e de acordo ao establecido na lexislación vixente, son **modalidades** de acceso ao servizo, as seguintes:

- **Acceso directo:** O acceso será prioritario para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PÍA) e, consonte

a aplicación do programa de asignación de recursos (PAR) establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia. Para estes efectos, o Concello de Santiago de Compostela, cando sexa o caso, procederá a dar de alta ás persoas en agarda de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos (Xunta de Galicia).

- **Acceso por libre concorrencia:** Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia, resolverase en réxime de libre concorrencia.

**b).- Os contratos para a implementación do Servizo de Axuda no Fogar.**

A Xunta de Goberno Local do concello de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 4 de maio de 2021, adoptou o seguinte acordo: “A adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela á empresa *SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L.* (...) O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 2270300, reservándose as cantidades seguintes, en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios”:

ANO	Nº DE HORAS	SEN IVE		CON IVE	
		PREZO/HORA	TOTAL SEN IVE	IVE (4%)	TOTAL CON IVE
<b>2021</b> (7 meses)	100.252,95	17,32 €	1.736.381,16 €	69.455,25 €	1.805.836,41 €
<b>2022</b> (12 meses)	170.992,19	17,32 €	2.961.584,69 €	118.463,39 €	3.080.048,08 €
<b>2023</b> (12 meses)	170.992,19	17,32 €	2.961.584,69 €	118.463,39 €	3.080.048,08 €
<b>2024</b> (5 meses)	70.739,23	17,32 €	1.225.203,53 €	49.008,14 €	1.274.211,67 €
<b>TOTAIS: 3 ANOS</b> (36 MESES)	<b>512.976,56</b>	<b>17,32 €</b>	<b>8.884.754,07 €</b>	<b>355.390,16 €</b>	<b>9.240.144,23 €</b>

O contrato foi ampliado en outubro de 2022 ante as necesidades do servizo e a lista de agarda que xa se estaba acumulando tanto na modalidade de dependencia como na de libre concorrencia:



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE  
DO 30 DE SETEMBRO DE 2022

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00044049N.**

**Ratificación da urxencia da convocatoria.**

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

**2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00038019N.**

**Modificación do contrato de Prestación integral do servizo de axuda no fogar (CON/11/2020).**

Acórdase:

Primeiro.- Modificar o contrato de acordo coas as seguintes condicións:

ANO	Nº DE HORAS INICIAIS	ACTUAL CONTRATO			COAMODIFICACIÓN DO CONTRATO. RESULTADO FINAL					
		PREZO/HORA	TOTAL SEN IVE	CON IVE	CO INCREMENTO ORZAMENTARIO	TOTAL DO PROGRAMA				
				IVE (4%)	TOTAL CON IVE	IMPORTE ANUAL DE INCREMENTO	Nº DE HORAS DE INCREMENTO ANUAL	Nº DE HORAS ANO	ORZAMENTO ANO CON IVE	
2022 (9 MESES (ACTUAL CONTRATO) + 3 MESES (CON AMPLIACIÓN DE CONTRATO))	170.982,19	17,32	2.961.584,69 €	118.463,39 €	3.080.048,08 €	151.232,88 €	8.397,16	179.389,35	3.231.280,95 €	
2023 (12 MESES)	170.982,19	17,32	2.961.584,69 €	118.463,39 €	3.080.048,08 €	600.000,00 €	33.314,00	204.306,19	3.680.048,08 €	
2024 (5 MESES)	70.739,23	17,32	1.225.203,53 €	49.096,14 €	1.274.211,67 €	249.863,01 €	13.873,57	84.612,80	1.524.074,68 €	

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto complementario por importe de **1.001.095,89 €** con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 2270300, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 151.232,88 €.

Anualidade 2023: 600.000,00 €.

Anualidade 2024: 249.863,01 €.

Terceiro.- Notificar este acordo á empresa adjudicataria do servizo **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.**, ao obxecto de que reaxuste nun prazo de 10 días hábiles a garantía definitiva depositada de modo que se adecúe ao importe do contrato.

Fonte: Dilixencia de acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2021; páx. 5.

O concello de Santiago de Compostela ten asinado pois contrato para a implementación do Servizo de Axuda no Fogar coa empresa **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L.**, con data de inicio dende o 1 de xuño do ano 2021.



Con data 30 de setembro de 2022, e tomando como base o indicado na cláusula 28 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta licitación, así como nos artigos 203 a 207 da LCSP, a Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión extraordinaria e urgente, acordou a modificación do contrato do SAF. A finalidade desta modificación do contrato, que tivo efectos dende o 1 de outubro de 2022, non é outra mais que incrementar o grao de atención social das persoas maiores que residen en Compostela, así como das persoas en situación de dependencia, ambos colectivos poboacionais nos que concorren importantes factores de vulnerabilidade social e aos que compre atender dende a Administración Pública Local.

En decembro de 2023, o concello de Santiago de Compostela volta a iniciar os trámites para unha nova licitación do SAF, pasando dos 3.680.048,08 €/ano, a 6.361.234,36 €/ano. Vexamos a distribución económica que se plantexa para o vindeiro contrato:

ANUALIDADE	Nº de horas	SEN IVE		CON IVE (4 %)	
		Prezo hora sen IVE	Total sen IVE	Prezo hora con IVE	Total con IVE
ANO 2024 (7 meses, de xuño a decembro de 2024)	152.407,75	23,53 €	3.586.154,36 €	24,47 €	3.729.600,53 €
ANO 2025 (anualidade completa)	259.947,79	23,53 €	6.116.571,50 €	24,47 €	6.361.234,36 €
ANO 2026 (5 meses, de xaneiro a maio de 2026)	107.540,04	23,53 €	2.530.417,14 €	24,47 €	2.631.633,83 €
<b>TOTAIS</b>	<b>519.895,58</b>		<b>12.233.143,00 €</b>		<b>12.722.468,72 €</b>

### c).- Lexislación que fundamenta o Servizo de Axuda no Fogar:

A lexislación aplicable á xestión e implementación do Servizo de Axuda no Fogar é a que se relaciona a continuación:

- ⊕ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 25 e 26.1: “Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, ... a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”.
- ⊕ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



- ✦ Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.
- ✦ A Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia.
- ✦ Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.
- ✦ Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.
- ✦ Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do concello de Santiago de Compostela (aprobada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2014 e publicada no BOP de A Coruña, do 7 de febreiro de 2014).
- ✦ Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- ✦ Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- ✦ Real Decreto 675/2023, de 18 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que regúlanse as prestacións do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia.
- ✦ Ordenanza 3.30 que regula a taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.
- ✦ Bases de execución do orzamento de 2023, do Concello de Santiago de Compostela.

#### **d).- Obxectivos do SAF.**

Os obxectivos xerais que inspiran a xestión do Servizo de Axuda no Fogar no concello de Santiago de Compostela se poden sintetizar do seguinte xeito:

1. Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
2. Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
3. Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
4. Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
5. Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
6. Retardar ou evitar a institucionalización.
7. Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Na implementación dun servizo tan especial e tan complexo coma este resulta de capital importancia contar con fluxogramas específicos que orienten a intervención das profesionais e os procedementos de xestión; vexamos de xeito resumido os mesmos:


## **FLUXOGRAMA DE INCORPORACIÓN AO SAF.**

Na xestión do SAF, entran en escena diferentes “actores” que van dende as propias persoas solicitantes e as súas familias, as UTS de referencia e outros dispositivos, entre os que destacan o sistema sanitario. Vexamos o acceso por modalidades:


### **No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte:**

- a. O procedemento iniciárase a instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado na Orde.
- b. Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente, así o xustificuen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- c. As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por un traballador/a social dos Servizos Sociais comunitarios do concello que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto.
- d. O órgano competente para ditar a resolución será o/a alcalde/sa, podendo delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- e. Notificada a resolución de concesión do servizo, acordaranse entre os Servizos Sociais comunitarios e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación, que se substantivaran no acordo de servizo.
- f. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada do alcalde ou do membro da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a proposta dos Servizos Sociais comunitarios, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.
- g. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo. Para estes efectos estarase ao previsto na lexislación en vigor sobre voluntariado.
- h. No caso de tratarse de intervencións de carácter socio-educativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, deberán incorporarse ao proceso, de acordo coas circunstancias do fogar de que se trate, algunha das seguintes figuras profesionais: diplomado/a en traballo social, diplomado/a en educación social ou técnico/a superior en integración social.






No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao PIA terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.






## Fluxograma.- TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA DOS EXPEDIENTES.




CONCELLO DE SANTIAGO

**EXPEDIENTES SAF DEPENDENCIA DE OFICIO**


Quando se realice un alta, modificación y/o extinción de SAF Dependencia, el primer paso es dar de alta a la persona interesada en MY TAO.



Se realiza a alta como expediente de la comunidad de oficio





Se busca el grupo/procedimiento, en este caso es "servizos sociais"




CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aaesq 25/11/2020


2




Tipo de solicitud: seleccionamos "informes técnicos de acción social"



Una vez realizado los pasos anteriores, hay que dar de alta a la persona relacionada


Para mayor facilidad se busca por DNI



Una vez que lo tenemos, guardamos

CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aaesq 25/11/2020



myTAO

Alta de expediente

Identificación del expediente

Servicio social

Unidad organizativa de destino: SERVIDOS SOCIAIS

Fecha apertura: 25/11/2020

Módulo apertura: Oficina

Tipo solicitud: Informe técnico de acceso social

Descripción del asunto: EXTENSION SERVIDO AJUDA NO POGAR INEGALIDADE DE OPORTUNIDADE

Procesos relacionados

En calidad de: Titular

Nombre: [Redacted]

Dirección de notificación: [Redacted]

Contrato: [Redacted]

myTAO

Alta de expediente

Identificación del expediente

Servicio social

Unidad organizativa de destino: SERVIDOS SOCIAIS

Fecha apertura: 25/11/2020

Módulo apertura: Oficina

Tipo solicitud: Informe técnico de acceso social

Descripción del asunto: EXTENSION SERVIDO AJUDA NO POGAR INEGALIDADE DE OPORTUNIDADE

Procesos relacionados

En calidad de: Titular

Nombre: [Redacted]

Dirección de notificación: [Redacted]

Contrato: [Redacted]

Detalle de expediente

Registrar actuación

Identificación del expediente

Nº de expediente: 2021/2020

Procedimiento y subtipo de procedimiento: Servicios sociales (2.1) / Informe técnico de acceso social

Unidad organizativa de destino: SERVIDOS SOCIAIS

Fecha de apertura: 25/11/2020

Fecha de registro de la actuación: 25/11/2020 11:42

Fecha de la actuación: 25/11/2020

Usuarios: [Redacted]


Estado de la actuación: [Redacted]

Fecha de la actuación: [Redacted]


CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aaesq 25/11/2020


4



Se puede incluir el resultado e información adicional



Antes de generar el modelo hay que especificar si es con una, dos o tres firmas. Por defecto viene con una sola firma




A continuación, generamos el documento


**CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS**  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aaesq 25/11/2020






Pinchamos en el símbolo de Word para modificarlo y nos genera la plantilla



Y copiamos o redactamos el informe técnico





Una vez revisado, lo guardamos

El siguiente paso es pasarlo a definitivo


CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aaresq 25/11/2020



6



Una vez pasado a definitivo el formato del documento pasa de Word a PDF





Ahora es el momento de firmar el documento




CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


aaesq 25/11/2020


7





Una vez que está firmado ya figura el informe como "definitivo firmado"



Se guarda el PDF en la carpeta de la persona interesada.

Y se le comunica al personal administrativo dónde está el expediente para que realice la propuesta y decreto y lo envíe al circuito de firmas

CONCELLARIA DE POLÍTICAS SOCIAIS, E SAÚDE - SERVIZOS SOCIAIS  
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aaesq 25/11/2020

### **e).- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias.**

#### **Das persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido**

A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante SAF calcularase de acordo coas Normas de valoración contidas no capítulo II, do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, de conformidade coas normas dispostas na Orde do 2 de xaneiro de 2012.

#### **Das persoas usuarias de SAF de libre concorrencia**

No SAF prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no apartado anterior, o concello regulará o cómputo da capacidade económica de acordo cos seguintes criterios:

- a. Computarase a renda (R) de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.
- b. Computarase tamén o patrimonio neto (PN) de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Enténdese por PN o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do PN deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
- c. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

### **f).- Dereitos e deberes das persoas usuarias.**

#### **Dereitos:**

- ⊕ A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
- ⊕ A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
- ⊕ A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
- ⊕ A coñeceren a situación do seu expediente.



- ✦ Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- ✦ A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- ✦ A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.



**Deberes:**

- ✦ Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
- ✦ Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- ✦ A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- ✦ Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- ✦ Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen un cambio na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- ✦ Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
- ✦ A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

**g).- A extinción e a modificación do servizo.**

Son **causas de extinción:**

- a. A renuncia da persoa usuaria.
- b. O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- d. Falecemento da persoa usuaria.
- e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- f. A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia no PIA, a incoación por parte da entidade titular do servizo dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse ao órgano competente para ditar resolución de PIA.

Son **causa de suspensión temporal** do servizo, previa tramitación do correspondente expediente, e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

**1. Ausencia temporal do domicilio:** poderá suspenderse por un **máximo de tres meses para as persoas que accedan ao servizo por libre concorrência**, e por un máximo de **dous meses para as persoas usuarias que accedan polo SAAD**, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

**2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo:** poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do SAAD, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

#### **h).- Datos de xestión do SAF.**

Indicar que dende o inicio dos Servizos Sociais neste concello, o 2022 foi o ano de maior número de prestación de horas de atención, de maior número de persoas atendidas e de maior gasto neste programa:



Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024.

Na gráfica anterior observamos o importante incremento do número de persoas beneficiarias nos últimos anos. Si desglosamos este dato por modalidades de atención, visualmente obtemos a seguinte gráfica:



Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024.



Se conxugamos os datos de persoas titulares do SAF con zona de residencia, pódese obter a seguinte información:



Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024.


Desta gráfica pódese visualizar que 116 das persoas usuarias do servizo residen nunha das zonas rurais do municipio; o que equivale a dicir que o 15,68 % das persoas usuarias proceden da zona rural, supoñendo un avance no achegamento ao contorno rural compostelán.

Pero o SAF vai mais alá; atende directamente á persoa usuaria, pero tamén repercute nos restantes membros da unidade familiar de

convivencia, de aí que sexa de capital importancia observar a totalidade das persoas beneficiarias; isto é, as directas e as indirectas, dado que podemos correlacionar coa poboación de dereito maior de 65 anos existente en Compostela. Vexamos esta información:







Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024

Si correlacionamos a anterior información (1.616 persoas que se beneficiaron do SAF no ano 2024), co número de persoas maiores empadroadas no termo municipal de Santiago de Compostela (24.476 persoas), **obtemos que o 6,60 % deste colectivo poboacional recibiron apoio na súa atención persoal dende este servizo, básico e esencial.**



Toda esta información traducida en horas de atención se pode sintetizar do seguinte xeito:



Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024.

Poderíamos preguntarnos nestes intres cal foron as características sociais das persoas usuarias directas do Servizo de Axuda no Fogar no 2024:



Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024



A evolución do orzamento adicado a este programa nos últimos anos evolucionou cunha tendencia á alza, co fin de intervir Nun dos colectivos mais importantes do ámbito comunitario:



Fonte: Datos xestión do SAF, ano 2024

Indicar igualmente que durante o ano 2024, dende os departamentos de Servizos Sociais e de Tesourería, se xestionou un importe de 531.888,85 € que corresponde á participación das persoas usuarias na financiación do servizo de acordo á normativa vixente na material. En xeral, o SAF en Santiago de Compostela durante o ano 2024, se financiou do seguinte xeito:

ANUALIDADES	TOTAL DO GASTO	COPAGO PERSOAS USUARIAS		FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA		APORTACION DEPUTACION		APORTACIÓN CONCELLO	
		€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO
ANO 2015	1.025.052,64 €	142.597,53 €	13,91%	552.301,44 €	53,88%			330.153,67 €	32,21%
ANO 2016	952.900,86 €	122.176,55 €	12,82%	551.923,83 €	57,92%			278.800,48 €	29,26%
ANO 2017	860.304,88 €	119.179,94 €	13,85%	467.209,49 €	54,31%			273.915,45 €	31,84%
ANO 2018	1.499.933,87 €	212.412,21 €	14,16%	904.311,57 €	60,29%			383.210,09 €	25,55%
ANO 2019	1.833.510,41 €	271.415,92 €	14,80%	1.140.975,98 €	62,23%			421.118,51 €	22,97%
ANO 2020	2.049.286,37 €	263.432,62 €	12,85%	1.330.678,85 €	64,93%			455.174,90 €	22,21%
ANO 2021	2.486.776,58 €	344.335,01 €	13,85%	1.506.485,62 €	60,58%	61.723,79 €	2,48%	574.232,16 €	23,09%
ANO 2022	3.137.617,72 €	460.516,31 €	14,68%	1.764.115,90 €	56,22%			912.985,51 €	29,10%
ANO 2023	3.171.102,10 €	481.847,69 €	15,19%	2.000.449,49 €	63,08%			688.804,92 €	21,72%
ANO 2024	4.006.579,93 €	531.888,85 €	13,28%	2.212.159,14 €	55,21%			1.262.531,94 €	31,51%


Fonte: Datos xestión do programa SAF, ano 2024.

E o gasto do SAF por mensualidades, distribúese do seguinte xeito:



Fonte: Datos xestión do programa SAF, ano 2024.

Cómpre indicar que ao longo do ano 2024 se interviron cun total de 12 persoas afectadas polo Síndrome de Dióxenes (requiriu limpeza de choque exhaustivas e en profundidade) e ningún con Síndrome de Noé (por acumulación de animais sen control sanitario). É o terceiro ano que se detectan eses casos cunha cifra elevada, dado que antaño nos movíamos en 1 ou 2 persoas como máximo. En xuño de 2024, produciuse o novo contrato coa empresa adxudicataria da última licitación, que se concreta en:




**Durante o primeiro cuatrimestre do ano 2024, estívose traballando na licitación do servizo de axuda no fogar, ao que optaron 4 empresas.**

**Unha vez valorados todos os criterios recollidos na licitación, resultou adxudicataria a**

**UTE SIAD24 – ASISTENZIA SANTIAGO.**





**Nesta licitación:**

- Falábase da posibilidade de prestar **259.947,79 horas** de SAF ao longo dunha anualidade.
  - Un orzamento máximo anual de **6.361.234,36 €**
- Igualmente, estableceuse inicial un prezo hora de licitación de **23,53 € (+ IVE, 4 %)**

**A empresa adxudicataria ofertou:**

- Un prezo hora de **22,71 € (+ IVE, 4 %) = 23,62 €/hora**
- Polo tanto, con dito orzamento anual, o número de horas que se pode prestar incrementábase e pásase a **269.315,59 horas**, o que equivale a dicir, que se vai a atender a un maior número de persoas usuarias e se van implementar mais horas de atención



**Que se pretende con esta licitación / adxudicación?**

- Prestar **mais horas de atención** e chegar a mais veciñas e veciños de Compostela.
  - Investir en **persoal correctamente formado**.
  - Mellorar a coordinación** existente do servizo.
- Basearnos nun **modelo de atención centrado verdadeiramente nas "necesidades das persoas beneficiarias"**
- Favorecer a comunicación** entre as persoas beneficiarias, as súas familias e o persoal que desenvolve o servizo.
  - Axilizar os tempos** de alta e/ou de modificacións do servizo.
- Ofertar recursos ou prestacións complementarias** necesarias para desenvolver unha atención integral: maior diversificación e incremento de axudas técnicas, servizos complementarios (perruquería, podoloxía, fisioterapia, "limpezas de choque", praza de atención residencial en caso de urxencia social, pequenos arranxos ou adaptacións en domicilio e contemplar gastos para desprazamentos do persoal, ...)






**Que se podería destacar da nova adxudicación?**

- **Maior número de horas de prestación do SAF: maior cobertura.**
  - **Melloras na planificación e na organización do servizo.**
- **Propostas de zonificación:** axilización de tempos e constitución de equipos de traballo.
- **Todas as persoas usuarias serán coñecidas por 3 auxiliares,** para que calquera cambio de profesional non afecte á calidade do servizo.
  - **1 profesional de coordinación de referencia,** tanto por persoa usuaria como por persoal auxiliar. Traballo en equipo.
  - **Plan de formación anual** tanto para persoal de atención directa como profesionais de coordinación.



**Que se podería destacar da nova adxudicación?**

- **Equipo de coordinación:** 1 responsable de coordinación, 7 coordinadores, 2 auxiliares de coordinación, 2 auxiliares administrativos e 1 terapeuta ocupacional. Por cada intervalo de 100 persoas usuarias adicionais: 1 profesional de coordinación.
- **Elementos técnicos:** tablet para profesionais de coordinación e smartphone con app profesionais para todo o equipo de atención.
- **1.500 €/ano para adquisición de produtos de primeira necesidade para as persoas usuarias con maiores factores de vulnerabilidade.**
- **20 horas/semana de técnico de integración social,** básico para a realización de acompañamentos.
  - **Servizo de lavandería:** 2 campañas anuais







**Que se podería destacar da nova adxudicación?**

- **Sesións formativas** para familiares e gardadores de feitos.
  - **13.000 €/ano para axudas técnicas.**
- **Servizos complementarios:** fisioterapia, podoloxía, perruquería, praza de residencia por emerxencia, limpeza de choque, arranxos e adaptacións no domicilio. Adicase un total de 79.590 €/ano
- Prazo máximo de alta no servizo de axuda no fogar: 7 días hábiles.

Contoso

O SAF deixa ao longo do ano 2024, obviando as imaxes de prestación directa por razón de protección da intimidade na súa vida mais íntima, fotografías como:









Facilitemos agora datos referidos á xestión económica do Servizo de Axuda no Fogar ao longo do ano 2024; xestión que se caracteriza en todo momento pola súa complexidade:

Táboa: Control de facturación do SAF ano 2024.

MESES	LIBRE CONCURRENCIA					DEPENDENCIA					TOTALS				
	FACTURA EMPRESA	HORAS ORDINARIAS	HORAS FESTIVAS	TOTAL DE HORAS	Nº PERSOAS USUARIAS	FACTURA EMPRESA	HORAS ORDINARIAS	HORAS FESTIVAS	TOTAL DE HORAS	Nº PERSOAS USUARIAS	TOTAL GASTO SAF EN MES CURSO	TOTAL HORAS ORDINARIAS	TOTAL HORAS FESTIVAS	TOTAL HORAS PRESTADAS	Nº TOTAL PERSOAS USUARIAS
MES DE XANEIRO DE 2024	40.601,93 €	2.204,47	49,59	2.254,06	141	243.329,14 €	12.930,92	577,76	13.508,68	430	283.931,07 €	15.135,39	627,35	15.762,74	571
MES DE FEBREIRO DE 2024	37.547,14 €	2.050,20	34,27	2.084,47	130	239.647,70 €	12.870,50	433,80	13.304,30	438	277.194,84 €	14.920,70	468,07	15.388,77	568
MES DE MARZO DE 2024	32.278,76 €	1.723,22	68,77	1.791,99	126	226.384,87 €	11.752,68	815,32	12.568,00	445	258.663,63 €	13.475,90	884,09	14.359,99	571
MES DE ABRIL DE 2024	35.765,68 €	1.957,27	28,30	1.985,57	118	246.148,33 €	13.252,12	413,07	13.665,19	452	281.914,01 €	15.209,39	441,37	15.650,76	570
MES DE MAIO DE 2024	34.700,04 €	1.832,87	93,54	1.926,41	130	236.414,39 €	12.282,29	842,51	13.124,80	455	271.114,43 €	14.115,16	936,05	15.051,21	585
MES DE XUÑO DE 2024	46.796,55 €	1.950,83	30,53	1.981,36	141	309.360,90 €	12.582,46	515,84	13.098,30	463	356.157,45 €	14.533,29	546,37	15.079,66	604
MES DE XULLO DE 2024	53.306,49 €	2.225,24	31,75	2.256,99	137	329.563,11 €	13.420,47	533,19	13.953,66	467	382.869,60 €	15.645,71	564,94	16.210,65	604
MES DE AGOSTO DE 2024	50.463,31 €	2.086,69	49,92	2.136,61	141	297.393,45 €	11.942,45	649,15	12.591,60	463	347.856,76 €	14.029,14	699,07	14.728,21	604
MES DE SETEMBRO DE 2024	54.470,64 €	2.284,80	21,48	2.306,28	140	322.663,01 €	13.144,92	516,59	13.661,51	457	377.133,65 €	15.429,72	538,07	15.967,79	597
MES DE OUTUBRO DE 2024	64.631,98 €	2.713,38	23,13	2.736,51	151	350.293,00 €	14.287,77	543,59	14.831,36	450	414.924,98 €	17.001,15	566,72	17.567,87	601
MES DE NOVEMBRO DE 2024	59.472,31 €	2.478,92	39,13	2.518,05	154	320.971,46 €	12.994,99	594,90	13.589,89	448	380.443,77 €	15.473,91	634,03	16.107,94	602
MES DE DECEMBRO DE 2024	60.272,99 €	2.496,66	55,29	2.551,95	162	314.102,75 €	12.523,31	775,76	13.299,07	446	374.375,74 €	15.019,97	831,05	15.851,02	608
TOTALS	570.307,82 €	26.004,55	525,70	26.530,25		3.436.272,11 €	153.984,88	7.211,48	161.196,36		4.006.579,93 €	179.989,43	7.737,18	187.726,61	

Fonte: Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

## ANÁLISE DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO CONTRATO DE SAF


SAF, XANEIRO A MAIO DE 2024								
Empresa	Prezo hora sen IVE	IVE (4%)	Prezo hora con IVE	Nº horas ano 2024	Orzamento	Gasto acumulado	Resta: Orzamento - gasto acumulado	% de execución do contrato
SERVISAR	17,32 €	0,69 €	18,01 €	84.612,80	1.524.074,68 €	1.372.817,98 €	151.256,70 €	90,08%

Empresa	Prezo hora sen IVE	IVE (4%)	Prezo hora con IVE	Nº horas ano 2024	Orzamento	Gasto acumulado	Resta: Orzamento - gasto acumulado	% de execución do contrato
UTE SIAD24 - ASISTENZIA SANTIAGO	22,71 €	0,91 €	23,62 €	157.910,80	3.729.600,53 €	2.633.761,95 €	1.095.838,58 €	70,62%


Fonte: Sección de Servizos Sociais, ano 2024.

### EVOLUCION DO GASTO EN SAF E DAS FONTES DE FINANCIACIÓN POR ANOS

ANUALIDADES	TOTAL DO GASTO	COPAGO PERSOAS USUARIAS		FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA		APORTACION DEPUTACION		APORTACIÓN CONCELLO	
		€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO
ANO 2015	1.025.052,64 €	142.597,53 €	13,91%	552.301,44 €	53,88%			330.153,67 €	32,21%
ANO 2016	952.900,86 €	122.176,55 €	12,82%	551.923,83 €	57,92%			278.800,48 €	29,26%
ANO 2017	860.304,88 €	119.179,94 €	13,85%	467.209,49 €	54,31%			273.915,45 €	31,84%
ANO 2018	1.499.933,87 €	212.412,21 €	14,16%	904.311,57 €	60,29%			383.210,09 €	25,55%
ANO 2019	1.833.510,41 €	271.415,92 €	14,80%	1.140.975,98 €	62,23%			421.118,51 €	22,97%
ANO 2020	2.049.286,37 €	263.432,62 €	12,85%	1.330.678,85 €	64,93%			455.174,90 €	22,21%
ANO 2021	2.486.776,58 €	344.335,01 €	13,85%	1.506.485,62 €	60,58%	61.723,79 €	2,48%	574.232,16 €	23,09%
ANO 2022	3.137.617,72 €	460.516,31 €	14,68%	1.764.115,90 €	56,22%			912.985,51 €	29,10%
ANO 2023	3.171.102,10 €	481.847,69 €	15,19%	2.000.449,49 €	63,08%			688.804,92 €	21,72%
ANO 2024	4.006.579,93 €	531.888,85 €	13,28%	2.212.159,14 €	55,21%			1.262.531,94 €	31,51%

























<p style="text-align: right;"><b>Expediente:</b> MEN/SERV/C05.01.01/2024000430</p> <p><b>Referencia interna:</b> 2024/00013826A - CONTRATACIÓN SERVIZOS SOCIAIS ANO 2024</p>
<p><b>Servizo para o mantemento e asistencia técnica da aplicación informática CIBERSAD para a xestión do SAF durante o ano 2024</b></p>
<p><b>Tipo de contrato:</b> Servicios <b>Procedemento:</b> Contrato menor</p>

Tipo de contrato: Servicios - Servicios sociales y de salud

### **1. OBXECTO DO CONTRATO**

Servizo para o mantemento e asistencia técnica da aplicación informática CIBERSAD para a xestión do SAF durante o ano 2024, e as súas actualizacións.

### **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local recolle no seu artigo 25 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades da veciñanza. Asemade, fai constar que, en cumprimento da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, é da súa competencia “a prestación dos servizos sociais, de promoción e de reinserción social” (art. 25.2.k e art. 26).

Esta competencia vaise desenvolver, de xeito mais concreto e específico, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008) e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63, de 30 de marzo de 2012), onde se recolle que entre os programas básicos e obrigatorios que se deben prestar dende os Servizos Sociais Comunitarios se atopa o de “servizo de axuda no fogar”.

O Plan Concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas a nivel social das Corporacións Locais, como principal fonte de financiación externa dos Servizos Sociais Comunitarios, ten permitido o seu desenvolvemento e consolidación, tanto dende a perspectiva metodolóxica como técnica, baseándose na concertación e na cooperación entre as Administracións Central, Autonómica e Local. Entre as prestacións básicas e obrigatorias que deben desenvolver os Servizos Sociais Comunitarios Básicos se atopa a de Axuda no fogar, entre outras.

O obxecto do contrato non se ten configurado para evitar a aplicación de regras xerais de contratación, e non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.



### **3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN**

**Obxectivos:**

- Mantemento e actualizacións da plataforma de xestión CIBERSAD
- Asistencia técnica

**Plan de traballo:**

- 1.- Mantemento continuo da plataforma CIBERSAD.
- 2.- Mantemento continuo das medidas de seguridade da información e de protección de datos persoais aloxados na plataforma.
- 3.- Asesoramento e asistencia técnica a demanda das/dos profesionais municipais e da empresa prestadora para o uso da plataforma.
- 4.- Asesoramento e asistencia técnica a demanda das/dos profesionais municipais para o análise da información.

### **4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE**

En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo, ao ser seu importe inferior a 15.000 euros, IVE non incluído.

### **5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación competente é a Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, de conformidade co acordo de delegación da Xunta de Goberno Local e as bases de execución do orzamento municipal.

### **6. VALOR ESTIMADO**

O Valor Estimado estará integrado por:

- Custes laborais: (detallar se procede)
- Honorarios profesionais: (detallar se procede)
- Outros custes de execución material: (detallar se procede)
- Gastos Xerais:
- Beneficio industrial:

TOTAL Valor Estimado:

Valor sen IVE:	14.950,00 euros
IVE (21,00 %):	3.139,50 euros
Valor con IVE:	18.089,50 euros

## **7. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Aplicación Orzamentaria / Proxecto GFA	Data orzamento	Denominación	Importe IVE incluído
2024-020 23100 2270600	2024	ATENCIÓN PRIMARIA. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	18.089,50

## **8. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución será a partir da notificación da adxudicación ata o 13 de decembro de 2024, sen que poda exceder do ano natural, nin ser obxecto de prórroga ou revisión de prezos nin supor fraccionamento.

## **9. LUGAR DE PRESTACIÓN**

Nas dependencias de CIGESOC (sita en A Coruña) e do Departamento Municipal de Servizos Sociais (sita en Santiago de Compostela).

## **10. RESPONSABLE DO CONTRATO**

FURELOS\*TORAL, TERESA

## **11. FORMA DE PAGO DO PREZOS**

(*OPCIÓN B*) Mediante a presentación de facturas con periodicidade mensual, expedidas polo provedor e conformadas polo responsable do contrato, trala realización da prestación do período e antes de que finalice o ano ao que corresponde a prestación. Cada factura terá que levar anexa unha memoria xustificativa do traballo realizado durante o período facturado.

## **12. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA**

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE PROPOSTA</b>	
<b>Denominación</b>	Consultoría e Informática para la Gestión Social (CIGESOC)
<b>CIF</b>	B-70391800
<b>Enderezo</b>	Rúa Juan Neira, nº 5, Baixo. 15.009 – A Coruña.
<b>Teléfono</b>	981.23.73.11.
<b>E-mail</b>	gerencia@cigesoc.es



## SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

O concello de Santiago de Compostela ten asinado un convenio de colaboración, dende hai anos, con Cruz Vermella, para ofrecer á veciñanza o servizo de teleasistencia domiciliaria como recurso ponte e subsidiario á espera de poder obter o mesmo pero con carácter autonómico, se procede. O número de terminais conveniado ascende a 60, dos cales estiveron ocupados ao longo do 2023, a súa totalidade.

## **DESCRIPCIÓN DO PROXECTO (información facilitada pola Oficina de Cruz Vermella de Santiago de Compostela).**

### **INTRODUCCIÓN**

O proxecto Teleasistencia domiciliaria, consta dun terminal e un pulsador que se conecta dende calquera estancia do domicilio na que se atope a persoa usuaria co persoal profesional as 24 horas do día, os 365 días do ano, facilitando unha resposta e intervención inmediata ante calquera necesidade. No caso da Teleasistencia GSM, o servizo consta dun terminal que leva incorporada unha tarxeta SIM, motivo polo que non precisa ir conectado á liña telefónica fixa, e dun pulsador que se conecta, dende calquera estancia da casa na que se atope, co persoal profesional as 24 horas e os 365 días do ano, facilitando unha resposta e intervención inmediata ante calquera necesidade. En ambos casos, o pulsador, que pode levarse colgado ou no pulso, é importante levalo posto sempre que se estea na casa, incluso na ducha, xa que é impermeable. En caso de necesidade, tan só hai que pulsalo.

### **PRESTACIÓNS:**

- Axendas de seguimento dende a central de atención
- Outras axendas personalizadas
- Visita de seguimento por parte do voluntariado para garantir o debido manexo do funcionamento do sistema
- Auto test do servizo -Chamadas de emerxencia



### **OBXECTIVOS**

O servizo de teleasistencia ten como obxectivo que persoas que, atopándose nunha situación de risco, desprotección e/ou discapacidade, permanezan no seu fogar, atendendo a reiterada demanda dos mesmos e reforzando a súa autonomía e seguridade. Trátase dun servizo técnico, de natureza social que relaciona as persoas usuarias con sistemas de atención de emerxencias, mobilizando os recursos comunitarios existentes no seu ámbito.

### **PERFIL DA PERSOA USUARIA**

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2023, houbo un total de 104 persoas beneficiarias, o 79% das persoas usuarias foron mulleres fronte ao 21% que eran homes. No 72% dos casos viven sos e no outro 28% viven con parella ou familia. A media de idade do total de persoas usuarias é de 83 anos.

<65 anos: 2 persoas usuaria (2 mulleres).

Entre 65 e 80 anos: 19 persoas usuarias: 16 mulleres e 3 homes.

>80 anos: 49 persoas usuarias: 37 mulleres e 12 homes.

Atendéronse 20 emerxencias dende principios de ano e máis de 1.235 axendas atendidas.

### **DISPOSITIVOS PERIFÉRICOS**

Actualmente temos instalados os seguintes detectores: 16 de caídas, 4 de gas e 4 de fume.

### **BAIXAS E ANÁLISIS DAS CAUSAS**

Durante o período de referencia producíronse 27 baixas no servizo:

- 7 por defunción
- 6 por ingreso en residencia
- 11 por cambio de prestador de servizo
- 1 por outros motivos
- 2 por cambio de domicilio

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2023, realizáronse as seguintes actividades complementarias cos usuarios/as de teleasistencia municipal:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

- Chamadas acompañamento semanal con voluntariado: 6 persoas (5 mulleres e 1 home)
- Acompañamento presencial con voluntariado semanal: 1 persoa (muller)
- Taller de memoria semanal: 3 persoas (3 mulleres). Data realización dende xaneiro ata decembro 2023
- Taller xerontoximnasia semanal: 2 persoas (mulleres). Data realización dende xaneiro ata novembro 2023
- Actividades Rosalía de Castro: 2 persoas (mulleres). Data realización 23 de febreiro 2023.
- Entroido: 3 persoas. Data realización 28 de febreiro 2023.
- Actividade día da muller: 2 persoas (mulleres). Data realización 9 de marzo 2023.
- Celebración do día das letras galegas: 2 persoas (mulleres). Data realización 25 de maio 2023.
- Excursión as Illas Cíes: 2 persoas (mulleres). Data realización 14 de xuño 2023.
- Visita a Cidade de Cultura: 1 persoa (1 muller). Data realización 27 de Xullo 2023.
- Acompañamentos a xestións médicas: 1 muller.
- Campaña onda de calor: 49 persoas (11 homes e 38 mulleres) Data realización: os meses de xullo e agosto.
- Festa fin de ano: 1 persoa (muller) Data realización: 14 de decembro.



Total persoas diferentes, atendidas nas actividades complementarias: 51 persoas (40 mulleres e 11 homes).

Xornada sobre boas prácticas e iniciativas persoas maiores.

<b>Expediente: MEN/SERV/C05.01.02/2024001737</b>
<b>Referencia interna: 2024/00048566J - CONTRATACIÓN SERVIZOS SOCIAIS ANO 2024</b>
<b>Servizo para a organización e desenvolvemento dunha xornada para maiores: novas perspectivas, para o día 18 de novembro de 2024</b>
<b>Tipo de contrato: Servicios Procedemento: Contrato menor</b>

Tipo de contrato: Servicios - Servicios sociales y de salud

## **1. OBXECTO DO CONTRATO**

Servizo para a organización e desenvolvemento dunha xornada para maiores: novas perspectivas, para o día 18 de novembro de 2024 (data máis probable) no Centro Sociocultural Maruxa e Coralia.

## **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:**

A soidade non desexada en maiores representa un fenómeno social que afecta cada vez a máis persoas en Europa e especialmente en España. Este problema, ademais de supoñer unha fonte de sufrimento para as persoas e limitar o seu dereito de participación na sociedade, conleva consecuencias negativas para a súa saúde e benestar e, en consecuencia, uns custos sociais e económicos moi elevados.

A importancia deste problema radica en recoñecer que a saúde integral dos maiores non só depende da atención médica, senón tamén do seu benestar emocional e social.

A soidade non desexada pode afectar á nosa saúde, xa que con certa frecuencia incide nas nosas rutinas de autocuidado (sedentarismo, tabaquismo, dieta pouco sa, horarios desaxustados...). A discrepancia entre as relacións sociais que se desexan ter e as que realmente se teñen produce unha situación desagradable que pode impactar directamente no benestar físico, social e psicolóxico.

Algúns estudos universitarios de ámbito nacional suxiren que a soidade non desexada contribúe aos síntomas de depresión e aos trastornos do soño nas persoas maiores. Tamén é común relacionar casos de persoas maiores cunha autoavaliación pesimista da

súa saúde, a miúdo deprimidas ou con problemas emocionais, con maiores riscos de mortalidade e de padecer demencias.

Doutra banda, episodios de soidade emocional poden desembocar tamén en problemas de hostilidade, resentimento, tristeza e ansiedade, que á súa vez reactivan mecanismos neurobiolóxicos que poden danar a emoción, cognición e condutas de saúde, como risco a adiccións e peor calidade do soño.

A soidade non desexada en persoas maiores é un problema crecente na nosa sociedade, que vai máis aló da simple falta de compañía. Trátase dun sentimento de illamento e desconexión social que pode ter graves consecuencias para a saúde física e mental dos nosos maiores.

A soidade non desexada tamén ten un profundo impacto na saúde mental das persoas maiores. A falta de conexión social pode levar a:

- Depresión: A soidade é un dos principais factores de risco para a depresión en persoas maiores.
- Ansiedade: O sentimento de illamento e a preocupación polo futuro poden xerar altos niveis de ansiedade.
- Baixa autoestima: A soidade pode facer que as persoas sentan menos valiosas e menos capaces de afrontar os retos da vida.
- Pensamentos suicidas: En casos extremos, a soidade pode levar a pensamentos e mesmo intentos de suicidio.

Abordar a soidade non desexada nas persoas maiores require dun enfoque integral e dunha implicación multidisciplinar, unha combinación na que podemos atopar unha serie de actividades e estratexias que nos poden axudar a fomentar a inclusión social na vellez e a previr ou erradicar a soidade non desexada en persoas maiores:

A xornada programada pretende **ser un espazo de intercambio e aprendizaxe** para as persoas participantes co fin de axudar a fomentar a inclusión social na vellez.

Para todo o anterior é preciso contratar a realización deste servizo, xa que no departamento de Servizos Sociais non existe o persoal técnico preciso para poder desenvolver dito servizo.

O obxecto do contrato non se ten configurado para evitar a aplicación de regras xerais de contratación, e non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.



### 3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN

CONCEPTO	TOTAL
DESEÑO E IMAXE:	Ata 900,00€
SECRETARÍA TÉCNICA E DIRECCIÓN:	Ata 3.900,00 €
<b>PERSOAS RELATORAS:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Honorarios das persoas relatoras.</li> <li>• Custes derivados da participación das persoas relatoras (desprazamentos, aloxamento, dietas, etc)</li> </ul>	Ata 7.000,00 €
PERSONAL TÉCNICO:	Ata 850,00 €
MATERIAIS:	Ata 1.960,00€
SEGURO DE RC	Ata 250,00€
<b>TOTAL IMPORTE SEN IVE</b>	<b>14.860,00 €</b>

### 4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE

En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo, ao ser seu importe inferior a 15.000 euros, IVE non incluído.

### 5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación competente é a Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, de conformidade co acordo de delegación da Xunta de Goberno Local e as bases de execución do orzamento municipal.

### 6. VALOR ESTIMADO

O Valor Estimado estará integrado por:

- Custes laborais: (detallar se procede)
- Honorarios profesionais: (detallar se procede)
- Outros custes de execución material: (detallar se procede)
- Gastos Xerais:
- Beneficio industrial:

TOTAL Valor Estimado:

Valor sen IVE: 14.860,00 euros

IVE (21,00 %): 3.120,60 euros

Valor con IVE: 17.980,60 euros

**7. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Aplicación Orzamentaria / Proxecto GFA	Data orzamento	Denominación	Importe IVE incluído
2024-020 23100 2270600	2024	ATENCIÓN PRIMARIA. ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	17.980,60

**8. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución máximo será a partir da notificación da adxudicación ata a data fixada para o desenvolvemento da xornada no mes de novembro de 2024..

**9. LUGAR DE PRESTACIÓN**

CENTRO SOCIOCULTURAL MARUXA E CORALIA

**10. RESPONSABLE DO CONTRATO**

María Teresa Furelos Toral

**11. FORMA DE PAGO DO PREZOS**

X (OPCIÓN A) Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación dentro do ano natural ó que corresponde a prestación, expedida polo provedor e conformada polo responsable do contrato. Xunto coa factura será presentada unha memoria xustificativa do servizo prestado.

**12. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA**

Datos identificativos da entidade:

<b>Denominación</b>	UNA GRUPO IDEAS FACTORY, S.L.
<b>Número identificación fiscal</b>	CIF: B36532034
<b>Domicilio</b>	Avda. Barcelona, 33 A, Local 1A15706 Santiago de Compostela A CORUÑA
<b>Teléfono</b>	628 336 283
<b>e-mail</b>	<a href="mailto:info@unagrupo.com">info@unagrupo.com</a>



## PROGRAMA “IMPULSA O TEU CORPO”

Tipo de contrato: Servizos - Servizos de esparcemento, culturais e deportivos

### 1. OBXECTO DO CONTRATO

O servizo para a execución dun proxecto denominado Impulsa o teu corpo vai dirixido a aquelas persoas maiores que non teñen ningún tipo de deterioro cognitivo, que desexan previr a súa deterioración, tanto física como cognitiva.

Tamén vai dirixido a aquelas persoas que desexen ter un envellecemento saudable a través do coñecemento do propio corpo e da práctica de exercicio físico regular en grupo.

### 2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:

A actividade física é esencial para envellecer saudablemente. Unha das cousas máis importantes que pode facer pola súa saúde un adulto maior é facer actividade física regularmente. Pode previr ou atrasar moitos dos problemas de saúde que parecen xurdir cos anos. Tamén axuda a fortalecer os seus músculos para que poidas continuar facendo as súas tarefas do diario vivir sen ter que depender doutros.

Tomar en conta que algo de actividade física é mellor que nada. Mentres máis actividade física fágase, máis aumentarán os beneficios para a saúde.

Tendo en conta o envellecemento da poboación tan característico de Galicia, faise necesario facer fincapé na atención a un envellecemento saudable e activo. É por iso polo que nace este programa, coa finalidade de favorecer, promocionar e rehabilitar o mantemento físico, a través da actividade física e psicomotriz, prevendo o seu deterioro.

No caso de detectar dificultades salientables á hora da realización da actividade, procederáse a unha valoración individualizada para ver se se pode estar ante un posible

caso de deterioro cognitivo, e, de ser así derivalo aos servizos sanitarios e sociais correspondente ou a psicóloga da entidade.

En canto a este programa, dende o punto de vista da fisioterapia, debe actuarse sobre os síntomas físicos coa finalidade de conservar a máxima autonomía do paciente. A deterioración física adoita ir acompañado das afeccións articulares e musculares propias da idade, como artrite, artrose, rixidez articular, contracturas musculares, etc. Ademais, vese moi afectada co tempo a capacidade de coordinación, especialmente durante a marcha, na que observamos que o paciente vai perdendo de forma gradual a capacidade de manter o equilibrio.

Este programa afondará na atención centrada na persoa individualizando as características e circunstancias de cada persoa.

O obxecto do contrato non se ten configurado para evitar a aplicación de regras xerais de contratación, e non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.

### **3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN**

**EQUIPO PROFESIONAL** para por en marcha o proxecto, sería un Técnico en actividade física: coas seguintes tarefas e funcións: - Atención directa, - Avaliación e valoración da persoa usuaria, - Planificación do programa, - Avaliación do programa, - Dinamización comunitaria e o persoal administrativo preciso e de coordinación do programa.

### **4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE**

En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo, ao ser seu importe inferior a 15.000 euros, IVE non incluído.

### **5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación competente é a Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, de conformidade co acordo de delegación da Xunta de Goberno Local e as bases de execución do orzamento municipal.

### **6. VALOR ESTIMADO**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2023
<b>Monitor técnico</b> (febreiro - novembro) 20 horas semanais x 40 semanas x 11,57€/hora	9.256,00€
<b>Xestión administrativa</b> (febreiro - novembro) 1 hora semanal x 40 semanas x 8,82€/hora	352,80€
Material funxible e outros	391,20€



CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2023
<b>TOTAL</b>	<b>10.000,00€</b>

TOTAL Valor Estimado:  
 Valor sen IVE: 7.000,00 euros  
 IVE (0,00 %): 0,00 euros  
 Valor con IVE: 7.000,00 euros

**7. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Aplicación Orzamentaria / Proxecto GFA	Data orzamento	Denominación	Importe IVE incluído
2023-020 23100 2270600	2023	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	7.000,00

**8. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O proxecto desenvolverase desde o mes de febreiro ata novembro de 2023, non podendo ser obxecto de prórroga ou revisión de prezos nin supor fraccionamento.

**9. LUGAR DE PRESTACIÓN**

Este proxecto realizarase no centros socio-culturais do concello distribuíndo 4 grupos na zona urbana dun par de horas/semana por cada un e, 4 grupos tamén no rural.

**10. RESPONSABLE DO CONTRATO**

MARÍA TERESA FURELOS TORAL, XEFA DE SERVIZO DA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL

**11. FORMA DE PAGO DO PREZOS**

(*OPCIÓN B*) Mediante a presentación de dúas facturas, a primeira que recolla o período do servizo desde febreiro á xuño, e a segunda que recolla o período do servizo desde xullo á novembro do ano 2024, expedidas polo provedor, acompañadas dunha memoria xustificativa do servizo realizado, e conformada polo responsable do contrato, trala realización da prestación do período e antes de que finalice o ano ao que corresponde a prestación.

Os códigos para a facturación son os seguintes:

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
GE0001959 INTERVENCIÓN MUNICIPAL	L01150780 CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	GE0016533 Cx 20- SS.e Asistencia a persoas Dependentes
<b>Correo electrónico central</b>		
consultafacturas@santiagodecompostela.gal		

**12. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA**

<b>Denominación</b>	AGADEA
<b>Número identificación fiscal</b>	G15483498
<b>Domicilio</b>	Rúa Salgueiriños de Abaixo, nº 15, baixo, 15706 Santiago de Compostela. A Coruña
<b>Teléfono</b>	981595738/ 647589725
<b>e-mail</b>	agadea@agadea.org

**PROGRAMA “ADESTRAMENTO MENTAL”**

Tipo de contrato: Servicios - Servicios sociales y de salud

**1. OBXECTO DO CONTRATO**

O contrato ten por obxecto executar un proxecto denominado “Adestramento Mental” dirixido a persoas maiores co fin de incentivar a axilidade mental e a prevención do deterioro cognitivo dese colectivo. Trasladar a todas aquelas persoas que queren levar un envellecemento de forma activa e participativa, a posibilidade de realizar un aprendizaxe do adestramento da memoria e doutras funcións cognitivas superiores

**OBXECTIVO XERAL:** Realizar o programa de **ADESTRAMENTO MENTAL** para a mellora da calidade de vida das persoas maiores de Santiago de Compostela así como para previr o deterioro cognitivo fomentar as relacións sociais.

Entre os obxectivos específicos podemos incluír: Dar apoio emocional e social, detectar posibles casos de empeoramento a nivel cognitivo e/ou emocional, susceptibles de ser derivados a outros servizos os recursos, dar apoio e soporte ás persoas usuarias dos servizos e ás súas familias, fomentar a autonomía e independencia das persoas usuarias, así como, o benestar e calidade de vida das mesmas e das súas familias, manter a relación terapéutica coas familias e as persoas usuarias, preservar as capacidades cognitivas das persoas usuarias, garantir unha maior calidade de vidas das persoas usuarias...etc.

## **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:**

O envellecemento é un proceso universal, continuo e heteroxéneo, e a medida que se cumpren anos prodúcense unha serie de cambios que implican perdas, distinguibles cando se compara ás persoas maiores coa poboación nova. O envellecemento da poboación é un fenómeno de ámbito global. Estímase que no 2050 unha cuarta parte (25,7%) da poboación dos países desenvolvidos superará os 65 anos. Outra das tendencias previstas é o incremento de poboación de persoas moi maiores dentro do colectivo de persoas maiores, sendo esta porcentaxe no 2050 entre o 12 e 15% no caso de España para os maiores de 80 anos. O envellecemento da poboación leva asociado un aumento da incidencia e prevalencia das patoloxías asociadas á idade, incluíndo o deterioro cognitivo e as demencias.

Como consecuencia de este progresivo envellecemento e do aumento do deterioro cognitivo estímase un incremento do gasto sociosanitario, e por isto as políticas de prevención como os programas de estimulación cognitiva están cobrando especial relevancia. Os programas de entramento cognitivo con fins de prevención do deterioro xorden de:

- O proceso de envellecemento da poboación
- A efectividade dos programas de estimulación cognitiva no deterioro cognitivo
- O baixo custe dos métodos non invasivos e sen efectos secundarios no rendemento cognitivo das persoas maiores
- Os resultados sobre reserva cognitiva que informan sobre o efecto do nivel educativo e a participación en actividades sobre a incidencia do deterioro

Tendo en conta o envellecemento da poboación tan característico de Galicia, faise necesario facer fincapé na atención a un envellecemento saudable e activo. É por iso polo que nace este programa, co gallo de facer unha prevención no tocante a posibles diagnósticos de deterioro cognitivo leve ou demencia, ben sexan tipo Alzheimer ou de calquera outro tipo. Ao mesmo tempo trátase de fomentar un estilo de vida activo, no que se entrenen as capacidades cognitivas tales como: atención, memoria, linguaxe, funcións executivas... No caso de detectar dificultades salientables á hora da realización das actividades, procederase a unha valoración individualizada para ver se se pode estar ante un posible caso de, e, de ser así derivalo aos servizos sanitarios e sociais correspondentes. A presenza de Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), as redes sociais e o uso de internet na vida cotiá é cada vez máis e máis habitual, ata o punto de ocupar gran parte do día a día da maioría das persoas. Hai estudos que revelan que existe unha brecha interxeracional no seu uso, co cal parece necesario realizar programas destinados a achegar cada vez mais esta realidade ás persoas maiores. Con isto favorécese a súa integración na sociedade, facéndoas partícipes dela.

Se a isto lle sumamos a necesidade dun envellecemento saudable, no que as persoas se manteñan activas cognitivamente falando, chegamos á conclusión de que parece interesante realizar programas que inclúan eses dous elementos: realizar estimulación cognitiva de maneira primordialmente presencial pero tamén a través de aplicacións tecnolóxicas que faciliten a realización de exercicios mentais, cálculo, xogos... O departamento de Servizos Sociais non dispoñe nin de persoal técnico especializado nin de ferramentas para a posta en marcha de dito proxecto, e ademais terá lugar en horario de mañá ou de tarde indistintamente, dependendo do grupo en cuestión. O obxecto do contrato non se ten configurado para evitar a aplicación de regras xerais de contratación, e non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.

### **3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN**

O programa **ADESTRAMENTO MENTAL** está destinado a persoas maiores sen deterioro cognitivo ou con deterioro cognitivo asociado á idade e realízase en sesións semanais de hora e media de duración entre os meses de febreiro a novembro de 2024. Emprégase unha metodoloxía activa e participativa baseada en:

- a) a explicación teórica de aspectos relacionados co envellecemento saudable, os procesos cognitivos, a comunicación e as relacións sociais;
- b) o entramento en estratexias adaptativas, de cognición, memoria e comunicación a través de dinámicas grupais;
- c) a estimulación de funcións específicas a través de exercicios individuais; d) a posta en común dos aspectos abordados;
- e) explicación de tarefas para casa, que se corríxen ao inicio da sesión seguinte.

As sesións, impartidas por un técnico especializado en envellecemento, estrutúranse en oito bloques temáticos:

- Bloque I: Envellecemento saudable
- Bloque II: Orientación
- Bloque III: Atención
- Bloque IV: Memoria
- Bloque V: Percepción
- Bloque VI: Funcións executivas
- Bloque VII: Comunicación e linguaxe
- Bloque VIII: Afectividade

### **4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE**

En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo, ao ser seu importe inferior a 15.000 euros, IVE non incluído.

### **5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

O órgano de contratación competente é a Concellaría de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, de conformidade co acordo de delegación da Xunta de Goberno Local e as bases de execución do orzamento municipal.

### **6. VALOR ESTIMADO**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2024
<b>Monitor técnico</b> (febreiro - xuño) 10 horas semanais x 20 semanas x 11,23€/hora	2.246,00€
<b>Monitor técnico</b> (xullo – novembro) 10 horas semanais x 12 semanas x 11,23€/hora	1.796,80€
<b>Técnico coordinador</b> (febreiro - xuño) 1 horas semanal x 20 semanas x 12,75€/hora	255,00€
<b>Técnico coordinador</b> (xullo– novembro) 1 horas semanal x 20 semanas x 12,75€/hora	255,00€
<b>Xestión administrativa</b> (febreiro - xuño) 1 hora semanal x 20 semanas x 8,82€/hora	176,40€
<b>Xestión administrativa</b> (xullo - novembro) 1 hora semanal x 20 semanas x 8,82€/hora	176,40€
Material funxible e outros	94,40€
<b>TOTAL</b>	<b>5.000,00€</b>

O Valor Estimado estará integrado por:

- Custes laborais: (detallar se procede)
- Honorarios profesionais: (detallar se procede)
- Outros custes de execución material: (detallar se procede)
- Gastos Xerais:
- Beneficio industrial:

TOTAL Valor Estimado:

Valor sen IVE: 5.000,00 euros

IVE (0,00 %): 0,00 euros

Valor con IVE: 5.000,00 euros

### **7. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Aplicación Orzamentaria / Proxecto GFA	Data orzamento	Denominación	Importe IVE incluído
2023-020 23100 2270600	2023	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS	5.000,00

**8. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O proxecto desenvolverase desde o mes de febreiro ata novembro de 2023, non podendo ser obxecto de prórroga ou revisión de prezos nin supor fraccionamento.

**9. LUGAR DE PRESTACIÓN**

Centros socioculturais do Concello de Santiago

**10. RESPONSABLE DO CONTRATO**


MARÍA TERESA FURELOS TORAL, XEFA DE SERVIZO DA ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL

**11. FORMA DE PAGO DO PREZOS**

(OPCIÓN B) Mediante a presentación de dúas facturas, a primeira que recolla o período do servizo desde febreiro á xuño, e a segunda que recolla o período do servizo desde xullo á novembro do ano 2024, expedidas polo provedor, acompañadas dunha memoria xustificativa do servizo realizado, e conformada polo responsable do contrato, trala realización da prestación do período e antes de que finalice o ano ao que corresponde a prestación

**12. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA**

<b>Denominación</b>	AGADEA
<b>Número identificación fiscal</b>	G15483498
<b>Domicilio</b>	Rúa Salgueiriños de Abaixo, nº 15, baixo, 15706 Santiago de Compostela. A Coruña
<b>Teléfono</b>	981595738/ 647589725
<b>e-mail</b>	Agadea.org



SERVIZO DE EDUCACION E  
APOIO FAMILIAR...

...a intervención  
socioeducativa e de apoio  
psicolóxico cos mais novos

A consideración social e xurídica da “*infancia*” e da “*adolescencia*” ten variado substancialmente nas últimas décadas, producíndose tras a aprobación da Constitución Española de 1978, unha intensa actividade lexislativa que renovou o ordenamento xurídico para garantir a protección dun dos colectivos mais vulnerables da nosa sociedade. Como indica o Observatorio da Infancia en España, a Convención dos Dereitos do Neno, ratificada no noso país en 1990, supuxo un feito histórico que desembocou no recoñecemento de dereitos e nun paralelo desenvolvemento de referencias lexislativas orientadas á protección da infancia.

A Constitución Española de 1978, ao enumerar no capítulo III do Título I os principios rétores da política social e económica, establece, no art. 39, a obriga dos Poderes Públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e, dentro desta, con carácter singular a dos menores de idade. Todas as transformacións do sistema de atención á infancia cobran a súa máxima expresión lexislativa na aprobación da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil. Este texto lexislativo recolle novos elementos que profundizan na garantía da protección da infancia e da adolescencia, considerándoos suxeitos activos, participativos e creativos, con capacidade de modificar o seu propio medio persoal e social, de participar na busca e satisfacción das súas necesidades. A lei indica que a mellor forma de garantir social e xuridicamente a protección dos menores, é a de promover a súa autonomía como suxeitos, de tal forma que poidan ir construíndo progresivamente unha percepción de control sobre a súa situación persoal e do seu proxecto de futuro. Segundo a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, considerárase **situación de risco** aquela na que, por mor de circunstancias, carencias ou conflitos familiares, sociais ou educativos, o menor se vexa prexudicado no seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo, no seu benestar ou nos seus dereitos de forma que, sen alcanzar a entidade, intensidade ou persistencia que fundamentarían a súa declaración de situación de desamparo e a asunción da tutela por ministerio da lei, sexa precisa a intervención da administración pública competente, para eliminar, reducir ou compensar as dificultades ou inadaptación que lle afectan e evitar o seu desamparo e exclusión social, sen ter que ser separado da súa contorna familiar.

Segundo recolle o artigo 50 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, correspóndelles ás entidades locais a detección, a valoración e a intervención nas situacións de risco de calquera índole e a activación dos seus propios recursos ou en colaboración coas demais administracións e servizos públicos e privados. Serán obxectivos desta actuación administrativa os seguintes:

- a. A mellora do medio familiar, coa colaboración dos pais, as nais, os titores, as titoras, os gardadores ou as gardadoras e do propio neno, nena ou adolescente.



- b. A idoneidade das condicións sociais, económicas e culturais dos nenos, as nenas e os e as adolescentes.
- c. A eliminación, a neutralización ou a diminución dos factores de risco e dificultade social mediante a capacitación dos pais e das nais para atenderen axeitadamente as necesidades do neno ou a nena ou do ou a adolescente, proporcionándolles os medios, tanto técnicos coma económicos, e a axuda necesaria que permitan a permanencia deste ou desta no fogar.
- d. A satisfacción adecuada das necesidades principais da ou do menor polos servizos e recursos esenciais e/ou normalizadores, propiciando as accións compensatorias adicionais necesarias, de ser o caso, para garantir o efectivo exercicio dos seus dereitos.

En situación de risco de calquera índole, a intervención da administración pública competente -local- deberá garantir, en todo caso, os dereitos do menor e orientarase a diminuír os indicadores de risco e dificultade que incidan na situación persoal, familiar e social en que se atopa, e a promover medidas para a súa protección e preservación da contorna familiar. A intervención na situación de risco realizarase en coordinación cos centros escolares e servizos sociais e sanitarios e, no seu caso, coas entidades colaboradoras do respectivo ámbito territorial ou calquera outras.

A administración pública competente para intervir na situación de risco adoptará, en colaboración cos servizos de saúde correspondentes, as medidas adecuadas de prevención, intervención e seguimento, das situacións de posible risco prenatal, para os efectos de evitar con posterioridade unha eventual declaración de situación de risco ou desamparo do recentemente nado. Tras o nacemento manterase a intervención co menor e a súa unidade familiar para que, se fose necesario, declárese a situación de risco ou desamparo do menor para a súa adecuada protección. A negativa dos proxenitores, titores, gardadores ou acolletores a prestar o consentimento respecto dos tratamentos médicos necesarios para salvagardar a vida ou integridade física ou psíquica dun menor constitúe unha situación de risco.

## ASPECTOS CONCEPTUAIS

Considérase situación de risco a que se produce de feito cando a persoa menor de idade, sen estar privada no seu ámbito familiar da necesaria asistencia moral ou material, se ve afectada por calquera circunstancia que prexudique o seu desenvolvemento persoal, familiar, social ou educativo e que permita razoablemente temer que no futuro poida estar incurso nunha situación de desamparo, inadaptación ou de exclusión social. (artigo 26 da Lei 2/2006, de dereito civil de Galicia). Constitúen **situacións de risco** as seguintes (art. 49 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia):

- a. A falta de atención física ou intelectual da persoa menor de idade por parte dos seus pais, nais, titores, titoras, gardadores ou gardadoras que supoña prexuízo leve para a súa saúde física ou emocional, descoido non grave das súas necesidades principais ou obstaculización para o exercicio dos seus dereitos, cando se estime, pola súa natureza ou pola repetición dos episodios, a posibilidade da súa persistencia ou o agravamento dos seus efectos.
- b. A dificultade seria que as persoas referidas na alínea anterior teñan para lle dispensar adecuadamente ao neno ou a nena ou ao ou a adolescente a referida atención física e intelectual, malia a súa vontade de o facer, cando iso supoña os efectos descritos na devandita alínea.
- c. A utilización do castigo físico ou emocional sobre a menor ou o menor que, sen constituír episodio severo ou patrón crónico de violencia, prexudique o seu desenvolvemento.
- d. As carencias de toda orde que, non podendo ser adecuadamente compensadas no ámbito familiar, nin impulsadas desde este para o seu tratamento a través dos servizos e recursos esenciais e/ou normalizadores, poidan propiciar a exclusión social, a inadaptación ou o desamparo da ou do menor.
- e. O conflito aberto e permanente entre os pais, as nais, os titores, as titoras, os gardadores ou as gardadoras, ou entre calquera deles e a persoa menor, cando poida prexudicar o desenvolvemento persoal ou social desta.
- f. Calquera outra situación, ademais das previstas neste artigo, que, de persistir, poida evolucionar e derivar en desamparo da ou do menor.

Desde unha perspectiva universalista, preventiva e de igualdade, son destinatarias do servizo de educación e apoio familiar todas as familias, en plural, que presenten elementos de vulnerabilidade social. Enténdese por familia tanto o conxunto de persoas unidas por vínculos de convivencia que constitúen unha rede de relacións afectivas, de coidado e económicas, como os fogares unipersoais. A súa finalidade é proporcionar aos seus membros os vínculos necesarios para que desenvolvan os seus procesos de individualización e autonomía e participen activamente na sociedade, aportando os elementos clave para a súa socialización. O programa diríxese con carácter xeral ás familias da comunidade de referencia dos servizos sociais comunitarios, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se encontren en situación de maior vulnerabilidade, nas cales exista presenza de menores en risco de desatención ou nas cales se identifiquen outros factores que revelen unha situación de risco de exclusión social ou pobreza infantil. Tamén se dará apoio a aquelas unidades de convivencia voluntaria con funcións análogas á familiar, sempre que favorezan a autonomía e a integración social das persoas que as constitúen.

Estas situacións constitúen importantes factores de risco e producen un efecto interactivo e multiplicador. Polo tanto, é necesario a súa abordaxe dende unha perspectiva interdisciplinar e de traballo en rede, no propio eido sociofamiliar (evitando, na medida do posible, o desarraigo), que terá como obxectivo final, *poñer á disposición das familias os instrumentos necesarios para potencia-los seus propios recursos e habilidades* (trátase de romper os lazos de dependencia social para acadalo obxectivo de autonomía familiar). Dentro das situacións de vulnerabilidade darase prioridade a aquelas familias integradas por:

- Infancia e adolescencia en situación de risco.
- Persoas dependentes (diversidade funcional, problemas de saúde mental, discapacidades, persoas maiores...).

A comunidade en xeral e, dentro desta, as entidades e profesionais cunha vinculación directa ou indirecta no traballo con familias (sistema sanitario, educativo, xurídico, asociativo, laboral, servizos especializados...) tamén serán destinatarias do programa. Dende o programa abránguense as seguintes ámbitos de intervención mediante o deseño dun proxecto individualizado de intervención:

- **Ámbito de relacións familiares:** facilitación de pautas e estratexias que favorezan unhas adecuadas relacións e interaccións entre os diferentes membros da unidade de convivencia: fomento do respecto, adecuados diálogos, axeitada aplicación dos castigos, facilitación de pautas educativas, apoio na existencia de problemáticas específicas, identificación dun estilo educativo....
- **Ámbito de relacións sociais:** reforzo duns axeitados vínculos co seu entorno inmediato favorecendo a participación activa e real nos recursos existentes. (Membros activos dentro da súa comunidade).
- **Ámbito de saúde:** estimulación dunha adecuada educación para a saúde nos diferentes membros da unidade familiar, achegamento ós recursos sanitarios, valoración da prevención como mellora da calidade de vida, seguimentos médicos axeitados, prevención de riscos, planificación familiar....
- **Ámbito escolar:** fomento dos contactos co entorno escolar, estimulación da implicación parental nos estudos, reforzo de hábitos de estudo, adquisición da material escolar, prevención do absentismo escolar, fomento da participación en actividades extraescolares, deseño de estratexias de intervención conxuntas ...
- **Ámbito de organización:** apoio na planificación e organización de gastos, estimulación dunha axeitada organización doméstica, reforzo de hábitos de aseo e limpeza diarios,...
- **Área formativa-laboral:** Información canles de inserción, achegamento ós recursos, elaboración de itinerarios formativos, fomento da formación, motivación para a busca de emprego,...

## FUNDAMENTOS LEGAIS

- ✦ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 25 e 26.1: *“Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, ... a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”*.
- ✦ Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor e de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.
- ✦ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- ✦ Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.
- ✦ Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia.
- ✦ Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- ✦ Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.
- ✦ Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- ✦ Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- ✦ Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- ✦ Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia.

## OBXECTIVOS

### Obxectivos xerais:

- ✦ Ofrecer apoio socioeducativo integral ás familias, como marco de referencia onde se desenvolven as persoas.
- ✦ Fomentar a autonomía e a integración no contorno de todas as familias, garantindo o respecto aos seus dereitos.
- ✦ Promover e dinamizar redes comunitarias de apoio e axuda mutua ás familias, favorecendo a prevención de situacións de risco e dificultade sociofamiliar.

### Obxectivos específicos:

- ✦ Promover a adquisición de competencias e capacidades das familias, para un axeitado desenvolvemento das súas funcións parenterais, educativas, de crianza e socialización.
- ✦ Reforzar, estimular e potenciar os recursos persoais das familias, as súas capacidades e potencialidades para a solución das dificultades nas que se poidan atopar nas diferentes etapas do ciclo familiar, facéndoas partícipes e protagonistas do cambio.



- ↻ Facilitar alternativas, recursos e itinerarios socioeducativos ás familias.
- ↻ Facilitar o acceso a toda a información específica para as familias, así como aos recursos e servizos da sociedade (culturais, cívicos, educativos, deportivos, de lecer...).
- ↻ Favorecer a integración, a participación e a promoción social das familias nos ámbitos familiar, social, cultural, político e educativo.
- ↻ Promover espazos de encontro de pais e nais enfocados á formación compartida e mellora da educación familiar.
- ↻ Previr, detectar e atender situacións e familias de elevada vulnerabilidade: infancia en alto risco social, dinámicas de violencia intrafamiliar e familias en situación de exclusión social
- ↻ Sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade, igualdade e integración na sociedade galega. Diseñar estratexias de intervención que pretendan a redución dos factores de risco, evitando, na medida do posible, a separación do menor do seu medio habitual, procurando o retorno á súa familia de orixe, cando esta medida fora adoptada previamente pola Xunta de Galicia.
- ↻ Promover o coñecemento e recoñecemento da diversidade familiar (estrutural e cultural).
- ↻ Propoñer unha intervención coordinada con todos os axentes sociais.

## METODOLOXÍA

A intervención coas unidades familiares de convivencia nas que concorren elementos de risco social dende o ámbito do concello de Santiago de Compostela se concreta en:



### COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS:

- Xestión de prestacións xerais, ben sexan autonómicas, ben sexan municipais.
- Prestacións específicas: bolsas de comedor escolar e material escolar.



### MINGUAR FACTORES DE RISCO SOCIAL:


- Servizo de educación familiar.
- Servizo de apoio familiar, con apoio psicolóxico e emocional.
- Programa de prevención e intervención no absentismo escolar.
- Convenios con entidades para a implementación de programas específicos: Abeiro (Cáritas Diocesana) e Proinfancia (A Caixa e Arela).



### FOMENTO DA PARTICIPACIÓN SOCIAL:

- Bolsas de actividades extraescolares.
- Derviación a actividades lúdicas implementadas por outros servizos.

**1.- METODOLOXIA: INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DE BOLSAS MUNICIPAIS DE COMEDOR ESCOLAR, MATERIAL E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**




**2.- METODOLOXIA: O ACCESO AO SERVIZO DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR.**


**A).- INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA.**



Figura: Fluxograma do proxecto de apoio familiar.



**B).- INTERVENCIÓN DE APOIO PSICOLÓXICO E EMOCIONAL.**





A metodoloxía utilizada na intervención educativa, segue unha secuenciación de fases, precisa para a axeitada abordaxe da realidade social. Isto é:

- ✦ **Detección.** A detección supón que as Unidades de Traballo Social de zona teñen coñecemento de que nun determinado núcleo familiar existen indicadores de risco que poden estar prexudicando o axeitado desenvolvemento dos seus membros.
- ✦ **Canalización-derivación.** Unha vez realizado por parte da UTS o correspondente estudio e diagnóstico profesional, este é remitido, ao equipo municipal de atención á familia.
- ✦ **Estratexias de tratamento.** A abordaxe técnica do equipo municipal adoptará o seguinte esquema de intervención educativa:



Fonte: Servizos Sociais – Concello de Santiago de Compostela

#### a).- Fase de estudo:

- ✦ Citación á familia. Análise conxunta dos aspectos que determinan a problemática intrafamiliar, de xeito que todos os implicados tomen conciencia sobre a súa propia realidade
- ✦ Estuda-lo caso e afondar no coñecemento da situación, contrastando e completando a información remitida, a través doutras fontes ou servizos relacionados co mesmo, para establecer un prognóstico dos cambios que se pode acadar coa familia, detectando e reforzando os recursos dispoñibles dentro da rede de apoio social así como as potencialidades existentes.

- ✦ Valorar o grao de concienciación da familia para participar no plan de traballo. No caso de ser negativo, o equipo municipal tentará un achegamento a familia, iniciando unha fase concienciación.

**b).- Fase de tratamento.** Formulación de hipóteses de traballo e elaboración do proxecto de intervención familiar individualizado, establecendo obxectivos e estratexias a seguir, así como os recursos implicados na resolución dos conflitos familiares.

**c).- Avaliación.** Realízase unha avaliación continua do grao de consecución de obxectivos acordados coa familia, redefinido os mesmos ou as técnicas empregadas cando se estimen oportunas. Levando a cabo un proceso de retroalimentación continuo.

No caso de consecución de obxectivos, realizarase unha avaliación final dos cambios acadados, contando coa propia valoración da familia (avaliación participativa), e pechando a intervención sociofamiliar.

No caso de non consecución de obxectivos, e se así se valora por parte do equipo, procederase á elaboración dun informe social, onde se reflectirá a problemática intrafamiliar, os proxectos de intervención realizados coa familia, o seguimento das mesmas e a xustificación da necesidade de intervención do Equipo Técnico de Menores de A Coruña, de acordo ao establecido na lexislación vixente na materia. En liñas xerais, a metodoloxía do programa será participativa e flexible, axustándose os ritmos de aprendizaxe de cada persoa, axentes activos do seu cambio, favorecendo unha comunicación bidireccional entre os diferentes participantes que permitan ir retroalimentando o proceso de cambio introducindo os modificacións oportunas. Realizarase unha actuación global de todas as áreas de intervención mediante unha coordinación interdisciplinar como metodoloxía de intervención do traballo en rede e desenvolver .



### **3.- METODOLOXIA: A INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS.**

Tendo en conta os aspectos normativos contextuais e as recomendación das institucións de referencia<sup>1</sup>, desenvólvese un modelo de intervención familiar sustentando en tres pilares básicos:

<sup>1</sup> Neste caso, as indicacións facilitadas dende a Xunta de Galicia e pola Fundación Meniños.



Estas áreas se concretan nos seguintes aspectos:

- a. A **infancia como prioridade**: o modelo de intervención réxese polo interese superior da infancia, tendo prioridade a avaliación das súas necesidades e a atención adecuada das mesmas. Búscase responder á necesidade máis básica e fundamental para un desenvolvemento san e positivo: dispor dun fogar que proporciona seguridade. Por iso, o traballo céntrase en promover os recursos dispoñibles que garantan a experiencia dun apego seguro, caracterizado pola capacidade das persoas titoras de coidar, protexer, guiar e ofrecer estrutura, proporcionando respostas adecuadas ás demandas da poboación menor de idade.
- b. **Énfase na familia como sistema**. A familia concíbese como un sistema aberto, dinámico e en continuo proceso de cambio: posúe estrutura, orde, regras e un modo de funcionar propio, necesariamente cambiante en función dos motivos externos ou evolutivos propios do seu ciclo vital.
- c. **Enfoque relacional**, de colaboración e respecto ás familias: o traballo céntrase en crear un contexto relacional e de axuda. Para isto búscase:

- i. Coñecemento da visión do mundo que ten a familia.
  - ii. Fomento da participación de cada un dos membros do sistema familiar: unha intervención de carácter integrador e globalizador.
  - iii. Fomento da autonomía e da responsabilidade.
  - iv. Converternos e convertelas en axentes doadores de bo trato.
  - v. Balance adecuado entre a labor de apoio e a labor de control.
- d. **Traballo centrado nos recursos e nas capacidades.** Todas as persoas e todas as familias teñen un potencial de crecemento e adaptación. O traballo céntrase en identificar, estimular, acrecentar e reforzar os aspectos positivos das familias, empedrándoas



como axentes de cambio. O foco non é tanto diagnosticar os déficits ou disfuncións, senón consideralas como formas inadecuadas ou ineficaces de afrontamento das familias, que puideron ser útiles ou eficaces nalgún momento, pero que deixaron de selo.

- e. **Seguridade emocional das persoas menores de idade.** As condicións de negligencia, maltrato e abuso xeran dificultades emocionais negativas.
- f. **Enfoque ecosistémico:** traballo en rede. Enténdese a familia como un sistema que funciona nun contexto determinado, interactuando con outros sistemas dentro da comunidade e do entramado sociocultural no que conviven. A situación de dificultade dunha familia non é, por tanto, resultado da súa estrutura, senón tamén da relación co sistema de servizos comunitarios, do nivel de apoio, de conexión social e do sistema de crenzas socioculturais da sociedade na que viven.

A situación familiar compréndese dende un marco integrador que engloba a rede de sistemas e as relacións entre eles. Por iso, as necesidades das familias abórdanse a través dun traballo en rede, potenciando as relacións de colaboración con outros servizos e organismos cos que a familia se relaciona ou que poden ter unha influencia sobre ela.



Estas premisas son as pautas para realizar unha intervención flexible a medida das problemáticas de cada entorno familiar, pois cada familia é única nas súas dinámicas e necesidades de apoio.


#### **4.- METODOLOXIA: A INTERVENCIÓN NO ABSENTISMO ESCOLAR.**

Os espazos educativos son, pola súa natureza, un lugar fundamental tanto para a detección de situacións de dificultade como para a promoción de persoas comprometidas, solidarias e integradas socialmente. Son unha escola de cidadanía no seu sentido máis amplo. A coordinación entre o equipo de Servizos Sociais Comunitarios e os profesionais dos centros educativos poderá versar sobre os seguintes contidos:

- ✦ Intervencións de prevención en relación a diferentes contidos.
- ✦ Proxectos de educación en valores dirixidos a toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado e pais e nais).
- ✦ Promoción dos dereitos da infancia.
- ✦ Intervencións que fomenten a relación familia-escola-comunidade.
- ✦ Establecemento de protocolos de detección, derivación e actuacións conxuntas ante situación de dificultade social, violencia, absentismo escolar, etc.



PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN EN ABSENTISMO ESCOLAR



# PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO PASS CABES



O servizo de Educación Apoio Familiar ten por Obxectivo principal proporcionar ás familias e menores, en situacións de maior vulnerabilidade e risco social, o apoio necesario para o desenvolvemento das súas obrigas e tarefas cotiás, previndo o risco ao que poidan estar expostos, realizando accións de apoio e promoción, ademais da escolarización, así como como desenvolver actividades de prevención, formación e difusión.

O servizo vai dirixido ás Familias e fillos dependentes con necesidades de apoio socioeducativo que residen no termo municipal de Santiago de Compostela e teñen por referencia o PASS CABES e Rural Norte.

O Servizo concíbese como un servizo educativo e psicosocial de prevención e apoio personalizado, dirixido ás familias -especialmente a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade- e a toda a comunidade.

Ten como finalidade a promoción da autonomía familiar, o desenvolvemento integral das súas potencialidades e a súa participación activa como protagonistas do seu cambio, a partir dun proceso co-construído coas familias, as/os profesionais e os axentes da comunidade.

## 1.- ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR:

O longo deste ano 2024, desde o Programa Socioeducativo, traballouse cun total de 141 menores de idade pertencentes a un total de familias 105 en situación de risco social. Tamén se levou a cabo un apoio a 22 xoves maiores de idade.

A intervención familiar levase a cabo con dous niveis de intensidade,

- Familias con Proxecto Socioeducativo, un total de 13 Familias
- Familias con Apoio en situación Puntuais.


As persoas e familias foron derivadas na súa maior parte pola traballadora social de zona ao programa socioeducativo, desde os centros escolares de referencia da zona, centro de

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

saúde e existe e observamos que se consolida a tendencia en casos derivados desde a rede comunitaria **Vite Rede**:

- Nº de entrevistas individuais. 738
- Nº de entrevistas familiares. 82
- Visitas Domiciliarias: 94
- Acompañamentos: 17
- Atención telefónica: 736
- Nº de menores en situación de risco social que están a seguimento no programa socioeducativo. 72
- Nº de menores en situación de risco social que están con intervención no programa socioeducativo. 98
- Menores en situación de risco PASS CABES: 75
- Menores con beca comedor PASS CABES por escaseza de recursos: 112

Na gráfica relacionase os centros escolares a seguimento en participantes en bolsas de comedor escolar:



### Intervención realizada:

- Información e orientación as familias sobre as normas de funcionamento, prazos, convocatorias, correcta xustificación de faltas de asistencia.
- Apoio na solicitude e prazos de solventación de documentación.



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

- Seguimento da participación no recurso de bolsa de comedor (sobre todo naqueles casos nos que a asistencia non é regular ou existen faltas sen xustificar) A través de chamadas telefónicas ou entrevistas.
- Durante este curso escolar realizase un traballo de seguimento coas familias con bolsa de comedor por escaseza de recursos advírteselles de que é un recurso necesario en moitos casos atendendo a situación de vulnerabilidade, e indícanse os pasos a seguir para realizar a baixa correcta do recurso en caso de querer definitivamente darse de baixa do mesmo.
- Intervención en centros educativos: Os centros escolares cos que se mantén coordinación o longo deste ano 2024, foron

<input type="radio"/> CEIP Vite
<input type="radio"/> CEIP Casas Novoa
<input type="radio"/> CEIP López Ferreiro
<input type="radio"/> CEIP Monte dos Postes
<input type="radio"/> CEIP Apóstolo Santiago
<input type="radio"/> CEIP Nuestra Señora de los Remedios
<input type="radio"/> CEIP Divino Maestro
<input type="radio"/> CEIP Raíña Fabiola
<input type="radio"/> Casa do Neno
<input type="radio"/> CIFP Compostela
<input type="radio"/> Centro E. E. López Navalón
<input type="radio"/> CEIP Labacolla
<input type="radio"/> IES Sar
<input type="radio"/> IES Pontepedriña
<input type="radio"/> IES Xelmírez II
<input type="radio"/> IES Xelmírez I
<input type="radio"/> Escola Infantil Vite
<input type="radio"/> Escola Infantil Meixonfrío
<input type="radio"/> Escola Infantil do Tambre
<input type="radio"/> Escola Infantil San Roque



Durante este curso escolar traballouse coordinadamente e de xeito intensivo conxuntamente cos centros educativos de **Vite, López Ferreiro e Arquitecto Casas Novoa e IES Xelmírez II** especialmente de cara a favorecer o acceso os materiais e axeitado seguimento en este período de familias en situación de especial vulnerabilidade; un total de 72 familias.

Na coordinación cos centros escolares realizase unha intervención conxunta, de cara a previr situación de absentismo escolar, mellorar a relación da familia co centro escolar, necesidades de apoio escolar, asistencia escolar, normas escolares, área saúde, absentismo escolar, problemáticas específicas con tratamento en unidades de saúde mental infantil.

- Visitas institucionais a centros educativos: 0
- Xuntanzas de coordinación con centros educativos. 53
- Nº de coordinacións telefónicas/telemáticas con centros educativos. 75
- Nº de menores con problemática de absentismo escolar. Intervencións técnicas realizadas dende os Servizos Sociais. Resultados. Recibíronse un total de 3 protocolos de absentismo escolar o longo deste ano 2024. En todos os casos logrou solventarse a situación de absentismo tras unha intervención conxunta co centro escolar e apoio da Rede Comunitaria. Un caso foi comunicado a fiscalía de menores A Coruña

O longo deste curso 2024 apareceron dificultades para que os menores participaran de xeito regular en entidades de apoio escolar do barrio, así como insuficiencia dos recursos de apoio para facer fronte as necesidades detectadas. Aspectos que se traballaron conxuntamente cos centros escolares e Plan Comunitario de Vite en xuntanzas periódicas.

- Nº de menores desescolarizados. Temos un total de 2 menores de idade en período de escolarización non obrigatoria 3-6 anos, educación infantil. Por decisión da familia, a que se lle informa das consecuencias futuras na correcta escolarización dos menores.

Intervencións técnicas realizadas dende os Servizos Sociais. Traballase mediante citas periódicas coas familias a necesidade de atender correctamente as necesidades dos menores e a negativa incidencia na súa correcta evolución a nivel desenvolvemento causado pola non escolarización temperá. Fase de concienciación. • Nº de acompañamentos realizados aos pais a centros educativos. Realizáronse 6 xuntanzas iniciais en familias con cambio de centro escolar, no IES Xelmírez II, entrevistas conxuntas coas orientadoras dos centros escolares para favorecer a axeitada integración e adaptación dos menores o centro escolar. Intervencións conxuntas coa **UACO**, para previr situacións de abandono escolar en 7 menores. Solventáronse as situacións en 6 casos. Casos comunicado ante o ETM

- Nº de casos de mediación, si é o caso. Dificultade de relación familia escola, en tres casos mantivéronse xuntanzas en IES XELMÍREZ II conxuntamente con mestres, conxuntamente coa UACO departamento de Orientación para favorecer a relación entre familia-escola.

Intervención con centros sanitarios: Os centros de saúde e sanitarios cos que se realiza coordinación durante este ano; Centro Saúde Vite, Fontiñas, Galeras, Concepción Arenal. UMAD, UTA CHUS, saúde mental infantil, Hospital Provincial de Conxo, Hospital Gil Casares, Unidade de Atención Temperá. Os temas abordados foron: seguimentos sanitarios, abordaxe conxunta de casos, citas médicas, petición de informes aos usuarios, derivación a servizos de saúde, xestión de citas médicas, coordinación e avaliación conxunta

- Visitas institucionais a centros sanitarios: 0
- Xuntanzas de coordinación con centros sanitarios. 12
- Nº de coordinacións telefónicas con centros sanitarios. 38
- Nº de acompañamentos realizados coas persoas usuarias. 12

i). - Coordinación con Equipo Técnico de Menores:

Nº de menores aos que se tivo que poñer en coñecemento a súa situación ao Equipo Técnico de Menores. Resultados acadados por menor: Realizáronse un total de 42 informes ante o ETM, comunicando situacións de elevado risco, absentismo continuado, desafuzamentos, propostas de acollemento en familia extensa, e resposta a petición de informe. Os resultados foron que en unha ocasión foron derivados a Programa de Apoio familiar de Meniños, en outro caso a Unidade de Venres Clínicos da USC. En dous caso formalizase acollemento en familia extensa. Os casos restantes están con expediente aberto en Equipo Técnico de Menores.

- Nº de informes técnicos realizados ao Equipo Técnico de Menores: 42
- Nº de menores aos que se tivo que asumir a tutela dende a Xunta de Galicia. En tres casos a Xunta de Galicia asume a tutela.
- Correlacionar nº de menores tutelados co nº de menores en situación de risco social. Número de menores tutelados foi de 3 fronte o número de menores en situación de risco 142 en situación de intervención.
- Dos menores tutelados:
  - Tres menores ingresan en centro de menores.
  - Dous menores acollidos en familia extensa
- Nº de casos na zona con medidas de acollemento familiar, indicando dese número

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

cantos están remunerados e cantos non. Son un total de 10 menores acollidos en familia extensa, o acollemento é remunerado.

• Nº de menores en servizos específicos ou especializados:

- ☞ Dous menores participan do Programa de Apoio Familiar de Meniños.
- ☞ Tres menores no programan de apoio perinatal de Meniños.
- ☞ Dous menores no CIENMA con medidas xudiciais.
- ☞ Dous menores en Aldeas Infantiles
- ☞ Tres menores continúan na Unidade da USC, Venres Clínicos da USC.

• Nº de menores derivados a actividades de lecer. O número de menores derivados a actividades de lecer e apoio escolar foi de 81, as entidades as que se derivou foron:

Cruz Vermella, 12
Cáritas (Aulas), 17
Don Bosco,6
Cooperación Internacional, 32
Secretariado Xitano, 4
Igaxes (Competencias familiares)-5
Plan Comunitario de Vite. 105
Arela: 1
Apoio escolar en Colexio Maior Xelmírez: 23

• Nº de xuntanzas de coordinación co Equipo Técnico de Menores, de ser o caso. Mantivéronse catro xuntanzas presenciais e telemáticas, coordinación telefónica en 112 ocasións.

Coordinación con instancias xudiciais:

• Nº de acompañamentos realizados a instancias xudiciais. Motivos. Realizase un acompañamento para valorar situación de capacidade



- Nº de informes técnicos emitidos ao Xulgado. Motivos e resultados. Realízanse 27 informes, en dous casos por desafiuzamento, en 20 casos a Fiscalía de Menores outros 5 casos.

Coordinación co Programa municipal de Inclusión laboral, de cara a deseñar e delimitar a accións de orientación laboral mais idóneas en cada caso. En total leváronse a cabo durante este ano n total de 12 xuntanzas.

De especial relevancia son as **xuntanzas de coordinación e deseño de intervención de casos coa psicóloga do servizo de educación e apoio familiar**. Número de menores cos que se deseña unha intervención conxunta 12, nº de casos cuxo proxecto de intervención e desenrolado por esta profesional: 8

Nº de visitas domiciliarias realizadas: 94

- De valoración inicial de caso. 10
- De intervención directa. 30
- De seguimento. 50
- Mediación: 4

## 2.- ATENCIÓN GRUPAL

Dende o programa socioeducativo abránguense actividades de carácter grupal para consecución de obxectivos en cada un dos proxectos levados a cabo:

### Organización pleno infantil Municipal

Co gallo da Conmemoración do día Internacional do dereitos da infancia, celebrado o día 20 de novembro. Con motivo da celebración do Día Universal do Neno, a Concellaría de Políticas Sociais e UNICEF organizaron un pleno infantil no que participaron nenos e nenas do CEIP FONTIÑAS

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Colaboración na realización do **obradoiro grupal de prevención selectiva** coa temática da xestión emocional na etapa evolutiva da adolescencia. Desenvólvese con un formato de grupo participativo con sesións de dúas horas de duración. As participantes foron derivadas polas profesionais responsables do programa socioeducativo dos diferentes PASS e a media de participantes foi de 10-12 asistentes por sesión. Cabe sinalar que a realización destas sesións grupais, en ocasións supón o desencadenante de unha demanda por parte das nais de recibir apoio terapéutico familiar.




**Actividade de información sobre manexo de tecnoloxías:** Realizáronse dúas sesións informativas e de apoio en cumprimentación de documentación e manexo de tecnoloxías para participantes do programa socioeducativo e PASS CABES conxuntamente con Plan Comunitario de Vite, participantes: 15 persoas.



**Actividades co alumnado da USC, facultade de ciencias da educación.** Realízanse dúas sesións informativas sobre o Funcionamento do Servizo de Atención e Educación Familiar desde o PASS Fontiñas e PASS CABES. Unha sesión con alumnado de Grao en Educación Social: cun total de 45 participantes

### **Participación no deseño do Módulo de Infancia e Familia en HSUE co Equipo do AMTEGA**

Mantéñense xuntanzas de traballo con educadoras sociais e técnicos do AMTEGA co obxecto de deseñar o módulo de Infancia e Familia, leváronse a cabo catro xuntanzas telemáticas impulsado desde a Consellería de Política Social.



### **Sesión formativa de bolsas comedor,**

Información e apoio nas solicitudes de Bolsas de comedor por escaseza de recursos ás familias con menores en Centros de educación Infantil e primaria en zonas de referencia. Participan 45 persoas.

### **Sesión formativa de axudas alugueiro,**

Información e apoio nas solicitudes de axudas alugueiro ás familias que contan con vivenda alugadas e contrato en vigor. Participan 25 persoas.

### **Actividades Comunitarias Proxecto Saúde Comunitaria Vite**

Conxuntamente co Plan Comunitario de Vite e a ONG Farmamundi, desenvólvense actividades de participación comunitaria e prevención enmarcadas no Proxecto de saúde Comunitaria de Vite, con adolescentes do IES Xelmírez II

### **Actividades de conciliación en períodos estivais**

Derivación previa selección realizada por parte de Traballadora e Educadora Social dos PASS CABES de 8 menores con bolsa, ou acceso directo pertencentes os servizos sociais comunitarios, coordinación coa entidade que organiza a actividade. E seguimento da asistencia e participación das menores. En todos os casos se lograron o obxectivos previstos de Participación e Acceso a Recursos.

### **Programa vivenda**

Actividade formativa de axudas o alugueiro do Plan estatal de Alquiler. Asistencia a CATRO Comisións Provinciais de Vivenda, no IGVS, de carácter telemático en representación do concello:

- Valoración de adxudicacións directas de vivenda. Durante este ano 2023 non se concedeu ningunha adxudicación de vivenda por este proceso.
- Proceso selección de persoas adxudicatarias para vivendas de protección oficial de promoción pública, en segundas adxudicacións, iniciado por resolución de 15 de decembro de 2020 no concello de Santiago de Compostela. Acceso a vivenda de DOUS adxudicatarios por este procedemento durante o ano 2024

## PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE FONTIÑAS

O decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, no artigo 9 define o servizo de educación e apoio familiar como o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

Ten como obxectivo detectar, previr e superar situacións de dificultade e impulsar procesos de cambio nas familias que favoreza un adecuado exercicio das súas responsabilidades, a promoción das súas capacidades, a mellora da autonomía e autodeterminación, a súa integración e participación social, coa fin de fomentar a súa competencia nos diversos aspectos da súa dinámica funcional.

Concíbese como un servizo educativo e psicosocial de prevención e apoio personalizado, dirixido ás familias, en especial a aquelas que se atopen nunha situación de vulnerabilidade e a toda a comunidade.

Durante o ano 2024 dende o Programa Socioeducativo, traballouse cun total de 250 menores de idade pertencentes a un total de familias 138 en situación de risco social. A maior parte das familias foron derivadas polas traballadoras sociais do PASS Fontiñas ao programa socioeducativo, asemade tamén houbo derivación realizadas dende os centros





educativos (primaria e secundaria), centro de saúde e dende as entidades de iniciativa social que están a intervir dende o contexto comunitario. Tamén se levou a cabo un apoio a 12 xoves maiores de idade

Na intervención socioeducativa coas familia diferenciamos dous niveis:

- Familias coa que se deseña un proxecto de intervención individualizado
- Familias que contan con intervencións de carácter máis puntual de orientación e asesoramento.

a).- Nº de entrevistas individuais realizadas: 999

b).- Nº de entrevistas familiares:170

c).- Nº de menores en situación de risco social que están a seguimento no programa socioeducativo. Estiveron a seguimento un total de 262 menores


d).- Nº de menores en situación de risco social que están con intervención no programa socioeducativo. Estiveron a seguimento un total de 146 menores.

e).- Relacionar nº de menores beneficiarios de beca comedor este curso escolar que asisten co nº de menores que tiveron concedida beca de comedor (na modalidade de escaseza de recursos sempre)

Do total de solicitudes presentadas no programa municipal de bolsas comedor, material escolar e actividades que foron 1277 solicitudes, foron concedidas na modalidade de escaseza de recursos un total de 834 bolsas, na modalidade de conciliación beneficiándose un total de 394 nenos e polo concepto de material escolar concedéronse 444 bolsas chegando a beneficiáronse un total de 600 menores.


Do global de solicitudes realizadas por centro escolar recóllese na seguinte gráfica as familias que están a seguimento dende o Punto de atención de Servizos Sociais de Fontiñas:

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS



f).- Relacionar nº de menores beneficiarios de beca de comedor en situación de risco social co nº total de menores por zona beneficiarios de comedor escolar. Explicar a intervención que se realiza nestes casos.

Achegase relación de beneficiarios das bolsas de comedor por escaseza de recursos por centro educativo que están a seguimento dende o PASS son :



O número de menores que se atopan en situación de risco social e fan uso do servizo de comedor escolar son:74

A intervención realizada:

- Información e orientación as familias sobre as normas de funcionamento, prazos da convocatoria, xustificación de faltas, seguimento pago diferencial a realizar pola familiar, apoio na realización de posibles reclamacións, reforzo das canles establecidas para a comunicación co centro educativo e a empresa que xestiona o servizo.....
- Seguimento da participación no recurso de bolsa de comedor ( sobre todo naqueles casos nos que a asistencia non é regular ou existen faltas sen xustificar) a través de chamadas telefónicas ou entrevista.

O tempo dedicado ao seguimento deste programa é importante, dende o inicio da convocatoria de bolsas municipais, efectúase unha labor de difusión, información e orientación sobre as bases que regulan este procedemento, entrega de solicitudes, apoio na cumprimentación do documento de solicitude, recompilación documental, emenda de solicitudes, xustificación de axudas de material escolar, seguimento das solicitudes ata a súa resolución definitiva e posterior seguimento da participación neste servizo.

g).- Intervención en centros educativos: os centros escolares cos que se mantivo unha coordinación o longo do 2024, foron os seguintes:

- Escola infantil municipal Coelliño Branco
- Escola infantil municipal de Salgueiriños
- Escola infantil Casa do Neno
- Escola Infantil San Roque
- CEIP Fontiñas
- CEIP Monte dos Postes
- CEIP Apostol Santiago
- CEIP Ramón Cabanillas
- Casa do Neno
- Colexio Nosa Señora dos Remedios
- Compañía de María
- Colexio San Pelayo Doña Enma
- Colexio Vilas Alborada
- Colexio Xuventude
- CEIP López Ferreiro
- IES Antonio Fraguas

- IES As Fontiñas
- IES de Sar
- IES Xelmirez II
- IES Xelmirez I
- CIFP Compostela

Cabe salientar a estreita coordinación e implicación dos departamentos de orientación dos centros educativos CEIP Fontiñas, CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, IES Antonio Fraguas e IES de Sar, os orientadores/as dos departamentos de orientación foron figuras clave no deseño, intervención e mediación educativa coas familias.

- Visitas institucionais a centros educativos. Realizáronse 3 visitas.

Unha representación da rede comunitaria do barrio das Fontiñas realizou unha visita ao IES Antonio Fraguas e o CEIP Fontiñas para promover un acercamento a dirección do centro e informar da labor que se desenvolve dende o eido comunitario así como as entidades que conforman a rede do barrio: obxectivos e recursos que ofertan.


O obxectivo da xuntanza foi informar do funcionamento da rede comunitaria do barrio e reforzar e fortalecer sinerxías de traballo colaborativo.









- Xuntanzas de coordinación con centros educativos. Realizáronse 72 xuntanzas.
- Nº de coordinacións telefónicas cos centros educativos. Mantivéronse un total de 111 coordinacións telefónicas.



- Nº de menores con problemática de absentismo escolar no PASS Fontiñas. No pasado curso escolar 2023/2024 abríronse un total de 8 expedientes de absentismo escolar, 4 en educación primaria e 4 en educación secundaria.

En canto aos menores escolarizados en educación infantil, indicar que non se abriron nesa etapa educativa protocolos de absentismo ao non ser un período de escolarización obrigatoria. Si ben froito da coordinación existente cos centros escolares reconduciuse a situación dun 1 menor onde a escolarización non estaba sendo regular.



As intervencións técnicas realizadas dende o PASS Fontiñas en coordinación co centros educativos promoveu que os expedientes de absentismo se cerrasen.

As intervencións técnicas realizadas dende os Servizos Sociais foron:

- Xuntanzas de coordinación cos orientadores dos departamentos de orientación dos centros educativos coa finalidade de: seguimento escolarización/ asistencia escolar, abordaxe problemáticas específicas, deseño de actuacións conxuntas, xestión de recursos antes as necesidades detectadas, preparación de entrevistas coa familias, mediación familia /escola,..
- Xuntanzas coa xefatura de estudos.
- Entrevistas cos proxenitores / menores para coñecer as causas e motivos polos cales non se garante o seu dereito a educación.
- Seguimento quincenal da asistencia escolar dos menores.
- Realización de visitas domiciliarias.
- Xestión e mobilización de recursos.
- Emisión de informes dirixidos ao equipo técnico de menores dando conta da situación.

CURSO	DATOS ABSENTISMO / DESESCOLARIZACION
CURSO 2023-2024	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nº de menores en Educación Infantil a seguimento por risco de absentismo escolar: 12</li> <li>- Nº de menores en Educación Infantil que presentan absentismo: 1</li> <li>- Nº de menores en Educación Primaria a seguimento por risco de absentismo escolar: 49</li> <li>- Nº de menores en Educación Primaria que presentan absentismo:4</li> <li>- Nº de menores en Educación Secundaria a seguimento por risco de absentismo escolar: 45</li> <li>- Nº de menores en Educación Secundaria que presentan absentismo: 4</li> <li>- Nº de menores desescolarizados: 0</li> </ul>

- Nº de acompañamentos realizados aos pais a centros educativos.  
Leváronse a cabo 6 acompañamentos de unidades familiares ao centros educativos coa finalidade de favorecer a adaptación e integración ao centro escolar así como busca de alternativas conxuntas as necesidade escolares dos menores.

- Nº de casos de mediación, si é o caso. 3


Con motivo das dificultades de relación entre familia e escola leváronse a cabo unha mediación coa finalidade de promover un acercamento e entendemento entre ambos

axentes educativos. Xuntanza entre departamento de orientación, familia e titores para favorecer a relación entre familia-escola.

- Intervencións conxuntas coa **UACO**, para a abordaxe de situación de especial vulnerabilidade en tres casos, cunha evolución positiva grazas o deseño de estratexias de accións conxuntas dende o ámbito familiar, educativo e social.

h).- Intervención con centros sanitarios:

- Visitas institucionais a centros sanitarios. 1
- Xuntanzas de coordinación con centros sanitarios.25
- Nº de coordinacións telefónicas con centros sanitarios.41
- Nº de acompañamentos realizados coas persoas usuarias.:5



i).- Coordinación con Equipo Técnico de Menores:

- Nº de menores aos que se tivo que poñer en coñecemento a súa situación ao Equipo Técnico de Menores. Resultados acadados por menor Dende o PASS Fontiñas, púxose en coñecemento do Equipo Técnico de Menores de A Coruña a situación de grave risco social na que se atopan 13 menores de idade.



Nº de informes técnicos realizados ao Equipo Técnico de Menores. Durante este período emitíronse un total de 18 informes dirixido ao Equipo Técnico de Menores de A Coruña comunicando situacións de elevada vulnerabilidade social.

- Nº de menores nos que se tivo que asumir a tutela dende a Xunta de Galicia. 0  
Correlacionar nº de menores tutelados co nº de menores en situación de risco social.

Das situacións comunicadas ao Equipo técnico de menores non se adoptou a tutela de ningún menor das 13 situacións informadas. O resto de situacións atópanse a seguimento ou están en fase de valoración/intervención por parte servizo especializado.

- Nº de casos na zona con medidas de acollemento familiar, indicando dese número cantos están remunerados e cantos non. Total de menores en acollemento familiar 10, en todos os supostos son acollementos remunerados, número de informe emitidos 10.
- Nº de menores en servizos específicos ou especializados: 108 menores participan do Programa La Caixa Proinfancia, 5 menores participan da medida de Centro de Día, outros 2 menores participan de apoio terapéutico na Universidade (Venres Clínicos) derivados dende o Equipo Técnico de Menores, 12 participan no Programa de atención a familias Abeiro, 7 menores participan de Cruz Vermella e un menor participa do CIENMA con medidas xudiciais..
- Nº de menores derivados a actividades de lecer. Foron un total 37 menores que se derivaron a actividades de conciliación, ocio e tempo libre ofertadas dende entidades de iniciativa social (Cáritas) ou dende o departamento de Educación Municipal. Deriváronse un total de 28 menores a campaña de Nadal de xoguetes organizada dende de Cáritas Interparroquial. Participaron da oferta lúdica de Don Bosco un total de 43 menores.
- Nº de xuntanzas de coordinación co Equipo Técnico de Menores, de ser o caso. Durante este período mantívose 2 xuntanza de coordinación presencial co Equipo Técnico de Menores e levándose cabo unha 47 xestións de coordinación.

j).- Coordinación con instancias xudiciais:

- Nº de acompañamentos realizados a instancias xudiciais. Motivos.0
- Nº de informes técnicos emitidos ao Xulgado: 6, dos cales 2 informes foron emitidos por temas de garda e custodia. Realización de 7 informes motivados por temas de desafuzamento e situacións de desamparo social.
- Nº de informes emitidos a Fiscalía de menores :10

k).Coordinación con entidades de iniciativa social



l). Xuntanzas de coordinación co **Programa municipal de Inclusión laboral**, de cara a deseñar e determinar a accións as máis idóneas dentro do seu itinerario de inserción socio-laboral. En total leváronse a cabo durante este ano 2023 un total de 15 xuntanzas.

m). De especial relevancia son as xuntanzas de coordinación e deseño de intervención de casos coa **psicóloga do servizo de educación e apoio familiar**. Número de menores cos que se deseña unha intervención conxunta 46, nº de casos cuxo proxecto de intervención e desenrolado por esta profesional:9

n).Número de visitas domiciliarias realizadas: 144

- De valoración inicial de caso.22
- De intervención directa.72
- De seguimento.4
- Mediación intrafamiliar:2

ñ). Xuntanzas de **coordinación coa Policía Local** de Santiago para a abordaxe conxunta de casos / incidencias no Punto de Atención de Servizos Sociais de Fontiñas. Numero total de xuntanzas realizadas 11.

## 2.- ATENCIÓN GRUPAL

Actividade de información sobre axudas ao alugueiro 2024:

- **Sesión informativa sobre bolsas municipais de comedor, material escolar e actividades extraescolares**, realizadas no mes de maio de 2024 a que acudiron un total de 45 persoas pertencentes ao PASS Fontiñas. A nivel individual foron informadas un total de 55 unidades familiares.



- **Pleno Infantil conmemorando o Día da Infancia ( actividade organizada en conxunto)**, celebrado o día 20/11/2023 no Pazo de Raxoi. Un grupo de alumnos e alumnas de quinto de primaria do CEIP Fontiñas convertéronse en concelleiros e concelleiras por un día e celebraron un pleno municipal con motivo do Día Mundial da Infancia, que se conmemora o 20 de novembro. Con eles estiveron a alcaldesa de Santiago, Goretti Sanmartín, a concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, María Rozas, e varios membros da Corporación

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

municipal. Os cales expuxeron as súas inquedanzas e demandas sobre múltiples temas.



- Colaboración na realización do **obradoiro grupal de prevención selectiva** coa temática da xestión emocional na etapa evolutiva da adolescencia. Desenvólvese con un formato de grupo participativo con sesións de dúas horas de duración. As participantes foron derivadas polas profesionais responsables do programa socioeducativo dos diferentes PASS e a media de participantes foi de 8/10 asistentes por sesión. Cabe sinalar que a realización destas sesións grupais, en ocasións supón o desencadenante de unha demanda por parte das nais de recibir apoio terapéutico familiar.





## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

- **Visita dos alumnos da USC do Grao de Educación Social**, o día 26 de abril, para coñecer de primeira man os servizos sociais comunitarios dos Concello de Santiago.



# PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DAS UTES ENSANCHE (datos facilitados pola profesional de Educación Familiar)



## 1.- ATENCIÓN POR PASS ENSANCHE.

- a).- Nº de entrevistas individuais: 351
- b).- Nº de entrevistas familiares: 28
- c).- Nº de atención telefónica: 154
- d).- Nº de atención telemática: 204
- e).- Nº acompañamentos: 2
- f).- Nº de menores en situación de risco social que están a seguimento no programa socioeducativo: 130
- g).- Nº de menores en situación de risco social que están con proxecto de apoio psicolóxico e acordo bilateral: 18
- h).- Nº de menores cos que se realiza valoración técnica: 13
- i).- Intervención en centros educativos:
  - Xuntanzas de coordinación con centros educativos: 6
  - Nº de coordinacións telefónicas/telemáticas con centros de ensino e inspección educativa: 71
  - Nº de menores con problemática de absentismo escolar. Durante o ano 2024 no Pass Ensanche non se deron casos de absentismo escolar.
- j).- Intervención con centros sanitarios:
  - Xuntanzas de coordinación con centros sanitarios: 1
  - Nº de coordinacións telefónicas/telemáticas con centros sanitarios: 21
- k).- Coordinación con instancias xudiciais: 8 contactos telefónicos
- l).- Coordinación con Forzas e Corpos de Seguridade (Policía Autonómica, Local e Nacional):

- Contactos telefónicos: 13
  - Contactos telemáticos: 12
  - Xuntanzas: 2
- m).- Coordinación con entidades sociais de Compostela:
- Xuntanzas: 2
  - Contactos telefónicos/telemáticos: 43
- n).- Elaboración de informes:
- Para o Equipo Técnico de Menores de Coruña: 10
  - Para Fiscalía Menores de Coruña: 1
- ñ).- Realización de compras de emerxencia: 3
- o).- Derivacións:
- Programas Conciliación durante as vacacións escolares (municipais, entidade social Cáritas, Museo Peregrinacións, Biblioteca Ánxel Casal, Escola Música Municipal): 33
  - Programa Perinatal Meniños: 3
  - Programa apoio escolar Asdegal: 9
  - Banco alimentos: 17
  - Entidade social Paluso: 22
  - Odontoloxía USC: 12
  - Colexio abogados Santiago: 4
  - Asperga: 1
  - Recursos municipal exención auga: 1
  - Apoio psicolóxico servizos sociais: 6
  - CIM: 3
  - INSS: 3
  - Itaca: 1
  - UAMI: 3
  - Programa local de inclusión social: 12
  - Bolsa emprego de Cáritas: 1
  - Programa apoio escolar Cáritas: 1
  - Campaña xoguetes Nadal Cáritas: 55
  - Igaxes: 8
  - Club Xadrez Compostela: 1
  - Biblioteca Abanca ubicada no CSC Ensanche: 33
  - Albergue Xoán XXIII: 1
  - Actividades lúdicas en CSC de Compostela: 17
- p).- Número de visitas domiciliarias realizadas: 98

## 2.- TRABALLO COMUNITARIO

No último trimestre deste ano iniciouse un traballo comunitario entre as dúas traballadoras sociais e a educadora social desta UTS, realizando dúas reunións de coordinación. Mantivéronse dúas reunións coa Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude.

O primeiro paso será un pequeno estudo da poboación residente na zona do Ensanche para posteriormente traballar cara os seguintes obxectivos:

**Obxectivos xerais:**

- Avanzar na mellora das condicións de vida dos habitantes do barrio do Ensanche abordando situacións sociais colectivas a través da promoción social e a prevención dos factores xeradores de desigualdade e situacións de risco ou exclusión social.
- Conformar entre todas as entidades sociais unha rede que responda ás necesidades dos habitantes do barrio.

**Obxectivos específicos:**

- Detectar as necesidades dos habitantes do barrio e promover actitudes sociais preventivas e impulsar iniciativas de apoio social.
- Acadar a participación e autoxestión dos habitantes do barrio facilitando a súa inserción social na comunidade e mellorando a súa calidade de vida.
- Promover o sentimento de comunidade e integración social, fronte o illamento e a disgregación.

**PROGRAMA  
SOCIOEDUCATIVO DAS  
UTES CONXO (datos facilitados  
pola profesional de Educación Familiar)**

Servizo prestado por profesionais técnicos do ámbito socioeducativo dirixido fundamentalmente a unidades de convivencia que se atopan en situación de vulnerabilidade, e nas que existe a presenza de menores en risco, ou a aquelas nas que se identifican outros factores que revelan unha situación de risco de exclusión social.





O servizo vai dirixido ás Familias e fillos dependentes con necesidades de apoio socioeducativo que residen no termo municipal de Santiago de Compostela e teñen por referencia o PASS Conxo que inclúe a zona rural da zona e tamén as zonas de Pontepedriña e Castiñeiríño.

Antes de comezar a lectura da presente memoria é preciso suliñar que a actual educadora do PASS Conxo reincorporouse a este posto en maio do presente ano. A anterior educadora no 2024 estivo no PASS Conxo dende principios de ano ata o 22/03/2024, data que remata o seu contrato.

#### Obxectivos

- Promover a adquisición de habilidades para o correcto desenvolvemento das funcións parentais e educativas.
- Poñer á disposición da familias información sobre os recursos sociais, educativos e de lecer en relación coas posibilidades do contorno.
- Promover espazos de encontro de nais e pais enfocados á mellora das capacidades educativas.
- Prever e atender situacións que provoquen vulnerabilidades ou risco social.

#### Actuacións

Dende o programa abránguense as seguintes actuacións mediante o deseño dun proxecto individualizado de intervención:

- Accións no ámbito das relacións familiares: facilitando pautas e estratexias que favorezan unhas adecuadas relacións e interaccións entre os diferentes membros da unidade de convivencia: fomento do respecto, adecuados diálogos, axeitada aplicación dos castigos, facilitación de pautas educativas, apoio na existencia de problemáticas específicas, identificación dun estilo educativo....
- Accións no ámbito das relacións sociais: reforzando uns axeitados vínculos co seu entorno inmediato favorecendo a participación activa e real nos recursos existentes. (Membros activos dentro da súa comunidade).
- Accións no ámbito da saúde: estimulando unha adecuada educación para a saúde nos diferentes membros da unidade familiar, achegamento ós recursos sanitarios, valoración da prevención como mellora da calidade de vida, seguimentos médicos axeitados, prevención de riscos, planificación familiar....
- Accións no ámbito escolar: fomentando os contactos co entorno escolar, estimulación da implicación parental nos estudos, reforzo de hábitos de estudo, adquisición da material escolar, prevención do absentismo escolar, fomento da

participación en actividades extraescolares, deseño de estratexias de intervención conxuntas ...

- Accións no ámbito de organización: apoiando na planificación e organización de gastos, estimulación dunha axeitada organización doméstica, reforzo de hábitos de aseo e limpeza diarios...
- Accións na área formativa-laboral: prestando Información sobre canles de inserción, achegamento ós recursos, elaboración de itinerarios formativos, fomento da formación, motivación para a busca de emprego...

### 1.- ATENCIÓN POR PASS CONXO

O longo deste ano 2024, desde o Programa Socioeducativo, traballouse cun total de 199 menores de idade pertencentes a un total de familias 149 en situación de risco social.

A intervención familiar levase a cabo con dous niveis de intensidade,

- Familias con Proxecto Socioeducativo, un total de 12 Familias
- Familias con Apoio en situación Puntuais.

As persoas e familias foron derivadas na súa maior parte pola traballadora social de zona ao programa socioeducativo, desde os centros escolares de referencia da zona, e sistema de saúde, tamén dende entidades sociais.

- Nº de entrevistas individuais. 676

- Nº de entrevistas familiares.94

- Nº Visitas Domiciliarias: 60

- Nº de atencións telefónicas: 446

- Nº de menores en situación de risco social que están a seguimento no programa socioeducativo.79
- Nº de menores en situación de risco social que están con intervención no programa socioeducativo. 70
- Nº de menores aos que se tivo que asumir a tutela dende a Xunta de Galicia. En 2024 a Xunta non asumiu a tutela en ningún dos casos comunicados, se ben xa existían 2 menores que están en casa de acollida que ingresaron no ano 2023. E no 2024 tamén un menor que estaba cunha familia de acollida foi reconstituído á

súa familia de orixe por resolución do ETM tras mandato xudicial por demanda presentada pola nai.

**Seguimentos e coordinación cos centros educativos**

- Xuntanzas de coordinación con centros educativos. 6
- Nº de coordinacións telefónicas/telemáticas con centros educativos e coas UACO. 57
- Nº de casos con protocolo de absentismo: 2
- Nº de coordinacións telefónicas con centros sanitarios: 18
- Nº de menores que se adoptou medida de centro de atención de día Arela durante o 2024: 2

Os centros cos que se mantivo un traballo con máis intensidade dado as zonas UTS que comprenden o PASS Conxo son: CEIPs Ramón Cabanillas, Quiroga Palacios e Lamas de Abade e IES Pontepedriña, Lamas de Abade e Eduardo Pondal aínda que tamén hai contactos con centros doutras zonas como Xelmirez I, nosa Sñra. Dos Remedios..

**Coordinación con entidades e traballo en rede:**

Mantivéronse en total 95 contactos telefónicos/telemáticos con diferentes entidades e servizos municipais cos que se mantén coordinación: principalmente Asdegal, San Vicente de Paul, Cáritas Interparroquial, Cáritas Diocesana, Provivenda, Albergue Xoan XXIII, Meniños, Centros Socioculturais, Dpto. de Educación...

**Informes técnicos:**


- Equipo técnico de menores: 15
- Xulgado e fiscalía de Menores: emisión de 6 informes
- Caritas Diocesana : emisión de 1 informe
- Caritas Interparroquial: emisión de 17 informes
- Informes para escolarización non empadroados: 2
- Informes conciliación Nadal para o departamento de Educación: 3

# PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO PASS GALERAS

## 1.- ATENCIÓN SOCIOEDUCATIVA

a).- Nº de entrevistas individuais: 620

b).- Nº de entrevistas familiares: 118



c).- Nº de menores en situación de risco social que están a seguimento no programa socioeducativo: 104

d).- Nº de menores en situación de risco social que están con intervención no programa socioeducativo: 48





e).- Relacionar nº de menores beneficiarios de bolsa comedor este curso escolar que asisten co nº de menores que tiveron concedida bolsa de comedor (na modalidade de escaseza de recursos sempre): no pass existen 308 menores aos que se lles concedeu a bolsa..

f).- Relacionar nº de menores beneficiarios de beca de comedor en situación de risco social co nº total de menores por zona beneficiarios de comedor escolar. Explicar a intervención que se realiza nestes casos.

O numero de menores que se atopan en situación de risco social e fan uso do servizo de comedor escolar son: 85

A intervención que se leva realiza nesta situación consiste en:

-Realización dun seguimento da participación no recurso de bolsa de comedor ( sobre todo naqueles casos nos que a asistencia non é regular ou existen faltas sen xustificar) A través de chamadas telefónicas ou entrevista.

-Información e orientación ás familias sobre as normas de funcionamento, prazos, convocatorias, correcta xustificación de faltas, seguimento pago diferencial a realizar pola familiar, apoio na realización de posibles queixas e reclamacións, reforzo das canles establecidas para a comunicación co centro educativo e a empresa que xestiona o servizo.....

Durante este período os tempos dedicados a xestión deste programa é elevado. Dende o inicio da convocatoria deste programa efectúase un seguimento das solicitudes dende o inicio da tramitación ata a resolución definitiva; apoio xestión documental, emenda de solicitudes e posterior seguimento da participación.

g).- Intervención en centros educativos:

- Xuntanzas de coordinación con centros educativos: 13
- Nº de coordinacións telefónicas con centros educativos: 99

A coordinación, nas diferentes modalidades, realizouse con centros que abarcan todos as etapas educativas, a saber, escolas infantís, colexios de educación primaria e institutos de educación secundaria e bacharelato, ademais de centros de educación especial.

- Nº de menores con problemática de absentismo escolar: 2

O número de menores que presentou absentismo escolar no curso 2023/24 foron 2.

Un dos casos corresponde a unha alumna de educación secundaria, de 18 anos de idade e de nacionalidade ucraína, que presenta problemas de saúde e adaptación á nova situación. Chega a información a través do centro educativo. Neste departamento de Servizos Sociais nin a estudante nin a súa familia tiñan expediente aberto. A raíz desta comunicación, realízase intervención coa unidade familiar co fin de reconducir a situación.

O outro caso corresponde a unha alumna de 6º de Primaria. Recíbese o protocolo de absentismo no mes de xuño, cando o curso escolar estaba xa rematado. A menor presenta unha problemática de saúde que é acreditada documentalmente e que xustifica a súa ausencia ao centro escolar. A intervención coa familia enfocase de cara ao curso seguinte, realizando seguimento da situación.

As intervencións técnicas realizadas dende os Servizos Sociais foron:

- Coordinación cos departamento de orientación dos centros educativos coa finalidade de: seguimento escolarización/ asistencia, abordaxe problemáticas específicas, deseño de actuacións conxuntas, xestión de recursos antes as necesidades detectadas, preparación de entrevistas coa familias, mediación familia /escola,..
- Entrevistas cos proxenitores/familiares para coñecer as causas e motivos polos cales non se garanten o dereito a educación dos menores.

- Seguimento da asistencia escolar dos menores.
- Realización de visitas domiciliarias.
- Xestión e mobilización de recursos.
- N° de menores desescolarizados: Non se deron casos
- N° de acompañamentos realizados aos pais a centros educativos: 2
- N° de casos de mediación : 2

h).- Intervención con centros sanitarios:

- Visitas institucionais a centros sanitarios: 0
- Xuntanzas de coordinación con centros sanitarios: 2
- N° de coordinacións telefónicas con centros sanitarios: 69
- N° de acompañamentos realizados coas persoas usuarias: 3

A coordinación, nas diferentes modalidades, realizouse con centros sanitarios diversos: centros de saúde de atención primaria ( Fontiñas, Concepción Arenal, Vite, Galeras), unidade infanto-xuvenil do Chus, Unidade de atención temperá , (UMAD)

i).- Coordinación con Equipo Técnico de Menores:

- N° de menores aos que se tivo que poñer en coñecemento a súa situación ao Equipo Técnico de Menores. Resultados acadados por menor (sen identificación persoal): 17

Púxose en coñecemento do Equipo Técnico de Menores de A Coruña a situación na que se atopan 17 menores de idade. Con 2 menores adoptouse a medida de acollemento familiar en familia extensa, con 6 menores adoptouse a medida de acollemento residencial, con 1 menor adoptouse a medida de centro de día no CADL Arela de Santiago de Compostela, con 4 menores a medida adoptada foi de apoio técnico por parte dos servizos sociais comunitarios e nas outras situacións comunicadas non se adaptou medida algunha estando a intervir / ofertando apoio a unidade de convivencia dende os servizos sociais comunitarios e /ou están pendentes de resolución.

- N° de informes técnicos realizados ao Equipo Técnico de Menores: 14

- N° de menores aos que se tivo que asumir a tutela dende a Xunta de Galicia: 8
- Dos menores tutelados, 6 foron ingresados en centros de menores e 2 foron acollidos pola familia biolóxica
- N° de casos na zona con medidas de acollemento familiar, indicando dese número cantos están remunerados e cantos non: rexistráronse 3 casos ; todos eles remunerados.
- N° de menores en servizos específicos ou especializados: 28. Os servizos son: Centro de día, Fundación Meniños, Unidade de Atención Temperá, Asperga, Aspas, Gabinetes de psicoloxía, Gabinetes de Logopedia , de terapia, reforzo escolar.
- N° de menores derivados a actividades de lecer: 66. Os menores foron derivados a actividades organizadas polo Departamento de Educación do Concello de Santiago, Cáritas, Don Bosco, Cruz Vermella, Centros Socioculturais, Asociacións Culturais.
- N° de xuntanzas de coordinación co Equipo Técnico de Menores, de ser o caso: xuntanzas telefónicas

j).- Coordinación con instancias xudiciais:

- N° de acompañamentos realizados a instancias xudiciais: 0
- N° de informes técnicos emitidos a instancias xudiciais ( xulgados, fiscalía e Fiscalía de Menores de A Coruña): 9

j bis).- Coordinación con outras entidades:

- Centro de día Arela: 10 intervencións ( xuntanzas, atención telefónica , atención telemática)
- Cáritas: 24 intervencións ( xuntanzas, atención telefónica , atención telemática)
- Cruz vermella: 15 intervencións( xuntanzas, atención telefónica , atención telemática)
- Don Bosco: 16 intervencións ( atención telefónica e telemática)
- Casas de Acollida para Familias Monoparentais: 12
- Unidade de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO): 20

k) .Número de visitas domiciliarias realizadas: 100

- De valoración inicial de caso: 11
- De intervención directa: 61
- De seguimento:28



## 2.- ATENCIÓN GRUPAL

Durante o ano 2024 se levaron a cabo as seguintes actividades:

1. Sesións informativas do Programa Municipal de Bolsa de Comedor escolar, actividades extraescolares e material escolar.
2. Sesións informativas sobre convocatoria de axudas ao aluguer
3. Actividades de conciliación en períodos vacacionais
4. Organización do Pleno Municipal do Día da Infancia, conmemorando o Día da Infancia.
- 5.- Obradoiros de Prevención selectiva. Programa “En familia todos contan” : actividade grupal composta por 8 sesións levadas a cabo entre os meses de marzo e xuño de 2024, destinada a familias con menores entre 12 e 16 anos, coas que se interven de forma regular desde o Servizo de Educación e Apoio Familiar. Os ámbitos traballados foron: relacións familiares; ocio e tempo libre; escolar e da saúde.

## APOIO PSICOLÓXICO

O Decreto 99/2012 do 16 de marzo, artigo 9.1 c define o “*Servizo de educación e apoio familiar, que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar situacións de dificultade, especialmente posibles situacións de maltrato infantil*

*ou calquera outra desprotección, como así como promover procesos de cambio que favorezan un exercicio adecuado das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, integración e participación social das familias e unidades de convivencia”*

O apoio **terapéutico** a familia e as unidades de convivencia responde á complexidade das diferentes estruturas e dinámicas relacionais. Trátase de apoiar na busca de solucións ás diferentes situacións de crise ou conflito que dificulten ou interfiren na estabilidade da



convivencia e coa repercusión no axeitado desenvolvemento integral dos seus membros, especialmente dos menores da unidade familiar.

Trátase de tentar diminuír os factores de risco e potenciar os de protección que están a incidir nunha unidade familiar que se atopa nunha situación de especial vulnerabilidade. O obxectivo é acadar a mellora das relacións entre os diferentes membros do ámbito familiar facilitando que todos desenvolvan a súa autonomía persoal (autocontrol das reaccións emocionais), mellorando as habilidades de comunicación e resolución de conflitos e acompañando aos membros da familia a través dos diferentes estadios de cambio.

Téntase previr, ou no seu caso, diminuír, mediante traballo psicoterapéutico as consecuencias psicolóxicas derivadas de situacións persoais, familiares e sociais estresantes ou caracterizadas polo conflito así como promover a adquisición de habilidades persoais e relacionais para o axeitado enfrontamento de situacións complexas nas diferentes etapas do desenvolvemento vital ou dos ciclos familiares.

É preciso sinalar que o ámbito de actuación son os Servizos Sociais Comunitarios básicos e isto supón en ocasións traballar en contexto de control, é dicir non sempre o apoio terapéutico se desenvolve dende a iniciativa e demanda dos usuarios senón como resposta a unha obriga. Este contexto define unha relación terapéutica coa conseguinte dificultade para establecer que o obxectivo sexa asumido como propio polos usuarios.

En ocasións tamén é preciso ter presente, pola gran influencia que ten nos procesos de terapia, o factor da cronicidade no tempo ou da grave dificultade do conflito que está moi arraigado (situacións de violencia de xénero con orde de afastamento ou xudicialización de determinados procesos de longa duración).



A actual Lei 37/2011 do 30 de xuño de apoio a familia e a convivencia de Galicia establece a necesidade de desenvolver accións que, entre outros obxectivos, fomenten a protección e integración social dos membros das familias máis vulnerables, a promoción da autonomía familiar e a integración social das familias que presenten dificultades especiais ou estean en risco de exclusión.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Como iniciativa encamiñada ao fortalecemento das capacidades familiares e á diminución dos factores de vulnerabilidade, dende os servizos sociais levouse a cabo un programa en forma de Obradoiro a través de sesións grupais con nais que se atopan en situación de vulnerabilidade fronte a determinadas situacións propias da etapa en evolutiva da adolescencia dos seus fillos e fillas.

O obxectivo é mellorar as habilidades educativas, de xestión e comunicación das nais e incrementar os recursos familiares para minimizar o impacto de situación problemáticas. Trátase de proporcionar as nais asistentes ferramentas para identificar os factores de risco aos que se pode atopar exposta a familia e intentar minimizalos mediante o desenvolvemento de habilidades que os capaciten para reconducir as situacións problemáticas.

Traballase para acadar una mellora na supervisión sobre a actividade dos fillos, na comunicación e relacións familiares, na utilización dunha disciplina positiva, na xestión emocional e, en definitiva, aumentar a confianza e a competencia das nais na tarefa de educar aos seus fillos e fillas así como mellorar a convivencia familiar que redunde nun factor favorecedor do axeitado desenvolvemento dos menores da unidade familiar.

Nos datos facilitados dende os diferentes PASS non figuran desglosados o número de persoas menores que contan con apoio psicolóxico prestado dende o concello de Santiago de Compostela.

Si se analiza o volume de citas da profesional que o presta, tendo presente que a mesma atende a dous servizos ao mesmo tempo (UMAD e Servizos Sociais) sempre dende o enfoque a prevención, obtemos os seguintes datos:

Táboa: **Volume poboacional ano 2023.**

Servicio	Enero	Febrero	Marzo	Abril	Mayo	Junio	Julio	Agosto	Septiembre	Octubre	Noviembre	Diciembre	Total
EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR - APOIO PSICOLÓXICO	62	70	56	77	65	69	65	24	38	82	79	91	778
U.M.A.D	12	13	8	17	12	18	17	5	7	24	10	12	155
<b>Total</b>	<b>74</b>	<b>83</b>	<b>64</b>	<b>94</b>	<b>77</b>	<b>87</b>	<b>82</b>	<b>29</b>	<b>45</b>	<b>106</b>	<b>89</b>	<b>103</b>	<b>933</b>

Fonte: Datos Servizo de Educación e Apoio Familiar, ano 2024.

## CONMEMORACIÓN DO DÍA MUNDIAL DO NENO

O 20 de novembro, conmemórase o Día Mundial da Infancia, un día dedicado a todos os nenos e nenas do mundo no que se celebra o aniversario da Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada en 1989. Trátase dunha oportunidade para dar especial relevancia á

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

infancia na axenda pública, reafirmar a vixencia da Convención sobre os dereitos dos nenos e das nenas e poñer a mirada nos cambios necesarios para que o seu contido sexa realidade para todos e en calquera lugar.

Este documento, clave para o desenvolvemento da infancia nas últimas décadas, apela no seu artigo 12 á necesidade de dar aos nenos e nenas a oportunidade de ser escoitados, directamente ou a través dun órgano apropiado, en todos aqueles procedementos que lle afecten.

Partindo destas ideas e entendendo as institucións políticas como responsables de que o dereito á participación se vexa cumprido nos seus territorios, esta mañá o Pazo de Raxoi acolleu a mañá do día 20 a celebración dun pleno infantil cuxo obxectivo foi darlle aos nenos e nenas a posibilidade de compartir ideas e propoñer iniciativas coas que mellorar o cumprimento da CDN na súa contorna e promover o seu dereito a decidir sobre os temas que lles afecten a nivel local.

O Concello de Santiago amosa o seu compromiso coa infancia e a necesaria concienciación da cidadanía sobre a importancia de seguir traballando e sumando esforzos, para que os dereitos dos nenos e nenas se vexan cumpridos en todo momento e en todo o mundo.

Nesta ocasión participaron de forma presencial de un grupo de nenos e nenas de 6º de primaria do Colexio das Fontiñas, que coñeceron de primeira man o funcionamento do Pleno municipal e lle trasladaron varias peticións de mellora das instalacións do seu centro e do barrio á alcaldesa e ao resto das/os concelleiras/os presentes.



A actividade en imaxes:



O servizo en imaxes:













# A inclusión social en Compostela ... Unha firme aposta pola convivencia

O Programa de apoio á inclusión social das persoas sen fogar.

O Centro de Inclusión de Persoas sen Fogar

O programa de apoio á inclusión residencial

O programa de inclusión social

O proxecto "Artes Escénicas"

## I.- PROGRAMA DE APOIO Á INCLUSIÓN DAS PERSOAS SEN FOGAR

A problemática das persoas que se atopan sen un teito onde vivir<sup>2</sup> non é algo novo na cidade. Non é un problema social que teña unha relevancia cuantitativa (poden atoparse nesta situación ao redor de 15-20 persoas; a cifra vai oscilar dependendo da época do ano na que nos movamos), pero si o é dende a óptica dos Servizos Sociais, dado que as necesidades que presentan estas persoas son múltiples, complexas e difíciles de abordar.

Dende hai un par de anos, a nivel local, considerouse preciso liderar unha intervención social que aglutinara a labor que xa estaban realizando os propios Servizos Sociais e outras entidades na cidade; tratábase de abordar de forma interdisciplinar e interdepartamental esta situación. Así, impulsouse unha mesa de traballo na que están presentes máis de diversos servizos públicos e entidades de iniciativa social do municipio que, dende



diversas perspectivas, están a traballar con persoas que non teñen un teito onde vivir, co obxecto de realizar unha adecuada intervención, procurando a coordinación e o traballo en rede de todos os recursos e o seguimento de cada caso en particular, dende un punto de vista sociosanitario, na medida do posible. Tamén se puxo en marcha un “*programa municipal de atención integral ás persoas sen teito*”, que foi referendado por unanimidade no Pleno Municipal. Foi a partir dese momento cando comezaron novos recursos como o “*Equipo de Rúa*” ou o programa de “*pensións*” (froito do convenio que esta Administración Local ten asinado con Cruz Vermella) e as denominadas “*vivendas de saída*” (cun convenio de colaboración entre este Concello e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia<sup>3</sup>), seguindo o modelo “*housing first*”.

<sup>2</sup> Sen un fogar, a dimensión sería máis ampla.

<sup>3</sup> FEAFES



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

A partires do ano 2020 e ata a actualidade se reforzou o número de vivendas municipais adicadas a este programa, pasando de 2 a 4, tendo a maiores unha vivenda en réxime de aluguer, que xa están a pagar as propias persoas realoxadas na mesma. En síntese:

ENTIDADE	VIVENDA MUNICIPAL
Feafes	Cedida 1 vivenda para homes en situación de senfogarismo, con patoloxía psiquiátrica.
Feafes	Cedida 1 vivenda para mulleres en situación de senfogarismo con patoloxía psiquiátrica
Cáritas Diocesana	Cedida 1 vivenda para persoas sen fogar.
Cáritas Interparroquial	Cedida 1 vivenda para persoas sen fogar.

A realidade persoal, social e sanitaria das persoas sen teito é complexa. Responde a traxectorias vitais difíciles, con moitos puntos débiles, arduos para abordar dende os diversos ámbitos. Achegarse ás persoas sen teito non sempre é doado, pois ás veces amosan temor e recelos cara os servizos públicos e institucionais, sendo imprescindible romper estas barreiras para poder intervir eficazmente. A intervención dende os Servizos Sociais, e falamos aquí nun sentido amplo, pasa por diferentes etapas e ten diferentes tempos (tempos que marcan as propias persoas afectadas, as súas circunstancias e evolución, os dereitos que lles son inherentes). Require pois:

- ✦ Un achegamento cara as persoas sen teito, para coñecer polo miúdo a súa situación, a súa traxectoria vital, as súas necesidades, etc. Nunca hai dúas realidades iguais, hai matices que sempre as van a diferenciar. Non se pode plantexar unha batería de “*solucións*” a esta problemática, pois volveríanse ineficaces senón se aborda a casuística dende a individualidade.
- ✦ Debemos xerar, como non pode ser doutro xeito, un marco de confianza coa persoa que se atopa nesta difícil situación.
- ✦ Analizar conxuntamente a súa situación, buscar “*informantes clave*”, persoas que poidan reforzar a intervención. Ás veces é axeitado contar coas súas familias extensas; outras, pola contra, optar por esta alternativa non é posible ou non é o mais axeitado.
- ✦ Realizar un diagnóstico social de cada caso, cunha valoración exhaustiva, utilizando os recursos públicos xa existentes ou potenciando a creación doutros novos que poidan ser necesarios.

Non debemos esquecer nunca que as persoas son libres de decidir, de decidir se aceptan a axuda, o apoio e os recursos que se lle poidan ofertar dende o ámbito dos Servizos Sociais; ou, polo contrario, de rexeitar as orientacións técnicas.

Os Servizos Sociais Comunitarios en Santiago de Compostela veñen, pois, desenvolvendo diferentes proxectos ou implementando diversas liñas de intervención coas persoas que se atopan sen un fogar onde vivir. Podemos destacar as seguintes:

- Por suposto, a abordaxe técnica dende as diferentes Unidades de Traballo Social, achegándose á realidade deste colectivo poboacional, tentando analizala, valorando as súas circunstancias e canalizándoos cara os recursos existentes. Estamos falando do trámite de diversas prestacións (Renda de integración social de Galicia<sup>4</sup>, Axudas de Inclusión Social, certificados de discapacidade, pensións non contributivas, etc.).
- Conscientes de que non todos os casos se poden abordar cos recursos económicos existentes, dende o Concello de Santiago de Compostela elaborouse, aprobouse e estase a implementar a Ordenanza de garantía básica cidadá, ofrecendo un catálogo de recursos socioeconómicos á cidadanía (renda municipal, prestacións de rescate social para solventar necesidades básicas, etc.).
- Conscientes tamén que non só con prestacións económicas afróntase unha realidade tan complexa, téntase apostar e activar as potencialidades das persoas a través de proxectos complementarios para apoiar a inclusión social; trabállanse así competencias, aspectos formativos para o desenvolvemento da vida diaria, etc.
- Entrando xa nunha especificidade sobre estes supostos e tal como xa se explicou anteriormente, establecéronse estratexias de intervención coordinadas tanto entre os propios servizos municipais (Servizos Sociais + Policía Local + Protección Civil) como coas principais entidades sociais da cidade (Servizos Sociais + Centro Vieiro + Cruz Vermella + Albergue Xoán XXIII + Feafes).
- Para reforzar e complementar esa intervención, apostouse por manter convenios de colaboración con moitas destas entidades e, mesmo, reforzar ou asinar outros para levar a cabo novos programas, como é o caso do de atención de rúa ou a incorporación a pisos de saída (de titularidade municipal).
- E como proxecto de futuro plantéxase a creación dun recurso institucional propio, a nivel municipal, no que terá cabida a intervención integral coas persoas que pernoctan na rúa e tamén aquelas outras que se atopan nunha situación de vulnerabilidade social.

Dende os Servizos Sociais Comunitarios realízase unha intervención flexible e totalmente individualizada para tratar os casos, buscando medidas, recursos e apoios para solventar a situación persoal e sociosanitaria xa coñecida. A intervención é continuada, sen abandonar en ningún momento a obrigação de atender ás persoas en situación de

---

<sup>4</sup> Mais coñecida como RISGA.



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

vulnerabilidade social, buscando sempre, como xa se dixo anteriormente, o benestar e a defensa dos dereitos e intereses persoais.

O persoal técnico dos Servizos Sociais Comunitarios deste Concello traballan desde o silencio, respectando os dereitos, a dignidade das persoas e, sobre todo, non vulnerando a lexislación en materia de protección de datos.

En definitiva, os piares que fundamentan a intervención co colectivo de persoas sen teito de Santiago de Compostela son, basicamente, os seguintes:



- ⊕ **Liderado local**, que non supón “*monopolizar*” a atención senón responsabilizarse da mesma, garantindo os mínimos e coordinándose coas entidades de iniciativa social.
- ⊕ **Responsabilidade pública** na intervención, como calquera cidadá ou cidadán que se atopa nunha situación carencial e que necesita a intervención, o apoio e a orientación dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos.
- ⊕ **Diversificación**; unha das características das persoas que están sen fogar é a heteroxeneidade, necesitados de respostas á súa medida, sen ser discriminados.
- ⊕ **Dignificar a atención**, desde o acceso, pasando pola protección de datos, á participación social, o dereito á “autodeterminación”, a protección da súa integridade e dos seus dereitos sociais.
- ⊕ **Flexibilidade** na aplicación de normativas e na adopción de estratexias de intervención, **integralidade** para unha maior capacidade de adaptación ás especiais circunstancias dos seus usuarios/as e aos cambios sociais, e **traballo en rede** coordinando todos os ámbitos de intervención.
- ⊕ E, como non, **prevención**, a través da intervención naqueles espazos de vulnerabilidade persoal, familiar e social, intensificando todo o apoio profesional e dedicando os recursos necesarios para evitar procesos de exclusión que poidan facer que unha persoa chegue a atoparse sen fogar.

## II.- ASPECTOS CONCEPTUAIS

Si ben non hai un concepto universal estandarizado de “*persoa sen fogar*”, en Europa existe un amplo consenso, aínda que non oficial, en usar a categorización denominada ETHOS (*European Typology on Homelessness and Housing Exclusion*), proposta pola Federación Europea de Asociacións Nacionais que traballan coas Persoas sen Fogar (FEANTSA). A clave da devandita categoría é a exclusión de vivenda digna, en base á cal identifica trece perfís diferentes agrupados en catro tipos:

TIPOLOXIA EUROPEA DE PERSOAS SEN FOGAR E EXCLUSIÓN RESIDENCIAL (categoría ETHOS)	
<b>A. SEN ALOXAMENTO (ROOFLESS: SEN TEITO)</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Persoas que viven nas rúas ou nun espazo público ou exterior, sen albergue que poida ser definido como “<i>aloxamento</i>”.</li> <li>2. Persoas en aloxamentos de emerxencia (albergues).</li> </ol>
<b>B. SEN VIVENDA (HOUSELESS)</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Persoas en aloxamentos para persoas sen fogar: persoas que viven con intervalos curtos en hostelería para persoas</li> </ol>

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

TIPOLOXIA EUROPEA DE PERSOAS SEN FOGAR E EXCLUSIÓN RESIDENCIAL (categoría ETHOS)	
	<p>sen fogar, aloxamentos temporais ou aloxamentos transitorios con apoio).</p> <p>4. Mulleres aloxadas en refuxios por curtos intervalos por mor de situacións de violencia de xénero ou de violencia doméstica.</p> <p>5. Persoas en aloxamentos para inmigrantes.</p> <p>6. Persoas dependentes de institucións penitenciarias, sanitarias ou tuteladas, que carecen de vivenda a onde ir.</p> <p>7. Persoas maiores sen fogar en residencias.</p>
<b>C. VIVENDAS INSEGURAS</b>	<p>8. Persoas que viven en aloxamentos inseguros, sen dereitos legais ou en condicións de ocupación).</p> <p>9. Persoas con requirimento de abandono da vivenda.</p> <p>10. Persoas que viven baixo ameaza de violencia por parte de persoas coas que convive.</p>
<b>D. VIVENDAS INADECUADAS</b>	<p>11. Persoas que viven en aloxamentos móbiles (que non poden ser considerados como vivenda habitual), construcións que non constitúen vivendas convencionais ou estruturas semitemporais (chabolas ou cabanas).</p> <p>12. Persoas que viven en aloxamentos sen posible permiso de habitabilidade.</p> <p>13. Persoas que viven en vivendas amontoadas ou sobreocupadas.</p>

Por outra banda, a Enquisa ás persoas sen fogar, elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), é unha das principais fontes de información en España para o fenómeno do senfogarismo. Por iso é tamén importante especificar a definición de persoa sen fogar do propio INE, que di: *“considérase persoa sen fogar aquela que ten 18 anos ou máis, que na semana anterior á da entrevista foi usuaria dalgún centro asistencial ou de aloxamento e/ou de restauración e durmiu polo menos unha vez nalgún dos seguintes aloxamentos situados en municipios de máis de 20.000 habitantes: albergue, residencia, centro de acollida, centros de acollida a mulleres maltratadas, centros de axuda ao refuxiado, centros para demandantes de asilo, piso facilitado por unha Administración pública, unha ONG ou organismo, piso ocupado, pensión pagada por unha Administración pública, unha ONG ou organismo, espazo público (estación de ferrocarril, de autobuses, metro, aparcadoiro, xardín público, escampado...), aloxamentos de fortuna (hall dun inmovible, cova, coche...)”*.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

O fenómeno do senfogarismo é complexo e multicausal. A miúdo non hai unha soa causa que leve a unha persoa para atoparse sen fogar, senón un conxunto de situacións, simultáneas ou sucesivas. Á súa vez, a combinación de factores detrás de cada historia persoal é diferente. Con todo, a pesar destas diferenzas e desta complexidade, si existen puntos en común que permiten realizar unha descrición das principais causas e factores de vulnerabilidade do senfogarismo. É importante sinalar que a gran maioría dos factores de vulnerabilidade mencionados non son por si sos unha causa de senfogarismo. Por exemplo, o illamento, como a falta de apoio familiar e social, pode xogar un papel clave en moitos camiños ao senfogarismo. Con todo, existen tamén moitas persoas que sofren de illamento sen atoparse en risco de senfogarismo. Non obstante, estas persoas, en caso de verse afectadas por outros factores de vulnerabilidade, como problemas co emprego ou coa vivenda, si se atoparían nunha situación moito máis vulnerable que outras cunha sólida rede de apoio familiar e social.



Fonte: Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023; Xunta de Galicia.



### III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A lexislación aplicable á xestión e implementación do Servizo de Axuda no Fogar é a que se relaciona a continuación:

- ✦ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 25 e 26.1: *“Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, ... a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”*.
- ✦ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- ✦ Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia.
- ✦ Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.
- ✦ Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- ✦ Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- ✦ Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- ✦ Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

A maiores dos textos normativos, como documentos de referencia deben terse en conta os seguintes:

- ✦ Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, Xunta de Galicia.
- ✦ Manual INclúe para a atención a persoas en situación ou en risco de exclusión social. Emaús Fundación Social, 2015.
- ✦ Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023, Xunta de Galicia.

### IV.- OBXECTIVOS

<b>Obxectivo xeral</b>	✦ Plantexar unha intervención integral coas persoas que se atopan nunha situación de senfogarismo e, especificamente, dentro deste colectivo, coas persoas que se atopan pernoctando na rúa.
<b>Obxectivos específicos</b>	✦ Tomar coñecemento dende Servizos Sociais das persoas que se atopan pernoctan na rúa dentro do termo municipal, coñecendo “ <i>in situ</i> ” a súa realidade persoal.

- ✦ Contactar directamente, con cada unha das persoas que se atopan pernoctando na rúa, coa finalidade de canalizalos cara o departamento para poder estudar polo miúdo as súas necesidades, realizar a correspondente valoración integral e mobilizar os recursos que se estimen procedentes para garantir a cobertura das súas necesidades básicas (entre as que se atopa o seu aloxamento).
- ✦ Diseñar e implementar, en coordinación coas entidades sociais da cidade, itinerarios personalizados de inclusión social, partindo da realidade de cada unha das persoas e primando aspectos de desenvolvemento persoal.
- ✦ Tecer rede de intervención coordinada entre as principais entidades que desenvolven accións coas persoas que pernoctan na rúa: Servizos Sociais + Centro Vieiro (Cáritas) + Cruz Vermella + FEAFES + Cociña Económica + Albergue Xoan XXIII.
- ✦ Tecer estratexias de intervención interna, do propio concello de Santiago de Compostela, para a detección das persoas que pernoctan na rúa, a análise da súa situación e a intervención en supostos de emerxencia social: Servizos Sociais + Policía Local + Protección Civil.

## V.- METODOLOXÍA

Polo tanto, o plantexamento da intervención coas persoas que pernoctan na rúa, neste concello, se concreta en:



**O TRABALLO COORDINADO CON ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA CIDADE, COAS CALES SE TEN ASINADOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN**



FEAFES  
FEDERACIÓN DE FAMILIARMENTAIS

Albergue Xoan XXIII

Cocina Económica

Cruz Vermella: Equipo de rúa.

Cáritas: Atención Primaria e Centro Vieiro

É vontade do equipo de goberno do concello de Santiago de Compostela, dos profesionais de Protección Civil e do Departamento municipal de Servizos Sociais realizar un recoñecemento á labor realizada polo persoal técnico e persoas voluntarias que traballan en todas e cada unha das entidades de iniciativa social e que interveñen coas persoas en situación de "rúa".

### A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Para o **aloxamento**: derivación ao albergue (dentro de convenio de colaboración), traballo coordinado con Cáritas (con convenio de colaboración para cobertura de necesidades primarias), traballo coordinado con Cruz Vermella, tanto co equipo de rúa como co Programa de Pensións (dentro do convenio de colaboración), traballo con FEAFES e en concreto co programa de Pisos de Transición (con convenio de colaboración para a atención de persoas que se atopan nunha situación de rúa e que presentan algunha patoloxía psiquiátrica). No ano 2020, incorpóranse dous pisos máis de titularidade municipal adicados a este programa, con convenio de colaboración con Cáritas.

Xestión de prestacións municipais da Ordenanza de garantía básica: prestacións de rescate social.

Para a **cobertura das restantes necesidades básicas**: derivación a Cáritas Interparroquial, Cruz Vermella e Cocina Económica (as tres entidades con convenios de colaboración co concello), a xestión de recursos económicos autonómicos/estatais (AIS, RISGA, PNC, RAI, fundamentalmente) e a xestión de recursos económicos municipais (RENDA DE GARANTÍA BÁSICA, PRESTACIÓN DE RESCATE SOCIAL, EXENCIÓN DE TAXAS).

O concello de Santiago de Compostela, a través do Departamento municipal de Servizos Sociais, ven traballando, de xeito prioritario, coas persoas que se atopan nunha situación de senfogarismo, por ser un dos colectivos con maiores factores de vulnerabilidade social, atopándose inmersos nunha situación de exclusión social. Dende o ano 2020, está en marcha do Programa de apoio á Inclusión Social das persoas sen fogar, cofinanciado pola Xunta de Galicia, onde unha traballadora social adica o 100 % da súa xornada laboral a intervir con este colectivo poboacional. Esta profesional participa nas rutas nocturnas semanalmente coa persoal técnico do SEMUS COMPOSTELA. A maiores, no ano 2024, contratouse a outra traballadora social para a intervención con este colectivo poboacional e para o seguimento das persoas que se atopan residindo nas vivendas de transición. A labor realizada coas persoas sen fogar é complexa, dado que parte dunha análise exhaustiva da súa situación persoal, tentando establecer canles de comunicación entre os profesionais e as persoas para adoptar recursos de protección e xestionar prestacións e servizos que correspondan en cada un dos casos. Con cada unha das persoas que se atopan nesa situación, se manteñen entrevistas, se realizan visitas semanais ao lugar de pernocta, se valoran as súas demandas e se tentan canalizar a recursos que garantan:

- ✦ O seu aloxamento: coordinación con Albergue Xoán XXIII, coordinación con entidades sociais que implementan actuacións relacionadas coa busca de vivenda (Cáritas, Cruz Vermella, Provivenda, entre outras), apoio e acompañamento da educadora familiar do Programa municipal de Inclusión Residencial para a busca de aloxamento, valoración de si pode ser derivado a algún piso municipal xestionado por entidades, etc.
- ✦ Cobertura de necesidades básicas: respectando sempre o principio de “*subsidiaridade*”, facilítase información e tramítase, de ser o caso, sobre diferentes prestacións socioeconómicas: Ingreso mínimo vital, subsidios por desemprego, pensións non contributivas, axudas de inclusión social, RISGA, tarxeta moedeiro e prestacións municipais reguladas na Ordenanza de garantía básica cidadá,
- ✦ Nos casos de risco sociosanitario para a propia persoa, realízase unha labor coordinada con instancias xudiciais para valorar si é necesario o ingreso sanitario non voluntario (para a valoración do seu estado de saúde, proceder ao diagnóstico e posterior tratamento), o ingreso asistencial non voluntario ou mesmo, a valoración da súa capacidade de autogoberno. Indicar que este tipo de supostos son minoritarios, procedendo na maioría dos casos unha intervención social, acompañada duna atención sanitaria pero en réxime ambulatorio.

Con tódalas persoas que pernoctan na rúa o plantexamento técnico se axusta basicamente a tramitar as prestacións económicas que procedan que lle permitan cubrir as súas necesidades básicas (entre as que se atopa, a de aloxamento) e apoialos na busca de aloxamento alternativo, sendo prioritario atopar vivenda no contorno comunitario, dentro dun contexto normalizador. Só se recorre a recursos institucionais (tales como centro



residenciais), cando o deterioro da persoa e os problemas de saúde lles impide ou dificulta gravemente residir no contorno comunitario. Polo tanto, as liñas de intervención que xa se están levando a cabo e que se vai continuar, se sintetizan en:

- ✦ Continuarase coa implementación do Programa de apoio á Inclusión Social das Persoas sen fogar, coa adicación do 100 % da xornada laboral dunha traballadora social para a atención das persoas sen fogar.
- ✦ Continuarase coa implementación do programa VITRASAN, onde unha profesional do traballo social adica o 100 % da súa xornada para a intervención con este colectivo poboacional e para o seguimento das persoas que se atopan residindo tanto en pensións como en vivendas de transición.
- ✦ Mantéñense os convenios de colaboración asinados con Cruz Vermella para a realización de rutas nocturnas, do SEMUS COMPOSTELA e do programa de pensións e tamén os convenios asinados con Albergue Xoán XXIII e coa Cociña Económica.
- ✦ Mantense o convenio de colaboración con Cáritas Diocesana para a atención a necesidades primarias da poboación en situación de vulnerabilidade social.
- ✦ Continúan os equipamentos específicos adicados a dar alternativa residencial a persoas en situación de exclusión social:
  - 2 pisos municipais cedidos a FEAFES: albergan a 5 persoas (1 piso destinado ao aloxamento de homes e 1 piso destinado ao aloxamento de mulleres).
  - 1 piso cedido a Cáritas Diocesana, dentro do Programa Alares: alberga a 4 persoas.
  - 1 piso cedido a Cáritas Interparroquial, dentro do Programa de Fogares Abertos, alberga a 4 persoas.





É moi importante que a información sobre os recursos chegue á poboación que mais o necesita. De aí, que as visitas aos lugares de pernocta sexan cruciais. Visitas que xa viñan realizando dende hai anos as profesionais de Cruz Vermella, con convenio de colaboración do este concello, pero que se están reforzando dende setembro de 2019 coa labor dos propios profesionais de Servizos Sociais.


A coordinación inestimable coas entidades sociais da cidade que interveñen con este colectivo poboacional é básica para a consecución de obxectivos. Por iso realízase unha intervención en rede, pero non masiva; isto é, abordar cada un dos casos coas entidades que están a intervir nos mesmos, respectando como non pode ser doutro xeito a lexislación en materia de protección de datos. Partimos de que debemos respectar ao máximo a dignidade das persoas, polo que estimamos que calquera recurso que se poida ofertar para proporcionar o aloxamento debe estar integrado no propio contorno comunitario.



A derivación a vivendas de titularidade municipal evidencia o compromiso que este concello ten cun dos colectivos poboacionais que mais presentan factores de vulnerabilidade social. E, por suposto, dependendo das circunstancias de cada persoa, se pode tratar recorrer a establecementos ou a vivendas privadas, en réxime de aluguer, co apoio económico que se facilite dende as Administracións Públicas.

## **1.- METODOLOXIA: FLUXOGRAMA DE INTERVENCIÓN COAS PERSOAS SEN FOGAR NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**







A intervención coas persoas que se atopan pernoctando na rúa require unha intervención intensa, complexa e coordinada dos servizos públicos e das entidades de iniciativa social. Rematar na rúa é a conclusión dunha cronicidade de elementos disruptivos ou de factores de vulnerabilidade, que desembocan na situación de exclusión social mais grave existente na actualidade. Non é difícil rematar nunha situación así; calquera feito traumático na vida de cada un de nós, situación de saúde non abordada correctamente ou déficit económico grave, poden levarnos a unha situación extrema. A sociedade non pode pechar os ollos a esta realidade; é necesario un firme compromiso social para facer fronte a estas situacións de necesidade extrema. Calquera intervención con este colectivo poboacional vai requirir dun compromiso forte, dunha mobilización de recursos áxil e dunha coordinación permanente entre os dispositivos de atención social e sanitaria; os corpos e forzas de seguridade do Estado son claves para a intervención, non no sentido de “sanción” senón de colaboración na detección de casos, de seguimento e de favorecer a convivencia comunitaria.

Urxen políticas de vivenda, claras e realistas, que teñan como dobre finalidade a prevención dos desafuzamentos, por un lado, e a facilitación dun aloxamento digno, por outro. De todos é coñecido ás enormes dificultades existentes no noso termo municipal para acadar un aloxamento digno e que se poida afrontar o pago cos recursos existentes na actualidade. Tamén é necesario un firme compromiso na intervención coas persoas que presentan algún tipo de problema de saúde mental e/ou de condutas aditivas. Os recursos non funcionan si se limitan a esperar a que acodan voluntariamente aos seus dispositivos; ás persoas con estas dificultades hai que chegar a elas dende o propio contorno comunitario, traballar a motivación e canalizalas a posteriori, aos recursos existentes. Non é unha alternativa un alta hospitalaria senón se garante un aloxamento digno e una rede de intervención sociosanitaria dende o ámbito comunitario. A vulnerabilidade é maior, cando esta situación de exclusión social afecta a mulleres, correndo grave perigo a súa integridade física e sexual. As condutas aditivas tamén precisan ter unha intervención dende a rúa, que parta da detección, da motivación, da orientación e da canalización cara o servizo específico de atención (UMAD); é intervir dende a proximidade, como recurso municipal ao carón da veciñanza.

Debemos recoñecer que se está a intervir en casos de necesidade extrema, con fortes condutas aditivas ou problemas de saúde mental asociados, sen conciencia de enfermidade e, ás veces, sen recoñecer a situación de perigo que están a vivir e que pode afectar nun momento dado á propia integridade física. A colaboración de instancias xudiciais e da Xunta de Galicia é imprescindible para afrontar os casos mais extremos e evitar calquera consecuencia irreparable. Fan falla medios, fan falla recursos, pero o mais importante, fai falla vontade e compromiso de todos nós (responsables políticos, profesionais técnicos dos diferentes ámbitos e tamén, da sociedade en xeral).

## A INTERVENCIÓN COAS PERSOAS SEN FOGAR NO ANO 2024.





*A reincorporación á comunidade: a vontade de cambiar vidas.*








## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

O Programa de Apoio á Inclusión Social para as Persoas sen Fogar vense a consolidar no ano 2024 dentro do Departamento municipal de Servizos Sociais, como liña prioritaria municipal, requirindo unha ardua labor da profesional que o implementa:



Fonte: Datos estatísticos de axenda Xiess, ano 2024

O servizo de valoración, orientación e información, aínda que está establecido para os luns e mércores, no caso das persoas sen fogar son atendidos de luns a venres, segundo a necesidade e urxencia, feito polo que o número de persoas atendidas aumenta nos primeiros e últimos meses do ano.

Os datos referidos á poboación detectada nalgún momento pernoctando en rúa ao longo do ano 2024 se poden sintetizar do seguinte xeito:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Datos de persoas detectadas en rúa ano 2024 por sexo.

SEXO	Nº	% V
H	203	86,02%
M	33	13,98%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

Táboa: Idade de persoas detectadas en rúa.

<b>Promedio de idade</b>	47,31	Anos
<b>Desviación</b>	12,39	Anos
<b>Valor máximo de idade</b>	78,79	Anos
<b>Valor mínimo de idade</b>	21,62	Anos

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

Os datos das persoas menores de idade se corresponden con familias de orixe estranxeiro, en situación de irregularidade administrativa, que carecían de aloxamento neste termo municipal e que requiriron unha intervención social de urxencia.

Táboa: Situación administrativa.

SITUACIÓN ADMINISTRATIVA	Nº	% V
Irregular	79	33,47%
Sen tarxeta residencia comunitarios	2	0,85%
Residencia permanente	7	2,97%
Residencia temporal	9	3,81%
Nacionalidade española	139	58,90%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

Táboa: Situación de saúde.

PROBLEMAS DE SAÚDE	Nº	% V
INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO	33	13,98%
INDICIOS PROBLEMAS SAÚDE ORGÁNICOS	21	8,90%
INDICIO DE CONDUCTAS ADICTIVAS	100	42,37%
INDICIO TRASTORNO PSÍQUICO + PROBLEMAS SAÚDE ORGÁNICOS	3	1,27%
INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO + CONDUCTAS ADICTIVAS	27	11,44%
SEN INDICIOS DE PROBLEMAS DE SAÚDE	52	22,03%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Existencia de persoas menores de idade.

EXISTENCIA DE MENORES	Nº	% V
SI	2	0,85%
NON	234	99,15%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

Táboa: Con alternativa residencial post intervención social.

ALOXAMENTO	Nº	% V
ALBERGUE XOAN XXIII	12	5,08%
CENTRO DE INCLUSIÓN SOCIAL	6	2,54%
CENTRO PERSOAS CON DISCAPACIDADE	0	0,00%
CENTRO RESIDENCIAL PERSOAS MAIORES	7	2,97%
DE PASO POLO MUNICIPIO	7	2,97%
DESCOÑÉCESE PARADEIRO. DEIXASE DE VER NA RÚA	67	28,39%
INGRESO HOSPITALARIO	6	2,54%
PERNOCTANDO NA RÚA	31	13,14%
VIVENDA OCUPADA	13	5,51%
PENSIÓN SUFRAGADA POLA PERSOA USUARIA	24	10,17%
PENSIÓN SUFRAGADA POR CRUZ VERMELLA (CONVENIO CONCELLO)	10	4,24%
PISO SUFRAGADO POLO USUARIO	26	11,02%
VIVENDAS DE TRANSICION	12	5,51 %
RETORNO COA FAMILIA	14	5,93 %
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

En resumo, con respecto á alternativa residencial:

CON ALTERNATIVA DE ALOXAMENTO?	Nº	% V
CON ALTERNATIVA DE ALOXAMENTO	118	50,00%
PERNOCTANDO EN RÚA	31	13,14%
DESCOÑÉCESE PARADEIRO	67	28,39%
DE PASO POLO CONCELLO	7	2,97%
VIVENDA OCUPADA	13	5,51%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Situación económica post intervención social.

PRESTACIÓNS	Nº	% V
AIS	40	16,95%
DESCOÑECESE INGRESOS	15	6,36%
INGRESO MÍNIMO VITAL	32	13,56%
INSERCIÓN LABORAL	13	5,51%
PENSIÓN INCAPACIDADE NIVEL CONTRIBUTIVO	6	2,54%
PNC	34	14,41%
PENSIÓN XUBILACIÓN NIVEL CONTRIBUTIVO	3	1,27%
PRESTACIÓN DE RESCATE SOCIAL	1	0,42%
OUTRAS PRESTACIÓNS	4	1,69%
RENDA MUNICIPAL	4	1,69%
RISGA	22	9,32%
SALARIO DA LIBERDADE	1	0,42%
SEN PRESTACION	48	20,34%
SUBSIDIO PARA MAIORES DE 52 ANOS	2	0,85%
SUBSIDIO POR DESEMPREGO	5	2,12%
SUBSIDIO POR EXCARCERACION	1	0,42%
SUBSIDIO - RAI	5	2,12%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

En resumo, con respecto á situación económica:

CON RECURSOS?	Nº	% V
CON RECURSO SOCIOECONÓMICO	173	73,31%
SEN RECURSO SOCIOECONÓMICO	63	26,69%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

Táboa: Casos xudicializados.

CASO XUDICIALIZADO?	Nº	% V
SI	10	4,24%
NON	226	95,76%
<b>TOTAIS</b>	<b>236</b>	<b>100,00%</b>



Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.



Unha vez vistos estes datos, podemos dicir que a situación das persoas que pernoctaron na rúa ao longo de 2024 e despois da intervención realizada se axusta ao seguinte:

<b>PERFIL</b>		
<b>Sexo:</b>	Varón	86,02%
<b>Promedio de idade:</b>		47,31 anos
<b>Nacionalidade maioritaria:</b>	NACIONALIDADE ESPAÑOLA	58,05%
<b>Problemas de saúde maioritarios:</b>	INDICIO DE CONDUCTAS ADICTIVAS	42,37%
	INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO	13,98%
	INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO + CONDUCTAS ADICTIVAS	11,44%
<b>Existencia de menores:</b>	NON	99,15%
<b>Con alternativa residencial post intervención social:</b>	CON ALTERNATIVA DE ALOXAMENTO	50,00%
<b>Con recurso económico en activo post intervención social:</b>	CON RECURSO ECONÓMICO	73,31%
<b>Casos xudicializados:</b>	Non	95,76%

Fonte: Datos Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, ano 2024.

## O Centro de Atención Integral a Persoas sen Fogar

([http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id\\_nova=22991&lg=cas](http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=22991&lg=cas))

A concelleira de Dereitos e Servizos Sociais deu conta das modificacións introducidas no proxecto do Centro de Inclusión Social de Belvís, co obxectivo de que sexa un Centro de Atención Integral a Persoas sen Fogar. María Rozas explicou que o complexo contará con 11 habitacións e con espazos comúns como cociña, comedor ou lavandería.

A principal novidade do modificado do proxecto, será a substitución da vintena de despachos e salas de reunións previstas por recursos habitacionais.

O Centro Integral para a Inclusión Social é un complexo formado por 4 edificios. O primeiro deles contará con cociña, comedor e baño na planta baixa, e na planta superior haberá catro habitacións que substituirán aos despachos proxectados inicialmente. O que eran salas de reunións transformaranse en zonas comúns, salas de lectura e zona de actividades. Do proxecto aprobado no anterior mandato mantense a zona de entrada e recepción, así como tres despachos para o traballo social especializado e personalizado de acompañamento psicosocial. O segundo edificio é unha ampla sala, que se mantén tal e como estaba prevista, mentres que o terceiro inmobile, cunha superficie aproximada de 100 m<sup>2</sup>, albergará un espazo de atención diúrna para persoas en situación de risco de exclusión con zonas de descanso, baños, armarios e lavandería. O cuarto sufrirá máis cambios. Os despachos e a aula de formación proxectados desaparecen para darlle paso a seis habitacións individuais e unha dobre na planta superior, todas elas con baño incorporado, e a unha habitación dobre con baño, adaptada para persoas con mobilidade reducida, na planta baixa. Alí tamén haberá un espazo común e de estar.







PLANTA PROXECTO



PLANTA REAXUSTADA

Edificación nº 4





PLANTA SUPERIOR PROXECTO



PLANTA SUPERIOR REAXUSTADA



PLANTA BAIXA PROXECTO



PLANTA BAIXA REAXUSTADA





Outras imaxes que nos deixou o programa no ano 2024:



## 2.- O PROGRAMA DE INCLUSIÓN RESIDENCIAL.

A Constitución Española de 1978, no seu artigo 47, proclama que o dereito a vivenda, a unha vivenda digna e adecuada constitúe un dos principios reitores da política social e

económica. Os poderes públicos deberán promover as condicións necesarias e establecer as normas precisas para facer efectivo este dereito.

Este mandato constitucional é competencia da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia: *"Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva da ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda"*.

A Lei reguladora de Bases de Réxime local establece no artigo 25, entre as competencias propias dos municipios, ademais da promoción e a xestión da vivenda de protección pública, a **"avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social"**. A normativa autonómica galega, de acordo coa Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e co artigo 84 da Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia, atribúe aos concellos a competencia, en cooperación coa xunta de Galicia, de manter e desenvolver os servizos sociais comunitarios. Complementariamente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio a familia e a convivencia de Galicia atribúe ao municipio capacidade para, na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da veciñanza. O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios, establece como un dos obxectivos dos programas de titularidade municipal, previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia, con especial atención ós/ás menores de idade.

Os entes locais, baixo o principio de autonomía para a xestión dos seus intereses, exercen as competencias de vivenda de acordo co establecido pola lexislación de réxime local, a lexislación urbanística, sen prexuízo da capacidade de subscribir convenios e concertar actuacións con outras administracións e axentes sociais que actúen sobre o mercado da vivenda protexida e libre.

As políticas públicas en materia de vivenda teñen que orientar a súa intervención a adoptar as medidas necesarias encamiñadas a posibilitar que o cidadáns poidan exercer o dereito, constitucionalmente recoñecido, a dispoñer dunha vivenda digna e adecuada. Debemos

considerar pois a vivenda, ademais de como un dereito, como un dos piares do estado de benestar e como un instrumento de cohesión social.

Dende os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela somos conscientes de que por diante temos unha difícil tarefa, en prol do benestar da veciñanza:



favorecer o acceso á vivenda e contribuír a que esta reúna unhas condicións de idoneidade e dignidade que fagan da mesma un fogar de calidade.

O acceso e a integración nunha vivenda digna e normalizada é fundamental para acadar a inclusión social das familias. A vivenda é un elemento central na vida das persoas, é un dereito fundamental que consolida o resto dos dereitos fundamentais, como a educación, o traballo, a atención sanitaria, a protección social. É onde se configura a personalidade e onde se desenvolve a vida privada e a socialización das persoas. Permite o arraigo das persoas nun espazo e nun territorio concreto; polo tanto, entendida como fogar, non ten un sentido meramente funcional senón que é un pilar básico na vida das persoas e no seu desenvolvemento social.

O acceso a vivenda é un factor clave da integración social e da emancipación. A exclusión ten unha natureza multidimensional, polo que un aloxamento digno e adecuado non garante, por si mesmo, a inclusión social, pero si é unha condición indispensable para acadar ese fin. Por iso, é importante que a exclusión residencial sexa un tema prioritario de política de vivenda, converténdose nunha cuestión transversal e que esixe o traballo coordinado e en rede entre os servizos públicos con competencias específicas na mesma, pero tamén con competencias no eido social.

É poboación obxecto do programa, aquelas persoas residentes no municipio de Santiago de Compostela con dificultades no ámbito da vivenda, con especial atención a aquelas que se atopan en risco de exclusión social.



## II.- ASPECTOS CONCEPTUAIS

Si ben non hai un concepto universal estandarizado de “*persoa sen fogar*”, en Europa existe un amplo consenso, aínda que non oficial, en usar a categorización denominada ETHOS (*European Typology on Homelessness and Housing Exclusion*), proposta pola Federación Europea de Asociacións Nacionais que traballan coas Persoas sen Fogar (FEANTSA). A clave da devandita categoría é a exclusión de vivenda digna, en base á cal identifica trece perfís diferentes agrupados en catro tipos:



TIPOLOXÍA EUROPEA DE PERSOAS SEN FOGAR E EXCLUSIÓN RESIDENCIAL (categoría ETHOS)	
<b>SEN ALOXAMENTO (ROOFLESS: SEN TEITO)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Persoas que viven nas rúas ou nun espazo público ou exterior, sen albergue que poida ser definido como “aloxamento”.</li> <li>➤ Persoas en aloxamentos de emerxencia (albergues).</li> </ul>
<b>SEN VIVENDA (HOUSELESS)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Persoas en aloxamentos para persoas sen fogar: persoas que viven con intervalos curtos en hostaleira para persoas sen fogar, aloxamentos temporais ou aloxamentos transitorios con apoio).</li> <li>➤ Mulleres aloxadas en refuxios por curtos intervalos por mor de situacións de violencia de xénero ou de violencia doméstica.</li> <li>➤ Persoas en aloxamentos para inmigrantes.</li> <li>➤ Persoas dependentes de institucións penitenciarias, sanitarias ou tuteladas, que carecen de vivenda a onde ir.</li> <li>➤ Persoas maiores sen fogar en residencias.</li> </ul>
<b>VIVENDAS INSEGURAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Persoas que viven en aloxamentos inseguros, sen dereitos legais ou en condicións de ocupación).</li> <li>➤ Persoas con requirimento de abandono da vivenda.</li> <li>➤ Persoas que viven baixo ameaza de violencia por parte de persoas coas que convive.</li> </ul>
<b>VIVENDAS INADECUADAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Persoas que viven en aloxamentos móbiles (que non poden ser considerados como vivenda habitual), construcións que non constitúen vivendas convencionais ou estruturas semitemporais (chabolas ou cabanas).</li> </ul>



TIPOLOXÍA EUROPEA DE PERSOAS SEN FOGAR E EXCLUSIÓN RESIDENCIAL

(categoría ETHOS)

- Persoas que viven en aloxamentos sen posible permiso de habitabilidade.
- Persoas que viven en vivendas amontoadas ou sobreocupadas.

As políticas públicas en materia de vivenda teñen que reorientar a súa intervención a adaptar as medidas necesarias encamiñadas a posibilitar que os cidadáns podan exercer o dereito, constitucionalmente recoñecido, a dispor dunha vivenda digna e adecuada. A tal fin, a Administración intervén no mercado de vivenda e do solo residencial a través dunha dobre función: de regulación e de busca da cohesión social. A política de vivenda debe ter unha función reguladora do mercado inmobiliario e correctora das súas ineficiencias e distorsións e, por outro, adoita considerarse como unha das políticas sociais básicas das que conforman os diferentes modelos do Estado do Benestar vixentes en Europa así como un eficaz mecanismo de redistribución de rendas na procura da equidade e a cohesión social.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é un organismo autónomo da Xunta de Galicia, ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada. Así mesmo, correspóndelle a dirección da política en materia de habitabilidade e calidade na vivenda e a de creación dos instrumentos que a garantan, en particular a creación de solo residencial e de equipamentos acordes coas necesidades de asentamento da poboación.

### III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A lexislación aplicable á xestión e implementación do Servizo de Axuda no Fogar é a que se relaciona a continuación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 25 e 26.1: *“Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, ... a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”*.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.

- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

A maiores dos textos normativos, como documentos de referencia deben terse en conta os seguintes:

- Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, Xunta de Galicia.
- Manual INclúe para a atención a persoas en situación ou en risco de exclusión social. Emaús Fundación Social, 2015.
- Plan de Vivenda de Galicia 2015-2020.
- Plan Estatal de Vivenda, 2018-2021.
- Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023, Xunta de Galicia.

## IV.- OBXECTIVOS

### IV.1.- OBXECTIVO XERAL.

- ⊕ Favorecer o acceso a unha vivenda digna, como factor imprescindible para a mellora da calidade de vida, a través de procesos participativos e colaborativos entre todos os axentes sociais implicados na garantía deste dereito constitucional.



### IV.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

#### a).- Traballo coordinado co Instituto Galego de Vivenda e Solo.

- ⊕ Promover un traballo coordinado e en rede co dispositivo autonómico con competencias específicas de vivenda, co fin de canalizar necesidades sociais e propiciar a integración da veciñanza no contorno comunitario.

**b).- Intervención con familias en situación ou en risco de desafiuzamento.**

- ✦ Orientación e información sobre os procedementos de actuación ante os procesos de desafiuzamento
- ✦ Adquisición das destrezas e competencias persoais e sociais que eviten procesos de desafiuzamento
- ✦ Apoio e acompañamento na busca dunha vivenda alternativa.
- ✦ Promover a adquisición por parte das familias das habilidades necesarias para a vida diaria autónoma nunha vivenda normalizada.

**c).- Intervención socioeducativa na área da vivenda.**

- ✦ Favorecer o desenvolvemento persoal a través do cumprimento da función social das vivendas.
- ✦ Estimular procesos de rexeneración e a cohesión social
- ✦ Promover intervencións integrais, multidisciplinares e complementarias que permitan abordar as situacións de infravivenda.
- ✦ Sensibilizar ás familias sobre a importancia que ten a vivenda no seu proceso vital, reflexionando sobre as consecuencias prexudiciais para o desenvolvemento persoal e social das persoas que integran a unidade de convivencia o feito de habitar nunha infravivenda.
- ✦ Facilitar o acceso das familias en situación de vulnerabilidade aos recursos existentes para a busca dunha vivenda que posúa unhas condicións mínimas de habitabilidade.
- ✦ Promover a adquisición por parte das familias das habilidades necesarias para a vida diaria autónoma nunha vivenda normalizada.
- ✦ Promover as condicións necesarias para garantir o dereito constitucional a unha vivenda digna e adecuada, facilitando o acceso ó mercado de vivenda e evitando problemáticas como o amontoamento, a infravivenda ou as situacións que vivendas as persoas sen teito.

**d).- Apoio económico para o pago de determinados aspectos relacionados coa vivenda e convenios de colaboración con diferentes entidades sociais da cidade:**


- ✦ Contribuír a evitar situacións de desafiuzamento e/ou de conflictividade veciñal.
- ✦ Favorecer a estabilidade persoal e familiar.

- ✦ Contribuír a garantir condicións de vida digna á cidadanía.

Na súa globalidade, o programa non soamente tenta garantir unha vivenda digna e accesible á veciñanza de Santiago de Compostela (en especial, nos que concorren factores de vulnerabilidade social engadidos), senón que tamén se esforza en crear un ambiente acoledor, familiar e un sentido de pertenza entre os residentes, satisfacendo as necesidades das persoas durante o seu itinerario vital, optimizando a utilización dos recursos sociais e participando na transformación da cidade e dos seus barrios.

O programa ten presente de xeito permanente valores transversais tales como:

- ✦ *Innovación*: tanto na xeración de oportunidades de vivenda como na propia xestión interna dos servizos implicados.
- ✦ *Transversalidade*: Aplicada na busca de solucións aos problemas sociais dos colectivos aos que se dirixe, en colaboración co resto de servizos públicos.
- ✦ *Transparencia; profesionalidade; equipo; flexibilidade e sostibilidade*: en canto ao compromiso coa sostibilidade económica, social e medioambiental no desenvolvemento de tódalas actividades.





## V.- METODOLOXÍA

A Concellaría de Políticas Sociais e Saúde, a través dos Servizos Sociais Comunitarios, ven desenvolvendo varias liñas de actuación coa cidadanía, dentro do ámbito da vivenda, que pretende contribuír ao benestar das persoas e das súas unidades de convivencia, mellorando a súa calidade de vida. Seis son as liñas que se están a implementar no ámbito da vivenda:



a).- **Traballo coordinado co Instituto Galego de Vivenda e Solo**, coa finalidade de abordar problemáticas relacionadas coas vivendas de promoción pública, conflitos comunitarios, adxudicacións directas por razón de emerxencia social ou por procedemento ordinario, etc.

b).- **Intervención con familias en situación ou en risco de desafiuzamento**, coa finalidade de evitalo ou de dar alternativa de aloxamento para as persoas afectadas.

c).- **Intervención socioeducativa na área da vivenda**, para facilitar o seu uso normalizado, propiciar a estabilidade persoal e/ou familiar, así como a convivencia no contorno comunitario.

d).- **Intervención coas persoas sen fogar**: en estreita coordinación coa traballadora social municipal do Programa de apoio á inclusión das persoas sen fogar, co obxecto de facilitar a busca de vivenda e o uso normalizado da mesma.

e).- **Apoio económico para o pago de determinados aspectos relacionados coa vivenda**, segundo o establecido no Título III da *Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela*, onde se contemplan as prestacións de rescate social

por distintos conceptos; no que se refire a aspectos relacionados coa vivenda, existen prestacións polos seguintes conceptos:

- ✗ Dentro do epígrafe “**PRESTACIÓN PARA COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS**” (art. 23), entre outros, pódense destacar:
  - *Gastos asociados a alugueiro de vivenda, pagamento de préstamo hipotecario ou pagamento da habitación en vivenda compartida.*
  - *Axudas asociadas ao contrato de nova vivenda en alugueiro.*
- ✗ Dentro do epígrafe “**PRESTACIÓNS DE HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA, E EQUIPAMENTO BÁSICO**” (art. 24):
  - *Débedas por pobreza enerxética.*
  - *Gastos por altas de contratos de subministración enerxética nunha nova vivenda.*
  - *Gastos asociados a débeda de comunidade de propietarios.*
  - *Gastos por endebedamento previo, relacionados co aloxamento habitual.*
  - *Equipamento básico da vivenda.*




f).- **Convenios de colaboración con diferentes entidades sociais da cidade**, coa finalidade de garantir a cobertura de necesidades básicas (sendo unha das prioritarias o garantir un aloxamento digno para a cidadanía). Nesta liña, tamén se atopan os “*pisos de saída*” para as persoas sen teito, de carácter municipal, e xestionados dende o correspondente programa específico, a través do convenio de colaboración asinado por este Concello con:

- ✗ *FEAFES: 2 pisos de titularidade municipal.*
- ✗ *Cáritas Diocesana, dentro do programa Alares: 1 piso de titularidade municipal.*
- ✗ *Cáritas Interparroquial, pertencente á súa vez a Cáritas Diocesana, dentro do Programa Fogares Abertos: 1 piso de titularidade municipal.*

E, a maiores, estaría o convenio de colaboración que este concello ten asinado con Cruz Vermella para financiar o gasto de persoal técnico nas rutas nocturnas e tamén, no programa de pensións, que garante un aloxamento alternativo ás persoas sen fogar. Vexamos graficamente e en contido, cada unha das liñas sinaladas con anterioridade:

**a).- TRABALLO EN REDE ENTRE OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO (IGVS).**



**a.1).- Participación nas Comisións Provinciais de Vivenda:**


✦ **Obxecto:**

- Aprobación de listas de adxudicación de vivenda pública por réxime ordinario.
- Adxudicación directa de vivenda pública atendendo a criterios de emerxencia social.

**a.2).- Participación en xuntanzas de coordinación con técnicos do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS):**


✦ **Obxecto:**

- Prevención de desafiuzamentos por impago de vivenda, impago de comunidade e/ou problemas comunitarios.



**INSTITUTO GALEGO  
DA VIVENDA E SOLO**


**FLUXOGRAMA DE TRABALLO EN REDE ENTRE IGVS E SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.**



Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, ano 2023




**b).- INTERVENCIÓN EN SITUACIÓNS DE DESAFIUZAMENTO**




## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

A maiores, compre indicar que este concello, xunto con Ames e Teo, asinaron un protocolo para a prevención de desafiuzamentos e atención das persoas afectadas. O protocolo baséase no cumprimento do mandato constitucional e amosa a disposición municipal de promover, no ámbito das súas competencias, as medidas que estean ao seu alcance que contribúan a defender o dereito a unha vivenda digna para todas as veciñas e veciños. A través del, preténdese completar as accións recollidas no Convenio de colaboración asinado no ano 2013 entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familias e medidas de carácter social.




**c).- INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA NA ÁREA DE VIVENDA**




## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Resulta de especial interese técnico desenvolver as actuacións profesionais que se deben levar a cabo dentro dos supostos de adjudicación directa de vivenda pública ante supostos de emerxencia social:





d).- **Apoio na busca de vivenda para as persoas sen fogar:** trátase de que, en coordinación coa traballadora social do Programa municipal de apoio á Inclusión das Persoas sen Fogar, se busque apoiar a busca dun aloxamento alternativo para as persoas que pernoctan en rúa, que se atopan inmersos en itinerarios de inclusión social. O obxectivo non remata coa consecución dunha vivenda ou dun aloxamento, senón que se debe realizar un seguimento continuado co fin de manter o mesmo e de que as persoas teñan as habilidades suficientes para realizar un uso normalizado da vivenda.



e).- **Apoio económico para o pago de determinados aspectos relacionados coa vivenda**, segundo o establecido no Título III da *Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela*, onde se contemplan as prestacións de rescate social por distintos conceptos; no que se refire a aspectos relacionados coa vivenda, existen prestacións polos seguintes conceptos:

- ✘ Dentro do epígrafe “**PRESTACIÓN PARA COBERTURA DE NECESIDADES BÁSICAS**” (art. 23), entre outros, pódense destacar:
  - *Gastos asociados a alugueiro de vivenda, pagamento de cota de préstamo hipotecario da vivenda ou pagamento da habitación en vivenda compartida ou similares.*
  - *Axudas asociadas ao contrato de nova vivenda en alugueiro.*

**LIMITE DE RECURSOS.**

	% SOBRE IPREM
1	100%
2	110%
3	120%
4	130%
5	140%
6 ou mais	150%

CONTÍAS	
CONCEPTOS	DETALLE
Gastos mensuais de aloxamento	Ata 75 % do gasto de aloxamento e ata 100 % IPREM
Contrato nova vivenda	100 % do gasto ata 75 % IPREM

- ✘ Dentro do epígrafe “**PRESTACIÓNS DE HABITABILIDADE E POBREZA ENERXÉTICA, E EQUIPAMENTO BÁSICO**” (art. 24):
  - *Débedas asociadas á pobreza enerxética.*
  - *Gastos asociados a altas de contratos de subministración enerxética nunha nova vivenda.*
  - *Gastos asociados a débeda de comunidade de propietarios.*
  - *Gastos por endebedamento previo, relacionados co aloxamento habitual.*

- *Equipamento básico da vivenda.*


**LIMITE DE RECURSOS.**

	% SOBRE IPREM
1	125%
2	140%
3	155%
4	170%
5	185%

CONTÍAS	
CONCEPTOS	DETALLE
Débedas asociadas á pobreza enerxética	Ata o 100 % da débeda e ata 100 % IPREM
Altas de contratos subministros básicos	Ata 100 % do gasto e ata 100 % IPREM
Débedas de comunidade	Ata 90 % da débeda e ata máximo 200 % IPREM
Débedas aloxamento	Ata 90 % da débeda e ata máximo 200 % IPREM

CONTÍAS	
CONCEPTOS	IMPORTE
LAVADORA	300,00 €
FRIGORÍFICO	300,00 €
COCIÑA	250,00 €
TERMO DE AUGA DE 80 LITROS	250,00 €
TERMO DE AUGA DE 50 LITROS	150,00 €
ESTUFA ELECTRICA	75,00 €
ESTUFA DE GAS	125,00 €
CALDEIRA DE CALEFACCIÓN	600,00 €
OUTROS	600,00 €

FLUXOGRAMA DE XESTIÓN DAS PRESTACIÓNS DA ORDENANZA DE GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ.





## A XESTIÓN DO PROGRAMA NO ANO 2024



### 3.- O PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL.

O Programa Local de Inclusión Social de colectivos en risco de exclusión de Santiago de Compostela xurde da necesidade de dar continuidade ao traballo realizado durante anos a través de distintos plans e programas promovidos por Europa e executados por Servizos Sociais a través de distintos convenios coa Comunidade Autónoma.

O Concello de Santiago de Compostela considera necesario continuar coas liñas de traballo desenvolvidas durante este anos e apostar pola inclusión e, sobre todo, dar continuidade a un recurso de apoio para a inserción sociolaboral dos colectivos máis vulnerables, en situación de risco ou exclusión social.

O principio de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, social, toma de decisións...) e actividades (emprego, educación...) sobre bases de igualdade e equidade. Fai referencia á necesidade de corrixir as desigualdades sociais e toda barreira sexista e discriminatoria, directa ou indirecta. Para facer real este principio e levalo á práctica, estableceranse mecanismos e estratexias como as medidas específicas ou de acción positiva (co obxectivo de superar obstáculos específicos para a participación das mulleres), ou o mainstreaming de xénero ou enfoque integrado de xénero (co obxectivo de superar obstáculos específicos de xénero para a participación equitativa de homes e

mulleres). En ambos casos é imprescindible contemplar as discriminacións de xénero e as súas implicacións na sociedade.

O Programa Local de Inclusión Social (en adiante, PLIS), pretende incidir, a nivel individual e grupal para reforzar e fortalecer todos aqueles aspectos que poidan axudar a mellorar á empregabilidade das persoas que acceden a este servizo. Articúlase sobre a elaboración de itinerarios integrais de inserción sociolaboral que, tomando como punto de partida a corresponsabilidade dos beneficiarios, contemple o desenvolvemento de estratexias individuais no seu proceso de incorporación ao mercado laboral. Co obxectivo tanto de dar resposta ás diferentes situacións de partida dos colectivos beneficiarios, como de poder ampliar o número de persoas atendidas, e dentro do marco das prestacións e servizos incluídos na carteira de servizos sociais de Inclusión aprobada polo Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, planifícase un programa formado por **dúas seccións**:

- **Sección de inclusión básica, destinada a colectivos con maiores necesidades no ámbito persoal:** adquisición e mellora de habilidades sociais básicas e avanzadas que incrementen a competencia social e persoal, desenvolvemento das capacidades e destrezas individuais e sociais que melloren a autonomía da persoa, incluídas as dirixidas á mellora da administración da economía familiar; apoio para a adhesión a tratamentos de prescrición facultativa, acompañamento social, apoio e/ou intervención psicolóxica...
- **Sección de inclusión e transición ao emprego,** destinada a aquelas persoas con necesidades enfocadas no desenvolvemento e a mellora de habilidades conducentes á consecución e mantemento dun emprego normalizado. Comprende a celebración de accións para a mellora da empregabilidade: sesións grupais de busca de emprego, actividades formativas (motivación, habilidades, autoemprego, entrevistas de traballo...), orientación laboral e formativa, acompañamento...

Aínda que na práctica, a meirande parte das persoas usuarias dos Servizos Sociais Municipais da cidade poderían ser potenciais beneficiarios do Programa, establécese un criterio de entrada ao programa que inclúe (aínda que de xeito non excluínste, segundo valoración técnica), aos seguintes colectivos:

- Persoas perceptoras da RISGA, e/ou persoas que formen parte da súa unidade familiar con proxecto de inserción de carácter laboral.
- Persoas perceptoras da Renda Municipal de Garantía básica cidadá e/ou persoas que formen parte da súa unidade familiar con proxecto de inserción de carácter laboral.
- Persoas perceptoras da Prestación de rescate social por necesidades básicas

En todos estes casos se incluírían tamén aos potenciais beneficiarios coas mesmas características.

- Persoas sen fogar, entendendo esta como residencia en dispositivos temporais: pensións pagadas por dispositivos públicos ou entidades de iniciativa social...
- Persoas en situación de vivenda inadecuada (situacións de infravivenda, ocupación...)

Nestes casos, a intervención procedería sempre que a persoa manifeste a súa vontade de permanecer na cidade dun xeito estable, e a súa situación persoal e de saúde permita o inicio dun itinerario de inclusión sociolaboral

- Persoas pertencentes a familias participantes no Programa de Intervención familiar e no Programa de Inclusión residencial non encadradas en ningún dos colectivos anteriores, previa valoración conxunta das técnicas de ambos programas.



## II.- ASPECTOS CONCEPTUAIS

Na actualidade entendemos a pobreza como ausencia de recursos económicos e a exclusión social como un proceso social de expulsión parcial ou total de persoas que viven nunha determinada sociedade. No primeiro caso, trátase dun concepto económico. No segundo caso, dun proceso social (e dos resultados dese proceso). Ambas as cuestións, pobreza e exclusión, aparecen intimamente relacionadas, polo que adoitan presentarse conxuntamente, tanto nas análises como nas medidas de abordaxe e de mellora das condicións de vida das persoas e colectivos afectados. Pero, ao mesmo tempo, existe unha coincidencia clara de que ambas as cuestións son diferentes na súa óptica, no seu alcance e nas formas de intervención que poden dar resultados de cohesión social.

*"Recoñecer o dereito fundamental das persoas que se atopan en situación de pobreza e exclusión social a vivir con dignidade e a desempeñar un papel activo na sociedade"* foi o primeiro dos obxectivos establecidos na decisión conxunta 1098/2008/CE do Parlamento-Consello Europeo, relativa ao 2010-Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social. Para cumprir este obxectivo, a Administración autonómica establece unha serie de

prestacións dirixidas ás persoas máis desfavorecidas: renda de inclusión social de Galicia (Risga), axudas de inclusión social de carácter non periódico, pensións non contributivas de invalidez e de xubilación, axudas a entidades de iniciativa social, complemento por alugueiro de vivenda a persoas titulares de pensión non contributiva. Estas axudas complétanse con medidas ofrecidas en ámbitos concretos: incentivos á contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social, axudas para evitar os cortes de subministración eléctrica, apoio a programas de loita contra a pobreza feminina, exencións no canon da auga e do lixo etc. A inclusión social é a tendencia para posibilitar que persoas en risco de pobreza ou de exclusión social teñan a oportunidade de participar de maneira plena na vida social, e así poidan gozar dun nivel de vida adecuado. A inclusión social preocúpase especialmente por persoas ou grupos de persoas que se atopan en situacións de carencia, segregación ou marxinação. Son especialmente susceptibles de exclusión persoas ou grupos de persoas en situación de precariedade ou pertencentes a un colectivo particularmente estigmatizado, ben pola súa orixe (pertenza a determinado grupo étnico ou relixioso), xénero (home ou muller), condición física (discapacidades), ou orientación sexual, entre outras cousas.



O obxectivo da inclusión social é precisamente mellorar de maneira integral as condicións de vida dos individuos, para ofrecerlles as mesmas oportunidades educativas, laborais e económicas das que goza o resto da sociedade. Inclusión social, pois, significa acceso ao sistema educativo e de saúde, oportunidades de traballo, a posibilidade de ter unha vivenda digna, seguridade cidadá, etc. En suma, o que persegue a inclusión social é que todos os cidadáns, independentemente da súa orixe ou condición, poidan gozar plenamente dos seus dereitos, desenvolver as súas potencialidades como individuos, e aproveitar ao máximo as oportunidades para vivir en benestar. Por esta razón, é importante que os gobernos, en coordinación cos organismos internacionais, como a Unesco, a ONU ou a Unión Europea, cren e implementen políticas e programas que fomenten a inclusión social.

### III.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 25 e 26.1: *“Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: c) Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais, ... a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”*.



- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

A maiores dos textos normativos, como documentos de referencia deben terse en conta os seguintes:

- Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, Xunta de Galicia.
- Manual INClúe para a atención a persoas en situación ou en risco de exclusión social. Emaús Fundación Social, 2015.
- Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023, Xunta de Galicia.



## IV.- OBXECTIVOS

- ✦ Promover a inserción social e laboral das persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión, mediante o desenvolvemento de procesos individualizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo

## V.- METODOLOXÍA

No tocante ao traballo coas persoas beneficiarias do Programa, baseamos a metodoloxía no acompañamento social, co obxecto de facilitar a normalización, e na medida do posible a inserción social e laboral das persoas participantes no Programa, en situación de exclusión social ou risco de estalo, guiando e tutelando o proceso individual de incorporación social de cada unha delas.



Para a consecución dos obxectivos realízanse as seguintes actividades:

- Acollida
- Realización de diagnóstico inicial
- Deseño de itinerarios individualizados de incorporación
- Actividades de formación prelaboral e capacitación para a ocupación (inclúe formación en habilidades sociais)
- Actividades de formación para a superación de probas de aptitude (Graduado en ESO, acceso a ciclos, competencias clave...)
- Actividades de busca de emprego
- Actividades de acompañamento social (de modo transversal ao largo de todo o itinerario).

En liñas xerais, a metodoloxía do programa é participativa e flexible, axustándose aos ritmos de aprendizaxe de cada persoa e ás súas necesidades de conciliación (de ser o caso), axentes activos do seu cambio, favorecendo unha comunicación bidireccional entre os diferentes participantes que permitan ir retroalimentando o proceso de cambio introducindo as modificacións oportunas. Realizarase unha actuación global en todas as áreas de intervención mediante unha coordinación interdisciplinar.

Os servizos ofertados dentro deste programa sintetízanse en:



- ACOLLIDA E DIAGNÓSTICO (PSICÓLOGA DO PROGRAMA): Entrevista para a detección das necesidades e fortalezas. Deseño, en función do diagnóstico, do itinerario de inserción personalizado, que poderá ser de carácter:
  - **Básico**, destinado a colectivos con maiores necesidades no ámbito persoal (PSICÓLOGA DO PROGRAMA)
  - **De inclusión e transición ao emprego**, destinada a aquelas persoas con necesidades enfocadas no desenvolvemento e a mellora de habilidades conducentes á consecución e mantemento dun emprego normalizado (AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO PROGRAMA)
- INFORMACIÓN e apoio para o acceso á oferta formativa e laboral existente na cidade (PSICÓLOGA E AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO PROGRAMA)
- FORMACIÓN DE ADULTOS E PRELABORAL: Mellora da empregabilidade a través de dúas vías:
  - Formación para a superación de diversas probas oficiais (competencias clave, acceso a ciclos, Graduado en ESO...) a través da *Escola de Segunda Oportunidade*.
  - Formación para o fortalecemento das habilidades persoais, profesionais e relacionais, que incrementen a competencia social, persoal e laboral. Este punto se desenvolvería a través de *Obradoiros de carácter grupal* con

periodicidade e temática a determinar en función da demanda e das necesidades.


- **ORIENTACIÓN SOCIOLABORAL:** Contempla dúas liñas de traballo: a formación e adestramento nas técnicas de busca de emprego, así como o coñecemento das características do mercado laboral e das canles de acceso ao emprego.
- **MEDIACIÓN** para o acceso ao mercado de traballo: Articúlase sobre varios elementos complementarios.
  - unha bolsa de emprego;
  - sensibilización e asesoramento sobre boas prácticas de contratación á empresa contratante durante o desenvolvemento da relación laboral.
  - apoio e mediación na xestión do Programa de contratación de perceptores de RISGA
  - apoio e mediación na selección de persoas candidatas a postos de traballo en empresas de inserción laboral.
- **APOIO E INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA**, nos casos das persoas participantes no programa nos que se detecte algún tipo de problemática que impida a súa participación activa en calquera ámbito da sociedade.



En liñas xerais, a metodoloxía do programa é participativa e flexible, axustándose aos ritmos de aprendizaxe de cada persoa e ás súas necesidades de conciliación (de ser o caso). Considérase á persoa como axente activo do seu cambio, favorecendo unha comunicación bidireccional entre os diferentes participantes que permitan ir retroalimentando o proceso de inclusión as modificacións oportunas. Realízase unha actuación global en todas as áreas de intervención mediante unha coordinación interdisciplinar. Co obxectivo de darlle contido aos itinerarios de inserción desenvolvidos, e complementar a oferta exterior a nivel socioeducativo (Educación Secundaria para Adultos impartida por IES da cidade, formación para persoas desempregadas a través do Servizo Público de Emprego...), desenvolveranse obradoiros e actividades destinadas a mellorar as competencias e habilidades sociais e persoais a diferentes niveis.



ESQUEMA BÁSICO DE INTERVENCIÓN COAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA DE INCLUSIÓN.



## O PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL EN CIFRAS

### a) Axente desenvolvemento local

Táboa nº1: Atención individualizada. Estado cita

	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA. ESTADO.				
	Anulada	Non realizada	Realizada	TOTAL	%
Entrevistas individuais	12	135	309	456	60,32
Atención telefónica	0	11	143	154	20,37
Atención telemática	0	0	130	130	17,20
Visita a domicilio	0	5	11	16	2,12
<b>TOTAL</b>	<b>12</b>	<b>151</b>	<b>593</b>	<b>756</b>	<b>100</b>
<b>%</b>	<b>1,59</b>	<b>19,97</b>	<b>78,44</b>	<b>100,00</b>	

Fonte: Elaboración propia, 2025

Ao igual que en anos anteriores, prima a atención presencial, representando máis dun 60% da totalidade. Destacar tamén o incremento progresivo da atención telemática, especialmente para o seguimento e atención de casos que en situacións puntuais (saúde, inserción laboral..) non poden acudir ás citas de seguimento, así como a atención telefónica, fundamentalmente para informacións puntuais que posteriormente, no caso de precisar ser ampliadas ou realizar algún trámite, poden requirir dunha ou máis citas presenciais.

En canto ao desenvolvemento das citas, as cifras son similares ás de anos anteriores. Do total de 756 citas establecidas no ano 2024, leváronse a cabo máis dun 75% das mesmas. Un 1,59% das citas (todas elas presenciais) foron anuladas por diversos motivos (inserción laboral, cambio nas circunstancias persoais...), e case un 20% non se presentaron á mesma, ou non foron localizadas.

Cómpre resaltar o feito de que as cifras non reflicten unha xornada completa adicada á atención directa a usuarios. Esta profesional está implicada na realización doutras tarefas que implican traballo a tempo completo cun horizonte temporal determinado (solicitud e xustificación de subvencións, entre outras), o que implica adicación exclusiva e imposibilidade de atender citas.

**Táboa nº2: Atención individualizada realizada ano 2024. Mensual**

	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA REALIZADA. MENSUAL												
	Xn	Feb	Mz	Ab	M	Xñ	Xllo	Ag	Set	Out	Nov	Dec	Tot
Entrevistas individuais	26	32	11	27	22	33	30	11	38	43	33	3	309
Atención telefónica	8	6	1	10	5	19	21	9	24	20	20	0	143
Atención telemática	6	9	3	10	13	12	20	6	25	8	15	3	130
Visita a domicilio	0	1	0	2	0	1	2	0	1	2	1	1	11
<b>TOTAL</b>	<b>40</b>	<b>48</b>	<b>15</b>	<b>49</b>	<b>40</b>	<b>65</b>	<b>73</b>	<b>26</b>	<b>88</b>	<b>73</b>	<b>69</b>	<b>7</b>	<b>593</b>
%	6,75	8,09	2,53	8,26	6,75	10,96	12,31	4,38	14,84	12,31	11,64	1,18	100

Fonte: Elaboración propia, 2025

Das 593 atencións individualizadas efectivamente realizadas no ano 2024, a táboa presenta a distribución mensual. Os porcentaxes máis baixos corresponden a meses nos que a profesional estivo de vacacións (agosto e decembro), e á realización de solicitudes ou xustificacións de subvencións (marzo)

**Táboa nº3: Citas programadas. Ano 2024**

CITAS PROGRAMADAS ANO 2024		
	Citas programadas	%
Home	69	35,57
Muller	125	64,43
<b>TOTAL</b>	<b>194</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

En termos absolutos (persoas sen repetición), no ano 2024 tiveron cita asignada un total de 194 persoas, a meirande parte delas, mulleres (case un 65%). Delas, acudiron 136 persoas (un 70% das citas establecidas), mentres que 58 non se presentaron, tal e como se reflicte na seguinte táboa, onde podemos ver tamén que a porcentaxe de persoas presentadas segundo sexo é similar a do total (acudiron a entrevista un 72% dos homes e case un 69% de mulleres con respecto aos totais de citas por sexo establecidas inicialmente). Si ben algunhas se trataron de citas puntuais (orientación laboral, formativa...), con moitas delas se realizou un itinerario formativo-laboral adaptado ás circunstancias persoais, con apoio e seguimento periódico

Táboa nº4: Persoas atendidas en relación coas citas programadas. Ano 2024

PERSOAS ATENDIDAS. % EN RELACIÓN CON CITAS PROGRAMADAS.					
	Persoas atendidas	%	Persoas non presentadas	%	%
Home	50	72,46	19	27,54	100
Muller	86	68,8	39	31,2	100
<b>TOTAL</b>	<b>136</b>	<b>70,10</b>	<b>58</b>	<b>29,90</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

## b) Psicóloga

Táboa nº5: Atención individualizada. Estado cita

ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA. ESTADO.						
	Anulada	Non realizada	Realizada	Cambiada	TOTAL	%
Entrevistas individuais	6	132	255	8	401	64,06 %
Apoio Psicológico	0	5	51	0	56	8,95 %
Atención telefónica	0	0	16	0	16	2,56 %
Visita a domicilio	0	2	17	0	19	3,04 %
Programa PAPIS	2	15	102	15	134	21,41 %
<b>TOTAL</b>	<b>8</b>	<b>154</b>	<b>441</b>	<b>23</b>	<b>626</b>	<b>100,00 %</b>
<b>%</b>	<b>1,28</b>	<b>24,60</b>	<b>70,45</b>	<b>3,67</b>	<b>100,00</b>	

Fonte: Elaboración propia, 2025

Do total de 626 citas establecidas no ano 2024, leváronse a cabo case dun 70,45% delas. Un 1,28% das citas (todas elas presenciais) foron anuladas por diversos motivos (inserción laboral, cambio nas circunstancias persoais...), e cerca dun 25% delas non se presentaron á mesma, ou non foron localizadas para poder recibir atención telefónica ou atención psicolóxica.



**Táboa nº6: Citas realizadas ano 2024. Mensual**

Fonte: Elaboración propia, 2025

<b>ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA REALIZADA. MENSUAL</b>													
	Xan	Feb	Mz	Ab	Mai	Xño	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Total
Entrevistas individuais	20	27	27	26	20	16	12	9	11	39	29	19	255
Apoio Psicolóxico	7	6	11	12	6	7	1	1					51
Atención telefónica			1			5			2	4	4	0	16
Visita a domicilio	0	2	0	2	1	0	0	1	2	7	0	2	17
Programa PAPIS						3	3	8	13	30	21	24	102
<b>TOTAL</b>	<b>27</b>	<b>35</b>	<b>39</b>	<b>40</b>	<b>27</b>	<b>31</b>	<b>16</b>	<b>19</b>	<b>28</b>	<b>80</b>	<b>54</b>	<b>45</b>	<b>441</b>
%	6,12 %	7,94 %	8,84 %	9,07 %	6,12 %	7,03 %	3,63 %	4,31 %	6,35 %	18,14 %	12,24 %	10,20 %	100,00 %

Das 441 atencións persoais efectivamente realizadas no ano 2024 a táboa presenta a distribución mensual. A atención persoal se compatibiliza con outras tarefas, que ocupan aproximadamente un 30% do tempo de traballo (atención á Escola de Segunda Oportunidade, xestión do edificio CABES: xestión de espazos, mantemento, atención a entidades....), tendo rexistradas no XIESS este ano 243 citas como “Outras Xestións”.

**Táboa nº7: Citas programadas. Ano 2024**

<b>CITAS PROGRAMADAS ANO 2024</b>		
	<b>Citas programadas</b>	<b>%</b>
Home	85	36,02
Muller	151	63,98
<b>TOTAL</b>	<b>236</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

No ano 2024 tiveron cita establecida coa Psicóloga un total de 236 persoas (sen repetición), sendo a meirande parte (case un 64%) mulleres. De todas elas, tiveron atención efectiva 236 persoas (case un 75% das inicialmente establecidas, estando a cifra practicamente igualada entre homes e mulleres. Si ben algunhas se trataron de citas puntuais, con moitas delas se realizou un itinerario formativo-laboral de carácter básico (habilidades sociais e laborais, apoio psicolóxico, motivación cara o emprego...) adaptado ás circunstancias

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

persoais, con apoio e seguimento periódico, e tamén atención psicolóxica dentro do programa PAPIS.

Táboa nº8: Persoas atendidas en relación coas citas programadas. Ano 2024

<b>PERSOAS ATENDIDAS. % EN RELACIÓN CON CITAS PROGRAMADAS</b>					
Fonte:	<b>Persoas atendidas</b>	<b>%</b>	<b>Persoas non presentadas</b>	<b>%</b>	<b>%</b>
Home	64	75,29	21	24,71	100,00
Muller	110	72,85	41	27,15	100,00
<b>TOTAL</b>	<b>139</b>	<b>73,73</b>	<b>62</b>	<b>26,84</b>	<b>100,00</b>

*Elaboración propia, 2025*

Das 236 citas programadas asistiron un total de 139 persoas, un 66% das mulleres que solicitaron cita asistiron e un 75% dos homes que tiñan cita programada tamén asistiron.

### c) Números totais globais

Táboa nº9: Persoas atendidas en relación coas citas programadas. Global. Ano 2024

<b>PERSOAS ATENDIDAS. % En RELACIÓN CON CITAS PROGRAMADAS. GLOBAL</b>					
	<b>Persoas atendidas</b>	<b>%</b>	<b>Persoas non presentadas</b>	<b>%</b>	<b>TOTAL CITAS PROGRAMADAS</b>
Home	102	36,43	37	32,74	<b>139</b>
Muller	178	63,57	76	67,26	<b>254</b>
<b>TOTAL</b>	<b>280</b>	<b>100</b>	<b>113</b>	<b>100</b>	<b>393</b>

*Fonte: Elaboración propia, 2025*

Ao longo do ano 2024 atendeuse por parte de ambas profesionais a un total de 393 persoas (sen repetición), sendo a maior parte delas (máis dun 60%) mulleres. A cifra é menor que a suma dos datos de ambas profesionais, dado que hai persoas que en función do seu itinerario (básico ou avanzado) poden cambiar de profesional ao longo da intervención.

Táboa nº 10: Persoas que acadaron un contrato de traballo. Ano 2024

PERSOAS CON CONTRATO DE TRABALLO		
	Total absoluto	%
Homes	26	32,5
Mulleres	54	67,5
<b>TOTAL</b>	<b>80</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

Das 393 persoas atendidas, un total de 80 persoas contaron con un ou varios contratos de traballo ao longo do ano. En canto á distribución por razón de sexo, responde igualmente ás cifras globais: case o 70% destes contratos corresponden a mulleres.

É necesario facer referencia neste punto a que moitas das persoas derivadas ao programa e que son efectivamente atendidas **non contan con autorización de traballo no momento da entrevista**. Nos casos de persoas que acaban de chegar ao país e aínda lles queda moito tempo por diante para poder acadar o permiso de traballo, trabállanse temas de homologación de títulos, formación... Noutros casos estamos ante supostos de persoas con admisión de solicitude de protección e autorización de traballo a curto medio/prazo, o que xa nos permite abordar unha preparación e inicio de busca de emprego. De xeito engadido, moitos dos perfís cos que traballa a psicóloga do programa non están un momento do seu itinerario que lles permita abordar unha busca activa de emprego, sendo preciso un traballo previo de habilidades sociais e persoais. Así mesmo, cómpre destacar que entre as persoas atendidas contamos con bastantes casos que non poden computarse nas estatísticas como insercións, xa que están ocupados sen contar con contrato de traballo, ben pola súa situación legal, ben polo sector no que desempeñan a súa actividade (servizo doméstico, coidados persoais ou incluso algúns casos na hostalería ou construción).

## **8. Emisión de informes de vulnerabilidade económica e social. Lei de vivenda**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), establece no seu artigo 25.2 que:

*“2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias: (...)*

**e) Evaluación e información de situacións de necesidade social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.”**

Así, en cumprimento do establecido pola Lei 12/2023, de 24 de maio, polo dereito á Vivienda, e as modificacións que imprime á Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil, os Servizos Sociais Comunitarios son os encargados da emisión dos informes de vulnerabilidade económica e social que a lexislación establece á hora de abordar os procedementos xudiciais para que podan derivar en desafiuzamentos, ben por impago de alugueiros, ocupación, ou débedas hipotecarias.

As profesionais do Programa de Inclusión asumimos no mes de xullo de 2024 a tarefa de estudar as posibles situacións de vulnerabilidade que puidesen concorrer nestes procesos, elaborando os correspondentes informes onde se determine a existencia ou non desta situación. Estes son os datos que podemos ofrecer ao respecto:

Táboa nº 11: Nº peticións de informes recibidas. Relación con informes emitidos

	INFORMES SOLICITADOS E EMITIDOS	
	Informes solicitados	Informes emitidos
Xulgado	13	13
Grandes tenedores (Banca, Fondos...)	13	10
Particulares	6	6
Programa de apoio ás persoas en risco de desafiuzamento. Xunta de Galicia	3	3
<b>TOTAL</b>	<b>35</b>	<b>33</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

As peticións de informe non respostadas son aquelas que tiveron entrada no rexistro no mes de decembro, que coincidiu coas vacacións dunha das profesionais que realizan os informes, polo que serán avaliados nas primeiras semanas do ano 2025.

Relacionado co punto anterior, a inasistencia as citas establecidas e, por consecuencia, a imposibilidade de recadar o consentimento da persoa interesada para o estudo da súa



situación, deriva no feito de que en ocasións o contido do informe indica a imposibilidade de realizar o estudo requirido (especialmente no caso de débedas hipotecarias).

Á hora de abordar un caso, o primeiro contacto se realiza de xeito telefónico. No caso de imposibilidade, ou non localización, as profesionais se desprazan ao domicilio referenciado na petición para informar á persoa interesada no procedemento, e establecer unha cita para a avaliación da súa situación. Como reflicten os datos, estas visitas non sempre son fructíferas, tal e como se refire no seguinte cadro:

Táboa nº 12: Visitas domiciliarias

<b>VISITAS DOMICILIARIAS RELACIONADAS CON INFORMES DE VULNERABILIDADE</b>		
<b>Visitas realizadas</b>	<b>Visitas non realizadas (non localización no domicilio)</b>	<b>TOTAL</b>
4	3	7

Fonte: Elaboración propia, 2025

Reflictese a continuación o nº de citas establecidas para o estudo das situación persoais e familiares, de ser o caso:

Táboa nº 13: Entrevistas programadas. Informes de vulnerabilidade

<b>ENTREVISTAS. INFORMES DE VULNERABILIDADE</b>		
<b>Entrevistas realizadas</b>	<b>Entrevistas non realizadas</b>	<b>TOTAL</b>
25	14	39

Fonte: Elaboración propia, 2025

Chama a atención o elevado número de entrevistas non realizadas. Isto se debe a que, ante a imposibilidade nalgúns ocasións de localizar ás persoas interesadas telefónicamente ou mediante a realización dunha visita domiciliaria, se procede a realizar unha citación mediante nota no buzón ou domicilio (de ser posible), e/ou por correo certificado (ata en 2 ocasións, de non haber resposta). Son moitos os casos nos que non se acode a estas citas programadas. Constátase que a meirande parte deles son casos de procedementos relacionados con débedas hipotecarias, nos que a petición procede dunha entidade bancaria.

Subliñar a elevada carga de traballo que a realización destes informes implica, dada en moitas ocasións a dificultade para localizar ás persoas interesadas, o que supón desprazamentos para visitas domiciliarias, elaboración de diversas citacións... De xeito engadido, a documentación achegada supón en ocasións unha análise cunha elevada complexidade técnica (especialmente nos casos de débedas hipotecarias), que ocupa grande parte da xornada laboral, de ser o caso.

## 9. Programa PAPIS

---

O Programa de atención psicolóxica de inclusión en Santiago (en adiante, PAPIS) xurde da necesidade de dar resposta á necesidade crecente de apoio e intervención psicolóxica manifestada tanto polas persoas usuarias do departamento, que ven incrementarse as listas de agarda na sanidade pública e non poden afrontar o custo dunha atención privada, como polas profesionais dos diferentes programas do departamento, que detectan a necesidade de traballar nos usuarios aspectos derivados da súa historia de vida e/ou situación actual dun xeito especializado, para poder así ofertar unha atención integral e acadar a consecución dos itinerarios personalizados.

O obxectivo da inclusión social é mellorar de maneira integral as condicións de vida dos individuos, para ofrecerlles as mesmas oportunidades educativas, laborais e económicas das que goza o resto da sociedade. Inclusión social, pois, significa oportunidades de traballo, a posibilidade de ter unha vivenda digna, acceso ao sistema educativo e de saúde... no que se incluíría a atención psicolóxica. En suma, o que persegue a inclusión social é que todos os cidadáns, independentemente da súa orixe ou condición, poidan gozar plenamente dos seus dereitos, desenvolver as súas potencialidades como individuos, e aproveitar ao máximo as oportunidades para vivir en benestar, situación na que incide de xeito importante a súa saúde mental, polo que a importancia de ofertar un servizo de apoio e acompañamento psicosocial a aquelas persoas que podan precisar del nalgún intre da súa vida é de capital importancia.

O Programa de atención psicolóxica de inclusión en Santiago (PAPIS) orientase á atención e intervención a nivel psicosocial das persoas usuarias dos Servizos Sociais. Búscase dar resposta á crecente demanda de apoio a nivel psicolóxico, exposta polas persoas usuarias dos diferentes servizos da Concellaría (unidades de traballo social, educación familiar, inclusión social, sen teito...) usuarios e detectada polas técnicas de Servizos Sociais. Esta demanda ven acentuada debido a diversos factores:

- Os efectos da pandemia na saúde mental na poboación en xeral
- O incremento de persoas inmigrantes e solicitantes de asilo, co cambio de vida que supón e as dificultades de adaptación ao país de acollida que acompaña.
- O incremento de intentos de autólise derivados de diferentes situacións estresoras
- As dificultades á hora de atopar aloxamento estable e en boas condicións de habitabilidade

- As dificultades de incorporación ao mercado laboral

A poboación destinataria do PAPIS son aquelas persoas e/ou unidades familiares usuarias dos Servizos Sociais que requiran de apoio puntual ou intervención continuada para a xestión emocional de situacións de dificultade a nivel persoal ou familiar.

A actuación realízase con carácter individual, o que permite ofertar unha atención personalizada e integral que posibilita coñecer e dar resposta ás necesidades individuais. Proporcionase apoio psicolóxico á persoa e deseñase un plan de intervención individualizado en base ao diagnóstico da súa situación, que se desenvolve nun marco temporal de actuación acorde coas necesidades da persoa, e permite modificacións segundo a súa evolución.

Este programa comezouse a implantar a derradeira semana do mes de xuño, polo que hai que destacar que o seu inicio coincidiu coa época estival e coas vacacións da psicóloga do PAPIS e das demais técnicas de Servizos Sociais. Aínda así destacamos a elevada demanda que tivo este programa a pesar de ser algo novidoso dentro do Servizo de Acción Social

Táboa nº14: Citas programadas PAPIS. Ano 2024

CITAS PAPIS ANO 2024		
	Citas programadas	%
Home	30	22,39%
Muller	104	77,61%
<b>TOTAL</b>	<b>134</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

En canto ao volume das citas, un total de 134 citas foron establecidas de finais de xuño ata decembro de 2024; a maioría foron mulleres, 77,61% das mesmas; os homes supuxeron un total do 22,39% das citas solicitadas.

Táboa nº15: Atención individualizada PAPIS. Estado cita

ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA PAPIS. ESTADO CITA				
Anulada	Non realizada	Realizada	Cambiada	TOTAL
2	15	102	15	<b>134</b>
1,49	11,19	76,12	11,19	100,00

Fonte: Elaboración propia, 2025

Das 134 citas programadas leváronse a cabo máis dun 75% das mesmas. Un 1,49% das citas (todas elas presenciais) foron anuladas por diversos motivos (enfermidade, motivos alleos á persoa, cambio nas circunstancias persoais...), sobre un 11% non se presentaron á mesma (en algún caso avisando previamente) e sobre outro 11% foron cambiadas de data, na maioría dos casos por motivos relacionados coa organización do traballo ou ben por enfermidade da psicóloga.

**Táboa nº16: Citas realizadas ano 2024 PAPIS. Mensual**

<b>ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA REALIZADA PAPIS. MENSUAL</b>												
Xan	Feb	Mz	Ab	Mai	Xño	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Total
					3	3	8	13	30	21	24	<b>102</b>
0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %	2,94 %	2,94 %	7,84 %	12,75 %	29,41 %	20,59 %	23,53 %	100,00 %

Fonte: Elaboración propia, 2025

Como xa se dixo, o PAPIS comezou a implantarse na última semana de xuño, coincidindo coa época estival, e polo que se pode ver nos datos, o seu impulso deuse a partir do mes de outubro.

**Táboa nº17: Persoas atendidas (sen repetición) por sexo PAPIS. Ano 2024**

<b>PERSONAS ATENDIDAS SEN REPETICIÓN PAPIS ANO 2024</b>		
	<b>Persoas atendidas</b>	<b>%</b>
Home	12	27,27%
Muller	32	72,73%
<b>TOTAL</b>	<b>44</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

Por número de persoas atendidas (sen repetición), no tempo de duración do PAPIS en 2024 atendeuse a 32 mulleres e a 12 homes, cada unha coa súa problemática e diferente asiduidade temporal, aínda que na maioría dos casos as citas son programadas cada dúas semanas ó inicio das intervencións.



No referido a evolución do programa e observando os datos das táboas, valoramos moi positivamente a evolución do mesmo, xa que está a ter moi boa acollida que pode verse no número de citas solicitadas no pouco tempo que leva de vida.

A atención psicolóxica é clave para o benestar da persoa, xa que unha mala saúde emocional dificulta a inserción da persoa a nivel social, formativo e laboral pero tamén dificulta a boa convivencia familiar e o desenvolvemento san das labores de crianza que teñen moitas das persoas usuarias de Servizos Sociais.

## **9.- COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS. EMPRESAS DE INSERCIÓN**

---

A óptica de traballo en rede está consolidada dende hai anos en moitos dos ámbitos de acción da Concellaría. Desde o PLIS considérase importante o contacto e a colaboración con técnicos que traballan na área da inserción sociolaboral, especialmente se esta incide nos colectivos máis desfavorecidos.

A nivel interno, o PLIS traballa de maneira estreita e transversal con outros programas desenvolvidos desde a Área de Acción Social, como poden ser a UMAD (Unidade Municipal de Atención á Drogodependentes), ou os Programas de vivenda, Programa de persoas sen fogar, Programa Socioeducativo, Programa de desenvolvemento do colectivo xitano e Programa de Inclusión de menores a cargo, ademais de coas UTS responsables de cada caso. Mención especial merece tamén a colaboración coa Axencia Local De Colocación do Concello, a través da participación en procesos de selección de ofertas de emprego ou programas de formación, o que repercute no incremento da visibilidade e na mellora das oportunidades dos colectivos destinatarios do programa.

A nivel externo, mantense contacto con diferentes organizacións e entidades de iniciativa social da cidade que desenvolven un traballo vinculado á inserción social e laboral de colectivos en risco de exclusión social, como a Fundación Santa María la Real, ou Vives Emprega. Na actualidade, cómpre destacar a colaboración estreita que se desenvolveu ao longo do ano coas **Empresas de inserción** ubicadas na cidade.

As empresas de inserción son un instrumento para a loita contra a pobreza e a exclusión social. Son iniciativas empresariais que combinan a lóxica empresarial con metodoloxías de inserción laboral. A súa plantilla está formada por persoas en situación ou grave risco de exclusión social, con especiais dificultades para integrarse no mercado de traballo ordinario.

A empresa de inserción, de xeito coordinado co Programa Local de Inclusión Social (encargado do seguimento por parte dos Servizos Sociais Comunitarios), procura un itinerario de inserción, plan de traballo personalizado que establece un camiño planificado cara a consecución da integración no mercado laboral ordinario. Deste xeito,

realízase un traballo conxunto ao longo do ano en diversos aspectos: derivación de potenciais candidatos a un posto de traballo, coordinación da emisión dos informes de cualificación requiridos para que a persoa sexa contratada, seguimento da inserción laboral, detección e resolución de posibles incidencias que afecten ao bo desenvolvemento das tarefas...

Sen ben son varias as que están implantadas en Santiago, cabe a pena salientar a coordinación continua existente coa que ten un maior volume de traballadores: Arroupa (Cáritas). Ao longo de 2024 leváronse a cabo un total de **4 xuntanzas** (aproximadamente unha trimestral) cos seus responsables. Xestionáronse un total de **10 ofertas de emprego** para a incorporación á empresa, e coordinouse a elaboración e tramitación de informes de cualificación para a incorporación dun total de **4 traballadores**, ademais dos **seguimentos trimestrais** que se realizan aos que xa están traballando (durante o ano 2024, un total de **22 persoas**).

## **10.-OUTRAS ACTIVIDADES**

---

### ➤ **Emisión e coordinación de informes para outras entidades**

No tocante aos ámbitos laboral e formativo, a preparación e xestión de diversos informes requiridos é coordinada desde o PLIS. A título informativo, podemos citar:

- Informes de cualificación para incorporación a empresas de inserción (Arroupa, Compostela Inserta..)
- Informes de exclusión social para incorporación a programas experimentais de emprego, programadas desenvolvidos por diversas entidades de iniciativa social ou ao Programa Vives Emplea.

No ano 2024 xestionáronse e/ou emitíronse un total de **5** informes destas características.

### ➤ **Informes e estatísticas internas e para outras administracións públicas**

Periodicamente e por requirimento, se realizan informes ou se cumprimentan estatísticas por pedimento da nosa ou outras. A modo de exemplo, podemos citar a remisión de información para o *Informe de Progresos 2023 sobre la implementación de la Estrategia Nacional para la Igualdad, Inclusión y Participación del Pueblo Gitano en España 2021-2030*, ou a participación na elaboración do V Pacto Local polo Emprego.

### ➤ **Xestión de CABES: atención presencial e distribución de espazos**

Dende o segundo semestre de 2020, a psicóloga do programa é a persoa responsable destas tarefas, o que ocupa grande parte da súa xornada laboral, e que implican, entre outras:

- Atención presencial, telemática e telefónica a entidades ubicadas no edificio, ou interesadas en coñecer o espazo para valorar a súa solicitude de instalación.
- Organización e convocatoria dunha Comisión de cesión de espazos, para valorar tanto a renovación como as novas solicitudes. A xestión da mesma corre a cargo da psicóloga, así como a valoración provisional dos requirimentos e documentación que se precisa. Forman parte de esta comisión, xunto a outros profesionais do departamento, tanto a psicóloga como a axente de desenvolvemento local.
- Cesión de espazos, tanto a entidades con sede en CABES como a entidades de iniciativa social externas. Durante o ano 2024, xestionáronse máis de **83 peticións de espazos a través de MyTAO** para a realización de actividades
- Xestión do correo web de CABES, con asuntos relacionados coa consulta de espazos libres, mantemento do edificio, contestador automático... No ano 2024, xestionáronse e foron contestados un total de 235 correos electrónicos
- Xestión do mantemento e avarías...

➤ **Xestións RISGA**

No caso de ser requirido pola UTS responsable, emisión de informes acerca do seguimento e evolución anual do itinerario dos participantes no Programa perceptores de RISGA . E no caso de urxencia, ausencia, ou por pedimento de UTS, elaboración de comunicacións a RISGA de diversa índole (contratacións laborais, cambios de enderezo...).

➤ **Apoio na tramitación de axudas SEPE e Ingreso Mínimo Vital**

No caso de participantes no Programa incorporados a cursos organizados polo SEPE, apoio na xestión e tramitación de diversas axudas por asistencia (transporte, conciliación...). Apoio tamén na resolución de incidencias e seguimento do estado das solicitudes de Ingreso Mínimo Vital realizadas por usuarios do programa.

➤ **Compostela Integra**

A plataforma Compostela Integra, creada no ano 2009, constitúese como unha ferramenta de traballo interno entre os profesionais e unha ponte de comunicación cara o exterior, que pretende informar á cidadanía das accións que se están levando a cabo e que poden resultar de interese para a súa vida cotiá ([www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)).

Unha das redes integrantes da mesma, a **Rede de Inserción Sociolaboral** de Santiago de Compostela, formada polas diferentes organizacións e entidades de iniciativa social da cidade que desenvolven un traballo vinculado á inserción social e laboral de colectivos en risco de exclusión social, é directamente coordinada polo PLIS, responsabilizándose da xestión e difusión da información subida a mesma, así como da realización dun papel dinamizador e coordinador.

➤ **Apoio visitas domiciliarias**

Como parte do traballo en rede e coordinación coas unidades de traballo social e outros programas da Concellaría, apoio e acompañamento na realización de visitas domiciliarias realizadas por diferentes profesionais do departamento. A axente de desenvolvemento local realizou acompañamento en 11 visitas domiciliarias; a psicóloga do programa prestou acompañamento en 15 visitas

➤ **Asistencia a comisións**

Ao longo do ano 2024, a axente de desenvolvemento local do programa foi convocada como membro integrante de diversas comisións de selección de persoal, a través das que foron contratadas un total de 60 persoas:

- Selección para a contratación de traballadores/as, como persoal laboral temporal, ao abeiro do programa municipal de contratación temporal de persoas desempregadas para o fomento do emprego 2024 (Programa de contratación de perceptores de RISGA, contratación de 12 persoas)
- Selección do docente substituto do certificado de “desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web”, para o obradoiro de emprego dual “Genius” (contratación de 1 persoa)
- Selección do alumnado traballador/a e persoal directivo, e docente para o programa de emprego, para persoas mozas incluídas no ficheiro do SGNX, “Genius” (contratación de 19 persoas)
- Selección do alumnado traballador/a e persoal directivo, e docente para o obradoiro de emprego dual, “Parque forestal de autóctonas Monte Pedroso”(contratación de 24 persoas)
- Selección para contratación de traballadoras ,ao abeiro da subvención concedida pola Secretaría Xeral de Igualdade, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero (contratación de 6 persoas)

➤ **Solicitude, xestión e xustificación de subvencións**

Parte do traballo da axente de desenvolvemento local é a solicitude e posterior xustificación de financiamento para o funcionamento do Departamento, tanto a nivel estrutural



(financiamento ao abeiro do Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento) como dalgúns dos programas que o integran (financiamento a través da orde anual de subvención para programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión). De xeito engadido, e dende o ano 2020, se participa tamén na solicitude e xustificación de financiamento ao abeiro do Plan único de concellos da Deputación da Coruña. Compre salientar a elevada porcentaxe horaria que é preciso adicar a esta materia; aproximadamente un 40% do tempo de traballo anual, concentrado nos meses que as respectivas ordes establecen para a súa solicitude e xustificación. O desenvolvemento deste traballo implicou a **emisión e sinatura de 10**

**informes técnicos.** Aínda que o número pode parecer escaso, cómpre ter en conta que falamos de informes de ampla extensión e complexidade técnica, xa que inclúen (no caso do Plan Concertado de Servizos Sociais) a xustificación do gasto executado na sección de Servizos Sociais (cifra cercana aos 7.500.000 € no caso da última xustificación realizada, correspondente ao ano 2023). Ademais da realización de informes, as tarefas inclúen o manexo de aplicativo telemático de solicitude, carga de datos económicos e persoais: persoal do departamento, persoal que presta o servizo de axuda no fogar, cotexo dos datos das persoas atendidas ao abeiro deste servizo, elaboración de orzamentos estimativos de gasto...



Froito desde traballo, **no ano 2024 captouse unha contía superior aos 2.500.000 de euros en financiamento. Preséntase a continuación cadro comparativo de ingresos dos anos 2023 e 2024 onde, como se pode observar, a contía ingresada no ano 2024 incrementouse case un 10% con respecto aos ingresos do ano 2023:**

Táboa nº 18. Concesión de axudas e subvencións

	INGRESOS AXUDAS E SUBVENCIONES	
	2023	2024
Plan Concertado	244.429,00 €	296.552,76 €
Programas Inclusión	160.347,50 €	229.969,00 €
Plan Único Concellos Deputación A Coruña	124.847,93 €	124.804,34 €
SAF Dependencia 1º trimestre	445.931,83 €	520.844,52 €
SAF Dependencia 2º trimestre	511.844,03 €	495.990,36 €
SAF Dependencia 3º trimestre	448.514,79 €	495.814,64 €
SAF Dependencia 4º trimestre	470.090,10 €	445.261,99 €
SAF Libre	49.241,61 €	58.650,87 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.455.246,79 €</b>	<b>2.667.888,48 €</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

➤ **Intermediación laboral e xestión de ofertas de emprego**

Un dos piares do traballo desenvolvido, ademais do traballo directo coa persoa, é a xestión das ofertas de emprego recibidas para favorecer a súa inclusión laboral. Merece destacar, como xa se mencionou anteriormente, a colaboración coas empresas de inserción da cidade, que posibilitou que un total de 4 persoas se insertasen nelas durante o ano 2024, cun horizonte estimado de contratación de 3 anos

De xeito complementario, é preciso facer mención ao Programa de contratación de perceptores de RISGA, convocado pola Xunta de Galicia, que posibilita aos Concellos a contratación laboral en diversas categorías profesionais de perceptores directos da prestación, durante un período de sete meses. Aínda que a selección de candidatos é realizada a través dunha sondaxe aleatoria pola Oficina de Emprego, dende o Programa se colabora na información aos potenciais candidatos, procurando a actualización dos seus datos persoais (nivel de estudos, enderezo, teléfono...) na oficina do SEPE, na localización e citación de participantes, ademais de formar parte, en calidade de vocal, do tribunal encargado da selección do persoal.

No ano 2024 contabilizáronse un total de 12 insercións ao abeiro deste programa.

➤ **Escola de segunda oportunidade**

Dende os Servizos Sociais detéctase a insuficiencia de recursos para facilitar o cumprimento dos itinerarios de integración social deseñados para as persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social, polo que compe por en marcha medidas que favorezan a súa incorporación social mediante actividades e procesos normalizados. Doutro xeito, ficarían en situación de desvantaxe social fronte a outros colectivos, e se incrementaría o seu nivel de dependencia do sistema.

Para paliar esta situación, e de xeito piloto, iniciouse no ano 2019 a **Escola de Segunda Oportunidade**, como experiencia piloto e alternativa educativa para adultos con proxectos de intervención que inclúen a mellora das súa formación básica e reglada. As alternativas existentes na cidade para traballar con moitos deles non se contemplan como válidas neste momento por diferentes motivos: conciliación, duración, rixidez, metodoloxía didáctica... Deste xeito, esta Escola non se plantexaría como un fin en sí mesma, senón como unha etapa de transición en tanto non se acada outro recurso máis axeitado.

O principal obxectivo céntrase en incrementar o nivel formativo de persoas adultas sen formación básica, cunha orientación práctica para que as persoas adultas que o precisen poidan, ademais de adquirir e mellorar as súas habilidades de lectura, escritura e cálculo, superar as probas organizadas polas autoridades educativas ou laborais, de xeito que melloren exponencialmente as súas posibilidades de inclusión social e laboral, ademais de facilitarlles o acceso a servizos e actividades normalizadas. Falamos fundamentalmente da superación das probas de Competencias Clave e/ou Probas libres do Graduado en Educación Secundaria Obligatoria, para as que non só é preciso ter os coñecementos, senón tamén traballar a estrutura e claves das probas, cuestións ambas precisas para incrementar as posibilidades de superación dos exercicios.

A implementación desta Escola de Segunda Oportunidade é froito dun convenio coa entidade Compostela Solidaria, que se acaba de renovar neste ano 2020. A través deste instrumento, a escola conta cun claustro de profesores de diferentes disciplinas cunha ampla experiencia educativa tanto en educación secundaria como no desenvolvemento de proxectos de voluntariado de educación de adultos en risco de exclusión, que contribúen e apoian ao alumnado para acadar os obxectivos educativos establecidos.

Entre os obxectivos xerais da escola, podemos citar:

- Plantexar unha alternativa educativa e ocupacional adaptada a adultos con carencias formativas
- Ofrecer un lugar de reunión con alternativas de traballo para a educación en valores e a normalización de hábitos
- Aprendizaxe e respecto de pautas de comportamento.
- Favorecer, en última instancia, a inserción laboral, a través do incremento do nivel de formación e a normalización de hábitos cotiáns.

A poboación destinataria do proxecto abrangue á cidadanía empadroada en Santiago de Compostela, en especial a aquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade, derivadas dos Servizos Sociais Comunitarios, cun proxecto de intervención que inclúa a mellora do ámbito educativo. Concretamente, falamos de:

- Persoas adultas en risco de exclusión social que participan dos proxectos de intervención dos servizos sociais comunitarios.
- Persoas adultas en risco de exclusión social que retornan ao sistema educativo, ben asistindo a clases de alfabetización e/ou Educación de Adultos; ou á preparación no acceso a diferentes tipos de probas: competencias clave, graduado en ESO, probas de acceso a CM/CS...
- Persoas adultas novas que abandonan o sistema educativo sen obter ningún tipo de titulación.

Este programa presenta características das programacións transversais, dado que recolle necesidades educativas de todas as persoas e colectivos (muller, minorías, emigrantes e inmigrantes, menores, etc.), e os seus resultados inciden directamente nunha diversidade de ámbitos: empregabilidade, capacitación, progresión e autoestima persoal, socialización, maior sensibilización cara á escolarización... A preparación das probas do **curso 2023-2024** iniciouse no mes de outubro de 2023. Nesta ocasión, e de xeito consensuado entre os docentes e o alumnado, optouse por unificar os grupos de Graduado en ESO e Competencias Clave, dado o perfil do alumnado e a súa intención inicial de presentarse a ambas probas, de xeito que a preparación sexa polivalente. As clases desenvolvéronse de xeito presencial, e sen restrición de asistencia ata completar o aforo da aula. Por acordo entre o alumnado e os profesores, as clases programáronse en xornada de de 10:00 a 13:30h os luns, mércores e venres, adicando cada día a un ámbito (comunicación, social e científico-tecnolóxico). A partir do mes de xaneiro ampliouse a xornada tamén aos martes para o reforzo nalgúns materias, especialmente matemáticas. A continuación, se ofrecen algúns datos relativos ao desenvolvemento das aulas:

- Un total de 12 persoas participaron nas aulas de preparación de ambas probas ao longo do curso.
- Parte do alumnado causou baixa progresivamente durante o desenvolvemento das aulas por diferentes motivos: inserción laboral e/ou prácticas laborais, coa consecuente incompatibilidade horaria, conciliación, inicio de formación impartida polo SEPE, baixa das prestacións ás que estaba vinculada a realización da formación, homologación de estudos feitos no país de orixe... Aínda así, no mes de abril eran 7 persoas as que asistían regularmente ás clases. Este curso mudaron as datas dos exames, sendo a primeira convocatoria o 12 de abril e a segunda convocatoria o 7 de xuño.
- Con respecto ás Competencias Clave, este ano non se presentou ninguén ás probas, todos optaron por presentarse as probas da ESO.
- En relación ás probas da ESO, 7 foron as persoas matriculadas e 6 as presentadas na convocatoria de abril



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

- Na convocatoria de abril, 3 persoas aprobaron o Ámbito Social e dúas delas tamén o Ámbito da Comunicación (destacar que era a primeira vez que se presentaban)
- Na convocatoria de xuño, 3 persoas se presentaron e 2 superaron o Ámbito de Comunicación e unha logrou superar tódolos módulos e obter o título da ESO.

En resumo:

Táboa nº19: Asistencia á preparación das probas de Graduado ESO//COMPETENCIAS CLAVE.  
Curso 2023-2024

MATRICULACIÓN E BAIXAS.		
CURSO 23-24		
	ALTA	BAIXA
<b>HOME</b>	7	3
<b>MULLER</b>	4	1
<b>TOTAL</b>	<b>11</b>	<b>4</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

Ao longo do curso, 4 persoas se deron de baixa, como anteriormente mencionábase, por diferentes motivos. Das 7 persoas que finalizaron o curso, só unha non se matriculou nas probas por motivos de conciliación familiar. Das 7 persoas matriculadas presentáronse 5 no mes de abril (unha non se presentou por estar indisposta e outra porque non tiña cumpridos os 18 anos no momento da proba); no mes de xuño, presentáronse 4 persoas as probas (unha obtivo o Graduado en ESO e dúas superaron o ámbito da Comunicación, a outra suspendeu). Preséntase a continuación a distribución de persoas presentadas e probas superadas:

Táboa nº20: Alumnado matriculado e presentado segundo convocatoria nas probas de Graduado en ESO

ALUMNADO MATRICULADO E PRESENTADO POR CONVOCATORIA				
	ABRIL		XUÑO	
	PRESENTADOS	NON PRESENTADOS	PRESENTADOS	NON PRESENTADOS
<b>HOMES</b>	3	1	2	1
<b>MULLERES</b>	2	1	2	2
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>4</b>	<b>3</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Das 5 persoas matriculadas e que se presentaron en abril, 3 delas superaron un ou varios ámbitos. No mes de xuño, presentáronse 4 persoas, obtendo 1 delas o título de Graduado en Educación Secundaria e as 3 restantes superando un ou dous ámbitos.

Táboa nº21: Distribución de materias superadas

	CADRO RESUMO PROBAS GRADUADO ESO							
	ABRIL				XUÑO			
	N. P.	Supera 1 ámbito	Supera 2 ámbitos	Supera 3 ámbitos (Obtención título)	N. P.	Supera 1 ámbito	Supera 2 ámbitos	Supera 3 ámbitos (Obtención título)
<b>HOME S</b>	1	1	1	0	1	1	0	1
<b>MULLERES</b>	1	0	1	0	2	1	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>1</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

Así, unha das persoas matriculadas obtivo a titulación de Graduado en ESO. Cómpre destacar tamén que para todas elas era a primeira vez que se presentaban.

### 10.- REFLEXIÓN FINAL

Non podemos pechar este pequeno resumo do noso traballo sen realizar unha pequena avaliación do mesmo. Sabemos que os números son importantes, que se observan para tomar decisións, non só organizativas, senón tamén económicas. Que o mantemento ou implantación de novos servizos e funcionalidades depende en ocasións do que facemos, ou o que se reflicte que facemos. Mais cómpre lembrar que o noso traballo se desenvolve con persoas, e non con números. E que moitas veces as cifras non son nin un mínimo indicativo do traballo que se realiza. Hai cuestións como o acompañamento, a comprensión, a escoita, que non se poden medir numericamente. Non importa o número de veces que veña a vernos unha persoa, os cursos que faga, ou os contratos que obteña, se a súa traxectoria vital non evoluciona e avanza cara unha mellora da súa calidade de vida.

Quizais os profesionais que traballamos no ámbito da inclusión deberíamos reflexionar en cómo transmitimos aos responsables dos orzamentos, aos que toman ás decisións... á sociedade en xeral eses logros que non forman parte das estatísticas, e ese traballo que non ten reflexo numérico. Estamos falando das capacidades persoais, as habilidades, das actitudes, do descoñecemento e os medos de enfrontarse ao sistema.

Vivimos na actualidade unha época convulsa. Hai case cinco anos, a pandemia trastocou o mundo que coñecíamos, e tivemos que adaptarnos a novas realidades e xeitos de funcionar. De xeito paralelo, a implantación de prestacións como o Ingreso Mínimo Vital supuxo unha redución notable do volume de persoas atendidas no eido da inclusión sociolaboral, pola garantía que supón dunha renda mensual sen a vinculación a un proxecto formativo, laboral ou socioeducativo que o acompañe. Observamos tamén cómo o volume de persoas migrantes sen permiso de residencia e/ou traballo se incrementa diariamente, sen que podamos ofrecer solucións efectivas á súa situación. Nun traballo como o noso, no que hai un trato directo coa persoa, o contacto coa realidade é unha constante coa que nos enfrontamos todos os días. Somos un dos primeiros servizos que senten directamente os cambios no sistema, característica da que somos a día de hoxe aínda máis conscientes. E é o noso deber e responsabilidade traballar a diario para poder responder a ese cambios con eficacia e eficiencia, traballando en prol da mellora das condicións de vida e o benestar das persoas coas que intervimos. Porque non debemos esquecer que son elas ás que nos debemos, e as primeiras e últimas destinatarias do noso traballo.



## 4.- Proxecto “CEREBRARTES”

### MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO de inclusión social a través das artes denominado “Cerebrartes” Expte. Nº 52/2024-TFT

#### 1. OBXECTO DO CONTRATO:

O Proxecto Celebrartes trátase dun proxecto de investigación sobre as sinapses neuronais, as interconexións e as neuronas espello de Rizzolatti, as múltiples intelixencias de Gardner, sobre a figura da neurocientífica Rita Levi e o psiquiatra e escritor Oliver Sacks, e ditas ideas aplícanse a través de ferramentas do traballo artístico, creando unha interconexión entre o alumnado, potenciando as capacidades creativas de cada ser individual.

O citado utilízase como lazo de unión: ser capaces de buscar unha linguaxe común a través das artes, lograr comunicarnos dende outra perspectiva, corpos diferentes e mentes diferentes unidas para un proxecto artístico, humanizador e vivencial.

#### 2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:

Esta actividade supón tanto para o grupo como para a propia cidade de Santiago de Compostela unha experiencia que nos achega á axenda 2030 na visibilización e integración da diversidade. O departamento de Servizos Sociais non dispón de persoal técnico especializado para impartir a dirección artística que está dirixida a persoas con necesidades de inclusión social co fin de manter a esperanza e a inclusión social, por medio da colaboración e a formación de traballos grupais. Isto crea nos participantes no proxecto unha nova realidade e unha alternativa cultural para o seu desenvolvemento intelectual, cultural e humano. Tamén supón unha axuda física e psicolóxica que lles fai evolucionar a un nivel máis profundo, comprendendo que existen moitas maneiras de relacionarse.

#### 3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN:

Este Proxecto fará unha colaboración coa Banda de Música de Santiago e coa compositora e Artista multidisciplinar Rebeca Ponte e o cantante Tito López que tamén tocará o Piano en escena . As imaxes audiovisuais da peza , ademais de partir das neuronas, serán escollidas dos traballos de artes plásticas dos alumnos, dunha exploración previa, así como o material sonoro do espectáculo e as atmosferas que apoian as escenas de danza e de teatro,



O Proxecto de Inclusión Social dividirase en dous partes diferenciadas. Por unha banda a formación dúas veces ó mes nunha sesión semanal para a preparación das novas incorporacións e po outra banda o ensaio e a representación dunha peza artística co grupo que xa ten a formación e as habilidades adquiridas da metodoloxía arteterapéutica de diferentes creacións artísticas de artes plásticas e outros materiais. Levarase a cabo en colaboración con institucións públicas e entidades privadas. Escollerase a persoas de diferentes colectivos: AMICO (Asociación de persoas con discapacidade), FONTE DA VIXE: Asociación de familiares e Amigos/as de enfermos/as mentais, COGAMI (Confederación Galega de Minusvalía), ASPANAES (Asociación de pais de persoas con trastorno de espectro autista) e Down Compostela, a ONCE, Aula de danza da universidade e colectivo da terceira idade, Centro de educación especial, Escolas de integración social. Todos eles realizarán un traballo creativo multidisciplinar con actores e actrices e bailaríns profesionais.

**PROFESORADO:** CARLOTA PÉREZ (Coordinación e dirección artística do proxecto), Rebeca Ponte e Adriana Paulos que conxugarán o aprendizaxe de distintas técnicas para o movemento da expresividade corporal, fortalecemento postural e seguridade na escena, traballo e toma de conciencia da voz así como proxección, expresión corporal, improvisación e expresión dramática, entre outras..

**PERSOAS BENEFICIARIAS:** persoas en integración, de diferentes idades, con e sen discapacidade, entre os que que destacamos persoas con trastorno autista, con enfermidade mental, en cadeira de rodas, en proceso de desintoxicación, coidadoras especialistas en autismo, persoas en risco severo de exclusión e unha monitora de persoas con enfermidade mental.

**FINALIDADE DO PROXECTO:** As actividades artísticas dirixidas a persoas con necesidades de inclusión social, están dirixidas a manter a esperanza e a inclusión social por medio da colaboración e a formación de traballos grupais. Isto crea nos participantes unha nova realidade e unha alternativa cultural para o seu desenrolo intelectual, cultural e humano. A súa vez ,unha axuda física e psicolóxica que lles fai evolucionar a un nivel máis profundo, comprendendo que existen moitas maneiras de relacionarse. Existen proxectos europeos de integración, que incluso potencian a inserción laboral a través do traballo artístico , pasando de ser un proxecto de ocio a ser un medio de vida.

**OBXECTIVO XERAL:** Colaboración, inclusión grupal, respecto intelectual, fomento da creatividade, educación artística e traballo en equipo. Fomentar os lazos relacionais do grupo, aportar beneficio físico e psicolóxico, que, a súa vez, aumenta o grado de recoñecemento persoal e a autoestima.

**PLAN DE TRABALLO:** Os ensaios terán lugar dende a adxudicación do contrato ata o mes de xuño no Centro Casa das Asociacións antiga estación de Cornes,

**6. VALOR ESTIMADO:**

O Valor Estimado estará integrado por:

- Custes laborais: (detallar se procede)
- Honorarios profesionais: 8.000.- euros
- Outros custes de execución material: 1.000.- euros
- Gastos Xerais:
- Beneficios Industrial:

**Orzamento total: ata 9.000 €**

Concepto	CUSTO
*Taller de formación a cargo de REBECA PONTE 60 horas / 36,363 euros/hora	Ata 2.181,82€*
*Dirección artística a cargo de CARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ. 120 horas / 25 euros/hora	Ata 3.000,00€
*Mediación a cargo de ADRIANA PAULOS 60 HORAS / 16,666 euros/hora	Ata 1.000,00 €*
Seguimento documental Alejandra Aguirre 25 horas/ 80€/h	Ata 2.000,00 €
IVE 10%	818,12 €
Total	9.000,00 €

**8. PRAZO DE EXECUCIÓN:**

O prazo de execución máxima será dende a súa adxudicación ata finais do mes de xuño de 2024.

**9. LUGAR DE PRESTACIÓN:**

Nas dependencias dun centro cívico de Santiago de Compostela e no Auditorio de Galicia ou Teatro Principal, según dispoñibilidade.

**13. FORMA DE PAGO DO PREZOS:**

Mediante a presentación de dous facturas, a primeira a finais do mes de abril co reflexo das horas realmente prestadas no proxecto e os gastos de xestión que correspondan, e a segunda factura á finalización total do proxecto, co reflexo das horas realmente prestadas no proxecto e os gastos de xestión que correspondan, ambas facturas expedidas pola persoa contratada e conformada polo responsable do contrato.

Xunto coas facturas, a persoa contratada deberá presentar as memoria xustificativas do proxecto desenvolvido.

Os códigos para a facturación son os seguintes:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
GE0001959 INTERVENCIÓN MUNICIPAL	L01150780 CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	GE0016533 Cx S.S. e Asistencia a persoas dependentes

**14. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA:**

<b>Denominación</b>	CARLOTA PÉREZ FERNÁNDEZ
<b>Número identificación fiscal</b>	46904515V
<b>Domicilio</b>	Rúa San Agustín, 30-3º 15001 A Coruña
<b>Teléfono</b>	663301765
<b>e-mail</b>	experimentadanza@yahoo.es



## 5.- Derivación a programas de conciliación municipais.

Periodicamente, dende varios departamentos municipais se ofrece ao Departamento municipal de Servizos Sociais, a posibilidade de derivación dun número de persoas menores de idade, para participar nos programas e actividades de conciliación e/ou de ocio que se organizan. Os casos que se derivan dende os Servizos Sociais Comunitarios se corresponden a situacións de vulnerabilidade social importante que aconsellan a súa participación prioritaria nestes programas. Preténdese pois realizar unha abordaxe conxunta entre os departamentos municipais, tomando como referencia os principios recollidos no artigo 4 da Lei de 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (coordinación, integración e normalización) e os obxectivos contemplados no Plan de Acción Estatal para a Implementación da Garantía Infantil Europea (2022-2030), elaborado polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030. Co fin de que esta derivación non sexa considerada “*indeterminada ou arbitraria*”, tal como xa advertiu nalgunha ocasión o Departamento de Intervención, se recollen os criterios técnicos que a sustentan.

Polo exposto, os criterios de valoración técnica que se van a seguir para ese acceso prioritario sinalado con anterioridade, serán os seguintes:

1.- Estar empadroado e residir de forma efectiva no termo municipal de Santiago de Compostela.

2.- Presentar unha situación económica deficitaria. A estes efectos, considérase unha “*situación económica deficitaria*” a que poidan presentar unidades familiares de convivencia, que dispoñan duns recursos económicos inferiores aos establecidos nas seguintes táboas que se achegan; os cálculos van referenciados a unha porcentaxe fixada sobre o Salario Mínimo Interprofesional, incrementado por cada membro adicional da unidade de convivencia ata un máximo de 6 persoas. Existe, tal como se indicou con anterioridade, dúas modalidades:

a).- **Desconto do 100 %:** As familias das persoas menores participantes non deberán abonar ningún importe por participar neste programa, si a suma de todos os recursos económicos dos que dispón a unidade de familiar de convivencia non supera o establecido na seguinte táboa:

	% SOBRE SMI
1	Ata 100 % do SMI
2	Ata 110% do SMI
3	Ata 120% do SMI
4	Ata 130% do SMI
5	Ata 140% do SMI
6 ou mais	Ata 150% do SMI

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, a 2023.

b).- **Desconto do 50 %:** As familias das persoas menores participantes que, superando o nivel de recursos económicos indicado anteriormente, presenten tamén unha situación de vulnerabilidade económica, atendendo a outros factores (como a presenza de débedas, costes de alugueres, costes de hipoteca, dificultade para afrontar outros gastos básicos, entre outros), poderán disfrutar dun desconto do 50 %, si a suma de todos os recursos económicos dos que dispón a unidade de familiar de convivencia non supera o establecido na seguinte táboa:

	% SOBRE SMI
1	Ata 150% do SMI



	<b>% SOBRE SMI</b>
<b>2</b>	Ata 160% do SMI
<b>3</b>	Ata 170% do SMI
<b>4</b>	Ata 180% do SMI
<b>5</b>	Ata 190% do SMI
<b>6 ou mais</b>	Ata 200% do SMI

*Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, 2023.*

O feito de presentar unha situación económica deficitaria ocasiona unha desigualdade de oportunidades nun dos colectivos mais vulnerables da sociedade: as persoas menores de idade; desigualdade que cómpre evitar dende calquera servizo público, removendo os obstáculos existentes que poidan limitar a súa participación social.

Considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

No aspecto da valoración económica, seguiranse as mesmas pautas que as recollidas no artigo 7.4 da Ordenanza de garantía básica cidadá (aprobada polo Pleno desta corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 16 de xuño de 2016 e que foi publicada no BOP de A Coruña nº 165, de 31 de agosto de 2016), que se recollen a continuación:

*“(...) Para o cómputo destes límites de ingresos seguirante os criterios previstos na normativa vixente, sumando todos os recursos económicos dos que dispoñan a unidade familiar de convivencia:*

- ✓ *Consideraranse os ingresos da unidade de convivencia, os derivados tanto do traballo como do capital, así como calquera outra prestación ou subsidio que os substitúa.*
- ✓ *(...)*
- ✓ *Non se considerarán como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os que seguen:*
  - *Os ingresos non estables de escasa contía que unicamente resulten un complemento de supervivencia.*
  - *Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regulada.*
  - *Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regulada, sempre que pola súa natureza e menor contía se*

*deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentiven a formación.*

- *Os ingresos dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.*
  - *As prestacións familiares por filla/fillo a cargo, xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia.*
  - *As prestacións económicas e libranzas derivadas da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoas e atención ás persoas en situación de dependencia”.*
- ✓ A maiores, tampouco se considerarán recursos económicos os importes abonados pola Xunta de Galicia pola formalización de contratos de acollemento familiar (menores en situación de desprotección social, tutelados pola Administración Pública, que delega a súa garda en familias acolledoras, ben sexan biolóxicas ben sexan alleas).

3.- Atoparse nalgún dos supostos contemplados no artigo 9 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, como “*grupos de familias de especial consideración*” ou presentar factores de risco de exclusión social, recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

4.- No caso en que existan varias unidades familiares de convivencia que se atopen en similares circunstancias, será criterio de prelación o estar a participar nun programa socioeducativo implementado dende o servizo municipal de educación e apoio familiar (Departamento municipal de Servizos Sociais), valorando a profesional de referencia que a participación da persoa menor de idade no devandito programa supón unha ferramenta para favorecer de xeito positivo o seu desenvolvemento persoal, minguar factores de risco social engadidos, contribuír á súa integración social e dinámica relacional positiva co grupo de pares e fomentar a participación social, en igualdade de oportunidades, principios básicos de intervención para toda a Administración Pública.

Os datos de participación nos diferentes programas municipais foron os seguintes:

<b>Programas municipais</b>	<b>Departamento que os organiza</b>	<b>Nº de persoas menores derivadas dende Servizos Sociais</b>
Conciliación de Entroido	Departamento de Educación	15
Conciliación de Semana Santa	Departamento de Educación	15
Cativadas de Verán	Departamento de centros socioculturais	20
Conciliación de Verán	Departamento de Educación	15

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Campamento de Verán	Departamento de Xuventude	3
Conciliación de Nadal	Departamento de Educación	15



**Expediente:** MEN/SERV/C05.01.01/2023001624

**Representación da obra teatral “no soy tu gitana”**

**Tipo de contrato:** Servizos **Procedemento:** Contrato menor

Informe técnico N° 828/2023-TFT

Tipo de contrato: Servizos - Servizos sociais y de salud

### **1. OBXECTO DO CONTRATO**

Representación da obra “No soy tu gitana” no Teatro Principal de Santiago de Compostela o día 29 de junio de 2025 ás 20 horas

### **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:**

“Eu non son a túa xitana” é un monólogo teatral no que deconstrúe a imaxe pública histórica das mulleres xitanas desde 1499 ata hoxe; ese estereotipo que obedece á lóxica patriarcal e sexista, de dominación. Non son esa xitana construído polas mentes dos poderosos:

homes, paios, católicos... a través das leis que perseguiron a nosa identidade e a través de ficción promovida pola cultura dominante.

Estas creacións teñen unha consecuencia real e directa sobre nós: impactan nosas vidas e destrúeas. A min, a nós, os tópicos estereotipados inflúenme directamente na miña vida tódolos días.

## 2. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN

Persegue contribuír a un debate social necesario desde as artes escénicas, como un teatro de moitas para moitas. É un espazo feminista, político e micro político, que se nutre do movemento cidadán, ancorase na felicidade, a liberdade, a horizontalidade, a igualdade e a procura do ben común, e foxe do pensamento único: cuestiona, participa, debate e fórmase para reformular as vellas formas, porque outros relatos son posibles.

## 3. VALOR ESTIMADO

O Valor Estimado estará integrado por:



CONCEPTOS	ORZAMENTO 2024
1 función de la obra “No soy tu gitana” compuesta por una intérprete y técnico.	2.800€
% Derechos de autos SGAE	300€
IVA 21%	651€
<b>TOTAL</b>	<b>3.751€</b>

## 4. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA

Datos identificativos da entidade	TEATRO DEL BARRIO SOC. COOP. MAD. DE CONSUMIDORES
Número identificación fiscal	F-86997384
Domicilio	CALLE ZURITA 20
Teléfono	91 084 36 92



e-mail	produccion@teatrodelbarrio.com
--------	--------------------------------

**Expediente:** MEN/SERV/C05.01.01/2023001624

**Servizo para subministro de materiais para a instalación dunha carpa o día Mundial da Diabetes**

**Tipo de contrato:** Servizos **Procedemento:** Contrato menor

Informe técnico N° 828/2023-TFT

Tipo de contrato: Servizos - Servizos sociais y de salud

### **1.- OBXECTO DO CONTRATO**

Servizo para a provisión do subministro e montaxe, na Praza do Toural, o día 14 de novembro de 2024, de 9:00 a 22:00 horas, de carpas con alumeado, mostradores, mesas, cadeiras e tarima enmoquetada con motivo dunha campaña de sensibilización Día Mundial Diabetes.

### **XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO:**

**ACORDO DE COORGANIZACION ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACION COMPOSTELANA DE DIABETICOS PARA A CELEBRACIÓN O DIA 14 DE NOVEMBRO DE 2024 DO DIA MUNDIAL DA DIABETES.**

A **coorganización, o día 14 de novembro de 2024, do día Mundial da Diabetes**, que consistirá na realización de actividades divulgativas e probas médicas entre a poboación, que axuden a coñecer esta enfermidade.

### **1. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN**

O Concello farase cargo do subministro e montaxe, na Praza do Toural, o día 14 de novembro de 2023, de 9:00 a 22:00 horas, de carpas con alumeado, mostradores, mesas, cadeiras e tarima enmoquetada

### **2. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE**

En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o contrato cualifícase de menor en función da contía do mesmo, ao ser seu importe inferior a 15.000 euros, IVE non incluído.

### **3. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación competente é a Concellaría de Políticas sociais,

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Saúde, Medio ambiente e Parques e xardíns, de conformidade co acordo de delegación da Xunta de Goberno Local e as bases de execución do orzamento municipal.

### **4. VALOR ESTIMADO**

Valor sen IVE: 1.000,00  
euros IVE (21,00  
%): 210,00 euros  
Valor con IVE: 1.210,00 euros

### **5. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA**

Aplic Orzamentaria / Proxecto GFA	Data orzamento	Denominación	Importe IVE incluído
2023-020 23100 2269900	2023	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. OUTROS GASTOS DIVERSOS	1.210,00

### **6. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O prazo de execución será de un día, o día 14 de novembro de 2023

### **7. LUGAR DE PRESTACIÓN**

Na praza do Toural

### **8. RESPONSABLE DO CONTRATO**

MARÍA TERESA FURELOS TORAL, XEFA DE SERVIZO ÁREA ACCIÓN SOCIAL.

### **9. FORMA DE PAGO DO PREZOS**

X Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación dentro do ano natural ó que corresponde a prestación, expedida polo provedor e conformada polo responsable do contrato

### **10. ENTIDADE PROPOSTA PARA A ADXUDICACIÓN DIRECTA**

Denominación	FIFIPER SERVICIOS S.L.
Número identificación fiscal	B7049915
Domicilio	Rúa 1 Angustia, 18 15948 Pobra do Caramiñal. A CORUÑA
Teléfono	637027840

e-mail

fififerservicios@gmail.com

**ACORDO DE COORGANIZACION ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN PALUSO PARA A CELEBRACION DA FESTA DO  
NADAL 2024**

Acordo de coorganización da Festa de Nadal 2024, que consistirá na cea do día 24 de decembro (Noiteboa) e o xantar do día 25 de decembro (Nadal), para todas aquelas persoas que estean interesadas en vivir o Nadal en compañía. A tal efecto:

O Concello farase cargo do subministro e montaxe, no paseo da Alameda, os días 24 e 25 de decembro de 2024 de:

- Unha carpa de 350 m2 con alumeado, tarima enmoquetada, 40 mesas de catering, e 200 cadeiras.
- Dar servizo eléctrico á dita carpa.

A Asociación Paluso, comprometerase:

- Á organización, acollida, transporte e atención persoal dos participantes na cea do día 24 de decembro (Noiteboa) e o xantar do día 25 de decembro (Nadal).
- A aportar e trasladar á Alameda todo o material e utensilios necesarios, tales como: cocifñas, menaxe, ...etc.
- A adquisición e elaboración dos alimentos que compoñan o menú de ambas comidas e do servizo das mesmas.
- A deixar en perfecto estado o paseo da Alameda.







# O FOMENTO DA COOPERACION E DA SOLIDARIDADE

... todas e todos  
contamos para o  
benestar social



## CASA DE ASOCIACIÓNS DE BENESTAR SOCIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CABES).

A Casa das Asociacións de Benestar Social de Santiago de Compostela (CABES) comezou o seu funcionamento no terceiro trimestre de 2008, configúrase como un centro municipal de xestión directa, dependente da Concellería de Dereitos e Servizos Sociais, considérase un equipamento de proximidade que proporcione os recursos e servizos necesarios para impulsar a participación social, fomentar o asociacionismo e a coordinación interasociativa, co fin de acadar un maior nivel de benestar social.

A Casa das Asociacións de Benestar Social, ten a condición de dependencia pública, adscrita ó Concello de Santiago de Compostela, para o cumprimento dos seus obxectivos, sen que isto xere ningún dereito a favor dos/ as usuarios/as.



O Centro ofrece servizos e recursos municipais compartidos no ámbito do Benestar Social encamiñados a lograr os seguintes obxectivos:

- 1.- Fomentar o asociacionismo e a participación cidadá real e efectiva.
- 2.- Impulsar e mellorar o tecido asociativo da cidade, facilitando a xestión e o funcionamento cotiá, así como a calidade dos servizos que prestan as asociacións de benestar social, mediante o apoio técnico, e colaboración.
- 3.- Posibilitar o desenvolvemento de ferramentas comúns ao tecido asociativo: web, rede de asociacións.
- 4.- Dinamizar e impulsar o movemento asociativo facilitando servizos de asesoramento e programas de formación.
- 5.- Dotar ao asociacionismo dun espazo común que favoreza o desenvolvemento dos seus programas, o encontro e contacto entre as asociacións, e a organización de actividades interasociativas.

- 6.- Consolidar un espazo físico concreto, plural, aberto e dinámico, referente de participación e acción social.
- 7.- Coñecer de primeira man as necesidades das asociacións, así como a natureza das súas actividades, funcionamento, e fomentar as relacións entre asociacións, colectivos e o Concello.
- 8.- Promover un modelo de cooperación interasociativa respectuoso coa identidade das organizacións, que contribúa a que estas desenvolvan as actuacións dirixidas aos seus destinatarios/as e á cidadanía en xeral, de xeito integral, integrado, e en coordinación permanente.
- 9.- Agrupar ás entidades de acción social do ámbito Compostela, para levar a cabo accións coordinadas de sensibilización social.
- 10.- Desenvolver accións conxuntas de atención integral a colectivos específicos.
- 11.- Compartir medios técnicos e metodolóxicos de intervención para prestar un servizo integral e eficiente á cidadanía.

A normativa municipal pola que se regula o seu funcionamento e a seguinte:



**A)** Ordenanza Reguladora do Funcionamento da Casa de Asociacións de Benestar Social, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 31 de xullo de 2008, publicada no BOP nº 79, do 30 de abril de 2009

**B)** Bases e Convocatoria para o Outorgamento de Autorización de Cesión de Espazos e Recursos da Casa das Asociacións de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela, aprobadas pola Xunta de Goberno do 16 de marzo de 2010, publicada no BOP nº 77, de 27 de abril de 2010.

Os recursos dispoñibles en CABES son basicamente dous:

### 1.- CESION DE ESPAZOS E RECURSOS.

Os espazos de uso colectivo e o equipamento existente na Casa, poderán ser utilizados por tódalas entidades ou asociacións de carácter social para que estas poidan desenvolver as actividades que lle son propias, previa reserva e concesión polo Concello. Estes espazos comúns son os seguintes:

- ✦ Salón de Usos Múltiples
- ✦ Ximnasio (pechado temporalmente)
- ✦ Tres aulas de formación que tomen poden ser de reunión, existindo unha en cada planta do edificio.
- ✦ Biblioteca

Todas estas dependencias estas dotadas do mobiliario preciso para poder desenvolver as actividades que se levan a cabo nas mesmas.

Asimesmo, existe un equipamento técnico no salón de usos múltiples, que ten instalado un proxector con pantalla e un sistema de megafonía, que pode ser utilizado polos entidades usuarias.



### 2.- ESTABLECIMENTO DE SEDE SOCIAL:

Ofrecéselle as entidades e asociacións usuarias do Centro a posibilidade de que cando carezan do mesmo, podan dispoñer dunha sede ou local social propio en CABES.

### 3.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

O longo de ano, no Centro prográmanse diversas accións formativas, talleres, conferencias, para satisfacer a demanda das persoas usuarias de CABES, ou a proposta

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

de Concellería competente, intentando sempre mellorar o funcionamento global da Casa e o actuar específico de cada entidade ou asociación.

Debe sinalarse que os despachos da primeira planta da Casa de Asociacións de Benestar Social, son utilizados a diario, polo persoal técnico do Concello de Santiago, polo que non son obxecto de cesión, e tamén que durante o mes de agosto o Centro permanece pechado, polo non hai actividade algunha no mesmo.

Tamén debe ser tido en conta que aínda que a Biblioteca ten a condición de ser un espazo común e debería estar aberto o público, isto non está a suceder, xa que está sendo utilizado de xeito privativo, pola asociación “AGADEA”, para actividades de mantemento funcional de persoas afectadas polo Alzheimer.

As entidades ou asociacións con sede en Cabes no ano 2024 son dezanove, con esta cesión as mesmas poden dispoñer de sedes e recursos axeitados para o desenvolvemento das súas actividades asociativas e interasociativas, que deberán estar dirixidas basicamente a cidade de Santiago de Compostela.

A cesión de uso que fai o Concello de Santiago, no caso das entidades con sede en Cabes, permitira as entidades beneficiarias da mesma, non solo a utilización de dita sede, senón tamén o uso dos espazos comúns, todo isto terá carácter gratuito e en precario, o que significara que a asociación non terá que aboar renda algunha polo uso do espazo cuxo uso se autoriza, pero tamén que en caso de necesidade xustificada, o Concello poderá revogar dita autorización sen dereito a indemnización algunha.

<b>CASA DAS ASOCIACIONES DE BENESTAR SOCIAL SEDE SOCIAL</b>		
<b>PRIMEIRA PLANTA</b>		
<b>NÚMERO</b>	<b>DESPACHO</b>	<b>NOME</b>
1	BIBLIOTECA	<b>AGADEA (Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer)</b>
<b>SEGUNDA PLANTA</b>		
<b>NÚMERO</b>	<b>DESPACHO</b>	<b>NOME</b>
2	2.1	<b>UGADE (Unión Galega de Epilepsia)</b>
3	2.1	<b>TRAS-RIL-SAN (Trasplantados do Ril)</b>
4	2.2	<b>PROVIVIENDA</b>



<b>CASA DAS ASOCIACIONES DE BENESTAR SOCIAL SEDE SOCIAL</b>		
5	2.2	ALCER Coruña ( <b>Asociación de Usuarios do Servizo de Oncoloxía do CHUS</b> )
6	2.3	<b>COMPOSTELA INSERTA</b>
7	2.3	<b>Asociación Galega de Nais e Pais Separados</b>
8	2.4	ASBIGA ( <b>Asociación de Persoas con Trastorno Bipolar de Galicia</b> )
9	2.4	TP-GALICIA ( <b>Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Personalidade</b> )
10	2.5	APSSC ( <b>Asociación de Personas Xordas de Santiago de Compostela</b> )
<b>TERCEIRA PLANTA</b>		
<b>NÚMERO</b>	<b>DESPACHO</b>	<b>NOME</b>
11	3.1	CONARTRITE SANTIAGO
12	3.1	Fundación ALAR
13	3.2	<b>POIG (Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia)</b>
14	3.2	ACCU ( <b>Asociación de Enfermos de Crohn y Colitis Ulcerosa da Coruña</b> )
15	3.3	ACOUGO ( <b>Asociación Galega de Familias de Acollida</b> ): xullo-decembro
16	3.4	ASOTRAME ( <b>Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares</b> )
17	3.4	FUNDACION RONSEL
18	3.5	AMIGA ( <b>Asociación Migrantes de Galicia</b> )
19	3.5	AGAPA ( <b>Asociación Galega de Amputados</b> )

*Fonte: Datos facilitados pola psicóloga do Programa Local de Inclusión Social, ano 2024.*

**ACTIVIDADES REALIZADAS NOS DESPACHOS CEDIDOS** *(Datos facilitados pola psicóloga do Programa Local de Inclusión Social, ano 2024):*

As asociacións ou entidades con sede na Casa de Asociacións, segundo as memorias remitidas polas mesmas, levaron a cabo nos despachos que teñen adxudicados en CABES durante o ano 2024 as actividades que seguidamente se enumeran:

**ASOCIACION GALEGA DE AXUDA OS ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS NEURODEXENERATIVAS (AGADEA).**

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 09:00 a 13:00 e de 16:30 a 19:30

**Actividades:** Grupo de axuda mutua. Envellecemento activo. Atención individualizada.

**UNION GALEGA DE EPILEPSIA (UGADE)**

**Horario de Atención:** Xoves e Venres de 16:00 a 19:30.

**Actividades:** Atención e información a pacientes con epilepsia.

**ASOCIACION GALEGA DE TRANSPLANTADOS DE RIL DE SANTIAGO (TRASRILSAN)**

**Horario de Atención:** Xoves e Venres de 17:30 a 19:30

**Actividades:** Información a los asociados tanto enfermos como familiares sobre esta patoloxía, fomentando xuntanzas entre os mesmos e contactos con outras asociacións de pacientes e de profesionais.

**ASOCIACIÓN PROVIVIENDA**

**Horario de atención:** Luns a Venres de 08:00 a 15:00

**Actividades:** Servizos de atención individualizada de orientación e asesoramento de busca de vivenda.

**ASOCIACION PARA LA LUCHA CONTRA LAS ENFERMEDADES DEL RIÑON (ALCER CORUÑA)**

**Horario de Atención:** Xoves de 08:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:30

**Actividades:** Programa de servizo de orientación e información. Servizo de atención psicolóxica. Campañas de divulgación. Día do Doante de Órganos. Día Mundial do Ril.

#### **ASOCIACIÓN COMPOSTELA INSERTA**

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 09:00 a 15:00h

#### **ASOCIACIÓN GALEGA DE NAIS E PAIS SEPARADOS**

**Horario de Atención:** Luns e Xoves de 15:00 a 19:00

**Actividades:** Programa Ruptura de Parella non de Familia. Mediación Familiar (Extraxudicial). Servizo de Coordinación Parental.

#### **ASOCIACION DE PERSOAS CON TRASTORNO BIPOLAR DE GALICIA (ASBIGA)**

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 09:00 a 14:00

**Actividades:** Grupos de axuda mutua. Servizos de atención individualizada de orientación e asesoramento. Excursións Urbanas. Difusión da asociación a través da paxina web e redes sociais.

#### **ASOCIACION GALEGA PARA ASISTENCIA E INVESTIGACION DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE (TP GALICIA)**

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 09:00 a 14:00 e de 16:30 A 19:00

**Actividades:** Asistencia individual a persoas con trastorno de personalidade, a súas familias. Asistencia grupal as mesmas mediante, obradoiros de habilidades sociais, obradoiros de psicoeducación, obradoiros de saúde, corpo e mente. Saídas de ocio.

#### **ASOCIACION DE PERSOAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (APSSC)**

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 09:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:00

**Actividades:** Servizo integral de apoio a persoas xordas. Servizo de interprete de lingua de signos.

#### **ASOCIACION CONARTRITE SANTIAGO**

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 09:00 a 14:00

**Actividades:** Servizo de información, asesoramento, orientación e apoio. Servizo de asistencia xurídica. Charlas informativas. Actividades lúdicas. Voluntariado.

### FUNDACIÓN ALAR

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 08:00 a 15:00

**Actividades:** Deseño e execución de proxectos de formación, emprego e acompañamento social.

### PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA (POIG):

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 08:00 a 15:00

**Actividades:** Actividades encamiñadas a impulsar as políticas dirixidas ao benestar dos nenos, nenas e adolescentes en risco; denunciar e facer seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia e adolescencia; sensibilizar á sociedade para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia; promocionar a participación e o asociacionismo da infancia e adolescencia; e desenvolver o diálogo e a participación de todos os entes que colaboran para mellorar o seu benestar.

### ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE CROHN E COLITE ULCEROSA DA CORUÑA (ACCU)

**Horario de Atención:** Martes e Venres de 16:00 a 19:30

**Actividades:** Reunións xunta directiva. Coordinación de campañas de publicidade e divulgación. Traballo de xestión administrativa.

### ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA (ACOUGO)

**Horario de Atención:** Luns a venres de 9:00 a 15:00h

**Actividades:** Información e asesoramento. Mediación e axuda nas xestións relacionadas co acollemento. Acompañamento e xestións. Acompañamento ás familias e crianzas acolledoras de orixe ou acollida.

### ASOCIACIÓN ASOTRAME

**Horario de Atención:** Martes de 11:00 a 13:00h



**Actividades:** Actividades de mellora da calidade de vida de doentes e exdoentes con cancro hematolóxico e das súas familias. Informar e sensibilizar sobre a doazón de médula ósea. Colaborar en proxectos de investigación.

#### FUNDACION RONSEL

**Horario de Atención:** Martes e Xoves de 09:00 a 17:30

**Actividades:** Servizo de orientación laboral e apoio na busca de emprego. Servizo de emprendemento e apoio a creación de empresas. Servizo de orientación socio-xurídico. Todo isto dirixido especialmente a persoas estranxeiras.

#### ASOCIACIÓN MIGRANTES DE GALICIA (AMIGA)

**Horario de Atención:** Luns a Xoves de 9:00 A 19:00 e Venres de 9:00 a 15:00

**Actividades:** Orientación socioxurídica e laboral. Xornadas formativas. actividades en rede.

#### ASOCIACION DE AMPUTADOS DE GALICIA (AGAPA)

**Horario de Atención:** Luns a Venres de 16:45 a 19:30 e Luns a Venres de 09:30 a 14:00 horas.

**Actividades:** Servizo de información e asesoramento. Servizo de acompañamento. Servizo de apoio itinerante. Intervención fisioterapéutica

### OCUPACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS

Esta ocupación recollese e cuantifícase a continuación, no planing desglosado seguidamente no que se recolle a utilización do Salón de Usos Múltiples e Aulas de Formación (a sala adicada a Ximnasio permaneceu cerrada a causa do COVID-19 porque carecía de ventilación).

Durante o 2023 xestionáronse un total de 83 solicitudes de espazo puntuais rexistradas na aplicación Mytao. A maioría delas foron feitas por Asociacións con sede en CABES pero tamén fixeron uso das instalacións as seguintes Asociacións:

- ASAFEGAL
- Asociación SQM
- Asociación Causas Comúns
- COGAMI

- Concellería de Igualdade
- FADEMGGA
- FAXPG
- Foro de Accesibilidade
- Fundación Meniños
- Fundación Secretariado Xitano
- Fundación Vicente Ferrer
- Grupo hospitalario de apoio ao coidador do CHUS
- MANAIMA
- Policía Local
- Consello Municipal de Saúde
- CIM Santiago



### PERÍODO DE ACTIVIDADES

Durante o ano 2024 as actividades en CABES realizáronse coa mesma normalidade de antes da COVID- 19. Tódolos espazos de CABES foron utilizados polas entidades que así o solicitaron.

### GALERÍA DE FOTOS:









## CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES.

A Lei de Servizos Sociais de Galicia establece no seu articulado que os Servizos Sociais Comunitarios deben estar coordinados e establecer sistemas de derivación tanto cos Servizos Sociais Especializado, como con outros servizo para o benestar que operen no mesmo territorio, co fin de favorecer unha intervención integral coas persoas. No artigo 31 do devandito texto lexislativo faise constar a posibilidades de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias, de emerxencia social ou pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

Durante o ano 2024, en materia de Servizos Sociais, o Concello de Santiago de Compostela subscribiu os seguintes convenios:

Entidade beneficiaria	Importe 2024	Obxecto
<b>COCINA ECONOMICA DE SANTIAGO</b>	60.000,00	Programa para garantir as necesidades de manutención básica a persoas sen recursos.
<b>ASOC ITÍNERA</b>	6.000,00	Programa Ágora
<b>ASOC "FONTE DA VIRXE" DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS</b>	5.000,00	Programa de respiro familiar para persoas que padezan unha enfermidade mental
<b>ASOC COMPOSTELANA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE (ACEM)</b>	12.000,00	Programa de rehabilitación fisioterápica
<b>ASOC DE DANO CEREBRAL SARELA</b>	5.000,00	Programa de actividade acuática –piscina

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Entidade beneficiaria	Importe 2024	Obxecto
ASOC DE LUCHA CONTRA AS ENFERMIDADES DEL RIÑÓN DE LA CORUÑA (ALCER)	5.000,00	Programa bule con ALCER". Programa de actividade física e psicosocial para persoas con enfermidades crónicas.
ASOC DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL (ASPAS)	6.000,00	Programa de respiro e/ou emerxencia familiar
ASOC DE PERSOAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	10.000,00	Servizo de interpretación de lingua de signos e guía intérprete de persoas xordocegas
ASOC GALEGA PARA AXUDA DE ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA)	3.000,00	Programa GEA-Grupo de envellecemento activo
ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	5.000,00	Captación, almacenamento e distribución de alimentos ás institucións asistenciais ou benéficas do concello de Santiago de Compostela.
ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRANSTORNO DE ESPECTRO AUTISTA-T.E.A. DA PROVINCIA DA CORUÑA (ASPANAES)	5.000,00	Programa de participación comunitaria de persoas con persoas de espectro autista
CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO	120.000,00	Programa de atención primaria. Cáritas Interparroquial de Santiago. Programa de acollemento temporal en vivenda de persoas sen fogar con Cáritas Diocesana.
CENTRO CULTURAL-SOCIAL JUAN XIII DE SANTIAGO	60.000,00	Mantemento servizos do albergue Xoan XXIII
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	100.000,00	SEMUS Compostela (servizo municipal de emerxencia social en Compostela)
CRUZ ROJA ESPAÑOLA	85.000,00	Teleasistencia domiciliaria. Proxecto de equipo de intervención en situación de exclusión severa
ESCUELA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO	5.000,00	Proxecto de intervención educativa e integración no tempo libre "Un lugar para ti"

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Entidade beneficiaria	Importe 2024	Obxecto
FEAFES GALICIA (FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA)	60.000,00	Programa de atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión
FUNDACIÓN ANDREA DE APOYO A LOS NIÑOS CON ENFERMEDADES DE LARGA DURACIÓN, CRÓNICAS O TERMINALES	3.000,00	Tratamento psicoterapéutico para as familias con fillos/as con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais
FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA	10.000,00	Proxecto de vida independente "Isto é vida"
FUNDACIÓN MONTE DO GOZO	45.000,00	Programa contra o consumo de cocaína
FUNDACION SECRETARIADO GITANO	27.000,00	Proxecto de actividades programa Acceder.
ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	2.000,00	Servizo de vía previa administrativa e laboral
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	10.000,00	Prestación bucodentais a colectivos desfavorecidos
	649.000,00	

Fonte: Datos facilitados pola Asesoría xurídica da Area de Acción Social, ano 2024.

O contido implementado en cada un dos proxectos conveniados entre este concello e as entidades de referencia é o que segue:

**1.- ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER – AGADEA**

Importe do convenio: 3.000,00 €.

Proxecto que se convenia: PROGRAMA GEA-GRUPO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO



**1.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

O programa realizouse durante os meses que foron de xaneiro e febreiro. Realizáronse de maneira presencial a través das sesións no Centro Sociocultural do Ensanche, de carácter semanal e cunha duración aproximada de 60 minutos.

Este proxecto está dirixido para as persoas adultas maiores que queren manterse activas cognitivamente, para previr a deterioración.

Todas estas persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela.

A proposta do programa que se desenvolveu estivo encadrada dentro das denominadas terapias non farmacolóxicas. O obxectivo deste programa foi o de “Estimular a nivel cognitivo, funcional e social a persoa con deterioro cognitivo moi leve ou sen deterioro a través de actividades específicas”. Dito programa constou de varias actividades programadas diaria ou semanalmente pola técnico correspondente e que se realizaron tamén semanalmente. Desenvolvéronse actividades destinadas a Estimulación Cognitiva grupal (atención memoria, linguaxe, funcións executivas...), Estimulación Funcional (Psicomotricidade, ABVD) e por último actividades lúdicas.

### 1.2.- Obxectivos.

#### a).- Obxectivos xerais:

- ⊕ Promover a actividade deportiva e manter en bo estado a súa saúde física e mental, e á vez, mellorar as relacións sociais foi o seu obxectivo xeral.

#### b).- Obxectivos específicos:

- ⊕ Fomentar o uso das novas tecnoloxías nos adultos maiores
- ⊕ Dar apoio e soporte ás persoas usuarias dos servizo
- ⊕ Preservar as capacidades cognitivas das persoas usuarias.
- ⊕ Manter unha saúde óptima a través da realización de exercicio mental.
- ⊕ Mellorar ou retrasar o deterioro nas áreas cognitivas, linguaxe, entre outras.
- ⊕ Garantir unha maior calidade de vida das persoas usuarias.

### 1.3.- Persoas participantes.

Persoas maiores de 60 anos sen deterioro cognitivo que se propuxeron traballar a memoria para a prevención da mesmo e para manterse tamén así activos. (domicilios das persoas usuarias do Concello de Santiago de Compostela).

## 2.- ASOCIACIÓN FONTE DA VIRXE DE FAMILIARES E AMIGOS DOS ENFERMOS MENTAIS

Importe do convenio: 3.500 €





Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR PARA PERSOAS QUE PADECEN UNHA ENFERMIDADE MENTAL.

### 2.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

O proxecto consistiu na realización dunha serie de actividades (saídas fin de semana, actividades socioculturais, visitas a museos, exposicións, actividades deportivas) a diferentes localidades de Galicia e Portugal. Co fin de favorecer as relacións familiares e interpersoais, xa que asegurando períodos de descanso as familias e cuidadores poden contrarrestar a fatiga e o estrés, que supón ter unha persoa con enfermidade Mental grave e persistente, para os beneficiarios/as do proxecto adquirir unha serie de habilidades, destrezas e competencias para a súa vida cotiá, isto conleva unha diminución de recaídas e aumenta a súa calidade de vida

### 2.2.- Obxectivos.

#### a).- Obxectivos xerais:

- ⊕ Proporcionar períodos de descanso ás familias.
- ⊕ Mellorar as relacións familiares.
- ⊕ Diminuír o número de recaídas.

#### b).- Obxectivos específicos:

- ⊕ Favorecer a permanencia da persoa con enfermidade mental nun medio normalizado.
- ⊕ Aumentar a rede social, diminuíndo o illamento.
- ⊕ Aprender a restablecer as relacións interpersoais.
- ⊕ Adquirir, recuperar, aumentar as habilidades que fomenten a súa autonomía e independencia.

### 2.3.- Persoas participantes.

30 persoas afectadas por enfermidade mental crónica, con idades comprendidas entre os 18 e os 65 anos de idade.

### 3.- ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Importe do convenio: 5.000,00 €

Proxecto que se convenia: ENTREGA DE ALIMENTOS



### 3.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

O Banco de Alimentos é unha organización independente, sen ánimo de lucro, baseada no voluntariado e cuxo obxectivo principal é a consecución e o aproveitamento dos alimentos excedentarios con intención de facelos chegar aos Centros Asistenciais, e a través deles ás familias e ás persoas mais necesitadas.

### 3.2.- Obxectivos.

- Desenvolver a conciencia solidaria, instalando o “*principio de responsabilidade social compartida*”, con campañas de sensibilización dirixidas á opinión pública.
- Proveer aos Comedores Sociais, fogares de menos e outras institución de alimentos sans.
- Promover a participación do voluntariado, unha solidariedade activa e responsable.
- Coordinar a actuación e a actividade dos catros bancos existentes na comunidade.

### 3.3.- Entidades beneficiarias.

O Banco de Alimentos atende a dous tipos de entidades benéficas con respecto á recollida de alimentos:

- a) Entidades benéficas de consumo que son centros, entidades e organizacións que acollen persoas beneficiarias e contan coa autorización administrativa para desenvolver a súa actividade ou unha labor específica no ámbito da acción social.
- b) Entidades benéficas de reparto que son asociacións socio-comunitarias, centros e organizacións asistenciais, corporacións locais e outras entidades que distribúen directamente a persoal e/ou familias con necesidade de apoio.

Estas entidades benéficas, tanto de consumo como de reparto, deben cumprir cos requisitos esixidos e ser recoñecidas como entidades sen ánimo de lucro adicadas á loita contra a pobreza e a exclusión social, polas autoridades competentes na materia. O Banco mantén periodicamente contactos coas entidades, para revisar e cotexar continuamente o número de persoas beneficiarias que teñen, adecuar a entrega de alimentos, etc.

## 4.- ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRASTORNO DE ESPECTRO AUTISTA TEA (ASPANAES)

Importe do convenio: 3.000,00 €

Proxecto que se convenia: INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN, VALORACIÓN E APOIO FAMILIAR PARA PERSOAS CON TEA.



#### **4.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**

Este proxecto levouse a cabo de xaneiro a setembro de 2024. Aspañaes como entidade especializada en Trastornos de Espectro Autista dende o ano 1979 ofreceu este servizo en función das demandas existentes por parte das familias que necesitan recibir información, valoración e orientacións adaptadas ás características e á realidade da persoa usuaria que empreguen criterios de boas prácticas.

Tivo como finalidade acompañar ás familias de persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) no seu proxecto de vida, partindo dos seus propios recursos e fortalezas, atendendo as súas necesidades e demandas, e facilitando os apoios necesarios para mellorar a súa calidade de vida e o benestar de cada un dos seus membros.

Para a Entidade o desenvolvemento deste servizo é fundamental polo que procédese a certificar o servizo por AENOR segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001:2015, seguindo un Sistema de Xestión de Calidade que persegue un modelo de traballo seguindo en todo momento a mellora continua, o que resulta fundamental para as familias que chegan á Entidade en busca dunha resposta á as necesidades específicas dos seus fillos/as.

#### **4.2.- Obxectivos.**

##### **a).- Obxectivo xeral:**

- ✦ Mellorar a calidade de vida das persoas en situación de dependencia e favorecer o seu desenvolvemento.

##### **b).- Obxectivo específico:**

- ✦ Acadar que as familias e/ou persoas con TEA dispoñan de información das axudas que precisan en función da súa situación e plan de vida, así como dos servizos á súa disposición na entidade.

#### **4.3.- Persoas participantes.**

Este proxecto está destinado a Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) e familias da zona de xeográfica próxima a Santiago de Compostela.

Total de persoas beneficiarias: 49 de 0 a 21 anos.

Sector: Persoas con discapacidade.

Perfil das persoas destinatarias: O autismo é unha alteración do neurodesenvolvemento e funcionamento cerebral, dando lugar a dificultades na comunicación, interacción social e na flexibilidade do pensamento e da conduta.

#### 5.- FUNDACIÓN DOWN COMPOSTELA

Importe do convenio: 10.000,00 €

proxecto que se convenía:

PROXECTO DE VIDA INDEPENDENTE “ISTO É VIDA”.



#### 5.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

O Proxecto de Vida Independente “Isto é Vida” non se entende como un recurso no que a persoa beneficiaria vaia a permanecer toda a vida, senón que está deseñado para capacitar ás persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual para vivir no seu propio fogar, a planificar o seu futuro e a realizar os seus proxectos de vida.

O proxecto leva sete anos implantándose de xeito gradual. Coas dificultades xeneradas polas restricións derivadas da crise sanitaria dende o 2020, tivemos que ir adaptando a execución do mesmo ás circunstancias. Actualmente combínanse as sesións presenciais tanto nas instalacións da Fundación (a cal dispón dunha vivenda simulada) como na contorna (incluída a vivenda de Fontiñas) (facendo uso de recursos e espazos comunitarios para desprazamentos a pe ou en transporte público, visita a supermercados ou tendas de barrio, xestión do tempo de lecer, etc.); e o seguimento e control das tarefas e responsabilidades en canto a autonomía doméstica e urbana desenvolvidas polas persoas participantes nos seus respectivos domicilios.

As estancias na vivenda de Fontiñas, despois de varios anos de parón por mor da pandemia, retomáronse de forma puntual para a posta en marcha da mesma novamente, pero nesta ocasión coa previsión de facer estadias prolongadas de 4 meses, en grupos de 3 persoas convivintes.

Para levar isto a cabo as persoas participantes e técnicos da entidade tiveron que facer unha tarefa de posta a punto de todas as estancias, entendendo isto como unha práctica máis do proxecto, con limpeza e desinfección a fondo, revisión de electrodomésticos, renovación de enseres, etc. etc. Durante esta posta a punto detectamos varias carencias aínda por solventar (polilla, arranxo de ventás, cambio de sanitarios...), e para o que temos solicitados os recursos económicos necesarios.

#### 5.2.- Obxectivos.



a).- Obxectivo xeral.

O Proxecto de Vida Independente “ESTO É VIDA” non se constituíu como un recurso no que a persoa vaia a permanecer toda a súa vida, senón que se deseñou como un servizo de formación e capacitación para aprender a vivir de xeito independente. A súa finalidade foi a de fomentar e promocionar a autonomía doméstica e social para que as persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual puidesen planificar o seu futuro e realizar os seus proxectos de vida, decidir onde e con quen queren vivir e xestionar deste xeito a súa propia vida.

Por tanto, o obxectivo xeral deste proxecto foi mellorar a calidade de vida das persoas participantes, capacitándoas para unha vida autónoma e activa, plenamente integrada na sociedade.

b).- Obxectivos específicos.

- ✦ Promover unha experiencia de vida independente con apoios fora do núcleo familiar.
- ✦ Deseñar e implementar o plan de apoio individual na vivenda co fin de acadar as maiores cotas de autonomía posibles.
- ✦ Asesorar e informar ás familias ofrecendo un apoio continuado.

### **5.3.- Persoas participantes.**

As persoas destinatarias son persoas usuarias da Fundación Down Compostela, coa síndrome de Down ou discapacidade intelectual maiores de 18 anos con certificado de discapacidade igual ou superior o 33% e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser beneficiario da FDC.
- Ter máis de 18 anos.
- Querer participar voluntariamente.
- Ser usuario do programa de Emprego con Apoio da FDC.
- Ter un contrato de traballo vixente.

Establécese como requisito ser traballador activo, porque pretendemos darlle a oportunidade ás persoas de aprender a vivir de xeito independente para que logo o poidan facer polos seus propios medios. Trátase dunha etapa vital mais que pretendemos facilitar.

**Nº de persoas destinatarias directas: 4**

Mulleres e homes: 3 homes e 1 muller.

Coa síndrome de Down: 4 persoas coa síndrome de Down

**Persoas destinatarias indirectas:** as familias e a sociedade en xeral da que forman parte estas persoas como cidadáns activos, independentes e de pleno dereito.

**6.- CENTRO CULTURAL SOCIAL XOAN XXIII DE SANTIAGO – SERVIZO DE ALOXAMENTO E ACOLLIDA**

Importe do convenio: 60.000,00 €

Proxecto que se convenia: MANTEMENTO DOS SERVIZOS DO ALBERGUE XOAN XXIII



**6.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**

A entidade Centro Cultural Social Xoán XXIII foi creada para tratar de dar resposta a toda necesidade que poidan presentar aquelas persoas que chegan ao seu recurso e en base a iso segue funcionando. Trabállase a persoa como un todo e analízanse as diferentes carencias e necesidades que poida presentar para, dentro das posibilidades da entidade, poder dar unha solución que vaia desde o particular ao xeral. Facer por satisfacer as necesidades máis básicas que presenta inicialmente e desde aí facer fronte a outras que, ata non traballar esas primeiras, non dan a cara e son a raíz real da situación que viven. (Acollida nocturna, duchas, roupeiro, atención a familias, formación, paquetes de alimentos, derivación a outros recursos, servizos atencións, etc...). Para iso, a entidade, pon ao dispor das persoas usuarias todos os seus recursos materiais e humanos con que conta coa finalidade de poder desenvolver o seu labor do modo máis próximo posible.

**6.2.- Obxectivos.**

a).- Obxectivos xerais.

- ⊕ Ofrecer un aloxamento e acollida tanto diúrna e nocturna, atendendo as necesidades básicas (hixiene, vestimenta, alimentación, orientación, información).
- ⊕ Ofrecer atención ás persoas usuarias no aloxamento e acollida nocturna/diúrna e en cubrir as súas necesidades básicas: hixiene, vestimenta, alimentación.
- ⊕ Traballar habilidades sociais, orientación para a inserción laboral, cubrir outras áreas de apoio dentro dun proceso máis avanzado de normalización (con formación, packs de alimentos, asesoramento...) para acompañar o devandito proceso nun período posterior á primeira atención.

b).- Obxectivos específicos.

- ⊕ Traballar as distintas áreas que compoñen a persoa para paliar as necesidades e carencias que impiden o desenvolvemento e integración normalizada da persoa: Coidado do aseo e a saúde, adquisición de hábitos saudables, formación en áreas

diferentes para maior capacitación laboral, apoio procuras activas de emprego, así como outras áreas de apoio particulares de cada caso que poidan presentarse.

### 6.3.- Persoas participantes.

Sector de poboación atendida: Persoas en situación de exclusión social severa. Persoas en risco de exclusión social. Persoas en infravivenda. Persoas do colectivo sen teito (maiores de idade) que residan en albergues ou na rúa. Persoas con antecedentes penais ou politoxicómanos. Mulleres con cargas familiares ou vítimas de violencia de xénero. Persoas maiores. Minorías étnicas, en proceso de deshabitación de substancias aditivas. Persoas emigrante e inmigrantes. Persoas en situación de refuxiadas.

Persoas en situación de emerxencia aínda que sexa temporal.

-Número de persoas previstas: O albergue ten 25 prazas de pernocta diaria de media. Polas mañás aténdense unha media de 25 persoas entre o servizo de roupeiro, as duchas a atención no departamento social diaria. Tendo en conta os cursos de formación podemos chegar a unha media de 30 persoas máis que diariamente son atendidas. O que fai unha media de 80 atencións diarias entre as distintas ramas de traballo que mantemos para atender ás persoas usuarias.

Coa situación de vacinación avanzada e con requirimento do certificado pertinente recuperáronse as prazas base. Mantendo o uso de máscaras e distancia en interiores para preservar a saúde das persoas usuarias xa que moitos deles presentan complicacións de saúde e/ou inmunodeficiencias. Todas as atencións lévanse a cabo con desinfeccións previas e posteriores o que pode afectar o número total de atencións diarias. Aínda así se ve importante o labor de contención da infección que se está levando a cabo desde o recurso e a concienciación ás persoas que acoden a el. Ao traballar cun sector da poboación no que adoita haber problemáticas de saúde, inmunodeprimidos, etc... vese necesario manter certas condutas preventivas que permitan que poidan seguir facendo uso do recurso coas máximas garantías.

A nivel de datos presentados tívose en conta o intervalo temporal entre o 01 de xaneiro e o 30 de setembro. Atendéronse 1571 pernoctas.

### 7.- FUNDACIÓN ANDREA DE APOIO A NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS.

Importe do convenio: 3.000,00 €

Proxecto que se convenía: TRATAMENTO PSICOTERAPÉUTICO PARA AS FAMILIAS CON FILLOS/AS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS



### 7.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

O proxecto levouse a cabo a través da intervención Psicoterapéutica coas familias de nenos con enfermidades de longa duración. Intervencións axustadas a cada necesidade para poder sobrelevar dunha mellor maneira a enfermidade. Intervencións individuais directamente cas 27 familias, intervencións con todo o conxunto familiar ou intervencións grupais con familias con situacións similares.

### 7.2.- Obxectivos.

- ⊕ Os obxectivos das terapias grupais proporcionaron un entorno seguro onde resolveron problemas, dúbidas etc.. sentíronse comprendidos e acompañados.
- ⊕ Axudouse ás parellas a poder afrontar a realidade de convivir cun neno enfermo ou crónico e intentouse recuperar algún espazo da parella e diminuído estrés e a insatisfacción.
- ⊕ Apoio emocional conxunto e resolución de problemas.
- ⊕ Apoio no duelo a aquelas familias que tiveron que pasar por ese duro desenlace do seu fillo/filla.

### 7.3.- Persoas participantes.

No Centro Amaía os beneficiarios do proxecto foron 27 nenos e nenas e os seus irmás e pais de idades comprendidas entre 2 anos e 18 anos.

## 8.- ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL - ASPAS.

Importe do convenio: 6.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE RESPIRO OU EMERXENCIA FAMILIAR.



### 8.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

A discapacidade intelectual produce un gran impacto na familia, afectando á calidade de vida de todos os seus membros e de xeito diferente nas distintas etapas do ciclo vital da familia. O impacto da discapacidade xera importantes respostas emocionais. Estas respostas, unidas a outros factores, como a presión do tempo e a carga de traballo, o esforzo físico e mental, que require o coidado dos fillos, incrementado cando hai que



atender a un fillo con discapacidade, acaba producindo un gran impacto emocional que pode afectar ás relacións de parella, á saúde, ao goce do lecer e ás relacións sociais.

Nos últimos anos as familias de ASPAS demandan un servizo que cubra en momentos puntuais a atención do seu membro con discapacidade cando na contorna familiar xorden urxencias ou situacións de estrés. ASPAS creou un servizo de estancias temporais - respiro familiar de fins de semana, que da cabida a estas demandas para mellorar a calidade de vida das familias con membros con discapacidade intelectual ao poder ofrecerlles uns días de descanso, mentres o seu familiar é atendido por profesionais da entidade.

Tamén está dirixido a aquelas persoas con discapacidade intelectual. que non dispoñen de apoios no seu entorno durante os períodos de peche de outros recursos da Asociación, Vivendas ou Residencia.

A Asociación dispón de 2 pisos cedidos polo Concello de Santiago na Rúa Roma, 5 de Fontiñas. O servizo faise dende o venres as 18,30 horas (saída do Centro) ata o luns as 10 horas, en que os usuarios volven o Centro. Cada fin de semana, poden participar 6 persoas con discapacidade intelectual, 3 por cada piso. Desenvólvense actividades encamiñadas o fomento da vida autónoma y o coidado persoal, colaborando en todas as tarefas, aseo, limpeza, compra, planificación das actividades de ocio, etc. Cada ano a demanda do servizo é maior por parte das familiar polo que este ano intentamos facer mais quendas de fin de semana

## 8.2.- Obxectivos.

### a).- Obxectivos xerais:

- ⊕ Mellorar a calidade de vida das familias demandantes dun servizo de estancia temporal que cubra as necesidades e/ou urxencias que xorden na contorna familiar.

### b).- Obxectivos específicos:

- ⊕ Reducir o estrés familiar.
- ⊕ Cubrir as situacións de emerxencia familiar.
- ⊕ Favorecer a permanencia no entorno familiar natural da persoa con discapacidade intelectual, evitando a súa institucionalización.

## 8.3.- Persoas participantes.

O proxecto vai dirixido as 131 familias de persoas con discapacidade intelectual que pertencen a Asociación Aspás. Os tramos de idade son moi diversos debido o número tan amplo de destinatarios.

**9.- ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Importe do convenio: 2.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE ASESORAMENTO XURÍDICO.



**9.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**

O programa pretende dar resposta as medidas de asesoramento Xurídico encadradas no Protocolo Municipal de actuación para a Prevención de Desafiuzamentos e a Atención das Persoas afectadas asinado polo Concello de Santiago de Compostela e nesa liña xerar un recurso de asesoramento xurídico dirixida a aquelas persoas que sofren os efectos da crise económica con maior dureza, xa que vivir un proceso de desafiuzamento implica un sen fin de circunstancias estresantes que poden levar ao límite a capacidade de resposta da persoa e facilitan a aparición de efectos indirectos non desexados.

**9.2.- Obxectivos.**

- ✚ Asesoramento e vía previa, e recursos de alzada

**9.3.- Persoas participantes.**

Non consta computo de persoas ás cales se prestou asesoramento.

**10.- ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA ENFERMIDADES DO RIL DA CORUÑA (ALCER).**

Importe do convenio: 4.000,00 €

Proxecto que se convenia: ACTIVIDADES FÍSICAS E PSICOSOCIAIS E PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS.



**10.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**

O programa de sensibilización en materia de doazón de órganos, actividades físicas e psicosociais pretendeu fomentar a doazón de órganos entre a poboación de Santiago de Compostela a través de información clara e real sobre esta temática e presentándoa como un dos actos máis solidarios e altruístas que as persoas poden exercer tralo seu falecemento. Deste xeito, puido traballarse para que a taxa de negativas familiares en Galicia poida baixar do 15,5% rexistrado no ano 2023 e achegouse a importancia de ser

persoas doadoras en espazos non sanitarios para que se normalice e se eliminen falsos mitos existentes.

Realizáronse un total de 13 actividades de sensibilización en materia de doazón de órganos en ámbitos deportivos e educativos e de fomento da importancia de adquirir hábitos de vida saudable para o coidado da saúde renal entre xaneiro e setembro do 2024.

### **10.2.- Obxectivos.**

- Informar e promover a doazón de órganos entre as persoas estudantes no Concello de Santiago de Compostela.
- Sensibilizar sobre a toma de decisións en vida sobre a doazón de órganos en espazos de encontro da cidadanía en xeral (centros socioculturais, asociacións, espazos municipais e deportivos, feiras, eventos...)
- Dar a coñecer a doazón de órganos no concello de Santiago de Compostela mediante unha campaña de sensibilización no concello a través dos espazos deportivos.
- Fomentar hábitos de vida saudable que promovan a saúde renal e a saúde xeral; así como dar ferramentas de apoio que promovan a independencia nas actividades da vida diaria das persoas que amosen algunha dificultade neste eido.

### **10.3.- Persoas participantes.**

A poboación destinataria foi a cidadanía xeral do Concello de Santiago de Compostela e centrouse en:

- Mocidade e familias
- Profesorado e profesionais implicados no eido do ensino e do eido municipal
- Persoas maiores con enfermidades crónicas
- Deportistas afeccionados e profesionais do eido do fútbol da cidade compostelá
- Poboación xeral

O número total de persoas destinatarias directas das actividades realizadas foi de 8.590 (49 persoas estudantes do proxecto Salvavidas, 1.558 persoas informadas nas mesas instaladas, 6 persoas participantes no obradoiro e 28 xogadores formados do SD Compostela, 680 persoas informadas na campaña de hábitos de vida saudable en farmacias do Concello de Santiago e 6269 persoas alcanzadas nas publicacións realizadas das actividades realizadas nas redes sociais propias de Alcer Coruña).

Desglose de persoas destinatarias directas:

1. Centros de ensino:

- Alumnado de Santiago de Compostela: 49
- Nº de nenas e mulleres destinatarias totais: 32

2. Mesas informativas nos espazos deportivos de Santiago de Compostela: 710 persoas informadas.

3. Mesa informativa na Praza do Toural polo Día do Doante de Órganos: 798 persoas informadas.

4. Mesa informativa na Praza do Toural polo Día Mundial do Ril: 50 persoas informadas.

5. Formación aos xogadores da Sociedade Deportiva Compostela: 28 xogadores (homes).

6. Obradoiro informativo sobre adherencia á medicación:

- Nº total: 6 persoas con ERC e familiares
- Nº de mulleres: 6

7. Campaña para o fomento de hábitos de vida saudables nas farmacias de Santiago de Compostela: 680 persoas informadas.

Trala difusión das actividades realizadas a través das redes sociais da entidade, alcanzouse a un total de 6269 persoas:

- Facebook: 4.569
- Instagram: 985
- X: 715

#### 11.- ASOCIACIÓN DE ESCLEROSE MÚLTIPLE – ACEM

Importe do convenio: 9.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE FISIOTERAPIA PARA PERSOAS CON ESCLEROSE MÚLTIPLE, PÁRKINSON E ELA.



**11.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**



Este programa aborda de xeito integral os síntomas físicos que sofren as persoas diagnosticadas de enfermidades neurodexenerativas tales como Esclerose Múltiple (EM), Enfermidade de Párkinson (EP) e ELA. Con esta intervención, lógrase manter no tempo altos niveis de funcionalidade e autonomía persoal, ó tempo que se prevén dun deterioro prematuro por causa da patoloxía diagnosticada, logrando así contribuír coa mellora da calidade de vida das persoas afectadas. En concreto, durante o período que abrangue este convenio (xaneiro a setembro de 2023), leváronse a cabo as seguintes accións:

- Valoración de cada persoa doente para coñecer a súa casuística e condicións concretas.
- Deseño personalizado do plan de rehabilitación fisioterapéutica adecuado ás necesidades específicas de cada persoa, formulando obxectivos acordes coa valoración previa realizada.
- Intervención, atendendo á globalidade da persoa doente e potenciando as súas capacidades.
- Revisión continua do plan de rehabilitación, adaptándoo segundo a evolución da patoloxía e/ou outros factores (ambientais, sociais, familiares,...) que puideran repercutir sobre o estado de saúde e a funcionalidade.
- Educación na saúde, tanto a doentes coma ós seus familiares e/ou persoas cuidadoras, incidindo na importancia de manter unha vida activa.

### 11.2.- Obxectivos.

#### a).- Obxectivo xeral:

- ⊕ Contribuír á mellora da calidade de vida da persoa afectada, así coma a do seu entorno.

#### b).- Obxectivos específicos:

- ⊕ Realización dun tratamento individual e específico deseñado para cada persoa usuaria.
- ⊕ Mantemento, na medida do posible, da independencia e funcionalidade da persoa afectada para as ABVD, contribuíndo, deste xeito a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas.
- ⊕ Fomento da independencia, tanto funcional coma social, do enfermo fóra do seu entorno.
- ⊕ Prevención de dificultades derivadas da evolución da doenza a través de asesoramento.

### 11.3.- Persoas participantes.

O programa desenvólvese con persoas que padecen enfermidades neurodexenerativas crónicas, tales como a Esclerose Múltiple (EM), o Párkinson (EP), a Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA) e outras doenzas similares.

Durante o ano 2024, as persoas responsables do proxecto traballaron cun total de 58 persoas. Respecto da doenza, a maior parte das persoas coas que traballaron as profesionais, un 47%, están afectadas de EM, un 43% de EP, un 5% de ELA e un 5% de outras patoloxías (Corpos de Lewi).

No que se refire á idade e, aínda que o rango de idade co que traballamos é moi amplo, cabe sinalar que a maioría das persoas teñen mais de 45 anos. Porén, existen diferenzas significativas segundo a doenza. No caso das persoas afectadas por EM, a maioría sitúanse nun tramo de idade de entre os 40 e os 60 anos, a diferenza das persoas afectadas por EP, que aínda que cada día aparecen casos de xente mais nova, e xa temos persoas menores de 50 anos, a maioría teñen mais de 60 anos.

Por último, destacar que a maior parte das persoas que acoden a este servizo teñen unha discapacidade e/ou dependencia recoñecidas.

## 12.- FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

Importe do convenio: 23.000,00 €.

Proxecto que se convenia: PROXECTO PROMOCIONA.



### 12.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Programa de Inclusión Promociona Ayto Santiago. Programa de Inclusión que a través de itinerarios integrados de inclusión social persigue mellorar os niveis educativos, así como as competencias básicas, transversais, dixitais e profesionais das persoas participantes e as súas familias, fomentando a obtención do Graduado en ESO e a continuidade de estudos postobligatorios

Accións: aulas de reforzo educativo; reforzo educativo individualizado; aula de formación en competencias dixitais, orientación educativa individualizada e grupal con familia e alumnado facendo especial finca-pé na capacitación competencial; coordinación con centros educativos e outros axentes e servizos, Mentoring com empresas e entre iguais, encontro de familias e estudantes, accións de participación social.

Os aspectos máis salientables e que pouco a pouco o obxectivo do programa se vai cumprindo e cada vez mais rapaces e rapazas obteñen o graduado en ESO, continúan estudando e finalizan os seus estudos posobligatorios. O claro exemplo é que no curso 23-24 titularon 10 xóvenes, 4 en postobligatorios e 6 no graduado en ESO.

Outro aspecto salientable é a súa mellora nas competencias dixitais o introducir no programa a aula dixital.

### 12.2.- Obxectivos.

- Favorecer a normalización educativa do alumnado xitano para conseguir taxas mais elevadas de éxito académico en Educación Primaria e na Educación Secundaria Obrigatoria e promover a súa continuidade en Estudos Medios e/ou superiores e Formación profesional.
- Facilitar a transición entre Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, a permanencia no sistema educativo e a promoción a estudos superiores.
- Xerar e potenciar as condicións necesarias para propiciar o éxito educativo da comunidade xitana e, en definitiva de toda a comunidade educativa mediante o traballo cos diferentes actores implicados: alumnado, familias, centros educativos e outros axentes sociais.
- Reducir a brecha dixital para potenciar o acceso e o uso do alumnado e das familias das ferramentas dixitais.

### 12.3.- Persoas participantes.

Alumnado de etnia Xitana cursando, 4º a 6º de primaria, ESO e postobligatorios que non presenten máis dun 20 % de absentismo escolar e que non teñan máis de dous anos de desfase curricular. **33 participantes**

Familias destes nenos e nenas dispostas a colaborar cos obxectivos do programa. **25 familias**

Centros educativos onde cursan os seus estudos. **11 centros educativos**

Outros axentes: administración, empresa, servizos sociais, outras entidades intervintes cos menores e familias.

## 13.- COCIÑA ECONÓMICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Importe do convenio:* 60.000,00 €

*Importe xustificado:* 60.000,00 €

*Proxecto que se convenia:* PROGRAMA PARA GARANTIR AS NECESIDADES DE MANUTENCIÓN BÁSICA A PERSOAS SEN RECURSOS DO ANO 2022 DA COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO.



### 13.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

A finalidade-obxectivo desta Asociación é a de facilitar e proporcionar ás persoas que contan con limitados medios económicos, alimentos e comidas a prezos módicos. A Cocina Económica desenvolve este programa proporcionando almorzos, comidas e ceas nas súas instalacións. Como aspectos máis salientables:

- a) os menús que ofrece a Cocina están visados por nutricionistas, e son variados e equilibrados
- b) procúrase que os usuarios manteñan unhas normas de respecto co persoal, voluntarios e co resto do usuarios, e un bo comportamento no comedor
- c) a Cocina proporciona comidas para levar, cando algún dos usuarios non pode acudir ao comedor por enfermidade, razóns laborais ou outros motivos, e tamén a petición da policía local de Santiago de Compostela cando algún usuario atópase detido.

Concretando, o que poden achegar estas accións, ás necesidades e ás persoas beneficiarias, sería cubrir unha das necesidades básicas desas persoas como é, a de poder ter diariamente unha alimentación equilibrada e saudable.

### 13.2.- Obxectivos.

- ⊕ Facilitar e proporcionar ás persoas que contan con limitados medios económicos, alimentos e comidas, a prioridade e que ninguén que acuda ao noso comedor quede sen atender

### 14.3.- Persoas participantes.

As persoas destinatarias principalmente son veciños e veciñas de Santiago de Compostela, residentes na cidade e arredores, e transeúntes que ocasionalmente veñan por Santiago. As idades van dende os 18 anos en adiante, non dispoñemos dun comedor para nenos e o comedor principal consideramos que non é apropiado para pequenos, de tódolos xeitos o que si facemos e facilitar bolsas de comida e produtos infantís as nais e pais que o precisen.

Do sector de poboación atendida e o número: a prioridade da Cocina e proporcionar comidas ás persoas en situación de necesidade e risco de exclusión social e aínda que sen levar unha estatística por sectores os usuarios serían homes e mulleres, dependentes, discapacitados, minorías étnicas (locais e inmigrantes), persoas con problemas de adiccións e problemas mentais, persoas procedentes de institucións penitenciarias e todas aquelas persoas que acudan ao comedor da Cocina Económica, sen discriminación de ningún tipo. No que se refire ao número de usuarios deste ano 2024, podemos facilitar os datos hasta o mes de agosto que son os seguintes:

- Xaneiro 10.217 servizos (almorzos, comidas e ceas)



- Febreiro 10.219 servizos (almozos, comidas e ceas)
- Marzo 10.632 servizos (almozos, comidas e ceas)
- Abril 10.460 servizos (almozos, comidas e ceas)
- Maio 10.857 servizos (almozos, comidas e ceas)

Por tanto o total foi de 52.385 servizos de comedor dende xaneiro de 2024 ata maio de 2024.

#### 14.- CARITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Importe do convenio: 120.000,00 €

Importe xustificado: 120.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE ATENCIÓN PRIMARIA e VIVENDAS DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA PARA PERSOAS SEN FOGAR (PROGRAMA ALARES PARA PERSOAS SEN FOGAR)



#### 14.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Cáritas Interparroquial de Santiago, a través do programa de Atención Primaria, atende a persoas en risco de exclusión social, tratando de dar resposta a calquera demanda social. Na acollida, a técnica empregada é a entrevista. A atención, por medio da cal, se detectan as necesidades e a orixe do situación carencial. A continuación, dáse resposta que tecnicamente se considere mais convinte. Sempre se trata de resolver cos recursos propios e cando non foi posible usamos a derivación a outros centros alleos, a administración local ou a outras institucións. Polo tanto perséguese:

- ✦ **ACOLLER** ás persoas en situación de dificultade, ben sexa económica ou de calquera outra índole.
- ✦ **COORDINAR** coas diferentes entidades sociais e cos propios Serv. Soc. Comunitarios.
- ✦ **RESOLVER** as situacións, de carácter social, demandadas polas persoas usuarias.
- ✦ **DERIVAR** ás persoas usuarias aos diferentes proxectos de Cáritas co obxectivo de intentar resolver o que demandan.

#### 14.2.- Obxectivos.

- ✦ Fomentar a integración dos participantes favorecendo a súa autonomía e a resolución dos conflito.
- ✦ Proporcionar os medios axeitados para a obtención de calidade de vida.

- ⊕ Evitar situacións límites por perda de vivenda ou carencia de medios para as actividades da vida diaria.
- ⊕ Promover a incorporación á sociedade dos participantes en risco de exclusión.
- ⊕ Cubrir necesidades básicas de alimentación, roupa, medicinas e teito.
- ⊕ Formar en habilidades sociais.

### 14.3.- Persoas participantes.

#### NOME DA ACTIVIDADE. **Atención Primaria básica**

As persoas destinatarias do programa de Atención Primaria son tódolos colectivos sociais sen excepción.


Este ano, a través deste programa, atendéronse 886 solicitudes e déronse 761 respostas, a un total de 442 participantes, beneficiando a unhas 831 persoas.

No día a día, o colectivo máis numeroso é o de persoas inmigrantes, unha gran parte delas tamén familias.

Outro colectivo importante e numeroso, son as familias, na súa maioría monoparentais, ben por falecemento dun dos proxenitores ou por ruptura familiar, dándolles resposta a diferentes problemáticas: aluguer, facturas, alimentos...

Os desempregados tamén foron un colectivo salientable este ano; atendendo a persoas con diferentes demandas: axudas económicas, orientación laboral, derivación a outros recursos da cidade...

Coordinámonos con outros programas de Cáritas, así como coa Cociña Económica e o Albergue, para a atención do colectivo de sen fogar/sen teito, atendendo as súas problemáticas.



## ACTIVIDADE 2

NOME DA ACTIVIDADE. **Familia Aberta**

DESCRICIÓN.

Acompañamento a persoas que se atopan nunha situación de soidade.

-Entrevista inicial e valoración da situación social.

-Visitas domiciliarias de acompañamento e seguimento telefónico.

-Posibilidade de compartir con outras persoas.

Este programa xorde como apoio a Atención Primaria, complementando así a resolución de problemas dos nosos participantes que se atopan en situación de soidade.

#### OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE.

**RECREAR** o ambiente familiar que non teñen as persoas que viven ou se senten soas.

**FOMENTAR** o afecto mutuo, a colaboración e a bondade do compartir.

**PROPORCIONAR** os medios axeitados para a obtención de calidade de vida.


**EVITAR** situacións extremas ocasionadas pola soidade (depresión...).

**PROPORCIONAR** un espazo onde poder xuntarse e compartir o día a día cunha “familia” aínda que sexa só por unhas horas.

**CUBRIR** as necesidades básicas que nos aporta ás persoas o convivir unhas con outras (afecto, cariño, sentirse útil, alguén con quen falar, etc.).

#### PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Traballamos durante este período cun total de 44 persoas, diferenciando por unha parte a actividade presencial que se realiza diariamente nas dependencias do Convento de San Francisco, e por outra banda o acompañamento e seguimento nos domicilios. Para as actividades presenciais contamos cunha media de 15 persoas diarias. Destaca o perfil de persoas maiores que viven soas, aínda que tamén nos atopamos cun número importante de persoas de mediana idade (inmigrantes, viúvas, separadas).



### **ACTIVIDADE 3** NOME DA ACTIVIDADE. **Fogares Abertos**

#### DESCRICIÓN.

Trátase dun servizo de acollida temporal para familias/persoas residentes na cidade que por algunha circunstancia se atopan nunha situación de risco de exclusión social. Este programa xorde como apoio a Atención Primaria, complementando así a resolución de problemas de vivenda dos nosos participantes.

#### OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE.

**FACILITAR** un aloxamento digno coas características propias dun fogar.

**GARANTIR** a cobertura das necesidades básicas das persoas.

**FAVORECER** o exercicio dos dereitos básicos recoñecidos ás persoas: vivenda, saúde, prestacións sociais...

**PROMOVER** un lugar de encontro de persoas de circunstancias familiares similares.



PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

Persoas que se atopan nunha situación de risco de exclusión social e necesitan axuda para o acceso a unha vivenda digna.

Durante este ano 2024 estiveron acollidas nestas vivendas un total de 41 persoas, destacando maioritariamente os migrantes.



### **LUGAR DE REALIZACIÓN**

Actualmente contamos con varias vivendas de acollida para levar a cabo este servizo:

- Home Santo, 54 – 2º B
- Costa Vella, 12 – 3º
- Marrozos – Ardagán, s/n (3 apartamentos)
- Plaza Sofía, 3 – 1º C
- Rúa Roma, 5 – Bajo D

**ACTIVIDADE 4** NOME DA ACTIVIDADE. **VIVENDAS DE TRANSICIÓN Á AUTONOMÍA PARA PERSOAS SEN FOGAR – PROGRAMA ALARES PARA A INCLUSIÓN RESIDENCIAL DE PERSOAS SEN FOGAR**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: **PROGRAMA ALARES DE INCLUSIÓN RESIDENCIAL – Liña de vivendas de transición**

Este proxecto nace para dar resposta á falta de recursos residenciais de media e longa estancia para aquelas persoas en grave risco e precariedade social nas condicións propias dun fogar. A finalidade é restaurar o seu proxecto vital, saír gradualmente desa situación de exclusión e reincorporarse de maneira activa exercitando todos os seus dereitos e participando en condicións de igualdade nos diferentes ámbitos locais da cidade.

A proposta municipal concretouse no Programa Alares, que **ofrece apoio e asesoramento en materia de vivenda** (busca de vivenda, solicitude de axudas públicas...) e no acceso as **Vivendas de transición á autonomía**: prazas en pisos compartidos con supervisión puntual e apoio personalizado.

**OBXETIVOS**

**a) XERAL**

- **Acompañar** a persoas en grave risco de exclusión social no seu proceso de **incorporación social, proporcionándolles de forma temporal un fogar** e un **apoyo psicotécnico e socioeducativo** necesario para que adquiran as habilidades, estratexias e competencias que lles posibiliten un proxecto de vida autónomo e independente.

**b) ESPECÍFICOS**

- Facilitar un aloxamento coas características de seguridade e confort propias dun fogar
- Garantir a correcta **cobertura das súas necesidades básicas**
- Favorecer o **exercicio dos dereitos** recoñecidos ás persoas: vivenda saúde, educación, xustiza, prestacións sociais, participación...
- **Acompañar no proceso de adquisición** de estratexias, habilidades e competencias persoais para xestionar a propia vida de forma positiva e estable
- Favorecer a adquisición de **hábitos saudables e a correcta xestión dos recursos dispoñibles**.

As principais destinatarias foron **persoas en situación de senfogarismo e/ou que arrastraban unha traxectoria de inestabilidade residencial**, a maior parte delas sen

ingresos (non percibían prestación no momento da valoración nin a tiñan solicitada), maiores de idade e con autonomía funcional para a realización das ABVD.

No caso da vivenda de transición, a maioría dos participantes non contaban con ingresos económicos de carácter regular cando se produciu a entrada no recurso, e aqueles que sí os tiñan presentaban a **necesidade de apoio en materia de xestión económica**,

As persoas destinatarias da vivenda de autonomía foron persoas con ingresos regulares pero con traxectoria de inestabilidade residencial, que teñen coma obxectivo fundamental o acceso ao emprego. As persoas residentes accederon ao programa tras ser informados polos servizos sociais ou polo equipo profesional do CASC Vieiro.

Este ano pasaron polas vivendas do programa ALARES un total de 21 persoas, dos cales 13 foron novas incorporacións. **Destas 21 persoas, 16 son homes e 5 mulleres.**

**Clasificación por idades das persoas que accederon ás vivenda de transición e autonomía:**

- Menor de 30 anos (0)
- De 31 a 45 anos (5)
- De 46 a 65 anos (16)
- Maior de 65 anos (0)

**Clasificación por procedencia das persoas persoas que accederon ás vivendas de transición e autonomía**

- Galicia (6)
- España (6)
- Comunitario (2)
- Extracomunitario (7)

A pesar do apoio do Concello de Santiago para a creación de prazas e recursos residenciais destinados a persoas en situación de senfogarismo, podemos concluír que ditas prazas non son suficientes, e non se adaptan ás principais necesidades detectadas en Compostela.

Dende o programa ALARES xestiónanse prazas para persoas en proceso de transición (vivenda de transición) e para persoas que xa contan con certo grao de autonomía, mediante un realugueiro de habitacións a aquelas persoas que, a pesar de contar con ingresos económicos, non atopan quen lles alugue un cuarto ou apartamento, ben por carecer de contrato de traballo ou por posuír certas características (parellas, mascotas...), pero segue sen haber un recurso residencial de baixa esixencia onde as persoas poidan iniciar o seu proxecto vital establecendo obxectivos a curto e medio prazo.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

O programa ALARES ademais desenvolve outro tipo de actuacións non financiadas polo Concello de Santiago que favorecen a inclusión residencial de persoas en situación de senfogarismo encamiñadas a facilitar o acceso e o mantemento da vivenda normalizada. Estas actuacións céntranse no apoio e asesoramento en materia de vivenda e nunha liña de axudas económicas para pago de fianzas ou alugueiros que permitan garantir a estabilidade residencial.

<b>INDICADORES DE RESULTADO</b>	
<b>Inclusión no programa</b>	<b>Nº beneficiarios</b>
Número de persoas atendidas	<b>21</b>
Número de persoas valoradas para inclusión no programa residencial	<b>12</b>
Número de persoas que accederon á vivenda de transición	<b>8</b>
Número de persoas que accederon á vivenda de autonomía	<b>4</b>
<b>Desenvolvemento do programa</b>	<b>Nº beneficiarios</b>
Número de persoas que recibiron apoio para a cobertura das necesidades básicas	<b>14</b>
<b>Vivendas de transición e autonomía</b>	<b>Nº beneficiarios</b>
Número de persoas en proceso de preparación da saída	<b>1</b>
Número de persoas que saíron das vivendas en 2024:	<b>13</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Por non superar o período de proba</li> </ul>	<b>1</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Por superar o tempo máximo de estancia</li> </ul>	<b>2</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Por propia iniciativa</li> </ul>	<b>3</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Por cumprimento de obxectivos</li> </ul>	<b>4</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Por incumprimento da normativa</li> </ul>	<b>3</b>
Número de participantes que continúan recibindo apoio psicosocial tras saír da vivenda	<b>7</b>
Número de participantes que se manteñen de xeito autónomo tras saír da vivenda	<b>3</b>

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

INDICADORES DE RESULTADO	
Número de participantes cos que non se ten contacto tras saír da vivenda	3
Evolución dos participantes	Nº beneficiarios
Persoas sen ingresos ao inicio	10
Persoas que recibiron prestacións de carácter puntual	3
Persoas que reciben prestacións de carácter regular	8
Persoas que reciben ingresos procedentes da actividade laboral	7
Número de accións formativas realizadas polos participantes	2
Número de participantes en busca activa de emprego	6
Persoas que atoparon un emprego	8
• Puntual	4
• Regular	4

Dos indicadores de resultado podemos concluir que:

Durante o 2024, **acolléronse a 21 persoas nas vivendas xestionadas polo programa ALARES.**

Ofreceuse **apoio para a cobertura de necesidades básicas de alimentación, hixiene, vestido e farmacia a 14 persoas**, a maior parte delas residentes na vivenda de transición. (**\*OE2**) Puntualmente tívose que prestar apoio para cobertura de alimentación e farmacia a unha parella residente na vivenda de autonomía, na que se detectou carencias en materia de xestión económica xa que a pesar de ter un salario axeitado (mais de 1000 euros/mes) non eran capaz de ter cubertos aspectos tan básicos coma a alimentación, farmacia e transporte para acudir a traballar.

Tamén se ofreceu apoio en materia de economía doméstica e acompañamento para a adquisición de hábitos saudables a 9 persoas. (**\*OE4, OE5**)

Actualmente residen nas **vivendas de transición e autonomía 8 persoas, 4 na vivenda de transición**, cun maior grao de acompañamento e **4 na vivenda de autonomía**. Destas últimas, dúas están traballando de xeito regular, e estase a preparar con elas a saída cara vivenda independente.



A **avaliación cualitativa** de resultados levouse a cabo analizando o grao de cumprimento dos obxectivos individuais fixados nos Itinerarios Personalizados. No 2024 asináronse 14 itinerarios personalizados con diferentes resultado. A información individualizada de cada persoa transmítese anualmente ao departamento de servizos sociais mediante unha breve memoria e informes a petición dos Servizos sociais ademais de manter unha coordinación habitual para informar das diferentes situacións.

A mellora paulatina das persoas que se manteñen en pisos, habitacións e nos recursos de transición e autonomía é evidente. Tres das persoas participantes destes recursos contan na actualidade con **autonomía plena a nivel económico e residencial** grazas ao emprego e a un alugueiro independente no mercado común.

#### c).- **PROGRAMA APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS E EN ESPECIAL PROTECCIÓN. PROGRAMA ABEIRO**

O programa Abeiro é o único programa **referente na nosa comunidade** que leva traballando con familias monoparentais desde o ano 2001 (Cáritas Parroquial de Fontiñas que á súa vez pertence a Cáritas Interparroquial de Santiago e a Cáritas Diocesana de Santiago), onde se dá unha resposta integral de intervención socioeducativa e acompañamento a estas unidades familiares e desde o ano 2013 tamén a familias en especial protección da nosa comunidade con fillos e fillas menores de 18 anos ao seu cargo. Abeiro é un programa integral de apoio ás familias que se encontran en situación de especial dificultade e trata de favorecer a inserción sociolaboral dos membros das familias, realizando un traballo socioeducativo con toda a unidade familiar; a voluntariedade de participación da familia no programa, os obxectivos marcados ao principio de cada intervención, o deseño dun proxecto individualizado por cada unidade familiar e o traballo das potencialidades de cada unha delas, sendo elas mesmas protagonistas dos seus cambios, fai de **Abeiro un referente no traballo integral coa familia**, posibilitando a integración social das familias na comunidade. Consideramos prioritario o traballo integral coas familias monoparentais e en especial protección da nosa comunidade como mecanismo de prevención de posibles situacións de risco e de apoio ás mesmas. A familia monoparental e en especial dificultade precisan dun apoio específico e cualificado ás súas circunstancias familiares: soidade, dificultades económicas, dependencia de recursos públicos, privación de liberdade dalgún dos seus membros, situacións de violencia, accesibilidade á vivenda, complicada inserción formativo laboral, conciliación da vida familiar e laboral e as dificultades de moitas delas da súa capacidade de superación para afrontar os distintos ciclos vitais familiares.

**DATOS DE ATENCIÓNS PROGRAMA ABEIRO 2024**

<b>FAMILIAS ATENDIDAS</b>	<b>BENEFICIARIOS (DIRECTOS INDIRECTOS)</b>	<b>MENORES ATENDIDOS</b>
<b>39 familias, das cales 29 son monoparentais</b>	<b>138</b>	<b>52</b>

**RESUMO DOS SERVIZOS 2023:**

- Apoio integral ás familias monoparentais e familias en especial protección.
- Orientación laboral e formativa.
- Obradoiros de estratexias e procura de emprego.
- Información, derivación e acompañamento aos recursos laborais e formativos.
- Apoio e acompañamento socioeducativo da rapazada durante a xornada laboral ou formativa dos/das proxenitores/as.
- Información da oferta educativa existen nos diferentes cursos académicos, acompañamento a formalización de matrícula (ESA, FP a distancia ou presencial...)
- Facilitar estratexias, habilidades e destrezas aos proxenitores na mellora do traballo educativo cos seus fillos e coas súas fillas dentro e fóra do fogar.
- Atención ás necesidades individuais dos membros da familia.
- Accións preventivas e de coordinación cos servizos normalizados educativos: escolas infantís, colexios e institutos.
- Información e derivación aos recursos educativos e sociais do tecido social no que estamos inmersos.
- Coordinación cos servizos sociais e outros recursos existentes.
- Garantías de privacidade dos intereses familiares.
- Horario ininterrompido de 8:00h a 20:00h de setembro a xuño. En xullo de 8:00h a 15:00h.
- Cobertura nos horarios de almorzo e xantar.
- Actividades formativas coas familias: obradoiros de alfabetización en matemáticas, lingua e cultura xeral, lingua castelá para inmigrantes, información, derivación e/ou preparación sobre as probas para a obtención da cidadanía, información e formación de competencias claves, ESO e ESA, encontros de formación, (habilidades sociais, economía doméstica, vida saudable...), obradoiros manuais e de cociña, obradoiros forum, cursos específicos propostos tanto por nós como por outras entidades.
- Actividades de lecer: Encontros interxeracionais, convivencias, saídas de carácter cultural, celebración de festas, obradoiros de expresión artística e cociña...

- Actividades formativas e educativas coa rapazada: reforzo escolar, motivación cara o estudo e preparación cara o futuro, habilidades sociais e comunicativas, educación para a saúde, resolución de conflitos...
- Proposta de alternativas de ocio sociocomunitario en familia.

## PERFIL DAS FAMILIAS:

### ➤ FAMILIAS MONOPARENTAIS:

- Formadas por un só proxenitor/a con fillos/as menores de dezaioito anos ó seu cargo. Familias monoparentais sen apoio de familia extensa, que precisen un apoio á súa monoparentalidade para conseguir a inserción socio-laboral ou a continuidade no mercado laboral ou tamén outros apoios máis específicos.
- Familias “potencialmente monoparentais” que debido a unha situación de enfermidade grave, inestabilidade de parella, inicio dun proceso de separación ou divorcio, abandono do fogar, ... son posibles familias monoparentais ou que na práctica teñen as mesmas condicións que unha familia monoparental.
- Familias temporalmente monoparentais que por unha emerxencia ou situación familiar específica: enfermidade- hospitalización, privación de liberdade, proxenitores alonxados temporalmente do fogar por razóns laborais, familias procedentes dunha migración progresiva e precisan dun servizo de apoio inmediato á unidade familiar.

### ➤ FAMILIAS EN SITUACIÓN DE ESPECIAL PROTECCIÓN:

- Familias formadas por ambos proxenitores/as con necesidades que poden ser distintas ou similares as plantexadas anteriormente pero precisan un servizo de apoio específico co fin de previr posibles situacións de vulnerabilidade e/ou risco social:
  - Desemprego e dificultades de empregabilidade: paro prolongado, familias perceptoras de PNCs, Risga, axuda familiar, IMV...
  - Traballo precario e descontinuo.
  - Escasa ou nula formación.
  - Economía familiar deficitaria.
  - Importante número de membros da unidade familiar en paro.
  - Serios cambios nas economías familiares.
  - Ausencia de lazos afectivos familiares.
  - Incorrecta distribución dos roles familiares: pais/nais ausentes, delegación das responsabilidades parentais nos fillos e nas fillas maiores, sobrecarga familiar dun membro.

- Rede de apoio familiar inexistente ou temporalmente inexistente.
- Condutas disruptivas na rapazada.
- Dificultades no proceso educativo dos/das menores.
- Situación de vulnerabilidade social dos/das menores.
- Desorganización e carencia de prioridades na economía doméstica.
- Problemas de consumos nocivos.
- Pertenza a colectivos minoritarios.
- Violencia de xénero.
- Déficits formativos e culturais.

- Familias con medidas de apoio ou protección aos menores por parte da administración.
- Familias que reproducen condutas dos seus pais e nais que participaron no programa sendo elas menores. (TIP- transmisión interxeracional da pobreza): As dificultades que teñen as xeracións que viviron os primeiros anos nun fogar en situación de pobreza para xerar un cambio ascendente na súa situación económica, en relación coa xeración anterior.


PERSOAL TÉCNICO	VOLUNTARIADO (atención educativa e coordinación do programa)
Tres educadoras (dúas a xornada completa e a outra 15 h semanais)	13 persoas voluntarias

**ABEIRO EN IMAXES 2023** Algunhas formacións e obradoiros coas familias, rapaces e rapazas



## 15.- CRUZ VERMELLA

Proxecto que se convenia: CONVÉNIANSE VARIOS PROGRAMAS DIRIXIDOS A PERSOAS MAIORES OU PERSOAS SEN TEITO



### 15.1.- Teleasistencia Domiciliaria.

O concello de Santiago de Compostela ten asinado un convenio de colaboración, dende hai anos, con Cruz Vermella, para ofrecer á veciñanza o servizo de teleasistencia domiciliaria como recurso ponte e subsidiario á espera de poder obter o mesmo pero con carácter autonómico, se procede. O número de terminais conveniado ascende a 60, dos cales estiveron ocupados ao longo do 2024, a súa totalidade.

#### INTRODUCCIÓN

O proxecto Teleasistencia domiciliaria, consta dun terminal e un pulsador que se conecta dende calquera estancia do domicilio na que se atope a persoa usuaria co persoal profesional as 24 horas do día, os 365 días do ano, facilitando unha resposta e intervención inmediata ante calquera necesidade. No caso da Teleasistencia GSM, o servizo consta dun terminal que leva incorporada unha tarxeta SIM, motivo polo que non precisa ir conectado á liña telefónica fixa, e dun pulsador que se conecta, dende calquera estancia da casa na que se atope, co persoal profesional as 24 horas e os 365 días do ano, facilitando unha resposta e intervención inmediata ante calquera necesidade. En ambos casos, o pulsador, que pode levarse colgado ou no pulso,





é importante levalo posto sempre que se estea na casa, incluso na ducha, xa que é impermeable. En caso de necesidade, tan só hai que pulsalo.

#### PRESTACIÓNS:

- Axendas de seguimento dende a central de atención
- Outras axendas personalizadas
- Visita de seguimento por parte do voluntariado para garantir o debido manexo do funcionamento do sistema
- Auto test do servizo -Chamadas de emerxencia
- Instalación de dispositivos periféricos.

#### OBXECTIVOS

O servizo de teleasistencia ten como obxectivo que persoas que, atopándose nunha situación de risco, desprotección e/ou discapacidade, permanezan no seu fogar, atendendo a reiterada demanda dos mesmos e reforzando a súa autonomía e seguridade. Trátase dun servizo técnico, de natureza social que relaciona as persoas usuarias con sistemas de atención de emerxencias, mobilizando os recursos comunitarios existentes no seu ámbito.

#### PERFIL DA PERSOA USUARIA

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024, houbo un total de **88 persoas beneficiarias, 70 titulares y 18 persoas beneficiarias. O 76% das persoas usuarias foron mulleres fronte ao 24% que eran homes.**

**No 42% dos casos viven sós e no outro 58% viven con parella ou familia**

**A media de idade do total de persoas usuarias é de 84 anos.**

<65 anos: 1 persoas usuaria (unha muller). Entre 65 e 80 anos: 22 persoas usuarias: 18 mulleres e 4 homes. >80 anos: 65 persoas usuarias: 51 mulleres e 14 homes.
---

**Atendéronse 22 emerxencias dende principios de ano e máis de 1.334 axendas atendidas.**

#### SITUACIÓN ACTUAL TELEASISTENCIA

Contabilizáronse un total de 88 persoas usuarias, 70 titulares e 18 persoas beneficiarias. Do total de terminais instalados, 15 son equipos GSM.

**Dentro deste período de xaneiro a decembro, producíronse un total de 13 altas e 9 baixas. Durante o período de referencia atendéronse un total de 48 incidencias.**

**O 100% das persoas usuarias reciben axendas de seguimento.**

### **DISPOSITIVOS PERIFÉRICOS**

Durante o ano 2024, instaláronse os seguintes detectores: 13 de caídas, 7 de gas e 5 de fume.

### **BAIXAS E ANÁLISIS DAS CAUSAS**

Durante o período de referencia producíronse 9 baixas no servizo.

- 4 por falecemento
- 1 por estar acompañada a persoa usuaria
- 2 por cambio de prestador de servizo
- 1 por perda de perfil para uso do servizo
- 1 por outros motivos

### **TIPOLOXÍA EMERXENCIAS E AXENDAS**

Na primeira gráfica está reflectido o número de emerxencias que se produciron ao longo do período de referencia e a súa tipoloxía.

- 12 emerxencias por urxencia médica
- 5 emerxencias por caídas
- 4 emerxencias por enfermidade repentina
- 1 emerxencia por consulta médica

### **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

Dende o 1 de xaneiro ata o 30 de setembro do 2024, realizáronse as seguintes actividades complementarias cos usuarios/as de teleasistencia municipal:

- Chamadas acompañamento semanal con voluntariado: 4 persoas (3 mulleres e 1 home)
- Acompañamento presencial con voluntariado semanal: 1 persoa (muller)
- Taller de memoria semanal: 1 persoa (muller).
- Actividade de teatro social- Rosalía de Castro: 1 persoa (muller). Data realización 26 febreiro 2024.
- Entroido: 2 persoas (mulleres). Data realización 16 de febreiro 2024.
- Actividade de seguridade vial: 2 persoas (mulleres). Data realización 11 de marzo 2024.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

- Celebración día da muller: 1 persoa (muller). Data realización 14 de marzo 2024.
- Celebración do día das letras galegas: 1 persoa (muller). Data realización, 24 maio 2024.
- Excursión as Illas de Ons: 1 persoa (muller). Data realización 20 de xuño 2024.
- Campaña onda de frío (xaneiro -febreiro): 58 persoas (8 homes e 50 mulleres)
- Campaña onda de calor (setembro): 55 persoas (49 mulleres e 7 homes).
- Magosto (15 novembro): 2 mulleres

Total persoas diferentes, atendidas nas actividades complementarias: **60 persoas (52 mulleres e 8 homes).**



Seguridade Vial



Magosto



Excursión Illas Cíes



Celebración día da muller

## 15.2.- Programa de atención ás persoas sen fogar.

### 1. *Introdución*

Cruz Vermella en Santiago atende a través desde proxecto a persoas en situación de exclusión social severa que non poden acceder ou conservar un aloxamento adecuado, adaptado á súa situación persoal, permanente e que lles proporcione un marco estable de convivencia; xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras Sociais, ou porque presentan dificultades persoais para unha vida autónoma. Neste sentido, o perfil das persoas atendidas vén sendo o seguinte:

- Persoas que viven nun espazo público, ou que pasan moitas horas neste
- Persoas que viven nun espazo temporal ou de tránsito, como albergues



- Persoas que viven en estruturas temporais e non convencionais.

## **2. Actuacións**

As actuacións do equipo de Cruz Vermella contemplan unha intervención integral e de urxente necesidade, facilitando distintas alternativas que permitan diminuír a estanza das persoas en situación de rúa, fomentando accións de promoción da saúde e autocoidados e, a medio e longo prazo, a recuperación de habilidades e medios de vida para a conseguir a autonomía das persoas, acompañándoas durante o seu proceso.

Abórdanse os casos de persoas que están en situación de extrema vulnerabilidade, cunha metodoloxía baseada na xestión de recursos, intervención centrada no presente, cunha relación de axuda estruturada e unha abordaxe interdisciplinar.

### OBXECTIVOS OPERATIVOS

- *Orientar sobre dereitos, trámites e recursos, vencellados ao sistema sanitario.*
- *Acompañar ás persoas en exclusión a recursos de saúde e a outros recursos co obxectivo de fortalecer arraigo social e/ou regularizar situación administrativa.*
- *Orientar grupal ou individualmente sobre coidado e imaxe persoal/hábitos saudables.*
- *Ofrecer orientación ás persoas sen fogar sobre recursos sociais e/ou comunitarios existentes que contribúan a fortalecer a súa rede social. Así como sobre as axudas existentes.*
- *Ofrecer a posibilidade de pago de pensións a través de becas estratéxicas ás persoas que pernoitan na rúa como inicio dun traballo individualizado.*
- *Avaliación/Valoración das persoas usuarias e participación na elaboración dos itinerarios personalizados de inserción, así como a derivación a entidades que se valoren idóneas atendendo a cada caso.*
- *Intervención de rúa: atender e asistir na rúa ou no lugar no que as persoas viven*

### **2.1. Pago estratéxico de cuartos en pensións**

Desde Cruz Vermella enténdese como prioritario facilitar o acceso á vivenda, dentro das posibilidades das que dispón a entidade.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Tense comprobado que a intervención cas persoas é moito máis efectiva e proveitosa cando se parte dunha estabilidade respecto ó aloxamento; transformando modelos de intervención máis tradicionais onde o abandono dos itinerarios é moito máis elevado.

Durante o 2024 mantívose a colaboración con **6 hostais e hoteis da cidade**. Dando **cobertura residencial a 42 persoas, 15 persoas máis que en 2023**. O tempo medio de estancia diminúe aproximadamente nun mes, sendo no 2024 **de tres meses**, o que favorece a maior rotación das persoas e o incremento das mesmas.

**O perfil das persoas aloxadas non sofre significativas variacións respecto ao ano 2023, sendo aloxados 34 homes e 8 mulleres.**

### Evolución dos casos

A continuación, preséntase de xeito detallado, cal foi a traxectoria das persoas unha vez remata o apoio económico para o aloxamento facilitado por Cruz Vermella.

CASOS	MOTIVO
1	RETORNO FAMILIAR
2	MANTENSE NO ALOXAMENTO POLOS SEUS PROPIOS MEDIOS. PENSIONISTA.
3	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO
4	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO
5	TRASLADO A CENTRO RESIDENCIAL PUBLICO
6	PERCIBE PRESTACION E MANTENSE NO ALOXAMENTO
7	PERCIBE PRESTACION E MANTENSE NO ALOXAMENTO
8	IINGRESA EN RECURSO ESPECIALIZADO
9	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
10	MANTENSE NO ALOXAMENTO APOIADO POR CRUZ VERMELLA
11	ABANDONO POR INCUMPRIMENTO
12	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO

CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

CASOS	MOTIVO
13	PERCIBE PRESTACION E MANTENSE NO ALOXAMENTO
14	PERCIBE PRESTACION E MANTENSE NO ALOXAMENTO
15	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
16	TRASLADO A RECURSO ESPECIALIZADO
17	PERCIBE PRESTACION E MANTENSE NO ALOXAMENTO
18	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO.
19	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
20	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
21	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO
22	PERCIBE PRESTACION E MANTENSE NO ALOXAMENTO
23	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO
24	ABANDONO POR INCUMPRIMENTO
25	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA ALOXAMENTO
26	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO
27	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA ALOXAMENTO
28	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA
29	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA ALOXAMENTO
30	MANTENSE NO ALOXAMENTO APOIADO POR CRUZ VERMELLA
31	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA
32	ABANDONO DO ALOXAMENTO
33	PERCIBE PRESTACION E ABANDONA O ALOXAMENTO
34	APOIO PUNTUAL PARA EVITAR PERDA DE ALOXAMENTO
35	APOIO PUNTUAL. ABANDONA O ALOXAMENTO

CASOS	MOTIVO
36	MANTENSE NO ALOXAMENTO LOGO DE COMEZAR A TRABALLAR
37	APOIO PUNTUAL. MANTENSE POLOS SEUS PROPIOS MEDIOS
38	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
39	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
40	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
41	APOIO PUNTUAL POR EMERXENCIA SOCIAL
42	MANTENSE NO ALOXAMENTO APOIADO POR CRUZ VERMELLA

### ***Acompañamento social: unha oportunidade para humanizar a intervención***

O acompañamento social é unha metodoloxía de enfoque relacional, pero tamén un dereito recollido en textos legais de varias comunidades autónomas.

O que diferencia esta metodoloxía é o protagonismo que teñen tanto a persoas acompañadas como a que acompaña, precisando atención centrada na persoa.

Así, o funcionamento deste método dependerá do manexo dos equilibrios na horizontalidade e da xestión dos distintos tempos; ademais do apoio comunitario e do traballo en rede.

Neste sentido, o **70% das persoas atendidas durante este exercicio, teñen deseñado un proxecto personalizado de Inserción.**

Durante o 2024, **realizáronse un total de 120 acompañamentos con 51 persoas**, o 80% dos mesmos relacionados coa mellora da saúde e o achegamento ao sistema sanitario.

Percíbese un lixeiro aumento no número de persoas acompañadas respecto ás cifras do ano anterior.

### **Seguimentos**

Enténdese por seguimentos sociais todas aquelas intervencións que teñen como espazo de intervención a rúa ou o lugar no que as persoas viven.

Habitualmente, o perfil das persoas atendidas na rúa é un perfil moi baixo: persoas cun deterioro acusado e que frecuentemente non se achegan ós recursos, sendo preciso levar a intervención profesional ata onde se atopen.

Trátanse de intervencións na propia rúa, pero que van dirixidas á creación do vínculo preciso que permita o traballo a medio prazo coa persoa, **non sendo a finalidade meramente asistencialista.**

**Neste sentido, leváronse a cabo 55 rutas diúrnas, contactando con 24 persoas.**



### **Mediacións**

A mediación social constitúe o pilar fundamental deste proxecto. Cruz Vermella facilita o achegamento das persoas ós recursos e servizos; os profesionais actúan como ponte facilitando a comunicación e as solucións colaborativas e propician o achegamento a solucións adaptadas ás necesidades das persoas.

Ata setembro de 2024, realízanse **622 intervencións con 220 persoas distintas**. Isto supón un **incremento dun 30%** respecto dos datos do 2023, o que nos indica que a confianza que depositan as persoas atendidas en Cruz Vermella como primeiro recurso ó que achegarse, **segue medrando.**

#### *2. Conclusións*

O ano 2024 mantivo características similares ás que nos atopamos durante o 2023:

**Atendeuse dende o 1 de xaneiro ata o 30 de decembro do 2024 a: 342 persoas, das cales 69 eran mulleres e 273 homes**



Dificultade no acceso á vivenda. O aumento do prezo da vivenda fai que as persoas en situación de exclusión social severa teñan que destinar a maior parte dos seus recursos económicos a pagar os gastos de alugueiro. É frecuente escoitar "se pago o aluguer non podo comer, e se como non podo pagar o alugueiro"

A falta de vivenda de promoción pública, os prexuízos de acceso á vivenda estándar, presunción de precariedade económica, de mal uso do inmovible ou de convivencia co vecindario; fan que sexa precisa unha mediación constante.

Deterioro do perfil e agravamento do estado de saúde tanto física como mental das persoas atendidas. Detéctase un deterioro xeralizado que coincide coa pandemia e a paralización que teñen sufrido os procedementos e servizos, conlevando ó illamento ás persoas sen fogar; non habendo un factor de protección neste sentido. Por este motivo, faise preciso que a intervención sexa de redución de danos, debendo plantexar itinerario de mínimos.

## **15.3.- SEMUS.**

### **1. *Introdución***

O SEMUS COMPOSTELA (Servizo Municipal de Urgencia Social) cobre as urxencias de carácter social cando os Servizos Sociais Municipais non están operativos, realizando as súas intervencións no lugar onde se xera a urxencia social, cun tempo de resposta moi breve e ofrecendo solucións acordes ao contexto no que se producen. Ademais da detección de situacións existentes de marxinação, tamén realiza tarefas de prevención, ofrecendo información e apoio ante os primeiros síntomas de determinadas problemáticas sociais e a eliminación das causas puntuais doutras, que poderían conducir a situacións de exclusión e marxinalidade.

A poboación destinataria é a poboación en xeral, que se atopa incursoa nalgunha situación de risco, que requira de persoal especializado en intervención social (persoas maiores, menores en situacións de risco, mulleres vítimas de violencia, persoas sen fogar, situacións de rúa sobrevivida, violencia familiar, problemas sociosanitarios, persoas con discapacidade en situación de desprotección...)

## **2. Actuacións**

Ofrecer de xeito inmediato unha atención especializada a persoas, que de forma imprevista, se atopan en situación de vulnerabilidade social.

OBXECTIVOS OPERATIVOS:

- Complementar a atención dos Servizos Sociais Municipais e doutros dispositivos públicos
- ou privados nos horarios nos que estes non están operativos.
- Apoiar a labor realizado pola Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, cando no
- desenvolvemento das súas funcións se presenten problemáticas sociais que requiran
- inmediatez e sistemas especializados de resposta.
- Dar resposta, no menor tempo posible, ás urxencias sociais individuais e colectivas.

## **3. Rutas de atención a persoas sen fogar**

O equipo Semus realiza semanalmente saídas coa unidade móbil para dar apoio ás persoas sen fogar que pernoctan nas rúas da cidade. O equipo fará as seguintes rutas semanais para atender a persoas en situación de rúa:

- De xaneiro a maio e de outubro a decembro: tres rutas semanais en horario nocturno.
- De xuño a setembro: dúas rutas semanais en horario nocturno.


Estas saídas están coordinadas co equipo de Atención a Persoas sen Fogar de Cruz Vermella Santiago e os Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela que solicita confirmación de localizacións, busca de persoas usuarias ás que non se ten localizadas, ou entrega de recados a persoas usuarias concretas, ademais de informar das demandas que realizan e enviar informes da situación na que se atopan.

**OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE:**


- Aportar datos cuantitativos e cualitativos sobre a situación das persoas sen fogar no
- Concello de Santiago de Compostela, que faciliten a posterior intervención social.
- Facilitar a cobertura de produtos de primeira necesidade (sacos e alimentos quentes) que
- melloren a calidade de vida da persoa durante a súa estancia na rúa e a preveñan de
- posibles riscos para a súa saúde.
- Informar sobre recursos
- Iniciar a intervención con persoas sen fogar en situación de rúa que permita o
- acompañamento e deseño dun itinerario para a mellora da súa situación.

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 decembro do 2024 realizáronse as seguintes actividades:

- Número de rutas realizadas: **148 (das cales 12 eran por condicións metereolóxicas adversas)**
- Media de persoas en rúa localizadas cada noite durante todo o ano: 22
- Persoas localizadas no que vai de ano: 240




- **Número de persoas coas que se intervén en rúa, por sexo:**



Como se aprecia na gráfica, o colectivo maioritario son homes, chegando a supor o 76% do total de persoas atendidas en rúa, fronte a un 24% que foron mulleres.

- **Persoas usuarias por tramos de idade:**



Das persoas das que se teñen datos de idade, a maioría de usuarios se atopan entre os 44 e os 53 anos.

- **Recursos entregados nas rutas de calle dende xaneiro a decembro:**
    - Packs alimentos e bebidas: 5.499
    - Packs de abrigo: 1.150
    - Sacos: 381
    - Información sobre recursos: 45
- TOTAL: 7.075

#### 4. Dispositivo por climatoloxía adversa

Saídas para a realización de rutas nos días en que hai alertas por variacións bruscas nas condicións climáticas que poden supor un risco ou perigo para as persoas que pernoitan na rúa. Acordáronse uns requisitos (temperaturas inferiores a 4º, ventos superiores a 80 km/ h, choivas torrenciais e outras situacións de especial risco, por calor ou por frío).

OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.

- A prevención de riscos para a saúde derivados das condicións climatolóxicas adversas que padecen as persoas que se atopan en situación de rúa.
- Información sobre recursos dispoñible

Dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2024, realizáronse un total de 12 activacións por climatoloxía adversa.

Atendemos a un total de 190 persoas, todas elas se atopaban en situación de rúa.

Respecto os produtos entregados nas rutas por climatoloxía adversa, fixemos entrega dun total de 313 produtos, clasificados da seguinte maneira:

- Bebidas quentes: 170
- Sacos: 46
- Roupa de abrigo: 72
- Información recursos: 25

O 90% das persoas atendidas eran homes, fronte a un 10% que eran mulleres. A idade media das persoas atendidas era de 45-55 anos.

#### 5. Activacións en urxencias sociais



Cando se detecta unha situación de emerxencia social, os Servizos de Emerxencia activan o SEMUS para que interveña. Trátase de situacións sobrevividas que requiren de intervención inmediata tales como caídas de persoas maiores, menores en situacións de risco, mulleres vítimas de violencia, persoas sen fogar, situacións de rúa sobrevividas, violencia familiar, problemas sociosanitarios...


#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE:**

Acompañamento no proceso, na busca e ensaio de respostas de saída, IPIS-Derivación aos recursos especializados adecuados a cada situación. Realizáronse **188 activacións** para dar resposta a situacións de emerxencia dos seguintes colectivos:


- 7 activacións para atención a familias ante diversos problemas de urxencia (solicitantes de protección internacional, apoio con aloxamento, información...)
- 44 para atención á persoas maiores, tanto para realizar apoios en mobilización tras caídas en domicilios como para outro tipo de urxencias (persoas desorientadas, persoas que non responden ás chamadas, que necesitan apoio para algún tipo de xestión...).
- Atendéronse un total de **36 activacións por caídas non sanitarias, e 15 por caídas sanitarias**.
- 8 mulleres vítimas de violencia de xénero ou sexual. (Busca de recursos habitacional, información e asesoramento)
- 111 persoas sen fogar (busca de recurso habitacional, entrega de produtos, información, asesoramento...)
- 4 persoas con discapacidade ou con problemas de saúde mental que se atopan en situacións vulnerables. (acompañamentos médicos, entregas de ben, asesoramento e información).
- Outras situacións: 14 persoas (acompañamentos médicos, entregas de ben, asesoramento e información).

Respecto ás persoas que foron atendidas polo SEMUS COMPOSTELA por urxencias sociais:

- Persoas usuarias directas: 188
  - Persoas usuarias indirectas (membros da unidade familiar): 66
  - Total persoas beneficiarias distintas (directas e indirectas): 254
- A idade media das persoas das que se teñen datos de idade, a maioría de usuarios se atopan entre 50-70 anos.
- Respecto ó sexo das persoas usuarias do servizo, 63% foron homes e o 37% mulleres.



Respecto á nacionalidade, a maioría das persoas atendidas son de nacionalidade española (73 %).




**Entidades que realizan as activacións:**

- Policía Local: 45
- 061: 7
- Servizos Sociais: 20
- Cruz Vermella: 27
- 112: 35
- Policía Nacional: 10
- Particulares: 39
- Outras

entidades:

5



## 6. Outras accións para o funcionamento do servizo

- Voluntariado: o servizo levouse a cabo cun total de **17 persoas voluntarias**.
- Realización de reunións de coordinación cos servizos sociais
- Reunións coordinación co equipo técnico de persoas sen fogar de Cruz Vermella e o equipo SEMUS.
- Análise e mapeo de recursos sociais da cidade
- Seguimento de casos cos servizos sociais
- Reunións con outras entidades

## 7. Conclusións

Durante o ano 2024 o 57% das activacións atendidas foron de persoas sen fogar, seguido dun 25% de persoas maiores, o 18% restante familias con menores, mulleres vítimas de violencia de xénero ou sexual.

**Durante o ano 2024, xestionáronse un total de 31 aloxamentos, dos cales se aloxaron a un total de 46 persoas.**

A coordinación cos servizos sociais municipais e co equipo de persoas sen fogar de Cruz Vermella foi fundamental para o bo desenvolvemento do proxecto.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

En relación as dificultades atopadas no desenvolvemento do proxecto, a maior dificultade ata o momento, foi a búsqueda de recurso habitacional de urxencia. A cidade de Santiago é unha cidade turística e estudiantil. Os aloxamentos están completos a maior parte do ano. Do mesmo modo, non todos os aloxamentos aceptan animais, sendo bastante común no colectivo de persoas sen fogar que teñan o seu cargo animais de compañía.





Entrega do folleto do SEMUS as entidades sociais.



**16.- FEAFES GALICIA – FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA**

Importe do convenio: 60.000,00 €

Proxecto que se convenia: CONVÉNIANSE VARIOS PROGRAMAS DIRIXIDOS A PERSOAS MAIORES OU PERSOAS SEN TEITO



**DENOMINACIÓN DO PROXECTO**

**Atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión.**

**Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.**

Este programa trata de dar resposta á situación de carencias de necesidades básicas, entre elas a vivenda, pola que atravesan as persoas con enfermidade mental en grave risco de exclusión e as súas familias en Santiago de Compostela. Con este proxecto se atende ás súas necesidades específicas, dando resposta as mesmas e facilitando a atención e os

recursos necesarios. A intervención fundaméntase principalmente na intervención directa e nas derivacións e coordinacións cos recursos da comunidade para o tratamento destas patoloxías e a atención das súas necesidades. O fin do proxecto é contribuír a mellorar a atención social e sanitaria deste colectivo así como a súa calidade de vida.

**Obxectivos e prioridades.**

**O. Xeral:** Mellorar a atención en saúde mental da poboación da área sanitaria de Santiago.

**O. Específicos:**

- 1.- Favorecer a integración e o enganche do colectivo nos recursos normalizados, poñendo en marcha as accións e servizos oportunos axustados as súas necesidades básicas (vivenda, atención, información, orientación, asesoramento, acceso a recursos normalizados de atención...)
- 2.- Establecer unha rede de coordinación dos recursos sanitarios e sociais (públicos e ONG) precisa para a intervención.
- 3.- Aumentar a comunicación, difusión e sensibilización sobre o colectivo.

**Nº PERSOAS DESTINATARIAS:** 403

**IDADE:** Prima a franxa de idade maior de 45 anos

**NIVEL DE FORMACIÓN:** Estudos primarios ou sen estudos

**SITUACIÓN LABORAL:** Desempregados

**DIAGNÓSTICO:** Priman os Trastornos psicóticos, Trastorno de Personalidade, Trastorno de Estado do ánimo e Patoloxía Dual

**SEXO:** Non se amosan grandes diferencias (53,80% mulleres, 45,90% homes e 0,30% non binario)

**Avaliación dos resultados.**

A nivel cualitativo, ó longo do proceso de intervención a través dos seguimentos efectuados, o equipo técnico denotou unha evolución positiva das persoas participantes. En relación ó colectivo participante, indican estar satisfeitos coa intervención, valorando moi positivamente sentirse apoiados cara a consecución do seu proxecto de vida. Mediante este proxecto producíronse avances que facilitaron a integración social:

- Melloráronse as habilidades sociais e as competencias dos usuarios, así como a conciencia de enfermidade mental, a adhesión ó tratamento, o achegamento ós recursos sociais e sanitarios, e a cobertura de necesidades básicas (alimentos, vivenda, roupa...). Traballándose especialmente a constancia e o mantemento dos avances.
- Ademais seguiu a traballar no deshabitamento de consumo de sustancias ou a minoración dos consumos nas persoas con patoloxía dual.

- Tamén se acompañou ás persoas usuarias na súa situación administrativa-legal, resolvendo e acompañando nos trámites xurídicos precisos para a súa inclusión social.
- O ocio tivo un lugar destacado neste proxecto, posto que o estigma e a discriminación sufrida produce en ocasións o illamento e a non participación comunitaria. Polo tanto, fomentáronse as relacións participativas mediante diversas actividades.
- Incidindo especialmente no caso das persoas sen fogar, os pasos que se foron dando supuxeron uns resultados positivos, especialmente naquelas persoas que accederon e se mantiveron nos pisos de transición: pasouse dunha situación de policonsumo abusivo, conducta disruptiva, vida na rúa e escasa conciencia da enfermidade a establecerse unhas pautas non só de relación cos servizos sociais e sanitarios, senón tamén de condutas máis adaptadas e unha maior capacidade de relación cun entorno máis normalizado e cunha socialización positiva.

A nivel cuantitativo, o aumento no número de casos identificados, como no número de persoas e familias que demandaron atención é significativo e abonda na tendencia de anos anteriores que é a continua demanda de información e orientación sobre os problemas relacionados coa enfermidade mental. Utilizáronse indicadores cuantitativos para medir estes logros (N.º de casos identificados e familiares atendidos, N.º de casos con itinerarios e atencións iniciadas , N.º de actividades/accións levadas a cabo) cuxos resultados de detallarán no apartado de Actividades Desenvoltas.

#### 17.- ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL SARELA

Importe do convenio: 3.000,00 €

Proxecto que se convenia: TERAPIA ACUÁTICA E BALNEARIO



##### 17.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

A terapia acuática utiliza as características mecánicas da auga para realizar un tratamento con fins terapéuticos, xa que esta ofrece un enfoque único, versátil e seguro no que a persoa con Dano Cerebral Adquirido pode desprazarse con maior liberdade e sen risco de caídas, favorecendo a autoconfianza e seguridade da propia persoa.

Leváronse a cabo 3 actividades tanto individuais como grupais: Terapia Acuática (individual), actividade de Prevención de Caídas na Auga (grupal) e Actividade Física na Auga (grupal). As sesións tanto individuais como grupais tiveron unha duración de 45 minutos. A frecuencia e horario das actividades estableceuse en réxime rotatorio cada tres meses e medio, segundo a organización da carteira de actividades do Servizo de Atención Diúrna Terapéutica (servizo onde se engloban as actividades deste proxecto), pero en calquera caso nunca foi inferior a 3 días á semana.

Durante as sesións traballouse o adestramento do equilibrio, da coordinación tanto xeral como óculo -manual, da marcha, da respiración, desprazamentos acuáticos, a flotación, exercicios sedativos e relaxantes, traballo lúdicos entre outros.

### 17.2.- Obxectivos.

a).- Obxectivo xeral:

- ✦ Adquirir ou manter o maior grado de autonomía física e independencia na auga para mellorar a mobilidade no medio terrestre.

b).- Obxectivos específicos:

- ✦ Potenciar a reeducación neuromotriz (propiocepción, equilibrio e coordinación).
- ✦ Fortalecer a musculatura.
- ✦ Aumentar a capacidade cardiorespiratoria e a resistencia contra a fatiga.
- ✦ Reeducar o patrón de marcha, con diminución da carga articular e muscular evitando o risco de caída.
- ✦ Aumentar ou manter os rangos articulares.
- ✦ Normalizar o ton muscular.

### 17.3.- Persoas destinatarias.

No proxecto participaron familias, principalmente mulleres, cuidadoras de persoas con DCA que teñen ou están en proceso do Recoñecemento de Discapacidade e do recoñecemento da situación de Dependencia. Participaron un total de 29 persoas de idades comprendidas entre os 35 e os 70 anos.

Por outra banda, participaron 32 profesionais da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela das diferentes disciplinas e con idades comprendidas entre os 20 e os 52 anos.

## 18.- FUNDACIÓN MONTE DO GOZO – PROXECTO HOME.

Importe do convenio: 45.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE COCAÍNA



### 18.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

O **Programa de Cocaína** está deseñado para favorecer a rehabilitación e reinserción social de persoas adictas aos psicoestimulantes, fundamentalmente de cocaína, que manteñen a súa estrutura familiar, social e laboral, ou é susceptible de recuperar estas redes sen demasiadas complicacións e cun nivel de adicción que poda permitir a ruptura co mundo

das drogas dentro dunha nova perspectiva de acceso ó traballo e de responsabilización da súa vida desde o primeiro momento.

### 18.2.- Obxectivos.

- ✦ Favorecer que os usuarios adquiren unha motivación progresiva que se inicia na abstinencia e se fortalece na adquisición dun estilo de vida saudable e satisfactorio que lle permita ao usuario un equilibrio no seu mundo sen necesidade dun illamento temporal.

### 18.3.- Persoas participantes.

\* Usuarios directos: Persoas con adiccións: 51

\* Usuarios indirectos: Persoas do contorno do usuario con adicción que participan nas terapias: 77

## 19.- ASOCIACIÓN ITINERA.

Importe do convenio: 5.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA ÁGORA



### 19.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

O Programa Ágora é un dos máis lonxevos da Asociación Itínera. Este programa de voluntariado de carácter anual, está dirixido a persoas con trastorno mental severo que precisan un apoio para completar a súa formación académica (moitas destas persoas abandonaron os estudos por mor da irrupción da enfermidade) obter titulacións, preparar probas... e/ou se viron apartadas da súa contorna social e cultural e queren mellorar nestas áreas. Ágora deseñouse cunha visión integradora e personalizada que fuxe das tradicionais terapias ocupacionais, enfocándose nas necesidades e características de cada persoa, na procura de actividades que melloren non só a empregabilidade das persoas participantes, senón tamén a adquisición e mellora de habilidades sociais, culturais e formativas. As actividades que conforman o programa, abarcan dende clases de apoio (ESAD, Bacharelato, preparación de probas...), ata clases de informática e de idiomas, complementados por diversos obradoiros orientados ao desenvolvemento de técnicas de estudo. Por outra banda, Ágora conta con diversas actividades e proxectos de corte cultural e social: Clube de Lectura e Taller de Escrita Creativa, Clube de Cinema, Debate e Análise Crítico e a Ludoteca, consolidándose grupos que potencian iniciativas e eventos culturais abertos á cidadanía en xeral, e a outras entidades.

### 19.2.- Obxectivos.

Obxectivos xerais acadados: 1. Crear espazos que favorezan a adquisición de habilidades sociais, retomar a formación académica e o fomento do interese cultural, 2. Participar en



eventos culturais que axudan a integrarse na comunidade favorecendo oportunidades de participación activa e inclusiva.

Obxectivos específicos acadados: 1. Acompañar e planificar itinerarios persoais, revisalos e mantelos coa axuda e o soporte profesional. 2. Retomar e mellorar a formación académica en persoas que tiveron que interrompela no momento da aparición da enfermidade, 3. Mellorar o desempeño no uso de novas tecnoloxías e TICs, 4. Desenvolver actividades que favorezan o interese e achegamento das persoas usuarias a diversos eidos culturais, 5. Traballar pola visibilidade e inclusión das persoas participantes na entorna cidadá.

### 19.3.- Persoas participantes.

O perfil de persoas ás que se dirixiu o programa foi o seguinte:

- ✦ Persoas diagnosticadas cun trastorno mental severo
- ✦ Persoas con discapacidade intelectual
- ✦ Persoas cun trastorno do espectro autista

Características habituais:

- ✦ Persoas en risco de exclusión social
- ✦ Persoas con dificultades adaptativas e malestar subxectivo
- ✦ Mulleres con círculos sociais moi reducido
- ✦ Persoas que proveñen de recursos moi institucionalizados

Tramos de idade: Entre os 18 e os 70 anos

Número estimado de persoas atendidas: 56.

## 20.- ESCOLA DE TEMPO LIBRE DON BOSCO.

Importe do convenio: 5.000,00 €

Proxecto que se conveña: PROXECTO DE INTERVENCIÓN EDUCATIVA E INTEGRACIÓN NO TEMPO LIBRE “UN LUGAR PARA TI”



### 20.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

Este proxecto foi enfocado en cubrir as necesidades de programas de conciliación para as familias, e de xeito especial para as máis vulnerables e apostamos pola necesidade de intensificar accións para que os rapaces e adolescentes destes colectivos non perdan o tren da educación, da formación e da socialización. Foi un soporte clave para as familias inmigrantes, cando os seus esforzos están moi centrados na regularización da súa situación e na inserción laboral dos adultos. Foi dirixido a rapaces e rapazas de entre os 4 e os 17 anos coa idea de facer do tempo libre unha ferramenta educativa e de adquisición

de valores. Un espazo para o desenvolvemento de actividades que fomentasen a convivencia, tolerancia dentro dun contexto atractivo e divertido para eles. Ofrecemos un programa de reforzo escolar onde os destinatarios prioritarios foron rapaces que se encontraban dentro do sistema de protección de menores en diferentes casas de acollida da cidade, os derivados polos servizos sociais municipais e rapaces e rapazas de familias inmigrantes ou pertencentes a etnias minoritarias. Estes conviviron co grupo de rapaces e rapazas en situación normalizada que participaron nas actividades, converténdose o programa deste xeito nun espazo de integración e de prevención da exclusión social.

### **20.2.- Obxectivos.**

#### a).- Obxectivos xerais:

- ⊕ Ofertar actividades de tempo libre educativo nas tardes do curso e nos períodos de vacacións escolares.
- ⊕ Potenciar a integración de rapaces/as e mozos/as en risco de exclusión social.
- ⊕ Promocionar entre os nenos e nenas as medidas de prevención da COVID-19
- ⊕ Traballar valores como a convivencia, o respecto, a solidariedade, o traballo en equipo, ... dende o ámbito da educación non formal.
- ⊕ Mellorar os procesos de socialización e integración escolar dos participantes.
- ⊕ Incluír nas actividades de tempo libre educativo a rapaces e rapazas e mozos e mozas que por causas ligadas a pandemia non poidan participar nelas fisicamente.

#### b).- Obxectivos específicos:

- ⊕ Reforzar os procesos de aprendizaxe dos nenos e nenas
- ⊕ Ofertar usos alternativos do tempo libre nos períodos vacacionais
- ⊕ Xerar espazos lúdicos coa participación dos nenos e nenas
- ⊕ Adquirir hábitos de vida saudables
- ⊕ Potenciar o traballo en equipo, a tolerancia e a convivencia
- ⊕ Mellorar o rendemento escolar dos nenos e nenas
- ⊕ Aprender de técnicas de estudo persoal
- ⊕ Reforzar hábitos de lectura e escritura nos cativos
- ⊕ Facilitar a conciliación da vida laboral e familiar durante as vacacións.

### **20.3.- Persoas participantes.**

Características valoradas sobre os participantes nas actividades:

- 1) Nenos e nenas de 4 a 12 anos e adolescentes entre os 13 e os 17 anos
- 2) Priorizamos á atención aos menores de menos recursos económicos ou en situación de risco de exclusión social.

3) Acollemos a rapaces de familias inmigrantes (de orixe africana e latino-americana fundamentalmente) e de diferentes etnias como a musulmán ou xitana.

4) Tamén a rapaces/as derivados dos servizos sociais do Concello e pertencentes a centros de menores ou casas de acollida Número de destinatarios dos grupos 2,3 e 4 que pasaron polas actividades:

- En apoio escolar: 57 rapaces e rapazas de 4 a 12 anos
- Ludoteca: 69 rapaces e rapazas de 4 a 17 anos
- Actividades de conciliación: 120 rapaces e rapazas de 4 a 17 anos

En todas as actividades indicadas hai unha proporción significativa de menores de minorías étnicas e relixiosas, inmigrantes, do sistema de protección do menor e derivados polos servizos sociais do Concello.

#### 21.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Importe do convenio: 5.000,00 €

Proxecto que se convenia: PROGRAMA DE  
PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS  
ODONTOLÓXICOS A PERSOAS EN RISCO DE  
EXCLUSIÓN SOCIAL



##### 21.1.- Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

A actividade subvencionada desenvolveuse no ano 2024 na Facultade de Medicina e Odontoloxía (edificio Odontoloxía). A USC ten en Odontoloxía o único centro público de Galiza onde se fan tratamentos bucodentais integrais. Dende hai décadas, unha boa parte da súa actividade clínica está orientada a colectivos con dificultades de acceso aos coidados odontolóxicos. As persoas en situación de risco de exclusión social teñen dificultades evidentes para acceder á atención odontolóxica. O catálogo de prestacións do sistema público é moi reducido e case limitado á realización de exodoncias. En consecuencia este colectivo sofre un progresivo deterioro da súa saúde bucodental. Este programa pretende abordar esta problemática en todas as súas dimensións: facer un traballo de educación sobre saúde bucodental nas persoas beneficiarias (identificación de actitudes de risco, instauración de medidas preventivas), tratamento de dentes susceptibles de poder ser conservados mediante técnicas odontolóxicas básicas, e restitución de dentes perdidos con próteses dentais acrílicas removibles. A boa saúde dental mellorará a capacidade de comer ou falar, a autoestima e as relacións sociais, favorecendo a integración e a inserción social e laboral. Os beneficios dunha boa saúde oral son máis que evidentes: na capacidade de comer ou falar, na autoimaxe, na automestima e nas relacións sociais.

**21.2.- Obxectivos:**

a).- Xerais:

- 1.- Contribuír á mellora do benestar social das persoas en risco de exclusión social a través da mellora da súa saúde dental.
- 2- Fomentar a adquisición de hábitos de hixiene oral preventivos e conductas saudables para evitar a aparición de novas patoloxías bucodentais.

b).- Específicos:

- 1- Educación sobre hábitos prexudiciais para a saúde oral e medidas de prevención.
- 2- Identificación da patoloxía ósea, dental e/ou mucosa no territorio orofacial.
- 3- Detección precoz e derivación de persoas con lesións malignas ou potencialmente malignas.
- 4- Aplicación de tratamentos preventivos tópicos (fluorización).
- 5- Tratamento de patoloxía dentaria en dentición decidua ou definitiva con técnicas básicas de operatoria dental e/ou periodoncia.
- 6- Rehabilitación funcional e estética por mor de ausencias dentais mediante técnicas básicas de prótese dental removible.

**21.3.- Persoas participantes:**

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

As destinatarias son persoas entre 5 e 80 anos de idade que cumpran os requisitos para a concesión da prestación bucodental por atoparse en risco de exclusión social segundo os criterios establecidos na Ordenanza de Garantía Básica Cidadá do Concello de Santiago de Compostela e que presenten unha situación odontolóxica abordable dentro dos obxectivos deste programa. O número aproximado de beneficiarios está arredor de 70 persoas por ano. Polo exposto, o concello de Santiago de Compostela conveniou con diferentes asociacións e entidades de iniciativa social da cidade, diferentes programas e accións que perseguían as seguintes liñas temáticas:



*Fonte: Datos facilitados polas entidades coas que o concello de Santiago de Compostela asinou convenios de colaboración.*





## ASPECTOS CONCEPTUAIS DO SERVIZO.

O **Servizo de Asesoría Xurídica, dispositivo** integrado no Departamento de Servizos Sociais deste concello, constitúe un elemento básico para que o servizo poida cumprir coa súa finalidade principal: contribuír á garantía do cumprimento dos dereitos da veciñanza de Santiago de Compostela, en condicións de igualdade. No seu funcionamento diario asume unha dobre dimensión:

1. Por un lado **a atención individualizada á poboación** ofrecendo un asesoramento xurídico aos/as usuarios/as do Centro de Servizos Sociais, familias ou a colectivos para garantir o exercicio dos seus dereitos en distintos ámbitos que pode circunscribirse a un asesoramento puntual ou, pola contra requirir de máis actuacións ante organismos ou preparación de escritos, sempre e cando neste caso non sexa preceptiva a firma do letrado, posto que esta intervención non inclúe a defensa letrada da persoa usuaria en procedementos xudiciais e/ou administrativos, tramitándose neste caso (de reunir os requisitos) **Asistencia Xurídica Gratuíta**. Estanse abordando temas relacionados coa familia, (separacións, divorcios, medidas, incumprimentos nestes ámbitos, etc), coa persoa (internamentos non voluntarios, valoración de capacidade, procedementos de xurisdición voluntaria,...) de carácter administrativo, civil, penal...
2. Por outra banda **asesoramento legal ao resto de profesionais do Centro de Servizos Sociais** para o desenvolvemento da súa propia intervención para asesorar e interpretar as distintas normas que inciden na intervención profesional, así como complementar esta dende la perspectiva xurídica.



## OBXECTIVOS DO SERVIZO.

### a).- Xerais:

- ✦ Integrarse no equipo interdisciplinar que conforma o Departamento municipal de Servizos Sociais, sendo parte activa na elaboración de programas, ordenanzas e convenios de colaboración con entidades.

- ⊕ Contribuír a facer reais e efectivos os dereitos sociais que lle asisten a calquera persoal, incidindo no principio constitucional de “*igualdade*”.

**b).- Específicos:**

- ⊕ Prestar orientación legal a todo o persoal técnico que desenvolve a súa labor no Departamento municipal de Servizos Sociais.
- ⊕ Facilitar orientación legal en materia de Servizos Sociais a tódalas persoas que o precisen e que previamente foran derivadas por outro persoal técnico do Departamento encargado da intervención social (traballadoras sociais, psicóloga e educadoras familiares).
- ⊕ Axudar a veciñanza a orientar da mellor forma posible as dificultades as que se enfronta na súa vida cotiá.
- ⊕ Orientar á entidades sociais que teñen asinados convenios de colaboración con este concello ao cumprimento da finalidade e do procedemento legalmente establecido para a súa implementación.

### HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

A atención ao público desenvólvese, con carácter ordinario, con cita previa, dous días á semana, no seguinte horario:


<b>LUNS</b>	9:00-14:00
<b>MÉRCORES</b>	9:00-14:00

Como no Departamento municipal de Servizos Sociais se detectan en ocasións supostos de emerxencia que requiren unha intervención inmediata e complexa, estes son atendidos no momento en que sexa preciso, fora de calquera horario.

### METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN.

Existe unha asesora xurídica que non adica a totalidade da súa xornada laboral aos Servizos Sociais, senón que tamén desenvolve a súa labor no CIM. A intervención do servizo de asesoría xurídica, dentro do Departamento municipal de Servizos Sociais, se pode sintetizar no seguinte fluxograma:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS





## ACTUACIÓNS PROFESIONAIS LEVADAS A CABO NO ANO 2024.

Táboa: Actuación profesional do servizo de asesoría xurídica no 2024 pola variable “sexo”.

	Nº	% V
HOME	48	15,89%
MULLER	209	69,21%
NON PROCEDE (entidades)	45	14,90%
<b>TOTAIS</b>	<b>302</b>	<b>100,00%</b>

2023Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.

Táboa: Actuación profesional do servizo de asesoría xurídica no 2024 pola variable “idade”.

Promedio de idade	47,12
Desviación de idade	15,92
Idade máxima	95
Idade mínima	19

Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.

Táboa: Actuación profesional do servizo de asesoría xurídica no 2024 pola variable “procedencia”.

PROCEDENCIA	ESPAÑA	65,89%
	OUTROS PAÍSES	34,11

Fonte: Datos facilitados polo servizo Asesoría Xurídica, ano 2024.

Táboa: Actuación profesional da asesoría xurídica no 2024 pola variable “motivo da intervención”.

MOTIVO DA INTERVENCIÓN	AXUDAS TAXI ADAPTADO	7
	BOLSAS MUNICIPAIS	0
	CABES	0
	CONVENIOS DE COLABORACION CON ENTIDADES	36
	CONVENIOS PARA CESION DE ESPAZOS	0
	DENEGACION AIS	0
	DENEGACION BONO ALUGUEIRO	2
	DENEGACION DEPENDENCIA	1
	DENEGACION DISCAPACIDADE	0
	DENEGACION PNC	4
	DENEGACION RISGA	6
	EXENCION DE TAXAS DE OBRA	0
	ORDENANZA DE GARANTIA BASICA CIDADA	0
	OUTRAS DENEGACIONS	66
	FISCALIA	4



## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

	XULGADOS	88
	ORDENANZA DE GARANTIA BASICA CIDADA	0
	OUTRAS DENEGACIONS	66
	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	0
	IGUALDADE	88
	CONSELLO DE MAIORES	0
		0

Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.


<b>CONCEPTO</b>	ALEGACIONS	5
	BORRADOR CONVENIO DE COLABORACION CON ENTIDADES SOCIAIS	4
	BORRADOR CONVENIO DE SEPARACION/DIVORCIO	0
	CONTESTACION MONITORIOS	0
	CONVENIO DE COLABORACION CON ENTIDADES SOCIAIS	4
	INFORME FISCALIZACION DA XUSTIFICACION DE CONVENIOS	4
	INFORME PARA VALORACION DE SITUACION SOCIAL PARA EXENCION TAXAS	0
	INFORME-PROPOSTA APROBACION CONVENIOS CON ENTIDADES	1
	INFORME-PROPOSTA APROBACION XUSTIFICACION CONVENIOS CON ENTIDADES	17
	INFORME-PROPOSTA PARA CONCESION DE NOVOS ESPAZOS EN CABES	0
	INFORME-PROPOSTA DE RENOVACION DE ESPAZOS EN CABES	0
	INFORME-PROPOSTA DE VALORACION DE INTERESE SOCIAL DE CESION DE ESPAZOS	0
	INFORME XURIDICO	141
	RECLAMACION PREVIA	18
	RECURSO DE ALZADA	8
	RECURSO DE REVISION	0
	REDACCION DE ORDENANZA MUNICIPAL / BASES	7
	SOLICITUDE DE ASISTENCIA XURIDICA GRATUITA	3
OUTROS	0	
SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO E DE ACORDOS DE PAGO	7	

Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.

Se desexamos visualizar os datos de xeito gráfico, obtemos a seguinte información:




Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.



Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.

**CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS**



Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.



Fonte: Datos facilitados polo servizo de Asesoría Xurídica, ano 2024.

A maiores do xa explicando con anterioridade, adícase unha importante porcentaxe da xornada laboral na elaboración e xustificación de convenios con entidades de iniciativa social da cidade. Esta labor realízase conxuntamente coa Unidade Administrativa do servizo. Funcional e metodoloxicamente, esta actividade profesional se concreta en:

1. **Fase previa.**- Redacción e xestión dos convenios ata a súa sinatura.
2. **Fase de seguimento da execución do programa** subvencionado obxecto do convenio
3. **Fase de xustificación dos convenios.**

Vexamos cada unha destas fases:

1. **Fase previa.**- Redacción e sinatura dos convenios.- Partindo das concesións de subvencións nominativas previstas nas Bases dos Orzamentos Municipais 2022, levase a cabo o seguinte procedemento:
  - a. Toma de contacto coas 21 entidades as que se lle recoñece, segundo o Orzamento Municipal 2022 unha subvención nominativa vinculada ao Centro Xestor de Servizos Sociais coa finalidade de definir, concretar e redactar o proxecto/programa obxecto da subvención concedida: obxecto, metodoloxía, persoal, temporalización, así como requirir a documentación regulamentariamente establecida para poder proceder a sinatura do convenio.
  - b. Redacción do borrador do convenio con cada unha das entidades conveniadas.
  - c. Devolución do documento previo para o Visto Bo pola entidade coa que se vai conveniar
  - d. Informe de Asesoría Xurídica
  - e. Informe do Departamento de Intervención
  - f. Informe Proposta propoñendo a sinatura do convenio
  - g. Aprobación do texto do borrador do convenio pola Xunta de Goberno Municipal
  - h. Sinatura formal do convenio entre o Concello de Santiago e a entidade social correspondente
2. **Fase de seguimento.**- Comunicación entre este Departamento e as entidades durante todo o período de vixencia do convenio en aras a facer un seguimento sobre o correcto cumprimento do mesmo.
3. **Fase de Xustificación.**



Na fase de xustificación, dende este Servizo conxuntamente coa Unidade Administrativa levase a cabo a comprobación documental e a fiscalización económica das subvencións concedidas as entidades sociais coas que se ten asinado convenio, abrindo, de ser o caso unha fase de requirimento de documentación e subsanación da documentación achegada que sexa incorrecta ou incompleta así como a comprobación da efectiva execución do programa conveniado, recollendo o detalle das actuacións de comprobación e fiscalización feitas das diferentes xustificación presentadas polas entidades nos seguintes documentos elaborados dende este servizo:

1. Informe xurídico de fiscalización
2. Proposta de acordo de xustificación

Documentos que posteriormente trasládanse ao Departamento de Intervención para ser informados e a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

## CONSELLO DE PERSOAS MAIORES

### REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CONSELLO MUNICIPAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### LIMIAR

A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos cales a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. As vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá nas decisións públicas fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións sociais, os grupos locais, as familias, a cidadanía en definitiva, teñen o dereito e o deber de esixir que se teñan en conta e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

A Carta europea de autonomía local aprobada en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 considera, no seu preámbulo, que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa, entendendo que a autonomía local supón o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais para ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos no marco da lei, baixo a súa responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.



A Constitución establece no título preliminar o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), aludindo á obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A participación cidadá a través de consellos consultivos está prevista no artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, nos artigos 1 e 69 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e os artigos 130 e 131 do Regulamento 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Tamén está recollida no artigo 29 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998.

A sociedade española asiste a un proceso importante de cambios demográficos e sociais polo paulatino envellecemento da poboación. Este proceso constitúe un reto para os poderes públicos e para toda a sociedade, que ten que dar resposta e xerar mecanismos para que as persoas maiores continúen sendo suxeitos activos, non só do seu propio envellecemento senón da sociedade.

Os indicadores demográficos sinalan que nun período de tres décadas se duplicou o número de persoas maiores de 65 anos e prevese que no ano 2050 represente máis dun 30% da poboación. Para dar resposta a esta realidade social, a OMS formulou no ano 2002 o paradigma do envellecemento activo, definíndoo como un proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar de vida a medida que as persoas envellecen. Favorecer procesos e crear mecanismos de participación cidadá é un referente das políticas sociais que buscan avanzar na cohesión social e na mellora da calidade de vida. Impulsar a implicación e o protagonismo activo das persoas maiores en todos os ámbitos da vida cidadá é unha das liñas estratéxicas do Concello de Santiago de Compostela. Con este fin propónse a aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela.

Nos acordos acadados polo Pleno do Concello de Santiago na sesión do 24 de outubro de 2019 recóllese:

*“A proposta por parte do Concello de Santiago de Compostela de levar a cabo:*

- 1. A creación do Consello Municipal de Persoas Maiores, como órgano de participación sectorial, con carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito.*
- 2. E unha vez constituído este, elaborar e aprobar o seu regulamento que facilite a participación de entidades e grupos sociais que traballen a prol do benestar das persoas maiores coa finalidade de contribuír a unha comunidade forte, cohesionada e plural, da que todas as veciñas e veciños forman parte como membros activos que dela son.*

O obxectivo desta iniciativa é crear un órgano consultivo de participación cidadá para a análise, asesoramento e seguimento da acción municipal para as persoas maiores, de cara a dar resposta ás necesidades e demandas da veciñanza de Santiago de Compostela, que teñen no municipio o ámbito territorial onde se concretan en primeira instancia.

## ÍNDICE

### **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Artigo 1.** Natureza

**Artigo 2.** Ámbito de actuación

**Artigo 3.** Funcións do Consello Municipal de Persoas Maiores

### **CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN**

**Artigo 4.** Composición do Consello

**Artigo 5.** Función dos membros

**Artigo 6.** Da Presidencia

**Artigo 7.** Da Vicepresidencia

**Artigo 8.** Da Secretaría

**Artigo 9.** Comisións de traballo

**Artigo 10.** Duración do mandato

### **CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**Artigo 11.** Xuntanzas e acordos

**Artigo 12.** Convocatoria das xuntanzas

### **CAPÍTULO IV. SEDE**

**Artigo 13.** Sede

**Disposición adicional**

**Disposición modificativa**

**Disposición final única**

### **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

**Artigo 1.** Natureza

1. O Consello Municipal de Persoas Maiores é un órgano colexiado, de natureza consultiva, informativa e de participación institucional, social, política e cidadá para a definición e seguimento das políticas municipais referidas ás persoas maiores de Compostela, en particular en todo o relativo a mellorar o benestar e a calidade de vida deste sector da poboación.

O Consello Municipal de Persoas Maiores créase con base no que prevé a respecto da participación cidadá nos asuntos municipais o artigo 71 da Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración local de Galicia, os artigos 1, 69 e 70 bis 1 da Lei reguladora das bases do réxime local e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela, sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello son de carácter informativo e teñen fins consultivos non vinculantes. En consecuencia, configúrase como un órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

2. O Consello rexerase por este regulamento e, no non incluído nel, polo Regulamento de participación cidadá e polas demais disposicións que lle sexan de aplicación.

3. Gozará de autonomía con respecto á corporación local.

### **Artigo 2. Ámbito de actuación**

O ámbito de actuación do Consello Municipal de Persoas Maiores é coincidente cos límites e competencias municipais sempre referido a temas que lle afecten.

Non obstante, este Consello procurará a coordinación e colaboración con outros concellos e outras entidades, públicas e privadas, que transcendan o ámbito municipal co fin de obter información, realizar propostas ou trasladar solicitudes naqueles casos que poidan incidir nas súas actuacións.

### **Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Persoas Maiores**

Son funcións deste Consello representar e canalizar a participación comunitaria en asuntos relacionados coas persoas maiores dos colectivos ou organizacións sociais de Santiago de Compostela que traten dese ámbito, así como asesorar e elaborar propostas de actuación na materia e realizar o seu seguimento. Desagréganse a seguir:

- a) Promover, colaborar e asesorar na realización de estudos sobre a situación das persoas maiores no municipio de Santiago de Compostela, cuxos resultados sirvan de base para calquera proposta de actuación.
- b) Potenciar a participación das persoas maiores nos asuntos municipais.

- c) Fomentar o asociacionismo entre as persoas maiores e prestar o apoio e a asistencia que lle fose requirida.
- d) Propoñer a adopción de medidas dirixidas a eliminar os obstáculos que dificultan a integración real e efectiva da veciñanza maior de Santiago de Compostela na sociedade compostelá.
- e) Impulsar a colaboración e cooperación entre asociacións e entidades, xa sexan públicas ou privadas, que desenvolvan actuacións para a promoción das persoas maiores.
- f) Propoñer e priorizar anualmente actuacións no seu ámbito para que executen os órganos de goberno, tras a comparencia da/o concelleira/o responsable dando conta das liñas orzamentarias previstas para cada anualidade.
- g) Velar polo cumprimento dos acordos do propio Consello.
- h) Actuar como receptor de información municipal para comunicala e difundila entre os colectivos de persoas maiores.

As funcións do Consello Municipal de Persoas Maiores exerceranse mediante a emisión de ditames, informes ou peticións, actuando como órgano consultivo e asesor non vinculante para os órganos de goberno municipais.

## CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

### Artigo 4. Composición do Consello

O Consello Municipal de Persoas Maiores estará formado polos seguintes órganos:

#### **Presidencia**

Titular da Alcaldía ou da concellería en que delegue.

#### **Vicepresidencia**

A persoa titular da Concellería competente nesta materia.

#### **Vogais**

1. Poderán formar parte do Consello Municipal de Persoas Maiores en calidade de vogais:
  - a) Unha persoa en representación por cada unha das asociacións ou organizacións de persoas maiores recoñecidas legalmente que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións con, polo menos, seis meses de antigüidade e que soliciten a súa participación no Consello.
  - b) Unha persoa en representación por cada unha das áreas ou seccións de maiores de organizacións cidadás, con autonomía funcional e independencia, que desenvolvan traballos encamiñados a conseguir os obxectivos xerais do Consello e que soliciten a

súa participación no Consello e aquelas asociacións que recollan nos seus Estatutos a defensa da comunidade en xeral.

- c) Unha persoa en representación da Plataforma de Pensionistas Santiago Compostela.
- d) Unha persoa en representación de cada un dos partidos políticos con representación na corporación municipal que soliciten a súa participación no Consello.

A integración das asociacións ou organizacións no Consello Municipal de Persoas Maiores terá que ser aprobada polo Consello unha vez que o soliciten.

Todas as entidades interesadas en formar parte do Consello de Persoas Maiores deberán cumprir como requisito indispensable o de non perseguir fins lucrativos.

As asociacións ou organizacións que desexen formar parte do Consello deberán achegar os seguinte datos coa súa solicitude:

- a) Estatutos da asociación ou organización ou acordo do órgano de goberno no que se recoñeza a autonomía funcional ás seccións ou colectivos organizados de persoas maiores.
- b) Número de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, se é o caso.
- c) Nome das persoas que ocupan os cargos directivos da asociación ou das persoas representantes da organización.
- d) Domicilio social.
- e) Certificación do número de persoas socias ou integrantes da entidade ou organización.
- f) Nome das persoas representantes e suplentes da asociación ou organización no Consello Municipal de Persoas Maiores.

2. Calquera modificación dos datos presentados deberá notificarse á Secretaría do Consello dentro do mes seguinte a que se produza.

3. Perderase a calidade de vogal do Consello por calquera das seguintes causas:

- a) Disolución da asociación, entidade ou organización
- b) Vontade propia.
- c) Por causar baixa no Rexistro Municipal de Asociacións.
- d) Por falta de asistencia da persoa representante ao Pleno tres veces consecutivas.
- e) Por non comunicar nos prazos establecidos a modificación dos datos a que se refire o punto 2.
- f) Polo incumprimento reiterado deste regulamento, dos acordos dos órganos de goberno ou a perturbación grave do funcionamento do Consello.

A referida perda será acordada polo Consello, unha vez tramitado o expediente oportuno no que se lle dará audiencia á entidade.



### **Secretaría**

A persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno ou persoa en quen delegue

Así mesmo, para funcións de asesoramento, a Presidencia poderá invitar ás sesións do Consello a calquera persoa experta, organización ou entidade que resulte de interese para os temas tratados, que participarán nas reunións con voz pero sen voto.

### **Artigo 5. Funcións das persoas membros**

Son funcións das persoas membros:

1. Propoñer asuntos para incluír na orde do día das sesións.
2. Participar nos debates das sesións.
3. Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día.
4. Exercer o seu dereito ao voto e formular votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
5. Formular iniciativas, preguntas e suxestións
6. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
7. Respetar a confidencialidade da información que adquiren pola súa condición de membros do Consello, aínda con posterioridade ao seu cesamento.
8. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

As persoas membros do Consello non poderán atribuírse as funcións de representación asignadas a este, salvo que expresamente se lles outorgasen por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

En casos de ausencia ou de enfermidade, e en xeral cando concorra unha causa xustificada, as persoas membros do Consello serán substituídas polas súas suplentes, se as houber. As asociacións cidadás e demais organizacións con representación poderán substituír as persoas que as representan por outras, acreditándoo ante a Secretaría, que dará traslado ao Consello.

No nomeamento das persoas membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos os sexos na composición. Tamén se atenderá ao previsto no Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

### **Artigo 6. Da Presidencia**

A Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá o Consello Municipal de Persoas Maiores.

Son funcións da Presidencia:

1. Representar o Consello.
2. Acordar a convocatoria, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Municipal de Persoas Maiores e das comisións, se houbese.
3. Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e polas súas normas de funcionamento.
4. Someter iniciativas e propostas á consideración do Consello
5. Dar o seu visto e praxe ás actas e ás certificacións de acordos do Consello.
6. Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
7. Resolver as dúbidas que se presenten na aplicación deste regulamento.
8. Informar á corporación municipal dos acordos acadados polo Consello Municipal de Persoas Maiores
9. Exercer cantas funcións lle encomende o Consello sempre que sexan inherentes á súa condición.

#### **Artigo 7. Da Vicepresidencia**

A Vicepresidencia corresponderá á persoa titular da concellaría competente nesta materia.

A persoa que exerza a Vicepresidencia asumirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular.

#### **Artigo 8. Da Secretaría**

Actuará como titular da Secretaría, con voz pero sen voto, a persoa titular da Secretaría municipal ou persoa en quen delegue.

Son funcións da Secretaría:

1. Realizar a xestión administrativa dos asuntos do Consello Municipal de Persoas Maiores.
2. Asistir á Presidencia e ao Consello Municipal en todos os asuntos inherentes a súa condición para os que sexa requirida.
3. Efectuar as convocatorias das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións a compoñentes do Consello, enviando a documentación correspondente.
4. Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, elaborar as súas actas, autorizalas coa súa sinatura e co visto e praxe da Presidencia e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
5. Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos do Consello.
6. Levar de forma actualizada o rexistro de membros e representantes dos distintos órganos, así como as altas e baixas
7. As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia do Consello.

No caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Secretaria do Consello Municipal de Persoas Maiores será substituída no exercicio das súas funcións pola persoa que veña designada como suplente.

### **Artigo 9. Comisións de traballo**

As comisións de traballo son grupos cuxa finalidade é elaborar informes e propostas así como desenvolver, baixo a supervisión do Consello, os proxectos e programas que este lles encomende nas materias propias da súa competencia sobre temas específicos.

O Consello poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as comisións de traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.

Estarán integradas por, polo menos, catro membros do Consello e poderán asemade formar parte delas outras persoas designadas por estes e que polo seu especial interese nos temas que se traten queiran participar de forma activa, logo da solicitude e aprobación polo Pleno do Consello. Unha persoa das integrantes da comisión, que á súa vez sexa membro do Consello, exercerá a súa coordinación e a interlocución con este.

No supostos de que teñan carácter permanente, no acordo de creación, poderán fixarse os prazos nos que se procederá á renovación periódica dos seus membros.

### **Artigo 10. Duración do mandato**

1. As representacións dos grupos municipais integrantes da corporación posuirán a súa condición mentres perdure o mandato en que se produza o seu nomeamento, sen prexuízo de que poidan cesar ou ser destituídas en calquera momento e de que se nomee outra persoa para esta representación.

2. O resto das vogalías exercerán tal condición durante un período de catro anos, sen prexuízo da súa posible prórroga automática que poderá ter carácter indefinido salvo denuncia expresa formulada por parte das organizacións e organismos correspondentes as que representen que poderán propor a súa substitución en calquera momento.

## **CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS**

### **Artigo 11. Xuntanzas e acordos**

1. Corresponde á Presidencia a convocatoria do Consello.

2. As reunións do Consello poderán ser ordinarias e extraordinarias

3. O réxime de xuntanzas do Consello será semestral para as asembleas ordinarias, e para as de carácter extraordinario cantas veces sexan convocadas pola Presidencia, por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos compoñentes.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

4. Para a válida constitución das sesións do Consello requirirase, en primeira convocatoria, a presenza de, polo menos, a metade do número legal das persoas membros mais a Presidencia e a Secretaría, titulares ou suplentes. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo do número legal das persoas membros, titulares ou suplentes, mais a Presidencia e a Secretaría ou as súas substitucións legais. Para a segunda convocatoria bastará o transcurso de media hora dende a primeira convocatoria.
5. A convocatoria deberá conter a orde do día fixada pola Presidencia así como a data, hora e lugar da reunión, e ir acompañada, se é o caso, da documentación suficiente.
6. O Consello poderá acordar a invitación ás súas sesións, con voz pero sen voto, asociacións, organismos ou persoas expertas relacionadas con algún asunto dos incluídos na orde do día.
7. Os acordos do Consello Municipal de Persoas Maiores adoptaranse por maioría simple das persoas presentes, salvo que algunha disposición esixa maioría absoluta. Entenderase por maioría simple cando os votos afirmativos sexan máis que os negativos e por maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan máis da metade do número legal de membros con dereito a voto. O voto será persoal e indelegable e non se admitirán votos por correo. En caso de empate farase valer o voto de calidade da Presidencia.

### **Artigo 12. Convocatoria das reunións**

A convocatoria das sesións levarase a cabo, sempre que sexa posible, por medios telemáticos e deberá comunicarse a cada unha das persoas membros do Consello e ser recibida cunha antelación mínima de sete días no caso de sesións ordinarias e de dous días no caso de sesións extraordinarias. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición das persoas membros do Consello.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

## **CAPÍTULO IV. SEDE**

### **Artigo 13. Sede**

A sede é o lugar de reunión do Consello Municipal das Persoas Maiores e será a sede da Concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela, na rúa de Isaac Díaz Pardo, nº 2-4 ou o lugar en cada caso que designe a Presidencia na convocatoria.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

### **Convocatoria, constitución e celebración de sesións e adopción de acordos a distancia**

1. En casos de forza maior ou risco colectivo grave, catástrofe ou calamidade públicas, o Consello pode ser convocado e constituído, as súas sesións poden realizarse e poden adoptarse acordos a distancia.

2. A convocatoria das sesións que se desenvolvan a distancia debe motivar a concorrencia ou mantemento da situación que excepcionalmente xustifique esta forma.

### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

#### **Modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade**

Coa entrada en vigor do presente regulamento queda derogada a Comisión Sectorial de Maiores como parte integrante do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela do que formaba parte segundo o disposto no artigo 13.4 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP núm 70 do 13 de abril de 2012), que quedará redactado da seguinte forma:

a Comisión Sectorial de Maiores queda excluído do e modifícase o

*(...)4. As comisións sectoriais que se establecen, sen prexuízo de que o propio Consello poida acordar a súa modificación, son as seguintes:*

- *Familia, infancia e xuventude*
- *Emprego*
- *Igualdade-muller*
- *Emigración-inmigración*
- *Discapacidade*
- *Saúde*

### DISPOSICIÓN FINAL

#### **Entrada en vigor**

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (ou diario oficial que corresponda) e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **XUNTANZAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Ao longo do ano 2023, o Consello de Persoas Maiores do concello de Santiago de Compostela se xuntou en dúas ocasións. A saber:







# ACTUACIÓNS DENDE A SECCION DE SERVIZOS SOCIAIS

...a importancia dun traballo  
en equip


485



O papel que se debe exercer dende a xefatura non vai tanto no “**control**” e na “**supervisión**” (que lóxicamente ten que existir) como no de converterse nunha figura que “**acompaña**” aos profesionais do equipo no quefacer profesional, que os “**motiva**” para a consecución de obxectivos, que os “**forme**” en aspectos metodolóxicos, que os “**apoia**” no proceso, aliviando a presión da demanda ou as dificultades que xurdan, que introduza “**calma**” cando as situacións se tornen complexas, que “**clarifique**” a toma de decisións, ás veces, dura e complexa... É dicir, que se converta na “**impulsora**” de obxectivos de mellora, na “**acompañante**” nun proceso de cambio e no firme “**apoio**” dun equipo de traballo consolidado dende hai anos.



O PAPEL DA XEFA DE SECCIÓN NA ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.



Fonte: Sección de Servizos Sociais, ano 2024

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Dende a sección hai que asumir un papel de “líder” no equipo, co enfoque do “liderazgo situacional”. Debe motivar ao grupo na toma de decisións e implicalos na participación técnica. Os líderes abertos, teñen mais aceptación que os ríxidos e autoritarios. Os líderes lexítimos son os que “miman” a motivación e a participación. Tense en conta: a cantidade de dirección (conduta de tarefa) e o apoio socio-emocional que un líder debe proporcionar (conduta de relación) nunha situación dada e segundo o nivel de madurez do grupo. O comportamento da xefa de sección pode presentar dous compoñentes:

Táboa: COMPARTAMENTOS DA XEFA DE SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS EN CANTO Á DIRECCIÓN DE EQUIPOS.

1.- De tarefa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Fixar obxectivos a lograr. Fixar datas límites.</li> <li>+ Organizar o traballo: como, cando, onde, quen o fai (non o por qué).</li> <li>+ Dar orientacións específicas para realizar unha tarefa. Facer balance dos resultados.</li> </ul>
2.- De relación (soporte social e emocional).	<ul style="list-style-type: none"> <li>+ Axudar e animar.</li> <li>+ Intervir nas comunicacións abertas respecto das actividades. Aceptar suxestións e iniciativas.</li> <li>+ Facilitar as interaccións dos outros. escoita activa. Informar (proporciona feed-back) sobre os resultados da tarefa.</li> </ul>

Fonte: Elaboración propia, ano 2024.

Respecto da madurez do equipo, incluíría a disposición para asumir responsabilidades. No liderazo situacional, para determinar que estilo é apropiado utilizar, débese determinar o nivel de madurez do traballador, en relación a unha tarefa específica. Segundo este nivel, a xefa de sección, como líder do equipo, elixirá entre: dirixir / persuadir / participar / delegar. Todo isto se vai a producir no marco dun “continuum” que iría do nivel mais baixo de madurez (que require obviamente dirección), ao de mais alta madurez (que permite a delegación). Neste senso, podemos observar o seguinte:



# SERVICIOS SOCIALES


CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: CORRELACIÓN ENTRE GRAO DE MADUREZ DO TRABALLADOR E O ESTILO AXEITADO DE DIRECCIÓN

GRAOS DE MADUREZ DO TRABALLADOR		ESTILO AXEITADO DE DIRECCIÓN	
<ul style="list-style-type: none"> <li>Baixa madurez técnica.</li> <li>Baixa madurez psicolóxica. (<i>Nin sabe, nin quere – Inseguros</i>)</li> </ul>	M1	S1	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dar ordes.</li> <li>Xefa formadora.</li> <li>Alta tarefa / Baixa relación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Baixa madurez técnica.</li> <li>Alta madurez psicolóxica. (<i>Non sabe, si quere – pon interese</i>)</li> </ul>	M2	S2	<ul style="list-style-type: none"> <li>Persuadir.</li> <li>Explicar o por qué.</li> <li>Alta tarefa / Alta relación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alta madurez técnica.</li> <li>Baixa madurez psicolóxica. (<i>Sabe, non quere – Incertidume</i>)</li> </ul>	M3	S3	<ul style="list-style-type: none"> <li>Facer participar.</li> <li>Traballadora/-a competente.</li> <li>Baixa tarefa / Alta relación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alta madurez técnica.</li> <li>Alta madurez psicolóxica. (<i>Sabe e quere – Disposto e seguro</i>)</li> </ul>	M4	S4	<ul style="list-style-type: none"> <li>Delegar.</li> <li>Automotívase.</li> <li>Baixa tarefa / Baixa relación</li> </ul>

Fonte: Liderazgo situacional; modelo de Kenneth Blanchard; adaptación propia, 2024.

O expresado anteriormente, pódese visualizar no seguinte gráfico:





O que de aquí se desprende é que non resulta eficaz que a xefatura de sección dentro dos Servizos Sociais tome decisión por sí soa; as decisións conxuntas cos restantes técnicos e profesionais que son mais eficaces, mais rentables, produtivas e satisfactorias. Calquera cambio organizativo debe estar sustentando nun análise poboacional previo (como xa se explicou noutro apartado da memoria), que priorice as necesidades e os ámbitos de intervención, analizando o binomio de “*carencias e recursos dispoñibles*”.

### PROPOSTAS DE MELLORA DE ATENCIÓN Á PERSOA USUARIA.

#### PROPOSTAS DE MELLORA

- ⊕ Nova organización e reforzo do persoal adscrito ao Departamento municipal de Servizos Sociais, co principio de interdisciplinariedade e coa constitución de UNIS.
- ⊕ Establecer protocolos de intervención, sobre todo no referido a problemáticas de desprotección de menores, persoas maiores con déficits na capacidade de autogoberno, persoas sen teito, etc.
- ⊕ Establecer manuais de procedemento para axilizar e clarificar a tramitación de recursos complexos, tales como a Ordenanza de garantía básica cidadá, o servizo de axuda no fogar, a intervención en procesos de desafiuzamento e a intervención en casos xudicializados.
- ⊕ Seguir apostando pola descentralización, apostando por maior proximidade á veciñanza, pero con espazos físicos adecuados para a atención á cidadanía.
- ⊕ Instaurar a automatización de procesos de análise, recollida e tratamento de información.
- ⊕ Busca de “*líderes comunitarios*” que faciliten a intervención nos barrios da cidade.
- ⊕ Potenciar o servizo de axuda no fogar, para favorecer o nivel de cobertura, dando os pasos oportunos para a nova licitación do servizo.
- ⊕ Reforzar os dispositivos e programas de atención a persoas con maiores elementos de vulnerabilidade, que condicionan as situacións de exclusión social.

Coa finalidade de proporcionar unha información o mais exhaustiva posible da xestión realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais ao longo do ano 2023, cómpre indicar que dende a Sección de Servizos Sociais se levaron a cabo as seguintes actuacións técnicas:

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Táboa: Actuacións técnicas realizadas dende a Sección de Servizos Sociais

Asunto	Nº	% V
ACTIVIDADES SERVIZOS SOCIAIS	6	0,11%
ASISTENCIA A COMISSIONS	31	0,56%
ATENCION TELEFONICA	1233	22,14%
ATENCION TELEMATICA	1406	25,25%
CUESTIONARIOS	8	0,14%
ENTREVISTAS FAMILIARES	7	0,13%
ENTREVISTAS INDIVIDUAIS	40	0,72%
ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS	250	4,49%
FACTURACION	49	0,88%
INFORME RESPOSTA A QUEIXAS E RECLAMACIONS	14	0,25%
INFORME TÉCNICO	364	6,54%
INFORMES PROPOSTAS ÁREA	9	0,16%
MEMORIAS TECNICAS	71	1,27%
ORDENANZA DE GARANTIA BASICA - XESTION XERAL DO PROGRAMA	120	2,15%
OUTRAS XESTIONS	401	7,20%
PLAN CONCERTADO XESTION	10	0,18%
PLENO - MOCIONS E PROPOSTAS	4	0,07%
PRESENTACIONS E PONENCIAS	44	0,79%
ROLDAS DE PRENSA	9	0,16%
VISITA A DOMICILIO	23	0,41%
VISITA INSTITUCIONAL	85	1,53%
XESTION PROGRAMA BOLSAS MUNICIPAIS	33	0,59%
XESTION PROGRAMA SEN TEITO	23	0,41%
XESTION SAF	225	4,04%
XESTIÓN PROGRAMA AXUDAS TAXI	2	0,04%
XUNTANZA ALCALDÍA	5	0,09%
XUNTANZA AREA DE ACCION SOCIAL	90	1,62%
XUNTANZA AXUDAS TAXI	2	0,04%
XUNTANZA CO DEPARTAMENTO DE INFORMATICA	5	0,09%
XUNTANZA COA CONCELEIRA DE POLITICAS SOCIAIS	151	2,71%
XUNTANZA DEPARTAMENTO PERSOAL	2	0,04%
XUNTANZA INTERNA ENTRE PROFESIONAIS SERVIZOS SOCIAIS	6	0,11%
XUNTANZA INTERVENCIÓN	6	0,11%
XUNTANZA ISE	18	0,32%
XUNTANZA NO CONCELLO	3	0,05%
XUNTANZA ORDENANZA GARANTIA BASICA	36	0,65%
XUNTANZA PASS CABES	31	0,56%
XUNTANZA PASS CONXO	12	0,22%
XUNTANZA PASS ENSANCHE	26	0,47%
XUNTANZA PASS FONTINAS	19	0,34%
XUNTANZA PASS GALERAS PORTA CAMINO	104	1,87%
XUNTANZA PASS GALERAS SAN LOURENZO	4	0,07%

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

Asunto	Nº	% V
XUNTANZA PASS RURAL	4	0,07%
XUNTANZA PROGRAMA BOLSAS MUNICIPAIS	43	0,77%
XUNTANZA PROGRAMA INCLUSION SOCIAL	12	0,22%
XUNTANZA PROGRAMA SEN TEITO	121	2,17%
XUNTANZA PROGRAMA VIVENDA	2	0,04%
XUNTANZA SAF	231	4,15%
XUNTANZA SERV SOCIAIS CON ENTIDADES EXTERNAS	56	1,01%
XUNTANZA TÉCNICA XULGADO	16	0,29%
XUNTANZA UMAD	2	0,04%
XUNTANZA UNIDADE ADMINISTRATIVA	59	1,06%
XUNTANZA UNIDADE XESTION	12	0,22%
XUNTANZAS CON CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE	24	0,43%
Total	5569	100,00%

Fonte: Datos sección de Servizos Sociais, elaboración propia, 2024.

Da táboa anterior se deduce a gran diversidade das tarefas realizadas dende a xefatura de sección de Servizos Sociais; entre elas, destaca de xeito prioritario as xestións realizadas con respecto á atención telefónica ou telemática de entidades sociais e dos propios profesionais pertencentes ao equipo de Servizos Sociais así como á implementación do SAF e tamén das diversas prestacións reguladas pola Ordenanza de garantía básica cidadá. As tarefas vinculadas á SAF están relacionadas coa elaboración de propostas de resolución onde se establece a intensidade horaria prestada no servizo, o copago realizado das persoas usuarias, o control do copago mensual, informes para a vindeira licitación do contrato, así como informes de xestión e de facturación mensual. No que respecta á Ordenanza de garantía básica cidadá, ao longo do ano 2024, se realizaron propostas de resolución, de modificación e extinción, informes de pago e informes relacionados coa non suxeición destas prestacións municipais á lexislación en materia de subvencións. Si desglosamos a actividade profesional ao longo dos meses, obtemos a seguinte información:

Servicio	Xan	Feb	Mz	Ab	Mai	Xñ	XII	Ag	Set	Out	Nov	Dec	Total
Sección de Servizos Sociais	428	321	445	511	589	538	477	406	355	565	528	406	5569


Fonte: Datos sección de Servizos Sociais, elaboración propia, 2024.

A evolución irregular desta gráfica está relacionada nos meses de xaneiro e febreiro ao tempo adicado á elaboración da memoria de xestión do servizo e a baixada nos meses de setembro e outubro a períodos de baixa laboral da profesional. Os picos mais elevados están relacionados coa intensa labor de xestión da Ordenanza de garantía básica cidadá, ao cambiar o procedemento de tramitación vinculada á Administración Electrónica deste concello e á xestión do Servizo de Axuda no Fogar, inestable durante este período temporal. Polo exposto na táboa anterior, a labor profesional da xefa de sección de Servizos Sociais, se concretou basicamente ao longo do ano 2024 en seis liñas:



Fonte: Datos sección de Servizos Sociais, elaboración propia, 2023.

Por outra banda, cómpre indicar que ao longo do ano 2024, se levou un rexistro específico dos documentos e informes técnicos elaborados tanto pola xefa de servizo da Área de Acción Social como pola xefa de sección de Servizos Sociais. Os datos de xestión técnica se axustan do seguinte xeito:




Fonte: Datos sección de Servizos Sociais, elaboración propia, 2024.

A maior emisión de informes técnicos, tal como se pode apreciar na gráfica anterior, é a petición do Servizo de Intervención, seguindo dos que se emiten a iniciativa do propio servizo e xa moi de lonxe, a petición da Xunta de Galicia.

**Redacción  
de  
Informes Técnicos**






Fonte: Rexistro de informes técnicos da Area de Acción Social, 2024.

Como se pode constatar na gráfica anterior, dende a xefatura de sección de Servizos Sociais se emitiron 334 informes técnicos, que basicamente estaban relacionados con información remitida á concelleira de Políticas Sociais (os informes emitido á concelleira de Dereitos e Servizos Sociais durante os meses do seu mandato foron inferiores) ou a Alcaldía cos resultados da intervención realizada dende o Departamento municipal de Servizos Sociais, informes proposta con padrón de horas de SAF e aplicación da liquidación de taxa a persoas usuarias do devandito servizo, informes a instancias xudiciais ante supostos de emerxencia social, propostas de resolución relacionadas coas prestacións da Ordenanza de garantía básica cidadá, entre outros.





Fonte: Rexistro de informes técnicos da Area de Acción Social, 2024.

E, en consecuencia ao indicado anteriormente, os destinatarios dos informes técnicos realizados dende a Area de Acción Social foron de maior intensidade ao servizo de Intervención, sendo os restantes minoritarios ante esta cifra.



Cómpre indicar que no ano 2024 tamén se adicou unha importante porcentaxe da labor profesional á seguinte labor:

### 1º.- Xestión das queixas formuladas pola veciñanza.

Das 37.301 actuacións profesionais rexistradas ao longo do ano 2024 no Departamento municipal de Servizos, formuláronse 21 queixas ou reclamacións por parte da veciñanza, o que equivale ao 0,06 % de toda a actividade. Estas actuacións, con distinto contido, se presentaron polas seguintes vías:

## Nº DE QUEIXAS PRESENTADAS EN DISPOSITIVOS



Dentro das queixas presentadas ao longo do ano, os motivos das mesmas se concretan no seguinte:

- ✚ **PASS Ensanche:** 6 queixas relacionadas coa demora no tempo de agarda por cita e tamén pola percepción das persoas usuarias de non haber recibido unha atención correcta pola traballadora social do PASS. Erros na comunicación que se deben mellorar tendo en conta sempre ao perfil das persoas usuarias deste servizo. Realízase escoita activa e adóptanse as medidas de solución de caso que procedan.

- ✦ **PASS Porta do Camiño:** 5 queixas relacionadas coa percepción das persoas usuarias de non terse resolto a súa demanda no prazo que corresponda (consideran que se dilatan os tempos para a tramitación das prestacións, séndolle informada a documentación a presentar de forma fragmentada e tamén indican a falta de empatía da traballadora social de referencia). Realízase escoita activa e adóptanse as medidas de solución de caso que procedan.
- ✦ **SAF:** 5 queixas relacionadas coa demora nas altas de SAF pola modalidade de “dependencia” e polas ausencias de persoal auxiliar. Imposición de dúas sancións á empresa adxudicataria.
- ✦ **PASS Conxo:** 2 queixas relacionadas coa percepción das persoas usuarias de non haber recibido unha atención correcta pola traballadora social do PASS. Erros na comunicación que deben mellorar, tendo en conta sempre o perfil das persoas usuarias deste servizo. Realízase escoita activa e adóptanse as medidas de solución de caso que procedan.
- ✦ **PASS CABES:** 2 queixas relacionada coa demora na tramitación de recursos e prestacións. Realízase escoita activa e adóptanse as medidas de solución de caso que procedan.
- ✦ **BOLSAS SOCIAIS:** 1 queixa relacionada coa percepción de erro na tramitación do expediente. Procédese a solventar o erro.

## 2º.- Acompañamentos en intervencións complexas.

Cando a complexidade da intervención así o aconsellou, a xefa de sección acompañou aos profesionais de referencia á realización de visitas domiciliarias de valoración, de plantexamento de intervención e mesmo, de intervención. Computáronse ao longo do ano a intervención en 13 casos; algún deles requiriu a coordinación con outros sistemas: protección de menores, sanitario, corpos e forzas de seguridade, e instancias xudiciais. Igualmente, realizáronse acompañamentos ás dependencias do IMELGA e/ou do xulgado, a requirimento destes organismos, en 16 ocasións.

## 3º.- Participación en xuntanzas de coordinación con servizos externos:

- ✦ **Instancias xudiciais** (Xulgado de Primeira Instancia nº 6, Xulgado de Instrución nº 1, Xulgado de Garda, Fiscalía, IMELGA e Oficina de Atención a Víctimas). Abórdanse temas relacionados coa coordinación e actuación en supostos de emerxencia social.
- ✦ **Policía Nacional:** coordinación en casos de emerxencia social e colaboración en prestar orientación no contido da intervención social en materia de protección de menores.
- ✦ **Policía Local:** coordinación para a implementación de actuacións coas persoas que pernoctan en rúa ou outro tipo de incidencias.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

- ✦ **Cruz Vermella:** seguimento das persoas, con factores de vulnerabilidade social extrema, que requiren una intervención complexa por parte dos Servizos Sociais.
- ✦ **Plataforma de pensionistas:** participación en xornada informativa sobre o SAF

En definitiva, o contido a intervención da xefa de sección de Servizos Sociais no ano 2023 se concreta no seguinte:

<b>Como xefa de sección de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, no ano 2024.</b>
Estudo e análise da poboación residente no termo municipal de Santiago de Compostela, analizando franxas de idade pola variables sexo e factores de vulnerabilidade social.
Elaboración de propostas de organización do Departamento municipal de Servizos Sociais dirixidos á Xefatura de servizo da Área de Acción Social e á Concellería de Políticas Sociais.
Coordinación do persoal do Departamento municipal de Servizos Sociais.
Apoio, supervisión e intervención directa con casos de persoas en situación de emerxencia social, en coordinación cos corpos e forzas de seguridade do Estado, Fiscalía, IMELGA e instancias xudiciais.
Elaboración de soportes documentais que faciliten o desenvolvemento de traballadoras sociais e educadoras: baremos de recursos, planillas de informes técnicos, de itinerarios de intervención, etc.
Deseño e elaboración de follas de cálculo que rexistren tódolos recursos tramitados e a actividade profesional de cada PASS, que serve de fonte de información inmediata para a avaliación do Departamento.
Deseño e elaboración de follas de cálculo que rexistren a actividade profesional relacionada con temas de dependencia de cada PASS, que serve de fonte de información inmediata para a avaliación do Departamento.
Deseño e elaboración de follas de cálculo que rexistren os casos e as actuacións profesionais desempeñadas en materia de vivenda: intervención en casos de desafiuzamento, adxudicación de vivendas de promoción pública por razón de emerxencia social.
Participación da revisión de bases e na simplificación de procedemento e aportación documental do programa de bolsas municipais de comedor escolar, material escolar e actividades extraescolares.
Participación no deseño e establecemento de contidos do módulo de XIESS, "Axudas municipais para a escolarización" (AMES).
Participación na redacción de bases para o establecemento de axudas para facilitar a mobilidade de persoas con déficits por razón de discapacidade e/ou dependencia, ou por razóns de idade e lugar de residencia (contorno rural).
Participación no deseño e establecemento de contidos do módulo de XIESS, "Bonotaxi".



**Como xefa de sección de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, no ano 2024.**

Intervención directa cos Equipos de Rúa de Cruz Vermella para a análise e intervención coas persoas en situación de rúa.

Coordinación do servizo municipal de axuda no fogar: organización do programa e dos lotes, distribución de usuarios por lotes, elaboración de planillas de datos, control de facturación, control orzamentario, elaboración de informes de xestión mensual, elaboración de decretos de prestación de horas, elaboración de decretos de copago do servizo das persoas usuarias, etc.

Seguimento e supervisión da implementación da Ordenanza de garantía básica cidadá: elaboración de manual de procedemento, de soportes documentais, seguimento de casos, seguimento económico, análise do perfil das persoas beneficiarias das devanditas prestacións.

Participación no programa de difusión dos Servizos Sociais Comunitarios no contorno rural do termo municipal de Santiago de Compostela.

Atención directa á cidadanía, antes casos de emerxencias social ou presentación de queixas e reclamacións.

Elaboración de respostas telemáticas á cidadanía.

Resposta a queixas e reclamacións presentadas por diferentes vías dentro do ámbito municipal: Rexistro, correo electrónico, buzón de queixas e suxestións, liña verde, etc.

Resposta a queixas e reclamacións realizada dende a Oficina do Valedor do Pobo.

Participación no deseño e redacción de contidos da páxina web da Área de Acción Social.

Coordinación coa Xunta de Galicia para a incorporación da plataforma XIESS no HSUE (historia social unificada electrónica).

Xestión económica: control de facturación. Rexistro en follas de cálculo para avaliación de grao de cumprimento de orzamento.

Elaboración de informes de xestión dos diferentes programas e recursos implementados dende os Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

Elaboración de memorias de xestión do servizo.

Actualización de RUEPSS.




FERRAMENTAS  
INFORMÁTICAS  
APLICADAS AOS  
SERVIZOS SOCIAIS

...a complexidade na  
xestión profesional

500







XUNTA DE GALICIA

O Departamento municipal de Servizos Sociais, pola complexidade da intervención social e os ámbitos nos que traballa, vese na obriga de utilización a diario das seguintes ferramentas informáticas:

- ✦ **XIESS**: plataforma propia do Departamento de xestión de expedientes sociais básicos; incorpora módulos de axenda de persoal, soportes documentais, xestión económica, xestión de persoal e rexistro. Este aplicativo precisa dun mantemento por parte do propio Departamento municipal de Servizos Sociais, en cando a actualización de códigos, reunificación de expedientes, modificacións de zonificacións, modificacións de profesionais de referencia, entre outros. É importante o traballo conxunto co Departamento de Informática e coa empresa que se encarga do mesmo.
- ✦ **XIESS – PLATAFORMA DE EXPLOTACIÓN ESTATÍSTICA PARA PLAN CONCERTADO**: todos os datos incorporados nos expedientes sociais básicos



deben ser exportados anualmente á Xunta de Galicia. Esta é a base para a xestión do Plan Concertado, principal fonte de financiación dos Departamentos municipais de Servizos Sociais. Precisa do deseño de contidas, ruta de acceso e mantemento por parte do persoal de Servizos Sociais en coordinación coa empresa que se encarga de XIESS.

- ✦ **XIESS – CITA PREVIA:** módulo incorporado a XIESS que permite á veciñanza pedir cita, vía web, co persoal técnico do Departamento municipal de Servizos Sociais, calquera día e a calquera hora, non suxeito a xornada laboral. Precisa do deseño de contidas, ruta de acceso e mantemento por parte do persoal de Servizos Sociais en coordinación coa empresa que se encarga de XIESS.
- ✦ **XIESS – AMES:** módulo incorporado a XIESS que permite a xestión técnica do programa de bolsas municipais (comedor escolar, actividades extraescolares e material escolar). Precisa do deseño de contidas, ruta de acceso e mantemento por parte do persoal de Servizos Sociais en coordinación coa empresa que se encarga de XIESS.
- ✦ **XIESS – TAXI:** módulo incorporado a XIESS que permite a xestión técnica das axudas para sufragar gastos de taxi a persoas con problemas de mobilidade. Precisa do deseño de contidos, ruta de acceso e mantemento por parte do persoal de Servizos Sociais en coordinación coa empresa que se encarga de XIESS.
- ✦ **XIESS – ADAPTACIÓN DO MÓDULO DE CITA PREVIA Á ATENCIÓN TELEFÓNICA:** por mor da pandemia mundial por COVID-19, no ano 2020, vímonos na obriga de adaptar a ferramenta XIESS para que a veciñanza poida ter a opción de solicitar cita presencial ou telefónica cos profesionais de Servizos Sociais. Tódalas citas son recordadas ás persoas usuarias na tarde noite anterior por SMS.
- ✦ **PLATAFORMA DE INTERCONEXIÓN ENTRE XIESS E ACCEDE:** ferramenta de interconexión entre a base de datos propia dos Servizos Sociais de xestión de expedientes sociais co aplicativo ACCEDE, que permite o volcado das subvencións tramitadas de xeito automático.
- ✦ **ACCEDE:** ferramenta adquirida dende os servizos económicos, que serve de interconexión entre os diferentes centros xestores, os servizos económicos municipais e a Base Nacional de Subvencións. Existen múltiples incidencias no seu uso e manexo, sendo necesario a coordinación cos Departamentos de Intervención e Informática, así como coa empresa encargada do mantemento da mesma.





- ✦ **SICAL:** ferramenta de xestión económica, de uso xeral nos diferentes departamentos municipais.
- ✦ **Compostelaintegra:** ferramenta propia do Departamento municipal de Servizos Sociais onde se volca toda a información das diferentes redes comunitarias que están a funcionar no día de hoxe no noso termo municipal (inserción social, entidades sociais, rede de Vite, rede de Fontiñas, rede de Conxo e rede do barrio de San Pedro). Os administradores desta páxina son persoal técnico do Departamento municipal de Servizos Sociais, require un mantemento importante de contidos. Ante calquera incidencia no seu uso, débese recorrer ao Departamento municipal de Informática. Non existe contratada empresa de mantemento.
- ✦ **Cibersad:** ferramenta adquirida por este concello para a xestión de expedientes e de facturación do servizo de axuda no fogar. Facilita a interconexión entre o Departamento municipal de Servizos Sociais coas empresas adxudicatarias do servizo; permite o control horario e seguimento da implementación dos casos; propicia a xestión económica (facturación a empresas e a persoas usuarias do servizo), cun enfoque baseado na “*transparencia da información*” (mensualmente dáse conta ás persoas beneficiarias do número de horas de implementación do servizo, do coste total, do coste que sufragan eles individualmente e do coste que é abonado pola Administración). Precisa de mantemento e actualización de contidos, que se fai coordinadamente coa empresa CIGESOC.
- ✦ **SIGAD:** ferramenta de xestión dos expedientes de “*dependencia*” implantada pola Xunta de Galicia en toda a Comunidade Autónoma. Débese manter permanente actualizada pois é nela onde consta o número de horas que a Xunta de Galicia asigna aos concellos en materia de “*dependencia*”, o grao de ocupación das mesmas, as listas de PAR-SAF (listas de agarda) e outra información vinculada á dependencia, pero non especificamente ao SAF: citacións para valoracións, grao acadado, recurso concedido, etc.
- ✦ **MATIASS:** ferramenta de información implantada pola Xunta de Galicia, con convenio de colaboración co Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social. Facilita información actualizada sobre os principais textos normativos en materia de Servizos Sociais, así como o catálogo de recursos e prestacións de carácter autonómico que se poden tramitar dende a Administración Local.
- ✦ **SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA:** está regulada pola Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. A titularidade desta sede é da



Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades públicas instrumentais incluídas no seu ámbito. Correspóndelle á Consellería de Facenda e Administración Pública a coordinación cos órganos e entidades do sector público, dos contidos e servizos dispoñibles.

- ✦ **HSUE (HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA):** a historia social única electrónica (HSUE) é o conxunto de información e documentos en formato electrónico nos cales están os datos, as valoracións e as información sobre a situación e a avaliación da atención social das persoas usuarias do sistema galego de Servizos Sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos profesionais e dos servizos ou prestacións que interveñen sobre este.
- ✦ **SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:** a sede electrónica do concello (<https://sede.santiagodecompostela.gal>) facilita o acceso aos servizos de Administración Electrónica que o concello pon a disposición de veciñas e veciños e empresas en cumprimento ao establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A través da mesma á veciñanza e as empresas poden exercer o seu dereito de acceso á información e realizar as súas xestións co concello.







1. **Centro Municipal de Servizos Sociais** (equipamento propio da Area de Acción Social), sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras. Tfno 98154265. FAX: 981542484. E mail: [psociais.diversidades.saude@santiagodecompostela.gal](mailto:psociais.diversidades.saude@santiagodecompostela.gal) Neste equipamento está ubicado:

- ✦ Servizo da Area de Acción Social.
- ✦ Sección de Servizos Sociais.
- ✦ Unidade Administrativa.
- ✦ Unidade de xestión.
- ✦ Asesoría xurídica.
- ✦ PASS Porta do Camiño.
- ✦ PASS San Lourenzo – Rural Oeste.
- ✦ Servizo de Axuda no Fogar.
- ✦ Atención ás persoas sen fogar.
- ✦ Outros dispositivos non pertencentes ao Departamento municipal de Servizos Sociais, pero sí á Area de Acción Social: CIM e Vioxen.



2. **CABES** (equipamento propio da Área de Acción Social): Casa de Asociacións de Benestar Social, sita na rúa Manuel María, nº 6 – Salgueiriños. Tfno. 981542471. E mail: [passcabes@santiagodecompostela.gal](mailto:passcabes@santiagodecompostela.gal)



3. **PASS FONTIÑAS** (cesión de tres despachos en centro cívico), sito na rúa Berlín, nº 13, Fontiñas. Tfno.: 981528750. E mail: [passfontinas@santiagodecompostela.gal](mailto:passfontinas@santiagodecompostela.gal)



4. **PASS CONXO** (cesión de tres despachos en centro cívico), sito na rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16. Tfno.: 981543001. E mail: [passconxo@santiagodecompostela.gal](mailto:passconxo@santiagodecompostela.gal)

5. **PASS ENSANCHE** (cesión de tres despachos en centro cívico), sito na rúa Frei Rosendo Salvado, nº 14-16. Tfno.: 981543001. E mail: [passconxo@santiagodecompostela.gal](mailto:passconxo@santiagodecompostela.gal)




6. **Pisos cedidos a entidades (10 pisos):**

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

- a. Programa de atención a familias **ABEIRO** (dependente de Cáritas): 2 pisos cedidos na rúa Roma (Fontiñas).
- b. Programa de respiro familiar (dependente de **ASPAS**): 2 pisos cedidos na rúa Roma (Fontiñas).
- c. Programa de atención a persoas sen fogar (dependente de **FEAFES**): 2 pisos cedidos na rúa Roma (Fontiñas).
- d. Programa de atención a familias CAIXAPROINFANCIA (convenio de colaboración asinado entre La Caixa, Xunta de Galicia e Concello de Santiago de Compostela): 1 piso cedido a **ARELA** na praza de Sofía (Fontiñas).
- e. Programa Alares: 1 piso na Praza de Sofía (Fontiñas), cedido a **CÁRITAS DIOCESANA** para a atención ás persoas sen fogar.
- f. Programa Fogares Abertos: 2 pisos (1 en Praza de Sofía e 1 na rúa Roma – Fontiñas) cedidos a **CÁRITAS INTERPARROQUIAL**.







Equipamentos municipais propios: SERVIZOS SOCIAIS + CIM

**Departamento municipal de Servizos Sociais. Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Santiago de Compostela.  
Tfno. 981542465. E mail: [ssociais@santiagodecompostela.gal](mailto:ssociais@santiagodecompostela.gal)**

Equipamentos municipais propios: SERVIZOS SOCIAIS









**Pisos de titularidade municipal cedidos a:**

- 2 pisos a FEAFES para a atención residencial de persoas sen fogar.
- 2 pisos a ASPAS para o proxecto de respiro familiar e desenvolvemento da vida autónoma de persoas con discapacidade.
- 5 pisos a CÁRITAS DIOCESANA, para o desenvolvemento do programa de atención a familias monoparentais ou con dificultades sociais Abeiro (2 pisos), Fogares Abertos (2 pisos) e Alares (1 piso).
- 1 piso cedido a Arela, para o desenvolvemento do programa de atención comunitaria CAIXA-PROINFANCIA.






**Equipamentos municipais: 3  
despachos cedidos no Centro  
Sociocultural das Fontiñas para o  
Pass Fontiñas.**





Equipamentos municipais: 3  
despachos cedidos no Centro  
Sociocultural do Ensanche para o  
Pass Conxo e Ensanche.



515












































## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

- Dándolle sentido ao principio de UNIVERSALIDADE que recolle a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia: 21.958 veciñas e veciños de Compostela precisaron dalgún tipo de intervención do persoal técnico de Servizos Sociais; o que equivale a dicir que os Servizos Sociais acadaron un nivel de cobertura social dun 21,66 %.
- Un nivel de cobertura que non vai dirixido tanto á situacións carenciais extremas, senón a accións encamiñadas a propiciar o benestar da veciñanza e a súa protección social.
- As mulleres seguen sendo as principais “vozes” que demandan, que trasladan situacións, que acompañan, que precisan.... Así, o 73,21 % das persoas usuarias dos Servizos Sociais no ano 2024 son mulleres
- Mulleres que demandan principalmente INFORMACIÓN (51,83 % das intervencións técnicas). Información que é a principal ferramenta para avanzar na igualdade social.
- Mulleres que tamén demandaban a INTERVENCIÓN SOCIAL TÉCNICA (nun 34,06 %), de mediación en conflitos familiares, de apoio no desenvolvemento de capacidades, de administración de presupostos familiares, de orientación na educación dos mais novos, de apoio na prestación de coidados, de colaboración para a cobertura de necesidades básicas, de información para a busca de vivenda, ....
- Tamén as persoas sen fogar tiveron, teñen e terán como principal referente aos Servizos Sociais. Referente na busca de recursos para a cobertura de necesidades básicas, referente para a busca dun aloxamento digno, referente para garantir que os seus dereitos sexan reais e efectivos, referente para a protección das súas vidas.
- Un concello envellecido como o de Compostela esixe unha atención especial ás persoas maiores, centrando as súas intervencións nun 33,86 % con este colectivo poboacional; pero o fai sen esquecer aos mais novos, especialmente a aqueles nos que concorren factores de vulnerabilidade social, cun 21,36 % das súas intervencións.
- Non foron as prestacións económicas o maioritario na intervención dos Servizos Sociais de Compostela, si ben 1.415 veciñas e veciños de Compostela tiveron que recorrer a algunha das prestacións autonómicas ou municipais que se xestionaron dende este servizo para cubrir as súas necesidades básicas. Porque o asistencial, aínda que nos doa, ten que seguir existindo. Non se pode consentir que ningunha veciña e veciño do noso municipio pase sen o mais básico.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS

---

- Foron accións encamiñadas á avanzar na igualdade social. De aí o maior orzamento adicado ás bolsas sociais que existiu no departamento de Servizos Sociais: 1.100.000 € adicados a este fin
- Podemos falar de 1.117 bolsas para comedor escolar, podemos falar de 600 bolsas para actividades extraescolares e, mesmo, de 279 bolsas para material escolar.
- Falamos tamén de PROTEXER VIDAS. Das vidas deses 122 veciños e veciñas de Compostela que precisaron a intervención coordinada dos Servizos Sociais, dos dispositivos sanitarios, dos corpos e forzas de Seguridade, de entidades sociais e, mesmo, de instancias xudiciais, para garantir a protección da súa propia integridade física.
- E porque a protección nos importa, porque a permanencia dos nosos veciños no noso contorno tamén nos importa, lanzouse o contrato do SAF mais importante de toda a traxectoria dos Servizos Sociais: un contrato que representa un importe anual de 6.361.234,36 €.
- Un SAF que atendeu ao longo do ano 2024 a 740 veciñas e veciños de Compostela. E que si pensamos no apoio que se dou tamén ás persoas coas cales conviven, a súa cobertura social ascendeu a 1.616 persoas
- A loita contra a exclusión social é unha constante na labor profesional. No ano 2025, 236 persoas foron detectadas nalgún momento pernoctando na rúa. Persoas cunha media de idade de 47 anos, pero que nos últimos meses foi mingando. Persoas que nunha elevada porcentaxe presentan problemas de saúde e/ou de adiccións. Persoas coas que se desenvolveu un labor profesional que perseguía a cobertura de necesidades básicas (con tramitacións efectivas de prestacións económicas nun 73 %) e de realoxo (que se acadou no 50 % dos casos).
- Este concello conta con dúas profesionais do Traballo Social por primeira vez adicadas exclusivamente á intervención coas persoas en situación de senfogarismo. Esta labor profesional é complementada coa sinatura de convenios de colaboración coas principais entidades de iniciativa social do municipio, con adicar 4 vivendas municipais exclusivamente á transición para a vida autónoma, co programa de pensións conveniado coa Cruz Vermella e coa xestión de prestacións económicas.
- E arrancamos o ano 2025 cun importante reto na política social municipal: na posta en marcha dun centro integral para persoas sen fogar. Un centro que garanta aloxamento, un centro que traballe habilidades sociais, un centro que camiñe cara a integración no contorno comunitario, un centro que realoxa pero que tamén acolle dende a modalidade de atención de día.

## CONCELLARIA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS


- As urxencias sociais non entenden de días nin de horarios; de aí que a continuidade do SEMUS sexa unha das prioridades do departamento de Servizos Sociais. Un SEMUS que realizou 148 rutas nocturnas no ano 2024 (das cales 12 foron por meteoroloxía adversa), que atendeu a unha media de 22 persoas en rúa, que entregou packs de alimentos, roupa e outros produtos de primeira necesidade, que foi activado en 188 ocasións por situacións de urxencia social (caídas en domicilios, persoas desorientadas, violencia, saúde mental, entre outras) e que chegaron a xestionar 31 aloxamentos de urxencia.
- Complementar a acción social municipal coa labor doutros servizos e doutras entidades é importante. Por en valor a labor do tercer sector, das entidades de iniciativa social e do tecido asociativo do municipio, que tamén desempeñan un importante traballo en prol do benestar social e da protección dos dereitos que lles asisten ás veciñas e veciños de Compostela.
- Mais de 600.000 euros destinados a conveniar coas principais entidades de iniciativa social e de tecido asociativo do noso municipio que están a desenvolver unha importante labor no eido da protección social, na mingua de factores de risco e de vulnerabilidade social, e na concreción de dereitos para a veciñanza.

### A LABOR PROFESIONAL TRADÚCESE EN CIFRAS ECONÓMICAS.

Táboa: Análise dos ingresos xerados á veciñanza ao longo do ano 2024 coa xestión dos profesionais dos Servizos Sociais.

	€
<b>PASS CABES</b>	616.688,56 €
<b>PASS FONTIÑAS</b>	539.011,34 €
<b>PASS CONXO</b>	351.477,71 €
<b>PASS ENSANCHE</b>	554.390,95 €
<b>PASS GALERAS</b>	172.834,77 €
<b>PROMOVE</b>	545.205,82 €
<b>SEN TEITO</b>	751.547,31 €
<b>EXENCION COTA AUGA</b>	34.336,26 €
<b>PROGRAMA DE EMERXENCIA SOCIAL</b>	9.000,00 €
<b>ORDENANZA DE GARANTIA BASICA</b>	133.446,27 €
<b>AXUDAS PARA MOBILIDADE</b>	15.000,00 €
<b>BOLSAS MUNICIPAIS</b>	1.100.000,00 €
<b>SUBVENCIÓN AXUDA NO FOGAR (Xunta Galicia + concello)</b>	3.474.691,08 €
<b>CONVENIOS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL</b>	649.000,00 €
<b>TOTAL</b>	8.946.630,07 €

Fonte: Datos xestión de Servizos Sociais, ano 2024.



Fonte: Datos xestión de Servizos Sociais, ano 2024

A lectura dos recursos económicos xerados á veciñanza de Santiago de Compostela non se pode facer exclusivamente dende a óptica de cubrir necesidades básicas ás persoas que mais o precisan (que xa de por sí, é importante), senón que con esta labor o Departamento municipal de Servizos Sociais contribúe á economía circular da cidade, dado que eses cartos xerados son invertidos polas propias veciñas e veciños de Compostela no sector servizos do municipio.



**servicios  
sociales**  
*cuenta  
con ellos*

<https://www.euskadi.eus/gobierno-vasco/servicios-sociales/inicio/>





# A XESTIÓN DE SUBVENCIONS

... básica para a financiación  
dos Servizos Sociais

	INGRESOS AXUDAS E SUBVENCIÓNS	
	2023	2024
Plan Concertado	244.429,00 €	296.552,76 €
Programas Inclusión	160.347,50 €	229.969,00 €
Plan Único Concellos Deputación A Coruña	124.847,93 €	124.804,34 €
SAF Dependencia 1º trimestre	445.931,83 €	520.844,52 €
SAF Dependencia 2º trimestre	511.844,03 €	495.990,36 €
SAF Dependencia 3º trimestre	448.514,79 €	495.814,64 €
SAF Dependencia 4º trimestre	470.090,10 €	445.261,99 €
SAF Libre	49.241,61 €	58.650,87 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.455.246,79 €</b>	<b>2.667.888,48 €</b>

Fonte: Elaboración propia, 2025

































**TERESA FURELOS**  
XEFA DE SERVIZO DE ÁREA DE ACCIÓN SOCIAL









**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

SANTIAGO  
CONCELLO DE